



CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Narrativa Recuperada

A obra narrativa
en galego de
Manuel Lugrís Freire

Xabier Campos Villar



XUNTA DE GALICIA

A obra narrativa en galego
de Manuel Lugrís Freire

Xabier Campos Villar

EDITA

XUNTA DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A
INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

COORDINADOR CIENTÍFICO

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

DIRECTOR TÉCNICO DE LITERATURA

ANXO TARRÍO VARELA

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN

DIFUX, S.L.

I.S.B.N.

84-453-2935-9

DEP. LEGAL

C-2.247/00

DIRECTOR DO PROXECTO
MODESTO HERMIDA GARCÍA

INTRODUCCIÓN, EDICIÓN E NOTAS
XABIER CAMPOS VILLAR

1.- Apuntamento Biobibliográfico ^(*)

* Este estudo é unha síntese da Memoria de Licenciatura titulada “Manuel Lugo Freire. Obra narrativa en galego. Edición e análise literaria”, dirixida polo profesor Anxo Tarrío Varela e defendida por Xabier Campos Villar na Facultade de Filoxía da Universidade de Santiago de Compostela o 21 de xullo de 2000.

Manuel LUGRÍS FREIRE naceu en Sada (A Coruña) o día 12 de febreiro de 1863 no seo dunha familia da que, segundo o seu neto homónimo¹, “se têm notícias desde o tempo dos Áustrias, na parroquia de Dexo e da que existem, e el encargou-se de recopilá-las, testemuñas escritas sobre a prestación de servizos de armas, solicitudes de empregos, etc... e que, com a passagem do tempo, se instalárom en Sada, (Fontám), na segunda metade do século XIX”. O pai fora propietario dun almacén de sal no peirao de Sada, pero xa na infancia do noso autor perdera a propiedade por problemas coa administración. Debido a esta situación, a posición económica da familia nestes anos é dificultosa; feito que obriga a LUGRÍS a ingresar como escribán no concello de Oleiros ao rematar os seus estudos primarios. Nas longas camiñadas dende Soñeiro ata Oleiros descobre un mundo e unha paisaxe que aboiará constantemente na súa obra literaria. Parécenos moi relevante o que nos contou o seu neto xa citado, a nosa principal fonte de información biográfica, con respecto á súa conversión ao galeguismo, que coincide en gran medida co argumento do conto “Os primeiros versos”, incluído nesta edición, e que tería lugar nese camiño que LUGRÍS facía a pé entre a súa casa en Sada e o seu traballo en Oleiros. Nesta primeira etapa da súa vida escribe *Nociones Generales de Mitología*, obra á que non tivemos acceso, pero da que hai noticia a través de Francisco Pillado Mayor².

No 1883 emigra a Cuba nun momento histórico pacífico que se sitúa no medio de dúas guerras, cinco anos despois da Paz del Zanjón (10 de febreiro de 1878), que poñía cabo á Guerra dos Dez Anos (1868-1878). Comeza daquela LUGRÍS un dos períodos máis intensos do seu periplo vital, tanto no eido profesional coma no creador. Traballa como contable na firma Otamendi Amiel. Moi pronto entra en contacto coa colonia galega residente na illa caribeña e xa no ano 1884, un despois da súa chegada, é nomeado vogal da xunta directiva do Centro Galego da Habana³. Inmediata foi a colaboración coa prensa, especialmente con *El Eco de Galicia*, que dirixía na capital cuba-

¹ Manuel LUGRÍS RODRÍGUEZ, “O meu avô Manuel LUGRÍS FREIRE”, *Agália*, nº 23, p. 319.

² *O Teatro de Manuel LUGRÍS FREIRE*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1991, p. 13.

³ Que fora inaugurado o 11 de xaneiro de 1880.

na Waldo Álvarez Insua. O primeiro texto de Lugrís do que temos noticia neste xornal é a poesía “Nostalxia”⁴. Continúan, en números posteriores, constantes colaboracións, maioritariamente en verso. Do 10 de agosto de 1884⁵ atopamos a seguinte nota:

A Costureira d’a Aldea es el título de un pasillo cómico escrito en nuestro hermoso dialecto y que en breve se llevará a la escena del Centro Gallego. Su autor nuestro amigo y colaborador D. Manuel Lugrís Freire, procederá en breve y en reunión de literatos de nuestra región, a la lectura de su trabajo.

Esperamos con ansia ese día, para con conocimiento de causa, tributar al amigo Lugrís el aplauso que se merece por su asiduidad en el estudio de las cosas y costumbres gallegas.

No número seguinte da devandita revista⁶ infórmase dunha reunión no Centro Gallego na que tomou parte a Sección de Declamación e na que Lugrís recitou “con gusto y sentimiento una bellísima poesía en dialecto provincial, que el público acogió con verdadero entusiasmo y nutridas salvas de aplausos”. Entre o 14 de setembro e o 28 de decembro de 1884 publicou, tamén en *El Eco de Galicia*, o primeiro dos textos que incluímos na nosa edición, a novela curta *O penedo do crime*, que nunca chegou a ser publicada en libro. Trátase dunha obra que xa fora anunciada previamente⁷ coas seguintes consideracións:

Tenemos el sumo gusto de anunciar a los lectores de EL ECO que el personal de redacción del mismo se ha enriquecido con un nuevo y distinguido literato y poeta gallego que a contar del número próximo y bajo encubierto anagrama, nos hará saborear las bellas producciones de su privilegiada inteligencia, escribiendo siempre en dialecto provincial.

Hará su *debut* con una novelita basada en una leyenda de nuestros campesinos y que lleva por título “O penedo do crime”.

⁴ Publicada no nº 72, correspondente ao 11 de novembro de 1883.

⁵ *El Eco de Galicia*, nº 111, p. 7.

⁶ *Ibidem*, nº 112, 17 de agosto de 1884, p. 7.

⁷ *Ibidem*, nº 112, p. 7.

Seguindo coas novas que de LUGRÍS imos sabendo a través do xornal de Álvarez Insua, chegamos a febreiro de 1885, data na que se publica una nota⁸ anunciando o que podería ser o seu primeiro libro:

El señor L.U.Gris cuyos escritos se leen con tanto gusto por los amantes de Galicia, colecciona un pequeño libro de versos para darlo a las prensas.

Probablemente irá precedido de un prólogo escrito por el señor Insua.

Deseamos que aparezca pronto la nueva obra.

Non nos consta, porén, que o autor de Sada publicase por estas datas ningún poemario. Continuando coa secuencia cronolóxica que nos marca *El Eco de Galicia* atopamos dúas notas de relevancia no número 141, correspondente ao 8 de marzo de 1885⁹. A primeira dá conta da representación de *A Costureira da Aldea*¹⁰ nos seguintes termos:

En la semana próxima, darase comienzo por la aplaudida sección de declamación del Centro Gallego, a los ensayos de L.U. Gris que lleva por título *A Costureira d'Aldea*.

Tiene a su cargo el papel de la protagonista, la aplaudida tiple orensana D^a Dorinda Rodríguez, que tantas y merecidas simpatías se ha sabido merecer del público habanero, a pesar del corto tiempo que lleva entre nosotros.

A seguir, estoutra nota na que nos informan dunha obra da que ningunha das fontes consultadas dá noticia:

⁸ *Ibidem*, nº 136, p. 6.

⁹ p. 6.

¹⁰ Esta obra permaneceu inédita ata que foi descuberto o manuscrito por Teresa López nos fondos da Biblioteca da Real Academia Galega en 1998, segundo consta na nota de prensa “Encontrado o manuscrito dunha das obras fundacionais do teatro galego”, que a devandita profesora coruñesa asina no número 838 d’ *A Nosa Terra*, correspondente ao 9 de xullo de 1998, p. 33. Despois de facer unha introdución na que contextualiza a obra, Teresa López comenta que a peza “está escrita en verso octosilábico e composta en trece escenas e un único acto”, que é unha comedia de costumes singular, que se caracteriza pola “reivindicación patriótica e lingüística e a crítica dos casteláns e do seu comportamento cos galegos”.

También toca a su término, la representación del propósito lírico-dramático, escrito en idioma gallego, *De Galicia á Lavapiés*.

L.U. Gris, inspirado autor de esa obra, ha salpicado las primeras seis escenas de la misma, únicas que por ahora conocemos, de chistes de buen género y que dan su merecido a los autores y actores, que pretendieron poner en ridículo el carácter gallego en el esperpento literario *De Lavapiés á Galicia*.

Como decíamos en nuestro número anterior en breve se llevará a la escena del Teatro Torrecillas. Veña pronto esa obra, amigo L.U.Gris, e si lle fai falla (que non lle fará) un fungeiro pra tundar (enténdase literariamente) ós ferrapulgas que quixeron rirse dos gallegos, acórdese de nós, que temos no sobrado da chouza, dúas pólas de sanguíño que nin a moca d' O Tío Marcos d'a Portela. Ó velas fuxen como os mouros cando lles deron a paliza ós betanceiros en Val-Doncel.

Non han de fuxir... ¡Vaiche na misa en Conxo!

Un ano máis tarde, en 1885, foi nomeado socio de honra do “Liceo Artístico e Literario de Regla” e do “Casino Español de Guanabacoa”.

Sen saírmos de 1885, o 5 de xullo fundou a primeira publicación ultramarina redactada integramente en lingua galega, *A gaita gallega que Repinica muiñeiras, fandangos y-alboradas, unha vez ó mes*¹¹. A

¹¹ Cando lle estabamos a poñer o ramo a este traballo, chegou ás nosas mans unha edición facsimilar desta revista, cunhas presentacións de: Anxo Tarrío Varela, Xosé Neira Vilas, Jorge Domingo Cuadriello e Yolanda Vidal Felipe, ademais dun completo estudo introdutorio a cargo de Natalia Regueiro. Foi publicada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

¹² Pseudónimo de Ramón Armada Teijeiro, escritor e xornalista nacido en Santa Marta de Ortigueira o 14 de setembro de 1848. Despois de ter feito varias viaxes a América, asentou definitivamente na capital cubana en 1909 e permaneceu alí ata o 1 de xullo de 1920, data do seu pasamento. Fundou *A gaita gallega* e *El Eco de Ortigueira*, ademais de ocupar diversos cargos en asociacións galegas da emigración. Na nosa lingua escribiu a obra teatral *Non máis emigración*, estreada no Teatro Tacón da Habana o 10 de abril de 1886. Publicou tamén os poemarios: *Aturuxos* (1897), prologado por Manuel Curros Enríquez, *Caldo de grelos* (1895) e *Da Terriña* (1918), ademais do monólogo *Mexamorno en Viveiro* (1912). Faleceu na Habana o 1 de xullo de 1920.

¹³ N° 154, 7 de xuño de 1885, p. 4.

nacente revista, codirixida por *Chumín de Céltegos*¹² está publicitada en *El Eco de Galicia*¹³ coa seguinte nota:

A GAITA GALLEGA

Con este título verá la luz pública en esta Capital y en todo el presente mes un periódico gallego escrito en nuestro idioma provincial.

Según nos manifiesta la empresa del nuevo periódico gallego la suscripción del mismo será gratuita para los protectores de EL ECO DE GALICIA.

De su redacción se han hecho cargo dos jóvenes literatos *Chumín de Céltegos* y *Roque d'as Mariñas*.

Venga en buen hora el nuevo colega, y cónsteles a sus fundadores que EL ECO DE GALICIA corresponderá a la deferencia que con él piensa tenerse, en la forma que oportunamente indicará.

Lugrís colabora nas cinco primeiras “tocatas”, que se sitúan entre o 5 de xullo e o 8 de novembro de 1885, ademais doutra “Tocata fúnebre en honor de Rousalía Castro”¹⁴ que se publicou o 16 de agosto de 1885, sen numerar. Asina cos pseudónimos e/ou anagramas seguintes: *Roque das Mariñas*, *L.U.Gris* (co que xa tiña publicado “O penedo d’o crime”), *K.Ñoto* e coas iniciais *M.L.F*

Roque das Mariñas e *Chumín de Céltegos* figuran como “Directores, Redactores y-Administradores” nas catro primeiras tocatas, na quinta non aparece ningún dos dous pseudónimos anteriores, aínda que se publica a segunda parte dun artigo de *Roque d'as Mariñas* titulado “A fala gallega”, e a partir da sexta tocata xa figura Chumín como director único. Sorprende este cese fulminante das colaboracións de Lugrís Freire no xornal que el mesmo fundara e do que con tanto cariño fixera a definición ideolóxica en “O noso pensamento”¹⁵. É posible

¹⁴ Número especial de *A Gaita Gallega* que presenta os seguintes textos: “Rousalía Castro” de *Roque d'as Mariñas*, “N-a morte de Rousalía” de *L.U.Gris*, “¡Rousalía de Castro, morreu!” de Secundino Cora, “Á rola de Galicia, Rousalía Castro de Murguía” de Valentín Lamas Carvajal, “Rousalía Castro de Murguía” de Lisardo R. Barreiro e “Casos e cousas” de *Céltegos*.

¹⁵ *Ibidem*, Tocata primeira, 5 de xullo de 1885, p. 1.

que houbera desacordos internos entre os dous fundadores, orixinados, na nosa opinión, a partir dunha recensión que da obra de Ramón Armada Teijeiro, *Non máis emigración*, fixo Lugrís¹⁶ e na que critica a curta extensión do prólogo e a excesiva proximidade léxica ao castelán, coa conseguinte perda do xenuíno sabor galego, que o autor de Sada consideraba imprescindible para as obras literarias. Fose por esta circunstancia ou por outras que descoñecemos, o caso é que a desaparición das diversas sinaturas de Lugrís das páxinas d' *A Gaita Gallega* é inmediata. Resulta significativo que a segunda parte dun artigo comezado na tocata terceira¹⁷ baixo o título “A fala gallega”, asinado por *Roque d'as Mariñas*, se publicase, sen asinar, na tocata quinta¹⁸.

Atopamos un ano máis tarde, o 26 de outubro de 1886, unha dura crítica¹⁹ contra o estilo poético de *L.U.Gris* e ao mesmo tempo contra as poéticas formalistas, asinada por Loureiro, na que entre outras afirmacións, salientan as que recollemos de seguido:

A verdá si L.U.Gris non pode darnos algo mellor aconséllolle que crebe a lira, e non se acorde máis de cantar, pois versos coma os *Presentimentos*, por moito que llos chufen e llos gaben os seus amigos, non por eso han de pasar pola porta do *Parnaso* (...)

Mire Sr. L.U.Gris: Vosté pensa sin duda que pra ser poeta non hai máis que saber medir versos. Pro (perdóneme que llo diga) está completamente trabucado. Nestes tempos que atrabesamos (sic) ou que nos atrabesan (sic), como diría Larra, os que han de pasar por poetas, teñen que facer versos coa *chéncha* e non cos *ouvidos*.

Cansados xa da poesía de simples imaxenes, pidimos a das realidades e a das ideas. ¿Vosté comprende?

¹⁶ *Ibidem*, Tocata cuarta, 11 de outubro de 1885, pp. 1-2.

¹⁷ *Ibidem*, 13 de setembro de 1885, pp. 1-2.

¹⁸ *Ibidem*, 8 de novembro de 1885, pp. 1-3.

¹⁹ *Ibidem*, Tocata 13ª, pp. 4-5.

²⁰ *Ibidem*, 30 de xuño de 1887, pp. 7.

²¹ Pseudónimo de Jesús María de Caula, descoñecido autor do que só temos noticia de dous textos: o relato castelán “Escenas y excesos de por acá”, publicado no 1887 en *La Correspondencia de Cuba*, e o galego “A mellor parexa”, texto inspirado nun pintor pouco coñecido, Gelabert, e publicado en *El Eco de Galicia*, nº 589, 1893.

Na tocata decimo quinta²⁰, na sección “Gallegos de por acá”, asinados por *G.Sús*²¹, atopamos uns comentarios despectivos nos que se relaciona a *L.U.Gris* con *K.Inzo*. Tamén a sección “Fungeirazos” está dirixida ao autor de Sada.

Estas críticas acentúanse e chegan ao ensañamento na tocata seguinte²², na que tamén *G.Sus* dedica toda unha páxina de “Gallegos de por acá” a *L.U.Gris*. Trátase de catorce debuxos²³ co correspondente pareado ao pé. A seguir, reproducimos os textos:

Naceu ó rente de Sada
unha noite de fiada.
Súas aficións infantiles
saíron zapateiriles.
Foi empleado en Oleiros
e xefe dos zapateiros²⁴.
Do revés e do dereito
sempre foi un lulu feito.
Dos libros doutros autores
saca os seus versos mellores.
Foi de plaxiarios o galo
sin deixar de ser moi malo.
Bo músico de afición
toca agora o violón.
Soupo bailar con Marina
ó danzán d’entra Guabina.
Ista cruz que aquí vedes ganou
por us versos que nun tempo plaxiou.

²² *A Gaita Gallega*, Tocata 16^a, do 18 de setembro de 1887, p. 8.

²³ Todos eles debuxos figurativos de pequeno formato, nos que se pode ver, entre outras cousas, un burro, uns galos de pelexa, un violín e uns anteollos.

²⁴ Tanto este texto coma o anterior é posible que se refiran ao primeiro traballo de LUGRÍS de escribano no concello de Oleiros, para o que tiña que desprazarse a pé dende Soñeiro, no concello de Sada, onde residía dende a infancia.

²⁵ Este pareado serve de pé a unha ilustración na que se ve a unha figura masculina ao lado dun canón que apunta ao lonxe, onde sobresaie unha gran bandeira coa inscrición “N”o centro”.

Quixo ser de puntería
e nunca branco facía²⁵.
O xenio bravo que ten
sempre o trae como aquí o ven²⁶.
Como cuase nunca vía
sempre unha vela encendía.
Pra poder ver mellor
ten lentes de Nueva York.
Como non é un home ledo
o señalan con un dedo.

Péchase esta crítica coa afirmación: “Hase de continuar, ¡ind’ así eu medre!” en clara alusión ao pseudónimo máis empregado por Manuel Lugrís Freire. Polo ben do noso autor, ese desexo de *G. Sús* non chegou a cumprirse e *A Gaita Gallega* publicou o derradeiro número o 30 de setembro de 1889²⁷, despois de que as sinaturas máis críticas co autor de Sada fosen desaparecendo pouco a pouco.

Estes últimos anos da década dos oitenta supoñen para Lugrís varios cambios de traballo, xa que no 1888 comeza na casa de “Hermanos González y Cía”²⁸ e dous anos máis tarde pasa á empresa “Urisandi Álvarez”.

Habrá que agardar ata 1894 para que Lugrís vexa publicada a súa primeira obra poética. Trátase de *Soidades (versos en gallego)*²⁹, un volume formado por vinte e oito poemas, algúns xa publicados na prensa, entre eles o titulado “Presentimentos”, que orixinara a polémica á que nos referiamos en páxinas anteriores, un “Aditamento en prosa”, que inclúe o texto “Os primeiros versos”, reproducido nesta edición, e o artigo “A fala gallega”, publicada con anterioridade, por entregas, n’ *A Gaita Gallega*.

A obra está introducida por Manuel Curros Enríquez cunha “Carta prólogo”³⁰, na que se amosa sorprendido pola vea creativa de

²⁶ Pé dunha imaxe que representa a dous galos en plena pelexa.

²⁷ *A Gaita Gallega*, Tocata 3º da Ruada 2º.

²⁸ Pillado, *Op. cit.*, p. 13.

²⁹ A Habana: Imprenta do Avisador Comercial, Amargura 30, 1894, 129 pp.

³⁰ Asinada na Habana o 28 de xuño de 1894.

Lugrís e admirado pola tarefa divulgativa e dignificadora da lingua, cultura e historia de Galiza, emprendida por este na Habana. Neste prólogo alude ás ocupacións profesionais do autor, “las cuales le roban catorce horas cada día”. Despois de cualificar a poesía de necesaria, bela e ideal, refírese Curros a algúns defectos que atopa nos poemas, e que xustifica porque Lugrís “tiene que vivir alejado del arte por imposiciones incontrastables de su profesión” e tamén porque “nuestro idioma no ha llegado á fijar su vocabulario”. Finalmente, salienta o poeta de Celanova que nos atopamos na fase de “recojer materiales” cos que será posible erguer o grande edificio da nosa literatura. O volume está dedicado “Á santa memoria de miña Nai, y-â Sociedade de Beneficencia dos naturales de Galicia na Habana, nai agarimosa de tódolos gallegos infertunados”.

A relación con Curros iría máis alá do mencionado prólogo. De feito, o autor de *Aires da miña terra* é motivo de inspiración dalgún dos relatos que incluímos nesta edición. Neste mesmo ano de 1894, foi precisamente Lugrís un dos organizadores da homenaxe a Curros Enríquez que se celebrou na Habana e que se narra en “A labor do poeta”³¹, proba dunha amizade que xa viña, segundo nos informou Manuel Lugrís Rodríguez, dos encontros que ambos mantiñan nun faladoiro que se reunía no Malecón da Habana, nun local comercial rexentado por un chinés, e que servía como lazo da intelectualidade galeguista antes da construción do Centro Gallego. Tamén no relato titulado “Lamáchegas”³² está presente a figura do poeta de Celanova.

Retorna Lugrís Freire a Galiza o ano 1896 coa súa primeira muller, a cubana Conchita Orta, da que demostra estar profundamente namorado e que marcaría parte da súa obra. Froito deste matrimonio nace unha única filla, Socorro Lugrís Orta, que exercería como mestra nacional en Sobrado ata o seu pasamento en 1957³³. Aínda que descoñecemos a data exacta, foi nestes derradeiros anos da centuria

³¹ Publicado n’ *A Nosa Terra*, nº 31, 21 de marzo de 1908, p. 5.

³² *Ibidem*, nº 35, 23 de abril de 1908, pp. 5–6.

³³ Está soterrada no cemiterio de San Amaro, o mesmo que os pais. O noso informante, Manuel Lugrís neto, aínda conserva viva a memoria da súa tía, á que ten visitado en numerosas ocasións e coa que ten pasado temporadas en Sobrado.

cando faleceu Concepción Orta e Iglesias, feito que provocou unha fonda dor e depresión no noso autor, que o situaría ao borde do suicidio. Tal e como puidemos observar na súa tumba, no cemiterio coruñés de San Amaro, figura a seguinte inscrición asinada por Lugrís: “¡Conchita! La muerte no impide que vivas en mi corazón”. Literariamente, esta muller mereceu a sentida dedicatoria do segundo volume poético do seu marido, *Noitebras*³⁴, que reproducimos de seguido:

En lembranza da miña esposa Dona Concepción Orta
e Iglesias, cuyo recordo henche o meu corazón e cuyo espírito
santo e puro alenta sempre nos meus agarimosos pensamentos

Ademais dos dez poemas nos que a presenza da muller está latente, quer evocada directamente, quer intuída no profundo pesimismo que envolve os versos, inclúe outros once cun claro contido social, de chamamento á unidade e á loita, ademais de reminiscencias míticas evocadoras do glorioso pasado da patria galega. Como reconece Carballo Calero³⁵, nótase unha evolución en Lugrís cara a un estilo “máis moderno”, unha lingua “máis culta” e unha versificación “máis segura”.

Sería pouco tempo despois cando o corazón de Lugrís atopa o acougo necesario, esta vez ao lado da coruñesa Pura González Varela, dez anos máis nova que el e nai dos seus cinco fillos: Manuel, Secundino, M^a do Pilar, Urbano e Pura, e coa que compartiría o resto da súa vida.

Ao pouco de chegar a Galiza e despois de se instalar na Coruña, cidade que non abandonaría, comeza a relacionarse coa intelectualidade herculina, en especial coa galeguista. Participa no faladoiro que Celso García de la Riega bautizara co despectivo nome de “Cova Céltica” e coincide alí con Murguía, Florencio Vaamonde Lores, Eduardo Pondal, Uxío Carré Aldao, Andrés Martínez Salazar, Salvador Golpe, Manuel Banet Fontenla, Eladio Rodríguez González, Galo Salinas, Evaristo Martelo Paumán e, especialmente, con Francisco Tettamancy, que vai ser o seu mellor amigo e que apadriñará un dos fillos.

³⁴ A Coruña: Tipografía La Constancia, Librería Rexional de Eugenio Carré, 1901, 63 pp.

³⁵ *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1981 (3ª ed.), p. 479.

O propio LUGRÍS recoñecía a importancia da Cova Céltica para a súa formación: “a inesquecente e sagra escola en que se puliron e nidiaron os meus conocimientos; en que afincaron o meu amor e a miña decisión en favor da patria dos galegos”³⁶. No 1897 foi un dos membros da comisión que dirixiu a Liga Gallega e redactor, xunto con Uxío Carré e Salvador Golpe, do *Regramento da Sociedade Liga Gallega na Cruña*³⁷, asinado nesta cidade o 8 de outubro e presentado diante do Gobernador Provincial o 8 de novembro dese mesmo ano. Define este “Regramento” no seu Artigo 1º que:

O ouxeto da Liga Gallega na Cruña, é a defensa dos intereses moraes, materiaes, políticos, económicos e sociaes de Galicia.

Uns meses antes comezara LUGRÍS a colaborar coa *Revista Gallega*³⁸ de Galo Salinas Rodríguez, na que continuará con poemas, breves artigos de opinión, loas ao director e á publicación, e con polémicas entre a Liga Gallega e Alfredo Brañas ata finais de 1898. O 23 de abril de 1899 a Liga organizou unha homenaxe aos Mártires de Carral que contou coa presenza do coronel Ramón Velasco Ibarra, fillo dun dos fusilados, e na que LUGRÍS pronunciou un discurso en galego. O noso autor foi secretario desta organización en 1897 e presidente en 1906, cando xa se estaba a esvaer aquel proxecto que se iniciara nove anos antes.

No 1903 iníciase unha nova etapa da súa vida, que se caracteriza por unha maior estabilidade no traballo e por unha frenética actividade teatral. Cando falamos de estabilidade laboral estámonos a referir ao seu ingreso na compañía “Sociedad Anónima Aguas de La Coruña”³⁹, despois dun efémero paso pola Litografía “La Artística”. Neste traballo, ademais de levar a contabilidade da empresa, tiña que percorrer a cidade casa por casa para buscar abonados que quixesen

³⁶ Afirmación que recolle Henrique Rabunhal Corgo en “Lugris Freire na cultura galega”, *Agália*, nº 22, pp. 196–202.

³⁷ Publicado na *Revista Gallega (Semanao de Literatura e intereses regionales)*, nº 141, Ano III, 21 de novembro de 1897, pp. 1-4.

³⁸ O 25 de xullo de 1897 co relato “O vimbio e mailo pino”

³⁹ Que tiña o local central na rúa Real, no piso superior ao actual Cine París.

levar aos seus domicilios a auga potable, que era, en definitiva, o servizo que prestaba “S.A. Aguas de la Coruña”. Lugrís seguirá vencellado a esta empresa ata o seu retiro por enfermidade na década dos trinta, cando xa ocupaba o cargo de secretario do Consello de Administración e despois de ter sido un dos principais promotores da rede de auga potable da cidade herculina.

Ademais da Liga Gallega, outra das iniciativas promovidas pola Cova Céltica foi a creación da Escola Rexional de Declamación, co obxectivo inicial de dotar o teatro galego dun grupo estable que garantise a representación das pezas xa escritas e, ao mesmo tempo, animase aos autores galegos a escribiren obras deste xénero. A Escola inicia os seus ensaios en 1902 baixo a presidencia de Galo Salinas e a dirección artística do actor Sánchez Miño⁴⁰. Preséntase por primeira vez en público o 18 de xaneiro de 1903 no Teatro Principal da Coruña⁴¹. Xa en xuño dese mesmo ano, Lugrís e Sánchez Miño substitúen a Galo Salinas e Jambriña, respectivamente. A Escola viuse envolta nunha serie de disputas entre os directores por mor do distinto criterio para a escolla das obras a representar. Ao final imponse a aposta de Lugrís por un teatro crítico coas inxustizas da sociedade galega da época, un teatro que cumprise unha función política e adoutrinadora, ademais da propiamente espectacular, coa que fora concibido, e da literaria, que defendía Galo Salinas. A partir deste momento será o noso autor o principal fornecedor de textos para a Escola. O primeiro deles, *A ponte*⁴², foi estreado no Teatro Principal da Coruña o 18 de xullo de 1903⁴³ e dedicado a Manuel Salgado Rosende. Unha peza centrada nun dos temas máis

⁴⁰ Eduardo Sánchez Miño foi un actor que participou, entre outras, nas seguintes representacións: *¡Filla!* de Galo Salinas no 1903; *A ponte* (1903), *Minia* (1904) e *Mareiras* (1904) de Manuel Lugrís Freire, ademais de *Rentar de Castromil*, de Evaristo Martelo Paumán no 1904.

⁴¹ Para máis información sobre as actividades da Escola Rexional de Declamación ver Rabunhal, Henrique, *Textos e contextos do teatro galego 1671-1936*, Compostela: Laiovento, col “Ensaio”, 1994, pp. 48-57.

⁴² *Drama en dous actos en prosa. Dividido en tres cadros...*, A Coruña: Tipografía La Constancia, 1903.

⁴³ Para ter a información exacta, ademais das obras xa citadas de Pillado e Rabunhal, resulta útil a “Relación de obras representadas” en Tato Fontañá, Laura, *Teatro galego 1915-1931*, Compostela: Laiovento, “Ensaio”, pp. 229-272.

⁴⁴ *Drama nun acto en prosa*, A Coruña: Imprenta y Fotograbado de Ferrer, 1905, 32 pp.

socorridos para LUGRÍS na súa obra literaria, os abusos dos caciques. Neste caso, Ánxela, unha muller de trinta anos que ten o home na cadea, sofre os continuos acosos de D. Francisco da Pena, o cacique vinculeiro. Un ano máis tarde publica *Minia*⁴⁴, representada no Teatro Jofre de Ferrol o 19 de marzo de 1904 e dedicada a Luciano Marchesi Buhigas. O título, desta volta, indícanos o nome da protagonista, unha nai solteira de vinte e seis anos que vive co seu fillo Fiz, froito dunha relación de mocidade con Xacobe, o primoxénito do cacique, cando ela estaba a servir na casa dos fidalgos. A obra coa que LUGRÍS completou a súa contribución á Escola Rexional de Declamación foi *Mareiras*⁴⁵, estreada no Teatro Principal da Coruña o 16 de outubro de 1904 e coa que se achega por primeira vez ao drama longo en prosa. Ábrese a obra cunha dedicatoria á súa dona, Pura González Varela, asinada na Coruña o 17 de outubro de 1904, na que di o seguinte:

Neste drama non fixen máis que un traballo de recolleita. A feitura e maila trama son miñas; o demais é unha transcripción máis ou menos mala. Son lembranzas da miña niñés, que cando rexurden fano co recordo puro, agarimoso e santo de miña nai, que dorme o seu derradeiro sono no cemiterio desta meiga e quirida Cruña, desta patria sempre idolatrada.

Nela naciches ti, Pura González, miña dona ben amada, para se-la compañeira da alma, para me donar forzas na loita, inútil por ser miña, en favor desta Galicia, para nós tan quirida; ti é-la nai cariñosa, a nai galega, dos meus filliños; e por iso quero xunta-lo teu nome neste traballo literario, que, inda que fose o máis cativo dos que teño feito, será sempre para min o máis amado por viviren nel lembranzas do lar paterno.

Segue unha introdución na que comeza aclarando que: “Inda que teñen os nomes trocados, tódolos personaxes desta obra viviron, e algúns deles foron moi amados por min”, e fai unha evocadora lembranza dalgúns personaxes da súa infancia en Sada.

⁴⁵ *Drama en tres actos en prosa*, A Coruña: Imprenta y Fotograbado de Ferrer, 1904, 60 pp.

⁴⁶ Temos coñecemento disto a través dunha copia da acta de inauguración do monumento, que se publicou n’ *A Nosa Terra*, nº 39, 19 de maio de 1908, pp. 1-2.

Neste mesmo ano asistiu á inauguración do monumento aos “Mártires de Carral”, para o que contribuíu con 25 pesetas. Supoñía este evento a consecución dunha vella aspiración pola que xa loitara a Liga Gallega coa celebración dunha homenaxe o 23 de abril de 1899⁴⁶. Por información que nos chega a través de Francisco Pillado⁴⁷ sabemos que neste mesmo ano participou Lugrís na coroación poética de Curros Enríquez coa lectura de varios poemas. Tamén no 1904 foi un dos membros fundadores da Asociación da Prensa da Coruña.

Un ano máis tarde, Manuel Lugrís Freire figura entre os corenta académicos de número que fundaron a Academia Gallega, na sesión do 4 de setembro de 1905⁴⁸, unha institución á que estaría moi vencellado, participando activamente nas reunións e chegando a presidente mediada a década dos anos trinta, como comentaremos no seu momento.

No 1906 publica outra peza teatral, o drama *Esclavitud*⁴⁹, que non sería estreada ata 1910 e que dedicou a Andrés Martínez Salazar.

Mediado o ano 1907 emprende o seu segundo proxecto político, a fundación de Solidaridad Gallega. Lugrís será un dos corenta e catro asinantes do manifesto redactado por Rodrigo Sanz, no que se define que o obxectivo prioritario é activar a participación política, educar ao electorado e loitar contra o caciquismo. Preténdese, en todo caso, impulsar o desenvolvemento das rexións e loitar contra o centralismo. Defínense como “la matriz de la que han de salir los partidos que la Patria necesita y que hoy no tiene”. Nesta organización agrarista confluíron, como teñen afirmado Xusto G. Beramendi e Núñez Seixas⁵⁰, tres sectores ideoloxicamente bastante afastados: o republicanismo galego liderado por Moreno Barcia e polo “Médico Rodríguez”, os rexionalistas coruñeses encabezados por Murguía, e os neocarlistas

⁴⁷ *Op. cit.* p.14.

⁴⁸ Pódese ampliar esta información polo *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº 1, Ano I, 20 de maio de 1906, p. 3, ou tamén por *Real Academia Gallega*, A Coruña: Imprenta y Fotograbado de Ferrer, 1912.

⁴⁹ *Drama en dous actos en prosa*, A Cruña: Librería Rexional d'Eugenio Carré, 1906, 49 pp.

⁵⁰ *O nacionalismo galego*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Historia de Galicia, nº 18, 1996, p. 65.

con Juan Vázquez de Mella á fronte. Os devanditos historiadores teñen manifestado o seguinte:

A experiencia da Solidaridad Gallega, malia resultar ser un completo fracaso electoral, permitiu aos rexionalistas achegarse a unha das problemáticas básicas da Galicia do tempo, mantense politicamente activo no nivel local, arraizan nalgunhas vilas e forxan unha serie de líderes máis versados no activismo político, tales como Lugrís Freire ou o mesmo Rodrigo Sanz, que servirán de ponte cara ao rexurdir galeguista de 1916⁵¹.

Do mesmo xeito que a etapa habaneira fora un tempo de presenza asidua na prensa, tamén o bienio 1907-1908 vai ser para Lugrís Freire dunha intensa actividade xornalística. Nesta época, o medio escollido é *A Nosa Terra* e o tema central as actividades de Solidaridad Gallega. Convértese así este semanario na principal fonte para seguir o acontecer vital e literario do noso autor neste período. De tal maneira, encontramos o 11 de setembro de 1907⁵² o artigo “Un personaje de Esopo”, asinado por Asieumedre, e no que arremete contra un xornalista galego instalado en Madrid, tema que pecha dous números máis tarde⁵³ coa afirmación “Y no va más: por nosotros que siga *doblando la frente* y puliendo *las facetas prismáticas del poliedro peculiar de nuestra literatura*”.

Como anécdota haberá que indicar que no número once⁵⁴ repódcese o discurso pronunciado por Manuel Lugrís o 6 de outubro en Betanzos diante de sete mil persoas, considerado como o primeiro mitin político no que se empregou a nosa lingua. Comeza dirixíndose aos “Mariñáns e montañeses, homes traballadores e honrados” e loando aquela terra. A seguir, fai unha defensa do galego dicindo que é:

Unha fala honrada, na que non se escribiron os recibos do consumo, nin as notificacións de embargo das vosas facendas, nin a declaración de soldados que arrinca dos vosos lares os fillos cando vos fan máis falta para o duro traballo da terra.

⁵¹ *Op. cit.* p. 67.

⁵² *A Nosa Terra*, nº 6, p. 2.

⁵³ *Ibidem*, nº 8, 26 de setembro de 1907, p. 5.

⁵⁴ *Ibidem*, 19 de outubro de 1907, pp. 4-5.

Xa de inmediato engarza o anterior co tema da emigración; as súas causas e consecuencias tráxicas. A continuación fai un chamamento á unidade para unha mellor defensa dos intereses do pobo a través dunha comparación coa actitude dos pardais cando son atacados por un bexato. Remonta as orixes do asociacionismo nas Mariñas ao século XII e ás guerras irmandiñas. Finalmente, compara os abusos dos señores feudais coas actuacións caciquís da época e propón como exemplo a seguir un conto moralizante que conclúe co seguinte consello: “Seguide, pois, asociándovos; xuntádevos contra dos vosos enemigos, e seredes fortes, e seredes libres, e faredes libre e honrada, rica e poderosa, a terra quirida onde todos nacimos”.

Poucos días despois, o 27 de outubro, participa noutro mitin, en Cambre, no que incide nos mesmos temas, segundo a información que nos chega a través d’ *A Nosa Terra*⁵⁵. O 4 de decembro⁵⁶ aprobouse o regulamento do Centro Solidario na Coruña, estableceuse o domicilio social no primeiro piso do número 19 do Cantón Grande, e constituíuse a Xunta Directiva Local, presidida por Segundo Moreno Barcia e na que LUGRÍS ocupa o cargo de vogal, o mesmo que Rodrigo Sanz, Uxío Carré, Santiago Casares e outros menos coñecidos. Tamén neste mesmo número do semanario coruñés atopamos información sobre outro mitin en Bergondo ao que acudiron Salvador Golpe, LUGRÍS e

⁵⁵ *Ibidem*, nº 13, 4 de novembro de 1907, pp. 1-2. Recóllese aquí unha curiosa anécdota “Pero una mayor sorpresa esperaba a todos; la entrada, bien podemos decir triunfal del Sr. LUGRÍS que por no haber llegado a tiempo a la estación hizo el viaje a pie.

El contexto fue grande y sincero, abrazando todos al valiente expedicionario, cuyos entusiasmos por la santa causa de la redención de Galicia no hay carretera por larga que sea ni aguacero —llovió toda la mañana— por torrencialmente que caiga que mengüen en lo más mínimo. (...)

Siguió al Sr. Marín el Sr LUGRÍS, que pronunció una oración a la que dieron tonos soberbios su proverbial vehemencia, sus duros apóstrofes contra el vil cacique, la negra pintura de la vida del labrador, sus cánticos para la patria querida, para la tierra gallega. Escusamos decir que el discurso fue pronunciado en el más puro y neto gallego que arrancaba a aquellas honradas gentes murmullos de asentimiento, frases sinceras de franca aprobación. ¡Les hablaba al alma y con el alma respondían!

Al terminar con un hermoso símil de la muerte del lobo el entusiasmo fue grande y las alabanzas unánimes y merecidas”.

⁵⁶ *Ibidem*, nº 18, 12 de decembro de 1907.

⁵⁷ *Ibidem*, nº 19, 19 de decembro de 1907, p. 5.

Naveira. Poucos días despois⁵⁷ asina o autor de Sada o artigo “Tierra Gallega’ y el señor Souto Ramos”, no que aclara unha serie de acusacións verquidas contra el co gallo dunha Xunta Xeral do Circo de Artesanos. Debaixo do seu nome podemos ler “Dependiente de Comercio” e neste aspecto incide no último parágrafo:

Y en cuanto a lo de *incansable dependiente*, que el diario democrático me aplica, debo manifestar que efectivamente lo soy; que no tuve el *temperamento* necesario para llegar a más, —lo que no es ninguna deshonra—, ni siquiera a ilustre concejal del Ayuntamiento coruñés, y que sólo disfruto del honor de ser dependiente de una empresa en un puesto que exige condiciones que ciertamente no serían suficientes si me las adjudicara un periódico, aunque este fuera tan *popular, veraz e imparcial* como *Tierra Gallega*.

O 21 de decembro deste mesmo ano pronunciou unha conferencia na sección ateneísta do *Circo de Artesanos*. A intervención, titulada “La tolerancia y los nuevos ideales”, foi publicada n’*A Nosa Terra*⁵⁸.

Lugrís protagoniza, outra volta, a seguinte entrega do semanario coruñés⁵⁹, ao se reproducir nel unha entrevista que lle realiza Eugenio López Aydillo para o libro *Galicia ante la Solidaridad*⁶⁰. O tema central versa sobre a Solidaridad Gallega, sobre a necesidade desta organización, sobre as perspectivas de futuro en Galicia e sobre a súa definición ideolóxica.

Pouco despois, o 21 de xaneiro de 1908⁶¹ participou xunto con Rodrigo Sanz, Francisco Catoyra e outros nun mitin promovido pola sociedade de labregos “*El amparo de los pobres*” de Carral. O informador do evento, Pablo de Andrade, sorpréndese no seu artigo da facilidade de Lugrís para o emprego da nosa lingua na oratoria:

⁵⁸ *Ibidem*, nº 20, 28 de decembro de 1907, pp. 1-2.

⁵⁹ *Ibidem*, nº 21, 4 de xaneiro de 1908, pp. 1-2.

⁶⁰ Madrid: 1907, p. 197.

⁶¹ Pablo de Andrade, “Mitin en Carral”, *A Nosa Terra*, nº 24, 26 de xaneiro de 1908, p. 2.

Hubo para mi la novedad de que uno de los solidarios dirigió la palabra en gallego. Fue la primera vez que yo oí una oración en la lengua nativa, y declaro que es un medio excelente para propagar la idea redentora entre nuestra población rural, sobre todo si el orador maneja el gallego con la perfección y soltura con que lo hace el amigo *Asieumedre*, muy conocido de los lectores de la revista.

A través deste mesmo xornalista temos noticia⁶² doutro mitin en Sarandóns promovido por asociacións agrarias de Carral e Abegondo, no que participou Lugrís acompañado por Rodrigo Sanz, Joaquín Martínez, Francisco Catoyra e Ramón Díaz Aguiá.

Non faltou Lugrís á multitudinaria homenaxe póstuma coa que a cidade da Coruña despediu a Curros Enríquez, lembranza na que recitou o poema “Saúdo”⁶³. Como despedida da colectividade galega da Habana que asistira aos actos, celebrouse o día 3 de abril un banquete no que participaron distintas autoridades políticas e militares, ademais de destacados intelectuais coruñeses. Durante o xantar, pronunciou Lugrís un brindado en gallego.

No 1908 publícase a primeira colección dos *Contos de Asieumedre*⁶⁴, que reúne tan só oito relatos. A edición foi de 20000 exemplares distribuídos por Solidaridad Gallega entre os labregos. A obra está precedida dun prólogo titulado “¡Xuntanza!”, que é un alegato anticaciquil, ao tempo que un chamamento á unidade dos labregos para facer fronte a esa pexa “sin fouces nin bisarmas nas mans, sinón coa lei nas mentes e sin medo no peito, conquistade o voso auntamento a votos, elixindo concexales...”. Un ano despois publica a edición máis divulgada⁶⁵, na que inclúe 28 contos de entre os que fora dando a coñecer con anterioridade en diversos xornais e revistas da época.

⁶² *Ibidem*, nº 30, 12 de marzo de 1908, p. 6.

⁶³ *Ibidem*, nº 33, 7 de abril de 1908, pp. 4-5.

⁶⁴ A Cruña: Tipografía Litografía Lorman, 1908, 31 pp.

⁶⁵ *Contos de Asieumedre*, ilustr. F. Cortés, A Cruña: Tipografía e Litografía L. Lorman, 1909, 93 pp.

⁶⁶ A Coruña: Tipografía El Noroeste, 1911.

Asieumedre é o pseudónimo co que Lugrís asinou o prólogo ao poemario escrito en castelán, *Íntimas*⁶⁶, de Carlos Vaamonde. Neste breve limiar, estruturado a modo de epístola, afirma o noso autor:

No he visto facundia mayor, ni aptitudes más diversas como poeta, por más que Vd. no hace más que levantar ligeramente el velo que guarda su inspiración (...)

Si Vd. hubiera nacido en la edad trovadoresca, así Dios me salve como no había de dedicarse a la venta de sedas de Sidón y había de detestar de todos los mercaderes que se enriquecían trayendo especies de las islas índicas (...) Pero nació Vd. en estos tiempos, y, en verdad, salió ganando porque es más productiva la venta de bombillas y calentadores eléctricos que la de los productos de la inspiración. Al estómago pongo por testigo.

A partir dos anos dez non temos máis novas de Lugrís Freire ata 1915, data na que Francisco Pillado⁶⁷ o sitúa colaborando na revista madrileña *España*. Consultada esta publicación⁶⁸, observamos que na nómina da “Redacción e colaboración” figura o seu nome ao lado de Rodrigo Sanz, Banet Fontenla e Casares Quiroga, entre outros, pero non lle atopamos ningunha colaboración, cando menos asinada por algunha das súas firmas coñecidas.

O 18 de maio de 1916 é Lugrís unha das trinta persoas que acoden ao chamamento de Antón Villar Ponte para fundar a primeira Irmandade da Fala, nos locais da Real Academia Gallega⁶⁹, unha organización na que confluíron persoas de ideoloxía política moi diversa: tradicionalistas, republicanos federalistas e rexionalistas que, como Lugrís, xa viviran a experiencia de Solidaridad Gallega dende 1907 ata 1912. Ademais dos irmáns Villar Ponte e de Lugrís Freire, figuran

⁶⁷ *Op. cit.* p. 14.

⁶⁸ Da que atopamos numerosos exemplares na Biblioteca Nacional de Madrid.

⁶⁹ Con respecto a esta efeméride podemos ler no *Eco de Galicia* da Habana, nº 3, 20 de xuño de 1917, nun artigo asinado por “Pardo de Cela” o seguinte: “Esta patriótica institución es la depositaria del fuego sacro que arde en las entrañas de nuestro pueblo, y es obra de gallegos enxebres, de patriotas probados a cuyo frente figuran los dos apóstoles de la reivindicación de la personalidad de nuestra tierra, Manuel Lugrís y Villar Ponte.”

⁷⁰ Que recollemos de José Antonio Durán, “O Vello”, nacionalista molesto”, en *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, 27 de novembro de 1994, p. VI.

nesa primeira reunión os irmáns Carré Aldao, Rodrigo Sanz, Francisco Tettamancy, Lois Porteiro Garea e Manuel Banet Fontenla, entre outros. O autor de Sada apoiou dende os primeiros momentos este emerxente nacionalismo e participou xa en 1917 nas asembleas de Lugo e Santiago, ademais de escribir o seguinte himno⁷⁰, que pasa por ser o orixinario das Irmandades da Fala:

Na fala gallega vive
a ialma da nosa terra;
a redención de Galicia
nos seus acentos latexa.

Pobo que o seu verbo esquece
é traidor á natureza;
como irmáns todos falemos
a noble fala gallega.

Nos anos posteriores, seguirá moi vencellado a esta organización, ocupando o cargo de vogal do Consello da Irmandade coruñesa e impartindo un curso de lingua galega para os membros das Irmandades todos os martes e xoves, tarefa que, sumada ao seu anterior traballo a prol do idioma, valeulle o nomeamento como “Mestre da Fala”. Outra vía de relación coas Irmandades é a través da refundada revista *A Nosa Terra*, convertida agora en “Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d’América e Portugal”, coa que colaborará por medio da publicación de relatos inéditos e coa reprodución doutros xa publicados na primeira etapa deste semanario coruñés. Figura ademais no primeiro número⁷¹ na ampla nómina de “Redautores e colaboradores”. Neste xornal⁷² déixase constancia da súa participación nun “auto galeguista” celebrado en Ferrol o 11 de febreiro de 1917, no “Salón Amboage”, xunto cos irmáns Villar Ponte, Francisco Tettamancy, Rodríguez González e outros. Ademais de formar parte da presidencia do acto, intervén como orador, dando lugar ás seguintes consideracións do anónimo informador:

Discurso fermosísimo, que eleutrizou ós ouventes,
mais difícil que do que ninguén se fai dare unha síntesis.

⁷¹ 14 de novembro de 1916, p. 5.

⁷² *A Nosa Terra*, nº 10, 16 de febreiro de 1917, pp. 1-5.

Lugrís, orador quente, de corpo enteiro, mestre na propaganda dos mitins, polos matices de pensamento e dición que pon nas súas verbas, dificulta a labore dos *reporters*.(...)

Dimpois, con frases de graciosa ironía, ridicolizou ós señoritos que se rin dos “Amigos da Fala”, facendo encaixe de Camariñas ás portas dos centros recreativos.

Pro o máis fermoso do seu discurso, estivo na parte que adicou a demostrare coma o rexionalismo é o camiño da paz e da liberdade. Antre aplausos, falou do Congreso das nazionalidades de Berna, —tendo un galano pra loita europea— e dixo que soio pola libertá dos pobos naturales se pode chegar á libertá do mundo, á fraternidá universal.

En xuño dese ano participa nas honras fúnebres a Eduardo Pondal, ao que assistira no leito de morte. É súa unha das intervencións no cemiterio de San Amaro, que evocou *El Eco de Galicia*⁷³ en nota de redacción coas seguintes palabras:

Tras una breve pausa de emoción, habló el escritor Sr. Lugrís Freire.

En gallego, en la fala meiga que tan maravillosamente empleó Pondal en sus rimas soberbias, hizo Lugrís otra invocación vehemente al alma gallega para que se cumplan los altos destinos de nuestro pueblo, para que despierte de su sueño el viejo y fecundo “fogar de Greogán (sic)” de que habló el bardo.

Los señores Casás y Lugrís fueron muy felicitados por lo bien que acertaron a interpretar el sentir general.

Aínda quentes as cinsas de Pondal, comezou a solicitar a construción dun monumento ao bardo de Ponteceso e presidiu a comisión para a súa consecución, obxectivo que se fixo realidade en 1925, tal e como consta na obra, instalada nos xardíns de Méndez Núñez, na cidade da Coruña.

En 1917 inicia a derradeira etapa da súa produción teatral, que servirá de ponte entre a desaparecida Escola Regional de Declamación

⁷³ N° 2, do 10 de xuño de 1917.

⁷⁴ *Comedia en dous actos, en prosa*, A Coruña: Litografía e Imprenta Roel, 1917, 43 pp.

⁷⁵ *Comedia en dúas xornadas en prosa*, A Cruña: Edicións Terra A Nosa, 1919, 48 pp.

e o Conservatorio Nazonal de Arte Galega, que fundarán os membros da Irmandade da Fala coruñesa en 1919. Publica *O pazo*⁷⁴, obra estreada en Vigo o 21 de abril do mesmo ano pola Agrupación Artística de Vigo. Segundo a nota previa do autor, a peza está situada na época contemporánea nas Mariñas de Sada, “é un ensaio do teatro da Natureza, e pódese representar nun souto que teña as condicións que o movemento escénico require”. Dous anos máis tarde dá ao prelo a súa derradeira peza teatral, *Estadeíña*⁷⁵, título que segue na liña da comedia iniciada con *O pazo*.

Ademais de *Estadeíña* tamén publica en 1919 o seu terceiro volume poético, *Versos de loita*⁷⁶, un conxunto de vinte e tres poemas, moitos deles dados a coñecer anteriormente na prensa da época. Predomina o contido social e reivindicativo, o celtismo e o chamamento á loita, expresado nun ton mesiánico.

No 1922 publícase a *Gramática do Idioma Galego*⁷⁷, obra precedida dun prólogo titulado “Unhas palabras do autor”, que comeza cunha referencia a Rosalía, Curros, Lamas Carvajal e Pondal, como os grandes poetas que conseguiron “demostrar que o idioma galego era o único medio natural e propio para dar a conoecer as arelas do noso espírito”. A seguir, refírese á necesidade de semellante obra porque “pasados aqueles días de gloria excentilante, outros escritores, sin faceren siquera un exame do que debían ter como modelos literarios e lingüísticos, comenaron a empregar a nosa fala cun desconocemento com preto das súas leis fonolóxicas e gramaticás. Unha verdadeira anarquía noxenta producéron dentro das nosa letras”. Con tales palabras, fai referencia aos traballos gramaticais que o precederan e asume a grande responsabilidade que lle supón este. Remata o libro coa seguinte afirmación:

Inda que moitos o non crean, teño a seguranza de que a fala gallega —máis que a raza, máis que o propio chan— é o refrexo da nosa alma, o factor estático mais esgrevio, o espello do noso *ethnos*, a hostia sagra coa que os “bos e xenerosos” comulgarán decote no altar da Terra, coa cobiza de a ver grande e libre.

⁷⁶ A Cruña: ¡Terra A Nosa!, Suplemento de *El Noroeste*, Volume 13, 10 de xullo de 1919, 47 pp.

⁷⁷ Reeditada, corrixida e aumentada no 1931, A Cruña: Imprenta Moret, 187 pp.

Esta gramática está estruturada en cinco partes fundamentais: “Fonética”, “Morfoloxía”, “Sintaxis”, “Aditamentos” e “Mostras literarias”. Neste último apartado inclúe textos de Florencio Vaamonde, Uxío Carré Aldao, Manuel Murguía, *Asieumedre*, Alfonso R. Castella, Rosalía Castro, Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Salvador Golpe, Urbano González Varela, Ramón Cabanillas, Evaristo Martelo Paumán, ademais de “Cantares do pobo” e un “Vocabulario galego-castelán”. A obra, pioneira no seu xénero ao ser redactada na lingua do país, suscitou opinións contrapostas entre os literatos galegos. Así, os máis novos, amosábanse excépticos, como podemos comprobar nas seguintes palabras de Victoriano Taibo nunha carta a Manuel Antonio: “Convén enterar-se de isa gramática anque non seja mais que pra facel-o contrario do que manda, dispoñe e ordena, pois ista feita en imperativo burtalmente salvaje”⁷⁸. Afirmacións que ratifica meses despois o poeta rianxeiro do seguinte xeito: “Xa tiven ocasión de ver o esperpento gramatical de Lugris: cousa para ler antre páxia e páxia de Ortíz Novo prestando variedade á lectura sin perda d’a unidade cómica. Así se fai patria!”⁷⁹. Porén, no ano 1931, Antón Villar Ponte loa a aparición da segunda edición da obra coas seguintes palabras: “Lugrís Freire (...) hoxe nos ofrece unha nova edición da súa gabada Gramática do idioma galego que tódolos bos patriotas temos que acoller con fonda simpatía”.

En 1923 ingresa como socio correspondente no Seminario de Estudos Galegos e pronuncia o seu discurso o 20 de novembro do mesmo ano, discurso que versa sobre a figura de Eduardo Pondal⁸⁰. Nel achéganos unha lírica descrición do poeta de Ponteceso, a quen

⁷⁸ Este fragmento atópase nunha carta que ten data de mataselos do 9 de xullo de 1922 e na que Victoriano Taibo agradece a Manuel Antonio o envío do manifesto *¡Máis alá!*. Entre outros ataques ao autor de Sada, destaca o seguinte: “A Nosa Terra” lle non pareceu ben o que tí díis e brua e retorcese que da genio. A cousa istá en que agora andan dirixidos polo gramático Lugrís Freire que entre outros descubremos fixo o da cuarta conjugación que remata en *on* e non se pode conjugare”. Manoel Antonio, *Correspondencia*, edición, limiar e notas de Domingo García-Sabell, Vigo: Galaxia, 1979, p. 177.

⁷⁹ *Ibidem*, p. 198.

⁸⁰ Está recollida unha parte en *Iconografía pondaliá*, “Retratos literarios de Pondal”, A Cruña: Publicacións da Real Academia Gallega, 1965.

considera “prototipo da raza artábrica” e o “home máis baril” e de “corpo cumprido de Galicia”. Afirmar Lugrís que “o bardo galego tiña a beleza dos homes fortes, dos homes superiores, das xentes de Bergantiños, que endexamais conosceran a servidume, nos tempos protoplasmáticos da nosa historia...”. Conclúe cunha breve referencia ao proceso creador da poesía pondaliana.

Un ano despois, a 27 de novembro, pronuncia outro discurso no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, homenaxe da Real Academia Gallega a Luis de Camões co gallo do cuarto centenario do nacemento do autor luso. Con Lugrís Freire participaron o por entón presidente da RAG, Ponte y Blanco, o cónsul de Portugal e o Marqués de Figueroa. Ademais da intervención de rigor, Lugrís dá lectura ao poema de Pondal titulado “A fala”.⁸¹ No discurso, o autor de Sada fai unha defensa das raiceiras celtas comúns a Galiza e a Portugal, e tamén reivindica a orixe galega dos devanceiros de Luis de Camões, en concreto no nobre galego “Vasco Péres de Caamaño”, que tiña “as suas terras e castelo na marxe dereita do mais celta dos nosos ríos, o Tambre”. De seguido, valora tanto a épica como a lírica do autor de *Os Lusíadas*, e considera que esta obra é “un moimento clásico e modelo da nosa literatura”. Neste mesmo 1924, traduciu ao galego os títulos dunha adaptación cinematográfica da zarzuela *Maruxa*, de Amadeo Vives e Luis Pascual Frutos.

O 14 de marzo de 1926 participa nos actos literarios do Seminario de Estudos Galegos cos que esta institución pretendía homenaxear o incansable traballo de Carolina Michaëlis de Vasconcellos, e que servirán tamén para o ingreso no SEG de Ramón Cabanillas, Antonio Noriega Varela, Gonzalo López Abente e Victoriano Taibo, catro dos poetas máis representativos daquel tempo. Segundo a información que tiramos da revista *Nós*⁸²: “O Sr. Lugrís, n-un discurso valente, e cheo d’antusiasmo, fixo un estudo sintético da obra da Sra. Vasconcellos, en todol-os seus aspectos, e saudou con verbas accesas a renacencia galega”.

⁸¹ Está recollida unha ampla información sobre este acto no *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº 166, Ano XIX, 1 de decembro de 1924, pp. 258-272.

⁸² Nº 28, Ano VIII, 15 maio 1926, p. 13.

⁸³ A Cruña: Zincke Hermanos, 1927, 111 pp.

No 1927, coincidindo coa morte do seu irmán Plácido, co que mantivera unha excelente relación na emigración, e ao que chegou a dedicarlle o conto titulado “A espada do fidalgo”, publica o poemario *Ardencias*⁸³, coa seguinte dedicatoria:

“Para a xenerosa
e ben encamiñada mocidade galega,
que mantén acesas no corazón
as ardencias pola nobre causa do noso rexurdimento,
escritos foron estes versos,
derradeiras e humildosas flores
do meu xardín inzado de ilusiós e de esperanzas”.

M.L.F.

Consta esta obra das seguintes partes: “Acordes de mocidade”, catorce poemas centrados na evocación da infancia, ás veces idílica; “Da Mariña”, con nove poemas que nos trasladan á terra nativa do autor; “D’outrora”, dez poemas recuperados doutras publicacións, e “En prosa”, un apéndice que inclúe os contos titulados “Lenda de Bri-go” e “Mareiras”, ademais do discurso antedito.

A súa última obra poética, *As Mariñas de Sada*⁸⁴, xorde como homenaxe á sociedade “Sada y sus contornos” e recolle seis poemas centrados no espazo e no tempo infantil, algún xa publicado en anteriores volumes, e un deles, titulado “A fala e a terra”, foi lido no xantar co que a devandita sociedade festexou os primeiros exames das escolas de Educación Primaria, o 8 de xullo de 1928⁸⁵. A homenaxe foi recíproca porque, dous anos despois, “Sada y sus contornos” organiza un acto para agasallar a Luguís.

⁸⁴ A Cruña: Zincke Hermanos, 1928, 20 pp.

⁸⁵ Neste ano temos noticia a través do *Boletín de la Real Academia Gallega*, (nº 206, xullo 1928, Ano XXIII, p. 54) dunha curiosa anécdota que fai referencia a Luguís; a doazón dunha peza arqueolóxica do neolítico. Refírense a este feito coas seguintes palabras: “Nuestro querido compañero de Academia D. Manuel Luguís Freire ha donado a esta corporación una interesante hacha neolítica que encontró en el cercano monte de Elviña”.

⁸⁶ Tal e como reflite no conto titulado “Tiña razón”.

Nos últimos anos da década dos 20, realizou LUGRÍS FREIRE unha importante actividade social e política: asistiu aos ingresos de Risco e Otero Pedrayo na Real Academia Galega, pronunciou discursos e participou nas asembleas das Irmandades, ademais de elaborar o programa do Partido Autonomista Republicano Agrario para a campaña de 1930, ata que ingresou no Partido Galeguista en 1931.

Coa chegada da IIª República abríase para LUGRÍS un tempo de anovadas esperanzas aos sesenta e oito anos de idade, xa que a anterior experiencia republicana collérao cando aínda era un neno⁸⁶. Segundo nos ten manifestado Manuel LUGRÍS RODRÍGUEZ, a noite anterior á proclamación da República acudiu o noso autor, na compañía dun tendeiro amigo, LUÍS SUÁREZ, a colocar a bandeira tricolor no Concello da Coruña. Ademais deste feito anecdótico, foi LUGRÍS un dos principais promotores da Federación Republicana Gallega e participou activamente na redacción dos Estatutos do Partido Galeguista. Formou parte da comisión encargada de redactar o anteproxecto de Estatuto de Autonomía de 1932 e tamén se encargou do proxecto estatutario definitivo, xunto con Alexandre BÓVEDA. Temos noticia da súa participación, nesta época, en mitins do Partido Galeguista celebrados no Teatro Rosalía de Castro da Coruña e en San Tirso de Mabegondo, compartindo tribuna con persoeiros como Castelao.

O vinte e oito de abril de 1934 accede á presidencia da RAG⁸⁷, despois da renuncia, por enfermidade, do anterior presidente, Eladio RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, e nun momento no que esta institución atravesaba unha etapa de crise económica, logo de iren minguando progresivamente as remesas de diñeiro enviadas dende a emigración america-

⁸⁶ Está recollida por extenso esta información no *Boletín de la Real Academia Gallega*, Ano XXIX, nº 253, 1 de xuño de 1934, pp. 1-2. Afírmase aquí que era oportuno o nomeamento: “en momentos en que la Academia necesita, como nunca, tener al frente a una personalidad que a sus méritos literarios, a sus reconocidos prestigios, añada el entusiasmo fervoroso por la vitalización de nuestra labor corporativa.

LUGRÍS FREIRE, el venerable patriota, merecía este tributo de admiración y afecto, que sus compañeros le han ofrendado. (...) Una carrera de hombre honesto, laborioso, encendido en pura emoción, que desde los años jóvenes de emigrado aprendió a ponderar el valor immanente de nuestro suelo y nuestra raza.”

na. A enfermidade tamén será o motivo alegado por Lugrís para renunciar a este cargo, dezaseis meses despois de o ter alcanzado. O feito máis sobranceiro do seu curto mandato foi a inauguración do monumento a Curros Enríquez na cidade da Coruña, que contou coa asistencia de numerosas personalidades, entre as que se atopaba o presidente da República. Neste acto Lugrís pronunciou un discurso gabando a Curros. No 1935 publicou a edición de *Queixumes dos pinos y poesías inéditas de Eduardo Pondal*.

A guerra civil, na que estiveron mobilizados dous dos fillos: Urbano, incorporado ás tropas franquistas, e Secundino, daquela estudante de Farmacia en Madrid, nas milicias republicanas, fanoulle definitivamente o período de esperanzas aberto nos comezos da década. Unido isto á cada vez máis feble saúde, provocaron que Lugrís se recluíse na súa casa coruñesa, no número 200-202 da rúa de San Andrés. Alí, xunto coa súa esposa Pura, mestra de música, escoitará estremecido os disparos, posiblemente fusilamentos, que procedían da praia cercana. Atopaba certo consolo, tan só, nas melodías que lle interpretaba dona Pura ao piano, especialmente a “Negra Sombra”⁸⁸.

Son poucos os testemuños escritos que aluden ao pesimismo no que o galeguista de Sada viviu os últimos anos, esquecido de todos. O primeiro deles chéganos da pluma de Otero Pedrayo naquela lembranza que lle dedica en *O libro dos amigos*⁸⁹:

“Tiña de ser un home da xenerosa terra ourensán, do viño e das pavías quen me viñera a visitar... pois xa nin en Sada se lembran de min!” díxome con fonda vos, dende o leito (...)

Sempre o coñecín de vello. De un xénero de velleza como o dos carballos decotados en boas lúas. Poucos homes espallaban unha sensación semellante con forza tranquiá. Poucos viviron ca sinxeleza e poder de Lugrís os grandes mitos do Occidente e do mar.(...)

⁸⁸ Segundo nos informou Manuel Lugrís Rodríguez, nos últimos tempos dona Pura suprimiu este tema do seu repertorio porque lle producía unha profunda emoción ao seu home.

⁸⁹ Buenos Aires: Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1953, pp. 95-96.

⁹⁰ “Lugrís, oratía e teatro”, en *Agália*, nº 23, outono 1990, pp. 313-317.

Quando em tam tristes circunstâncias os moços galeguistas o visitávamos, porque já envelhecido apenas saía da casa, nom podía reprimir as lágrimas; mas nom se pense por isso que era um velho choromingom: passada a primeira emoçom mantinha-se lançal e varudo. Chorava de impotência...

Manuel LUGRÍS Freire faleceu o día quince de febreiro de 1940, na Coruña, cando tiña 77 anos. O seu corpo está soterrado no cemite-rio de San Amaro⁹¹ desta cidade.

⁹¹ Nun panteón que mercara o propio LUGRÍS no ano 1900.

2.- Comentario literario

Foi bon poeta, máis grande orador, por riba de todo un caraiter, que pon a enérxica priguiza dos fortes, por outras causas, nos deixou o zume da poesía que poidera deixar na copa de pedra do hourizonte galego. (...)

Sempre foi o Cantón e a calle Real ágora e academia de bos conversadores. Lugrís era alma de tertulias, palabra rexa, pintoresca, expresiva. Non acedo, nin irónico. Era home de peito para atacar de frente e pra recibir e responder ós ataques.

Outra semblanza dos últimos anos chéganos a través de Jenaro Marinhos del Valle⁹⁰:

2.1. O penedo do crime.

Publicouse esta novela curta por entregas no xornal habaneiro *El Eco de Galicia*⁹², no que Lugrís Freire comezou a súa carreira literaria, mercede, en boa medida, á amizade que o unía a Waldo Álvarez Ínsua⁹³, o director do devandito semanario. A obra viu a luz entre o 14 de setembro e o 28 de decembro de 1884, nos números 116, 118, 123, 126, 130 e 131, que se reparten un total de once capítulos, encabezados con números romanos, e un breve epílogo final que resume o devir dos personaxes. Obsérvase unha case exacta correspondencia entre a estruturación coa que Lugrís concibiu a obra e a súa publicación na prensa. Deste xeito, o extenso capítulo I saíu íntegro na primeira entrega, o II e o III na segunda, o IV e V na terceira, o VI, VII e parte do VIII na cuarta. Na quinta entrega publicouse a parte restante do

⁹² Semanario que viu a luz na Habana dende o 8 de marzo de 1878 ata o 5 de novembro de 1901, con interrupcións en 1881 e 1882, constituíndose como a primeira publicación periódica galega da emigración en América. Pretendía defender a colectividade galega residente en Cuba. De carácter bilingüe, acolleu nas súas páxinas textos literarios galegos de Álvarez Insua, Fortunato Cruces, Manuel García Barros, Antonio de la Iglesia, Lamas Carvajal, Galo Salinas, Otero Pimentel, Lugrís Freire, Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, entre outros.

⁹³ Xornalista e escritor que naceu na Estrada en 1858 e faleceu en Madrid en 1938. Destacou pola súa actividade xornalista na emigración habaneira, a onde se trasladara en 1877 por discrepancias políticas coa Restauración. Na capital cubana fundou *El Eco de Galicia* e participou na creación do Centro Gallego. Ten colaborado na *Revista Galaica* de Ferrol, en *El Heraldito Gallego* de Lamas e no santiagués *La Gaceta de Galicia*.

⁹⁴ Genette, Gerard, *Palimpsestes*, Paris: Éd. du Seuil, 1981, p. 9.

VIII, o IX e o X completos. Finalmente, para o 28 de decembro reservou o capítulo XI e o epílogo. Como se pode observar, o único capítulo que se publica seccionado en dúas entregas é o VIII. De todas formas, a ausencia dun espazo fixo para a novela no xornal de Álvarez Ínsua, así como a publicación en datas alternas, levan a pensar que non se concibiu a obra como un folletín coleccionable.

Relacionado co deseño editorial, temos o que Gérard Genette⁹⁴ definiu como paratextos; o título, subtítulo, epílogo e notas, que na novela que nos ocupa cumpren unha función moi importante pola información que nos achegan. O título, *O penedo do crime*, infórmanos do carácter tráxico da novela e do punto concreto no que esa traxedia se consuma, o penedo de Corbeiroa. O subtítulo, “Lenda das Mariñas” infórmanos do carácter lendario, debedor, xa que logo, da tradición oral e da transmisión de xeración en xeración, carácter que se confirma no epílogo coa seguinte afirmación do narrador: “Según conta a lenda do pobo...” Isto podería levarnos a pensar nunha obra fenoménica, na que o principal motivo para a súa creación fose a recolla e fixación por escrito dunha versión desta lenda popular, sen embargo, despois de realizarmos a lectura, debemos interpretar este carácter lendario como un elemento do que botou man Lugrís para dotar a novela dunha certa verosimilitude. Por outra banda, este subtítulo circunscribe espacialmente a novela na comarca coruñesa das Mariñas; de feito, moitos topónimos desa comarca (Sada, Lagoa, Oucés e Samoedo) atópanse nela. Con respecto ao breve epílogo co que se pecha *O penedo do crime*, cumpre a función de explicar o futuro dos personaxes despois de se ter desenvolvido a historia principal.

Ao contrario do que ocorría con *Maxina ou a filla espúrea*, a obra é monolingüe en galego, característica que consideramos xustificada pola presenza de personaxes de similar clase social e por pertenceren todos eles ao medio rural. Malia a que neste trazo se opón á novela de Marcial Valladares, detectamos outras características coincidentes, xa que en ambas as dúas obras hai unha historia de amor entre dous adolescentes con pasados problemáticos ou descoñecidos,

⁹⁴ “Point of view. The Development of a Critical Concept”, *PMLA*, vol. LXX, 1995, pp. 1160–1184.

hai un embarazo non desexado e, nas dúas, o momento climático prodúcese co descubrimento das orixes dos protagonistas.

2.1.1. *Modalización narrativa.*

A modalización narrativa que preside a novela é a omnisciencia autorial, ou editorial, empregando a terminoloxía de N. Friedman⁹⁵. Un narrador que, en ocasións, deixa intervir os personaxes, para que estes relaten, brevemente, en primeira persoa feitos do pasado, como por exemplo a conversa que Manuel ten con Marica antes de descubrir que era ela a súa nai:

— ¡Ai! ¡Non me chame así! eu non conocín á miña nai, e eses verbes fírenme o corazón. Non tuven nunca o pracer de apreixar nos meus brazos a muller que me dou o ser: dera o mundo enteiro por conocela; morrería eu tranquilo si nas agónías sentira os seus lábeos na miña testa; si ouvira as súas palabras de amor naicño. Un fillo sin nai é un ser desgraciado que en medio das máis tales alegrías sempre sinte a lima roedora das esperanzas, desa nostalxia do aleixamento da dicha. Un fillo sin nai vive como un desterrado do paradiso, como unha frol que, nacida nunha cova, busca decote a lus do sol, morrendo por fin muscha e páleda antes de tempo.

— Si señora, —sigueu decindo Manuel;— este peito foi sempre unha hucha de fondos doores, de esperanzas sin horizonte. Non chegaba tal martirio, e Dios doume outro que acabou de encher a cunca das amarguras. Namoreime de Rosiña e xa vosté sabe qué amores tan desgraciados se van volvendo.

Aínda que na novela o narrador é omnisciente, permítese ás veces dubidar, coma no caso da afirmación “deberían de ser mariñeiros”, ante a contemplación dunhas luces nun areal de Sada no capítulo I. Tamén neste mesmo capítulo queda en entredito a omnisciencia

⁹⁵ Segundo a terminoloxía de Roland Barthes, “Introducción al análisis estructural del relato”, en R. Barthes et al., *Análisis estructural del relato*, Buenos Aires: Editorial Tiempo Contemporáneo, Serie Comunicaciones, 1996, pp. 1–27.

cando expresa que “A rapaza roxiña daba de vez en cando dooridos *ais*, arrincados polo fero dor que debía sentir”. Estes momentos de dúbida revisten o narrador de credibilidade e, en boa medida, funcionan como operadores realistas⁹⁶.

Son numerosas as ocasións nas que a voz do autor implícito representado aboia na novela superando ao narrador omnisciente. Esta instancia narrativa, marcada pola primeira persoa, diríxese e mesmo “leva da man” ao que a Estética da Recepción deu en chamar lector implícito, e proponse a este uns modos de lectura determinados. Estas intervencións do autor implícito cumpren varias funcións que, a seguir, tentamos clasificar:

— Alusión a personaxes, situacións ou paisaxes xa referidas con anterioridade. É o caso das seguintes:

Xuana e o seu compañeiro que xa coñecemos⁹⁷.

Entre a brétema que envolvía os ribazos de Corbeiroa acababa de ver o penedo que xa coñecemos...⁹⁸.

— Comentario de certas peculiaridades formais da obra, a través do que cumpre unha función metanarrativa, por medio da que lle indica ao lector en qué punto da novela se atopa, ademais de se referir á estrutura da obra. Cumpren esta función os fragmentos que seguen:

É menester que antes de entrar de cheo no tecido da verdadeira estoria que escribo, diga algo dos personaxes que xa dei a coñecer, anque incompletamente⁹⁹.

Sucedendo o que xa deixo escrito nos dous primeiros capítulos que podemos chamar *prólogo* diste pequeno traballo¹⁰⁰.

— Noutros casos, este desvío da voz narradora cara ao autor implícito representado serve para conducir a atención do lector ata

⁹⁷ Capítulo II.

⁹⁸ Capítulo V.

⁹⁹ Capítulo III.

¹⁰⁰ Capítulo III.

¹⁰¹ Capítulo IV.

¹⁰² Capítulo IX.

outro foco de interese que o narrador considera máis relevante naquel momento concreto. Temos, ao respecto, as seguintes mostras:

Aquela mesma noite pideu Marica ó seu home a mercede de que fixese porque Rosa viñese a vivir co eles, mercede que logrou con facilidade, pois ó seguinte día xa lles facía compañía a fidalga nena. Vamos agora a falar algo desta, e poremos punto e aparte¹⁰¹.

Deixemos a Rosa, presa dos máis fondos doores, e escoitemos a parola que sosteñen o señor Míngos co seu sobriño Alixandre, que acaba de entrar no sobrado¹⁰².

— Finalmente, tamén as intervencións desta instancia narrativa poden cumprir unha función ideolóxica no lector, condicionando as opinións deste, coma nos casos que seguen:

Era Rosiña a rapaza máis feiticeira da Mariñas, digo a máis feiticeira e penso que este verbe non exprica dabondo a bonitura de tal meniña¹⁰³.

Bástevos con que diga que era roxiña como o ouro¹⁰⁴.

Xa para rematar co estudio da modalización narrativa de *O pene-do do crime*, cómpre indicar que tamén rexistramos un exemplo do que Robert Humprey denominou “monólogo citado”; trátase do seguinte fragmento, situado nos comezos do segundo capítulo:

Entón naceu de súpeto unha agoreira duda na chencha daquela muller: ou iste home está tolo (pensaba) ou vai facer algunha trastada levándome on sitio tan ermo.

2.1.2. *Tempo e espazo.*

Un dos elementos máis sobranceiros desta noveliña de Lugrís é a precisión nas referencias temporais xa dende a aseveración inicial: “Eran as doce dunha noite de Febreiro do ano de 1790”, co que xa mar-

¹⁰³ Capítulo V.

¹⁰⁴ Capítulo V.

ca, dende o inicio, un distanciamento de case cen anos con respecto ao momento no que está a escribir, distancia coa que pretende desvenceillar os feitos narrados doutros, máis ou menos coincidentes, que poderían ter ocorrido na zona das Mariñas. Despois de que os dous capítulos iniciais transcorran na data antedita, atopamos, no comezo do terceiro, un salto temporal importante: “Xa pasaron dezaioito anos dende os feitos”, creándose, xa que logo, unha elipse que o lector terá que ir enchendo cos poucos datos que o narrador lle fornece ao respecto.

A hora, as doce da noite, e o tempo climatolóxico cos que se abre a novela son os propicios para crear o ambiente de nocturnidade e tenebrismo axeitados para a traxedia:

A ría de Sada, bruaba nestas horas facendo terrible
acompañamento ós tronos que estalaban nos outeiros veciños
como o berrido dun xenio de destrucción.

A tensión vai en aumento coa descrición das rúas desertas, nas que só se adiviñan ao lonxe as luces dos mariñeiros, e coa afirmación de que “solo por unha causa estrana saliría algunha persona á intemperie”. É así cómo se introducen os personaxes nun ambiente de misterio, que se mantén cando os anónimos protagonistas son acollidos nunha casa na que “un candil de saín alumaba o cuarto con esmaiada luz”. Esta esmorecente luz xustifica a visión confusa que do interior da vivenda nos vai ofrecer o narrador. Cando dous protagonistas, Mingos e Xuana, abandonan a casa levando no colo o meniño que acababa de nacer, temos de novo constancia da importancia da noite para a consumación do crime: “Cala, e sígueme, pois o día debe tardar pouco, e entón todo se perdería”.

Durante o capítulo II, no que se produce o primeiro momento climático da novela, ten lugar o percorrido nocturno de Xuana e Mingos, que os conduce ata o penedo de Corbeiroa, para facer desaparecer o recién nado, froito das relacións entre este e Marica. Xusto no momento en que Xuana finxe tirar o corpo da criatura ao mar, prodúcese un empeoramento do temporal, cun evidente ton apolalíptico e escenografía romántica:

Un lóstrego alumou de súpeto o desencaixado carís do home aquil. A lúa cubreuse novamente de nubes, e o trono deixou ouvir o seu ronco bruído como si fora a fala de Dios que reprendía aquil crime.

Unha narración que emula o relato bíblico da morte de Cristo.

No capítulo III prodúcese a única analepse de *O penedo do crime*, trátase do relato dos antecedentes de Marica e Míngos; a orfanidade común, o namoramento de ambos, o engano, o embarazo non desexado, etc. Desa elipse que queda sen cubrir, o único dato que nos achega o narrador é o casamento de Marica e Míngos, así como os remorsos do pasado que os abouban e a nostalxia do fillo que cren perdido.

O capítulo V comeza cunha nova precisión temporal:

Era a hora da lusque-fusque dun día triste de Outono; dun deses días melancónicos en que se xuntan na testa tódalas lembranzas do pasado misturadas coas esperanzas do porvir.

Neste ambiente conversan Marica e Xuana sobre os posibles herdeiros do matrimonio, e aparecen por primeira vez, neste caso só citados, os nomes de Manuel e Rosa, que á fin serán os dous adolescentes protagonistas centrais da novela. A profundización descritiva destes dous personaxes chega no capítulo seguinte, no que o narrador fai uso dunha imprecisión temporal para comentar os amores de Manuel e Rosa: “había algún tempo que se viran nun campón”.

Os capítulos V, VI, VII e VIII transcorren nun mesmo día, o ritmo da novela raléntízase de feito que o tempo da historia avanza máis lentamente que o tempo do discurso, algo que chegan a percibir os propios personaxes; “cada minuto que corría parecíalle un sígalo” é a sensación de Rosa mentres agarda a visita do seu amado. Nestes episodios prodúcese a oposición de Míngos a que Rosa continúe a súa relación con Manuel, o que provoca o desconsolo da rapaza, a tentativa de impoñerlle como parella ao seu sobriño Alixandre, que ela rexeita, e o enfrontamento entre os dous pretendentes masculinos, que tamén ocorre aproveitando a escuridade da noite nas ribeiras de Corbeiroa, e que supón o segundo dos momentos climáticos da novela.

O capítulo IX, que transcorre ao día seguinte da pelexa de Manuel e Alixandre, recolle as reaccións dos diferentes personaxes diante destes feitos e tamén unha conversa de Míngos co seu sobriño na que loa a “fazaña” deste.

Asistimos a unha nova elipse entre o capítulo IX e o X, xa que este comeza coa melloría de Manuel “ós oito días de gardar cama”. Prodúcese nel unha conversa entre Manuel e Marica, que serve para demostrar o progresivo amor materno que ela sente por el.

O derradeiro capítulo, culminante de toda a acción, ábrese cunha nova precisión temporal e climatolóxica:

Facía unha noite de vrao; a lúa brillaba, cal si fora pan-deiro prateado, no fondo dun ceo azul-mouro vertendo as guedellas de lus que ó caír no mar, figuraban mil difrentes pantasma que as maregadas mudaban decote co seu mover mainiño e desordenado. As arrás cantaban nas barranqueiras facendo estrana harmonía co meloso *cò cò* dos sapos; e o vento abaneaba os árbores facéndolles desprender cheiros máis ledos, que espertaban no peito sentimentos vagos e tenros.

Esta triple descrición sensorial, a través da vista, o oído e o olfacto, unida á comparación coa Cintra de Camões, contribúen a crear un ambiente melancólico e paradisíaco que contrasta cos sentimentos dos protagonistas: “Sempre a Natureza indica o ruvés do que o noso corazón sinte!”. No momento en que se produce o encontro entre os dous amantes, ten lugar tamén a anagnórise final na que Marica e Míngos recoñecen en Manuel ao seu fillo, xusto despois de que Míngos lle disparase feríndoo de morte. O final chega coa loucura de Marica e co suicidio de Míngos en Corbeiroa. No apéndice final, coméntanse os últimos anos de Marica e a vida de Rosa dende que lle asasinaran o seu namorado.

O espazo no que transcorre *O penedo do crime* ten referente real, xa que todos os topónimos que se mencionan ao longo da obra existen e están situados na comarca das Mariñas. Trátase dun espazo eminentemente rural e exterior. En espazos interiores só se produce o parto de Marica e algunha conversa desta con Xuana ou con Rosa, que, se ben son importantes no desenvolvemento da obra, non chegan a ser

transcendentais. Hai un espazo común para os tres momentos climáticos, os penedos de Corbeiroa. É neste lugar onde Xuana finxe tirar o recém nado Manuel ao mar, por imposición de Mingos; onde pelexan Manuel e Alixandre polos amores de Rosa; e tamén onde se suicida Mingos, despois de exclamar: “¡Dios! ¡Perdón! Aquí comenzaron os meus crimes, aquí finarán tamén”, conseguindo así configurar unha estrutura pechada para a novela. Corbeiroa, por outra banda, aboia constantemente nos pensamentos de Mingos; cando conversa con Marica despois de lle tentar impor a Rosa a relación con Alixandre, expresa o narrador o seguinte:

O señor Mingos comenzou a tembrar lixeiramente: abreu a ventana e púxose a contemplar o hourizonte. Entre a brétema que envolvía os ribazos de Corbeiroa acababa de ver o penedo que xa conocemos, aquel penedo donde mandou afogar o froito dos seus amores con Marica.

Cerrou de novo a ventana e deixouse caer nunha silla acochando a cara coas maus, preso dos máis feros remordimentos. Aquel penedo acusaba mudamente un pasado crime, e decíalle a súa conciencia estas palabras “Acórdate, miserabre, acórdate”.

Cando no capítulo IX Mingos felicita ao seu sobriño pola pelexa con Manuel, reaparece de novo o penedo:

— ¡Será posibre! exgramou con fala de agonizante,
— ¡O mesmo sitio!. ¡Meu fillo!...

— ¡Ese Manuel vai ser a miña morte. ¡Sempre ese penedo!

Aquel penedo era o terco xués que acusaba os seus crimes pasados.

2.1.3. Os personaxes.

O penedo do crime contén un reducido número de personaxes que carecen da suficiente entidade como para seren tratados en detalle e nos que LUGRÍS profundizou moi pouco psicolóxicamente. Os tres primeiros que aparecen na acción son Marica, Xuana e Mingos,

que se presentan rodeados da atmosfera de misterio que envolve todo o primeiro capítulo, e dos que non coñecemos a identidade ata ben avanzada a narración. De Marica, como personaxe central desta escena, descríbemos o narrador o aspecto físico: “o seu carís era branco e feituquiño (...) cabeleira roxa e enconchada (...) brancas espaldas (...) ollos azús”, co que se adiviña “unha ialma de sentimentos vagos e melancónicos”. A seguir, describe a vestimenta. As caracterizacións de Mingos e Xuana son, pola contra, brevísimas; del afirma que “tería de vinteoito a trinta anos; era alto, ben prantado, e conoціase polo vestir que era fillo dalgún vinculeiro da Mariña”. De Xuana di que “representaba trinta e pico de anos, e o seu carís era coma o de todas as solteiras rancias, que por ser completamente feas, non toparon nunca un home que por elas sentira o máis pequeno relouquido no corazón”. Ao longo da novela, estes personaxes non sofren mudanza; Mingos segue a conservar aquel talante autoritario que amosara con Xuana camiño de Corbeiroa, ademais de estar cada vez máis afectado polos remorsos do pasado, o mesmo que Marica, a súa muller. Xuana, que vai quedando nun segundo plano na parte central da novela, é un personaxe fundamental na anagnórise final, ao ser ela a única que coñece a verdadeira historia de Manuel, xa que en vez do corpo do rapaz recién nado botara ao mar unha pedra que Mingos non puido ver porque “tapou coas mans a cara pra non ver o que iba a sucedere”.

Os personaxes centrais, que provocan o desenlace final da historia, son a parella de adolescentes, Rosa e Manuel. O primeiro contacto que temos con Rosa chéganos no capítulo IV a través dunha conversa entre Xuana e Marica, na que a criada propón á rapaciña como a mellor herdeira para o matrimonio polo seu carácter “humilde”. Nesa mesma conversa sae tamén o nome de Manuel, sobriño de Xuana e mozo de Rosa, un rapaz carpinteiro que, segundo a opinión de Marica, “ha de facer un bo home”. No seguinte capítulo asistimos a cadansúa descrición destes protagonistas, moito máis detallada no caso de Rosa, da que se di que era:

roxiña como o ouro, de dentes brancos cal xogas dun regato, ollos azús e cheos da melanconía máis arroubadora, e labres tan coorados coma a grana do seu refaixo

Unha descrición a través da comparación característica dos relatos de transmisión oral. Pola contra, de Manuel só se di que “era trigueño, de ollos mouros e gachos”. En canto ao carácter, é máis arriscado Manuel que Rosa; segue acudindo á casa dela para manter viva a relación, malia a oposición de Mingos e Alixandre, e mesmo chega a propoñerlle solucións alternativas para poderen consumir o seu amor.

Outros personaxes secundarios son Alixandre, o sobriño de Mingos que fire a Manuel nunha pelexa polos amores de Rosa, e dous veciños, Farruco e Bastián, que auxilian o ferido. Non temos datos destes personaxes, só podemos deducir a través do seu comportamento que Alixandre é prepotente e que está subordinado ás ordes do tío.

Unha das características comúns a tódolos personaxes é a intuición. Nun certo momento todos intúen o que lles vai pasar no futuro: cando saen da casa Xuana e Mingos con Manuel, aínda recén nado, ela imaxina que algo malo vai acontecer; cada vez que Mingos ve o penedo de Corbeiroa pensa que alí estará a súa fin; cando Manuel visita a Rosa cre que Mingos os vai descubrir, como así ocorre; cada vez que Marica conversa con ou sobre Manuel intúe que pode tratarse do seu fillo, e o mesmo lle ocorre a el.

2.1.4. A temática.

En canto á temática, certamente, Lugrís non é novidoso con respecto á tradición literaria, de feito, a orixe descoñecida, a busca do pai e a loita contra un adversario descoñecido son motivos recorrentes da literatura universal. Na narrativa galega existía o precedente de *Maxina ou a filla espúrea*, e este tema, a busca do pai por parte dunha persoa de orixe descoñecida ten un importante arraigo en todas as mitoloxías. En boa parte dos casos existe un enfrontamento entre familiares que non se coñecen, como é o caso de *O penedo do crime*, con Mingos e Manuel, pai e fillo que descoñecían tal condición. A anagnórise prodúcese cando o fillo está ferido de morte, do mes-

mo xeito que ocorrerá nalgunha obra posterior como *Prediución*, de Heraclio Pérez Placer.

Tamén está presente n' *O penedo do crime* outro dos temas de longa tradición literaria, o *fatum* ou destino inexorable que persegue ao protagonista central da historia e que non é capaz de evitar. Neste caso é un *fatum* ligado ao *topos*, xa que ese penedo de Corbeiroa, “o penedo do crime”, do que Manuel se salvara nada máis nacer, e no que máis tarde será gravemente ferido na pelexa con Alixandre, resulta ser o lugar no que se consuma a traxedia final.

Tampouco pode Lugrís Freire evitar a temática amorosa, na liña romántica, nun momento no que as novelas folletinescas estaban en pleno auxe. Neste caso trátase duns amores desgraciados, nos que os amantes teñen que loitar contra o impedimento dun Míngos autoritario que ameaza “que che se borre tal capricho, pois queiras non queiras has de facer o que che mando”, e que lle quere impoñer a Rosa unha relación co seu sobriño Alixandre, algo ao que se opón a rapaza coas seguintes afirmacións, nas que defende o sentimento fronte á razón:

Meu tío, e se o meu corazón non quer a ese home
¿teño que baixar a cabeza e ademitilo por meu eterno compañei-
ro, teño que ir diante dos altares a mentir, cometendo un crime?.

2.1.5. *Recepción crítica.*

Non temos noticias de que *O penedo do crime* fose obxecto de comentarios na prensa da época nin na posterior á súa publicación. Nin as historias da literatura galega nin os dicionarios de autores se fixeron eco desta novela de Lugrís Freire. Entre as moitas razóns que poden explicar este esquecemento do texto, consideramos que a de máis peso foi o descoñecemento por non existir unha edición

¹⁰⁵ En *Narrativa galega: tempo do Rexurdimento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1995, p. 136.

da obra en libro, o que favoreceu que permanecese durante tantos anos recluída e agochada nas varias hemerotecas que no país e en América gardaban exemplares de *El Eco de Galicia* nos seus fondos. Tan só Modesto Hermida¹⁰⁵ se ten refido a ela coas seguintes palabras:

É unha pequena noveliña en XI breves capítulos máis un epílogo de menos de dez liñas, que trata dunha complexa historia de amor, paixón, crimes non consumados, encontros inesperados e arrepentimentos, e que acaba en suicidio. O tema daría para unha novela de amplo texto, moi do gusto do folletín romántico, de ter empleado o autor a súa presumible capacidade. Nesta obra desmostra un bo dominio lingüístico, pero des-tapa certas limitacións á hora de estruturar certos acontecementos así como a existencia dos personaxes.

Sen quereremos desbotar estas consideracións de Modesto Hermida, gustaríanos matizalas debido a dúas circunstancias moi a ter en conta no momento en que o autor de Sada escribiu esta novela. En primeiro lugar, cómpre considerar que se trata dunha obra de xuventude que Lugrís publicou cando só tiña 21 anos, e que constitúe a súa primeira aproximación á creación literaria en lingua galega. Por outra banda, debemos considerar o carácter pioneiro desta novela no eido da narrativa monolingüe en galego, malia que existía o notable precedente de *Maxina ou a filla espúrea*, publicada catro anos antes e escrita con bastante anterioridade (1870), porque a obra de Marcial Valladares é de carácter bilingüe e diglósico; os personaxes exprésanse en galego ou en castelán en función da clase social á que pertencen. Carece, xa que logo, dunha novela escrita integramente en galego que lle sirva de guieiro. Se ben Lugrís foi afouto e arriscado durante toda a súa vida, e especialmente na xuventude, debeu considerar que o “risco” quedaba ben cuberto escribindo na súa primeira lingua, como para ter que crear unha novela longa. Claro que esa vocación de reducir e simplificar ao máximo é unha das principais eivas da novela; non profunda na caracterización dos personaxes, non afonda nas descrições e non introduce historias secundarias que transcorran paralelas á principal, que era unha das características das novelas folletinescas. Nos tres momentos climáticos, dos que xa falamos nas páxinas anteriores,

fai uso LUGRÍS de dúas estratexias que lle permiten limitar a extensión e reducir as digresións: o estilo directo, por medio do que lle cede a voz aos personaxes, e a simplificación da sintaxe, con frases moi curtas e directas.

Se ben somos conscientes de que con esta recuperación e primeira publicación en libro d' *O penedo do crime* non estamos a descubrir unha obra cimeira nin tampouco clave para as nosas letras, cremos que contribúe a ir enchendo eses valeiros que existen no coñecemento da narrativa decimonónica, e que unha vez todos cubertos, permitirán unha avaliación de conxunto deste corpus esquencido.

2.2. *Contos de Asieumedre*

2.2.1. *Algúns aspectos da publicación*

Incluímos nesta edición todos os relatos que Manuel LUGRÍS FREIRE foi publicando nas sucesivas edicións dos *Contos de Asieumedre*, así como aqueloutros que ficaron nas páxinas da prensa da época e que agora recuperamos por primeira vez para a publicación en libro. O primeiro volume compilatorio da narrativa curta do autor de Sada saíu do prelo na coruñesa Tipografía e Litografía Lorman en 1908. Trátase dun opúsculo de trinta páxinas que inclúe oito relatos, nunha edición cunha tiraxe de vinte mil exemplares que a organización Solidaridad Gallega distribuía entre os labregos. En realidade, este libriño estaba anticipándonos o que un ano máis tarde contituiría a considerada por case tódalas fontes consultadas a primeira edición dos *Contos de Asieumedre*, na que LUGRÍS engadiu ós oito relatos anteditos vinte contos máis. O libro está ilustrado por Francisco Cortés e saíu do mesmo prelo que o de 1908.

Haberá que agardar ata 1920 para que esta obra coñeza unha nova edición, na que engade “O verbo” e “Con polaina e media” con respecto á anterior, e que non foran publicados previamente en prensa. É esta a última edición en vida do autor de Sada. Trinta anos des-

pois do pasamento de Lugrís, foi Edicións Castrelos de Vigo quen recuperou a memoria deste incansable loitador galeguista cunha antoloxía na que se escolmaban dezasete contos. Este volume, que constituíu o número 17 da colección “O moucho”, saíu do prelo en 1970 e reimprimiuse en maio de 1973. Os anónimos editores decidiron publicar este feixe de relatos baixo o título *A carón do lar*, que xa lle tiña servido a Lugrís como antetítulo cando os deu a coñecer n’ *A Nosa Terra*.

Boa parte dos textos incluídos na edición de 1909 e outros inéditos ata agora foran anticipados n’ *A Nosa Terra* ao longo do 1907 e 1908, todos eles asinados por *Asieumedre*, o pseudónimo máis empregado por Manuel Lugrís Freire. A partir do 6 de agosto de 1908 non volveu dar a coñecer máis relatos na prensa ata que saíu “Mareira” o 15 de xaneiro de 1922, asinado por *Asieumedre* e reproducido nun apéndice do poemario *Ardencias*. Un mes despois deste, publicou nese mesmo xornal o titulado “O primeiro cacique”. O 1 de xullo de 1924, tamén coa sinatura de *Asieumedre*, apareceu n’ *A Nosa Terra* a “Lenda de Brigo”, que anos máis tarde foi publicada no apéndice en prosa do volume *Ardencias*. Finalmente, foi o 25 de xullo de 1928 n’ *A Nosa Terra*, cando Lugrís, esta vez sen pseudónimo, deu a coñecer o conto titulado “Solidaridade”, que constitúe a mostra literaria máis tardía das que incluímos nesta edición.

Foron moitas as reproducións de contos aparecidas en datas posteriores á primeira edición en libro, evidente indicio da boa acollida e da popularidade que debeu ter no seu tempo. Merece especial atención a da revista *Mondóñedo* en 1908, pola cantidade de relatos incluídos, e a d’ *O Tío Marcos da Portela*, en anos posteriores.

Varios dos relatos teñen algunha dedicatoria, tanto a persoeiros coñecidos, quer pola súa actividade política quer pola súa relación coa cultura galega, coma a outros que non conseguimos identificar. A este respecto, polo seu interese paratextual e hermenéutico incluímos de seguido unha lista cos relatos e a correspondente dedicatoria: “O vimbio e mailo pino” foi dedicado nas primeiras versións a Eduardo Pondal, e na d’ *A Nosa Terra* e posteriores a Santiago Casares Quiroga; “¡A xusticia!” estaba dedicado “Ao meu quirido amigo Nan de Alla-

riz, director de *Follas Novas*, na Habana”, dedicatoria que desapareceu nas sucesivas edicións en libro; “¡Protestante”, dedicado na versión d’ *A Nosa Terra* “Ao meu quirido amigo D. Manuel Bolaño Noguerol” e a D. Manuel Salgado nas versións en libro; “Unha regueifa” a Ángel Barros; “A espada do fidalgo” dedicado “A meu irmán Plácido”; “Tiña razón!” dedícallo Lugrís “Ao meu quirido amigo José Posse”; “O Aforrón” a M. Bolaño Noguerol; “A liberdade. O lobo e mailo can” preséntase como “Imitación dunha fábula de Lafontaine”; “Axúdate” dedícallo a Rodrigo Sanz; “A Covadanca” leva a seguinte dedicatoria “Ao meu quirido amigo Xan Beltrán e Muiños”; “A Mareira” a Suárez Picallo, e, finalmente, “O primeiro cacique” a “Alfonso de Cal, meu amigo”. Con estas expresións de afectoponse de manifesto a intensa relación de Lugrís con boa parte da intelectualidade galeguista da época.

Seguindo coas peculiaridades paratextuais destes relatos, cómpre dicir que son ben poucos os que están estruturados en partes; ben numeradas con romanos, ben con outro tipo de marcas gráficas. A este respecto, merece comentario o conto titulado “O vimbio e mailo pino”, un relato estruturado en dúas partes, I e II, con narradores independentes. En “Os primeiros versos” non hai cambios de narrador, pero o conto está estruturado en cinco partes que se separan cunha liña de asteriscos. En tres partes tamén está estruturado “Pola patria. Episodio da Guerra da Independencia”, tres partes que non responden ao xa clásico esquema de presentación, nó e desenlace, xa que, neste caso, a presentación ocupa os fragmentos I e II, mentres que o nó e o desenlace inclúense na ampla terceira parte. O titulado “A honradés” tamén está dividido en tres partes que se sinalan con números romanos. Aínda que non existan marcas numéricas ou gráficas no texto, a estruturación maioritaria dos contos é aquela que comeza cunha presentación dos personaxes ou descrición do ambiente, segue co nó da historia e remata cun final, case sempre, anticlimático. Son ben poucos os comezos “abrupto”, tan só cómpre citar “O parecer”, “O segredo”, “A honradés” e “Boa meiciña”.

¹⁰⁶ *Op. cit.* pp. 19–20.

¹⁰⁷ *Op. cit.* pp. 76–77.

Por outra banda, en dous dos relatos, “Ir por lan” e “La ofrenda o los folletos verdes de Don Pepiño”, que incluímos nesta edición porque foi o propio LUGRÍS quen os incluíu nos *Contos de Asieum-dre*, a adscripción xenérica preséntase, cando menos, difusa; teñen a estrutura propia das pezas teatrais con intervencións alternadas de cada un dos personaxes co nome en maiúsculas á marxe, con acou-tacións entre parénteses, que cumpren a función do narrador, e mes-mo un deles recibe o cualificativo de “Sainete rápido”. As nosas dúbidas ao respecto acentúanse se temos en conta que Francisco Pillado Mayor¹⁰⁶ e Henrique Rabunhal Corgo¹⁰⁷ inclúen ámbolos dous textos entre a produción dramática do autor de Sada. Ademais destes, hai outros relatos que se desenvolven por medio de diálogos e a función do narrador redúcese a introducir as intervencións dun ou doutro personaxe con *verba dicendi*, é o caso de “O mellor amante” e “O segredo”.

O antetítulo co que se publicaron boa parte dos contos, “A carón do lar”, é unha mostra das débedas que ten a narrativa breve de LUGRÍS coa tradición oral e alude ao espazo típico no que os máis vellos trans-mitían de xeración en xeración as historias e, ao mesmo tempo, a sabedoría aos máis novos. Son tamén varias as intervencións dos dis-tintos narradores que inciden nestas débedas coa tradición oral: “Escoitade o conto, meus filliños”, “Se ten vagar e me quer ouir con-tareille unha historia”, “¿Hoxe quedaremos sin o conto a que vosté nos ten afeitos tódalas noites?”, “¿Conocede-la vila de Sada?”, “Abonde con decirvos”, “ou mellor dito”.

Coa intención de ofrecer unha visión de conxunto sobre a publicación deste corpus de textos incluímos a seguir unha táboa na que informamos dos títulos recollidos en cada edición, así como daqueles publicados anteriormente en prensa ou os que só viron a luz en xornais e revistas.

A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire

Título	Prensa anterior a 1909	Opúsculo de 1908	1ª Edición (1909)	2ª Edición (1920)	Antoloxía de 1970	Só en prensa
O aforrón	SI		SI	SI		
Un aldraxe	SI		SI	SI		
Axúdate	SI	SI	SI	SI	SI	
Boa meiciña	SI		SI	SI		
¡Boa protección!	SI	SI	SI	SI	SI	
Boa resposta	SI		SI	SI		
¡Bótelle terra!	SI		SI	SI	SI	
¿Caeu algún burro?	SI					SI
Unha cantiga de Chané	SI		SI			
O carneiro	SI		SI	SI		
Con polaina e media				SI	SI	
A Covadanca	SI					SI
A crus	SI					SI
Os dous avogados (Conto xurídico...)	SI					SI
Os dous avogados	SI				SI	
Entre compañeiros	SI		SI	SI		
Enxebres	SI					SI
O escarmento	SI		SI	SI	SI	
A espada do fidalgo	SI		SI	SI		
O francés	SI					SI
¡Esquenceuse!	SI		SI	SI		
Homero	SI	SI	SI	SI		
A honradés	SI				SI	
A illa milagreira	SI		SI			
Ir por Ian	SI		SI		SI	
A labor do poeta	SI					SI
¡Lamáchegas!	SI					SI
Lenda de Brigo						SI
¡Leopoldiño! “Eu casi sopro o lume”	SI					SI

Título	Prensa anterior a 1909	Opúsculo de 1908	1ª Edición (1909)	2ª Edición (1920)	Antoloxía de 1970	Só en prensa
A liberdade.						
O lobo e mail-o can	SI	SI	SI	SI	SI	
Os lobos	SI		SI	SI	SI	
Lóxica	SI					SI
A maneira						SI
O mellor amante	SI		SI			
A mitá en cartos	SI				SI	
A noqueira	SI	SI	SI	SI	SI	
La ofrenda o los folletos verdes de Don Pepiño	SI					SI
O parecer	SI					SI
Pola Patria	SI					SI
O primeiro cacique						SI
O primeiro é a mantenza	SI					SI
O primeiro sangue	SI	SI	SI	SI	SI	
Os primeiros versos	SI					SI
¡Protestante!	SI		SI	SI		
Rectificación	SI					SI
Unha regueifa	SI		SI	SI		
O segredo	SI					SI
Solidaridade						SI
Tiña razón	SI					SI
Os tres soldados	SI		SI	SI		
O verbo				SI	SI	
Volve por outra	SI		SI	SI		
O vimbio e mailo pino	SI		SI	SI	SI	
O xiro do sancristán	SI	SI	SI	SI	SI	
¡A xusticia!	SI	SI	SI	SI	SI	

2.2.2. Modalización narrativa.

Con respecto á modalización narrativa dos relatos, a predominante é a omnisciencia autorial en terceira persoa, que lle cede a voz ao autor implícito, instancia representada polas formas verbais en primeira persoa, que se refiren ao lector implícito, ou polo uso doutras marcas, como por exemplo: “o noso personaxe”, “érvos pois o caso”, “Xan do Couto tiña sona de lampantín e zaramalleiro, e abofé que vos era merecente dela”, “O noso zapateiro”, “O meu nunca ben gabado amigo e ilustrado funcionario público, Texada”, “meus quiridos lectores”, “tereivos dito”, “o vello do noso conto”. Responden a esta modalidade narrativa os seguintes contos: “Os dous avogados”, “Pola patria”, “A Nogueira”, “O mellor amante”, “O primeiro sangue”, “A crus”, “A honradés”, “¡Protestante!”, “Boa meiciña”, “Unha regueifa”, “O escarmento”. “¡Bóttelle terra!”, “Boa resposta”, “Rectificación”, “Os tres soldados”, “O carneiro”, “Leopoldiño...”, “¡Boa proteición!”, “O aforrón”, “Entre compañeiros”, “O francés”, “O xiro do sancristán”, “¿Caeu algún burro?”, “Lóxica”, “Con polaina e media”, “A mareira” e “Lenda de Brigo”.

A presenza exclusiva da primeira persoa narrativa, ben como narrador-protagonista ou ben como narrador-testemuña, está presente naqueles relatos nos que Lugrís recrea certos acontecementos biográficos ou históricos, nos máis intimistas e líricos ou ben naqueloutros nos que persegue unha maior verosimilitude; é o caso dos que citamos a seguir: “Os primeiros versos”, “Solidaridade”, “Unha cantiga de Chané”, “O vimbio e mailo pino”, “O primeiro é a mantenza”, “Tiña razón”, “A labor do poeta”, “¡Lamáchegas!”, “O parecer”, “Enxebres”, “Axúdate”, “A Covadanca” e “A mitá en cartos”. Nestes contos, merece especial atención a presenza do autor implícito representado na figura do propio *Asieumedre*. Temos noticias del en: “Unha cantiga de Chané” ao se referir un dos protagonistas a “meu querido *Asieumedre*”; en “A illa milagreira” mediante a alusión “Pero aínda non arremata aquí o conto, señor *Asieumedre*”; en “Tiña razón”, cando aínda *Asieumedre* estaba na etapa infantil “Neniño *Asieumedre* —xa daquela me nomeaban así—”; en “Enxebres” no que un dos interlocutores do diálogo é “meu querido *Asieumedre*”. Mesmo asistimos a unha caracterización deste narrador en “O segredo”, na que se di o seguinte:

Fai moito tempo, meu quirido Asieumedre, que tiña ganas de parolar contigo sobre dalgúns disgustos que me están facendo pasar unhos fillos desleigados que din que me queren moito. Como ti non es home que non tes pelos na lingua, e, a xusgar por algús contiños que levas imprentados, conoces ben de qué pé ranquean os nosos filólogos e demais algeirantes, teño para min que me tirarás a dúbida que me magoa.

Menos numerosos son aqueles relatos nos que se combinan dúas persoas narrativas, ben un narrador de fondo en terceira persoa, que nun determinado momento cede a voz a un personaxe que conta en primeira persoa e pasa a actuar nese momento como narrador principal, ou ben ese mesmo narrador de fondo, omnisciente en terceira persoa, que dá a entrada aos distintos personaxes que se encargan de relataren en primeira persoa as historias que protagonizan. Presentan esta modalización mixta os contos seguintes: “Os lobos”, “Homero”, “A illa milagreira”, “¡A xusticia!”, “Un aldraxe”, “A espada do fidalgo” e “A liberdade”.

2.2.3. *Espazo e tempo.*

O espazo xeográfico con maior presenza no conxunto da produción contística de Lugrís Freire é o da comarca natal do autor, as Mariñas coruñesas. Unha ampla zona que abrangue os concellos de Abegado, Aranga, Bergondo, Betanzos, Cesuras, Coirós, Irixoa, Miño, Monfero, Oza dos Ríos, Paderne e Vilamaior, e que o autor estende ata a súa vila natal e tamén ata a capital coruñesa, ademais de todos os seus concellos limítrofes. Sitúanse neste espazo os relatos titulados: “Os primeiros versos”, “Pola patria. Episodio da Guerra da Independencia”, “A Nogueira”, “O mellor amante”, “Ir por lan”, “Homero”, “Volve por outra”, “A honradés”, “¡A xusticia!”, “Unha regueifa”, “O escarmento”, “¡Bótelle terra”, “Boa resposta”, “Os tres soldados”, “O carneiro”, “Tiña razón”, “Esquenceuse”, “¡Boa protección!”, “O parecer”, “Entre compañeiros”, “O francés”, “¿Caeu algún burro?”, “A Covadanca”, “A mitá en cartos”, “Lóxica”, “Con polaina e media”, “A mareira”, “Solidaridade”.

Outros contos presentan unha clara indeterminación espacial, xa que non atopamos neles ningunha mención á súa localización, é o

caso de: “O vimbio e mailo pino”, “A crus”, “O primeiro é a mantenza” (no que a indeterminación espacial está expresa coa seguinte afirmación: “había unha vila, chamada non sei cómo”), “Un aldraxe”, “O segredo”, “O aforrón”, “O xiro do sancristán”, “O primeiro cacique” e “Lenda de Brigo”. Se nos anteriores a intención do autor era presentar unha realidade próxima ao lector, nestes decántase por buscar a universalización da anécdota e unha certa abstracción, xustificada tamén polo contido crítico destes textos.

Un pequeno grupo de relatos están ubicados espacialmente noutros lugares con referentes reais coñecidos polo lectorado para o que Lugrís concibiu a obra, pero a súa presenza é esporádica: “A espada do fidalgo” en Pontearreas, “Unha cantiga de Chané” e “A labor do poeta” na Habana, “A illa milagreira” e “¡Protestante!” nas Rías Baixas e “Axúdate” na ría de Ares e Ferrol.

Finalmente, son tres os contos situados en espazos moi afastados xeográfica e culturalmente de Galicia. Trátase de: “A liberdade”, ubicado en Exipto; “O verbo”, cerca do Mar Caspio e “O primeiro sangue”, tamén en Exipto. Nestes casos, a mensaxe é moito máis directa e contundente, hai un claro chamamento á loita e á unidade de acción do pobo contra as inxustizas. En “O primeiro sangue” descríbese unha situación similar á que padecía a Galicia da época, que podemos comprobar no seguinte parágrafo, a modo de denuncia que os labregos exipcios fan diante do sabio Sponto:

— Sabio e xusto Sponto, o Rei gobernamos moi mal. Non temos camiños empedrados como os que fan os romanos na Iberia e na Mauritania, e polo mesmo non podemos leva-los froitos do noso traballo ós mercados de Fenicia e Celesía. Os nosos fillos van loitar a terras alleas por razóns que non conocemos e causas que non nos importan. As leises e maila nosa fala da nosa terra son trocadas por outras que magoan os nosos sentimentos.

Está con isto, o narrador do conto, a denunciar tres problemas comúns aos da Galiza contemporánea de Lugrís: as deficientes vías de comunicación que dificultan o comercio tanto interno coma externo, o recrutamento de mozos para loitaren nas guerras de descolonización americanas e a substitución da lingua galega pola castelá nos ámbitos cultos.

Este espazo alegórico e distante vese correspondido por un afastamento temporal con respecto ao momento da escrita. Deste xeito, “O primeiro sangue” sitúase “Aló nun curruncho de África, nas terras onde nace o Nilo, había no tempo dun sabio Sponto”; “Unha regueifa” dátase en 1337; “A espada do fidalgo” o 7 de setembro de 1658, “A liberdade” no tempo de esplendor da cultura exipcia; “O verbo” sitúase “nos tempos de Zoroastro”; e a “Lenda de Brigo” acontece “30 séculos antes de nacer Xesucristo”. Do mesmo xeito que ocorría coas coordenadas espaciais, nas temporais, canta máis distancia hai con respecto ao momento presente maiores son tamén as críticas sociais verquidas neses relatos.

Un grupo de contos sitúase na contemporaneidade de Manuel Lugrís Freire. Especialmente, están incluídos neste grupo os relatos autobiográficos, entre os que podemos considerar: “Os primeiros versos”, “Unha cantiga de Chané”, “Ir por Ian”, “O carneiro”, “Tiña razón”, “A labor do poeta”, “Enxebres”, “A Covadanca”, “A mitá en cartos” e “Solidaridade”.

De todos xeitos, a maioría dos relatos responden a unha clara indeterminación temporal: “Os tres soldados”, “O segredo”, “Leopoldiño”, “La ofrenda”, “Esquenceuse”, “¡Boa protección!”, “Os dous avogados”, “O vimbio e mailo pino”, “Os lobos”, “A nogueira”, “O mellor amante”, “Homero”, “A crus”, “O primeiro é a mantenza”, “A honradés”, “¡A xusticia!”, “Un aldraxe”, “¡Protestante!”, “Boa meiciña”, “O escarmento”, “¡Bótelle terra!”, “Boa resposta”, “Rectificación”, “Lamáchegas”, “O aforrón”, “Entre compañeiros”, “Lóxica”, “O xiro do sancristán”, “Axúdate”, “¿Caeu algún burro?” e “Con polaina e media”. Esta ausencia de marcas temporais ben pode responder a ese espírito sintético que demostra Lugrís na súa obra narrativa; esa intención de que o fondo prevaleza sobre a forma lévao a relatar a anécdota sen deterse en adobíos descritivos do ambiente, do tempo ou do espazo.

Tal e como ocorría co espazo, son ben poucos os contos que non responden a ningún dos grupos anteditos. “Pola patria”, que se sitúa no primeiro de San Xoán de 1809; “A illa milagreira” en 1840, “O francés” en 1823; e “O primeiro cacique, que presenta a referencia de “comezos do século XIX”, son os exemplos máis representativos.

2.2.4 Temática.

Aínda que haxa relatos máis ou menos alegóricos, máis ou menos distanciados temporal e espacialmente do momento no que Lugrís está a escribir a súa obra, o autor proporcionoulles a todos eles un verniz realista. Cando considerou que a presenza de acontecementos ou personaxes históricos non era suficiente para conseguir a verosimilitude buscada, empregou unha serie de operadores realistas, entre os que incluímos a seguir unha mostra: “se mal non me lembro”, “Acórdome como se fora hoxe”, “E dígovos en verdade que dou moito que cavilare o dito de Martiño”, “E comencarei o conto, que así eu medre como ten máis de verdadeiro que de fábula”, “Xando Couto tiña sonda de lampantín e zaramalleiro, e abofé que vos era merecente dela”, “Nunha rúa, da que non me lembro”, “Se mal non me lembro”, “Non se recordaba en Samoedo home máis gandul e larchán que Xaquín do Couto”, “Conta un vello pergameo, atopado nos cimentos dunha pirámide exipcia”. Pretende con esta estratexia asegurar a existencia histórica de certos personaxes ou acontecementos. Constitúen tamén operadores realistas as notas incluídas polo autor a pé de páxina, como o “Histórico” dos contos “Enxebres” e “A labor do poeta”, ou “Este feito, con lixeiras variantes, é certo” do relato “Pola Patria”.

Esta preferencia polo realismo, superlativizada na total ausencia de relatos fantásticos, condúcenos a unha das principais características dos contos de Lugrís Freire, o seu forte contido social e reivindicativo. Defende, xa que logo, a liberdade e a xustiza para a grande masa do pobo galego, representada nos labregos, e ten constantemente no punto de mira a figura do cacique. O caciquismo convértese, para o noso autor, nunha das principais eivas que empece o avance do país; “verdadeira rede, na que, como a mosca na tea de araña, está colleito o noso sufrido labrego”, tal e como expresa en “Volve por outra”. O cacique aparece pintado con todos os trazos negativos: prepotencia, soberbia, falsidade, hipocrisía; así mesmo é abusador, interesseiro e falsamente relixioso. A figura que se opón a esta peste para o país, a figura do labrego, caracterízase pola retranca, a astucia e a habelencia para afrontar situacións difíciles.

A solución á que chega Lugrís na maioría dos contos, vén determinada pola unión de todos os que padecen as agresións dese inimigo común e, mesmo, en casos extremos, cabería a posibilidade de tomar a xustiza pola man, tal e como podemos comprobar neste parágrafo de “Os lobos”:

Xa sabedes, meus filliños, xa sabedes! Contra dos lobos que non nos deixan vivir e que nos levan a nosa facenda temos que facer montesía... todos... todos xuntos! finou o vello petrucio pechando fortemente o puño, como dirixíndose a un enemigo que estivera asexando polas escuras lumieiras.

Ou nestoutro fragmento, non menos contundente, co que se pecha o relato titulado “¡A xusticia!”:

O lume, nunha das súas boqueadas, fixo brila-la fouce que estaba quindada do caneiro. Nela cravou o mozo unha ollada dura, longa, fera; e dixo para encontra si facendo rilar os dentes coa carraxe:

¡A xusticia! ¡A xusticia!

Ademais dos dous textos anteditos, a temática anticaciquil agroma en: “O primeiro sangue”, “O primeiro é a mantenza”, “Volve por outra”, “A honradés”, “O escarmento”, “Rectificación”, “O aforrón”, “Entre compañeiros” e “O primeiro cacique”.

Un segundo grupo temático sería o formado por aqueles contos nos que se manifesta unha clara reivindicación do galego como lingua propia de Galicia. Defensa da lingua e da cultura que se manifesta en varios casos a través da ridiculización dos personaxes que se expresan noutras linguas ou variantes. É o caso de: “Os dous avogados”, “Os primeiros versos”, “O mellor amante”, “A crus”, “Unha regueifa”, “Boa resposta”, “A espada do fidalgo”, “Os tres soldados”, “O carneiro”, “La ofrenda”, “Esquenceuse”, “Enxebres”, “O francés”, “¿Caeu algún burro?”, “Lóxica” e “O verbo”. En boa parte destes relatos consegue Lugrís un sutil humorismo, ao que tamén chega noutros contos, a través de xogos de palabras, polisemias e equívocos, como nos casos que seguen: “A illa milagreira”, “Un aldraxe”, “¡Bótelle terra!”, “Leopoldiño”, “Entre com-

pañeiros”, “O xiro do sancristán”, “A mitá en cartos” e “Con polaina e media”.

Noutro grupo de relatos predomina o contido moral, que se expresa a través dun consello que, case sempre, a venerada figura do vello petrucio expón no final do conto. É o caso de “A nogueira”, “Homero”, “Tiña razón”, “O segredo”, “¡Boa protección!”, “A Covadanca”, “A mareira” e “Solidaridade”.

Tampouco a relixión lle é un tema alleo; as críticas á falsa relixiosidade, a mistura de fe e intereses económicos que percibe en membros da igrexa, a superstición, o abandono do traballo e a confianza exclusiva nas actuacións divinas son temas non descoñecidos por Lugrís. Seguen esta liña: “A crus”, “O primeiro é a mantenza”, “A honradés”, “¡Protestante!”, “O xiro do sancristán”, “A mitá en cartos”, “Axúdate” e “A Coavadanca”.

Deixamos para o final o grupo de relatos de carácter histórico ou aqueles que recrean algún acontecemento biográfico do noso autor. Responden a estas características: “Pola patria”, “Unha cantiga de Chané”, “Tiña razón”, “A labor do poeta” e “Lamáchegas”.

2.2.5. Recepción crítica.

Aínda que dos *Contos de Asieumedre* atopamos máis referencias críticas que d’ *O penedo do crime*, non existe sobre eles ningún estudo específico, nin tampouco atopamos ningunha recensión crítica no momento da súa publicación, polo que consideramos que a boa acollida que debeu ter entre os lectores (lembramos a tirada de vinte mil exemplares do opúsculo de 1908) non se viu correspondida na mesma medida polos estudiosos e xornalistas da época. Xa en datas máis recentes, foi esta obra obxecto dalgúns comentarios, como os que lle dedican os anónimos editores que prepararon o volume *A carón do Iar*, publicado no 1970 por Edicións Castrelos de Vigo:

Forman no seu conxunto unha “leición de varia moralidade”. Moralidade, se entende, non sóio de ética ao uso, senón tamén cívica e patriótica, tendo sempre como telón de fondo o latexo popular da vida mesma, a visión dos atafegos e degaros

do home galego (...) Procura nos seus contos prantexar a denuncia de certos feitos, que hoxe chamaríamos sociais, pero encastrándoos sempre no enfoque sereo de home ilustrado, que procura topar no feito denunciado o símbolo moral para deducir a norma de conducta capaz de evitarse a súa repetición.

Non escribe Lugrís ao xeito doutrino encastelado, con acentos máis ou menos troantes, non. El, soamente, sinxelamente, nun lingoaxe galano i espresivo, lévanos da man diante os aldraxes da inxusticia, os abusos do caciquismo, os traballos do labrego, as angurias do mariñeiro, e, coma quen presenta un cadro vívido, turra da cortiña, para dicir “Vel ehí tendes o caso. Agora tirades vós a insinanza”. É un xeito poético, querendoso, cicáis un tanto retranqueiro de denunciar. Pra o noso ver, un xeito moi galego, de grande eficacia, que acada a dobre función de nos aguilloar deleitándonos.

Ricardo Carballo Calero na súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea*¹⁰⁸ é menos benévolo que os editores anteditos e considera que:

Lugrís firmou co pseudónimo de Asieumedre moitas narracións breves, maormente apólogos ou historietas edificantes, recollidas afinal nun volume. Son en xeral literatura de propaganda rexionalista, en estilo popular, escrita para fomentar na xente o gosto polos textos galegos. Pero soen adocer, inda as que percuran un máis achegado contacto cos xeitos populares, da desviación característica do autor cara os convencionalismos ideolóxicos e literarios. Non teñen, por exemplo, a autenticidade dos contos de Labarta. Desde logo, hainos de variados asuntos, algúns de época, como “Unha regueifa”, “A espada do fidalgo”, “O primeiro sangue”. Un está dialogado en forma de paso de comedia: “Ir por lan”. Hainos morás patrióticos e sentimentás.

Outra opinión contraposta, en certa medida, á de Carballo Calero é a que expresa Modesto Hermida na obra *Narrativa Galega: Tempo do Rexurdimento*¹⁰⁹, na que, despois de facer un breve percorrido

¹⁰⁸ *Cit.* p. 483.

¹⁰⁹ *Cit.* p. 138.

polo proceso de publicación da obra e tratar brevemente uns cantos relatos, expresa que:

Esta narrativa de Manuel Lugo Freire, que efectivamente ten moito de literatura propagandística e que non resulta de todo coherente, pola carencia de concordancia entre a intencionalidade do autor —que a desexa didacticamente popular— e as marcas ideolóxicas ou os formalismos literarios dos que non dá fuxido, hai que recoñecer que non resulta tan carente de valores literarios como ten anotado Ricardo Carballo Calero.

Por último, tamén Alfonso González Catoira se refire á narrativa de Manuel Lugo Freire na obra *Biografías Coruñesas*¹¹⁰. Opina que o autor de Sada:

Nos dejó una serie de cuentos en los que se revela el sentido sagaz, humorístico y a veces satírico de su ingenio. Son cuentos sencillos, no exentos de doble sentido del amor a la tierra y su lengua, que le valieron una gran popularidad.

¹¹⁰ González Catoira, Alfonso, *Biografías Coruñesas*, A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1990, p. 374.

3.- Bibliografía

Alonso Montero, Xesús, “Prehistoria da Academia Galega. Á procura da norma culta de 1875 a 1905”, en *Grial*, nº 99, 1988, pp. 8–17.

Álvarez Lozano, Manuela, “A crise finisecular. A narrativa de López Ferreiro”, en *Historia da literatura galega*, vol. 2, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, 1996, pp. 481–512.

Ansede Estraviz, Alberte e Cesáreo **Sánchez Iglesias** (directores), *Historia da literatura galega*, vol. 1, 2, 3, 4, 5, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, 1996–1997.

Araújo García, M^a Teresa (ed.), *Baixo do alpendre e outros relatos*. Manuel P. Amor Meilán, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa Recuperada, 1998.

Carballo Calero, Ricardo, *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo: Editorial Galaxia, 3^a ed., 1981.

_____, “El cuento literario gallego”, en *Estudios e ensaios sobre Literatura Galega*, Sada–A Coruña, Edicións do Castro, 1989, pp. 31–37.

Carré Aldao, Uxío, *Literatura Gallega*, Barcelona: Casa Editorial Maucci, 1911.

Couceiro Freijomil, Antonio, *Diccionario bio–bibliográfico de escritores*, vol. 1, 2, 3, Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, 1951–1954.

Dobarro Paz, X. M^a. et alii, *Literatura galega. Séculos escuros*, A Coruña: Vía Láctea, 1988.

Durán, José Antonio, “O Vello” nacionalista molesto”, en *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, 27 novembro 1994, p. VI.

Fernández del Riego, Francisco, *Historia da Literatura Galega*, Vigo: Editorial Galaxia, 5^a ed., 1951.

_____, *Diccionario de Escritores en Lingua Galega*, Sada–A Coruña: Edicións do Castro, 2^a ed., 1992.

Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1990.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón e Francisco **Pillado Mayor**, “A poesía e o teatro interseculares”, en *Historia da literatura galega*, vol. 2, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, 1996, pp. 513–544.

Génette, Gérard, *Palimpsestes*, Paris: Éd. du Seuil, 1981.

González González, Manuel e María **González González** (eds.), *A cruz do salgueiro e outros relatos*. Xesús Rodríguez López, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”, col. Narrativa Recuperada, 1997.

Gómez Sánchez, Anxo, M. **Lourenzo González**, Luis **Obelleiro** e Laura **Tato Fontañá** (eds.), *A prosa do primeiro Rexurdimento*. *Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, 1996.

González Beramendi, Xusto e Manuel **Núñez Seixas**, *O nacionalismo galego*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Historia de Galicia, nº 18, 1996.

González Catoyra, A., *Biografías Coruñesas*, A Coruña: Concello de A Coruña/Fundación Caixa Galicia, 1990.

Gran Enciclopedia Gallega, XXXII vols., Santiago de Compostela–Gijón: Silverio Cañada Editor, 1974.

Hermida, Modesto, *Narrativa galega: Tempo de Rexurdimento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1995.

Lanza Álvarez, Francisco, *Dos mil nombres gallegos*, Buenos Aires: Ediciones Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires, 1953.

Lourenzo, Manuel e Francisco **Pillado Mayor**, *Diccionario do teatro galego*, Barcelona: Sotelo Blanco, 1987.

Lugris Rodríguez, Manuel, “Meu avô Lugris Freire”, en *Agália*, nº 23, outono 1990, pp. 319–323.

Marinhas del Valle, Jenaro, “Lugris, oratoria e teatro”, en *Agália*, nº 23, outono 1990, pp. 313–317.

Molina, César Antonio, *Prensa literaria en Galicia (1809–1920)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1989.

Monteagudo Cabaleiro, M^a Teresa (ed.), *Alira de Elfe. A Reina Loba e outros relatos*. Manuel Lois Vázquez, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa Recuperada, 1998.

Neira Vilas, Xosé, *A lingua galega en Cuba*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Colección de Lingüística, 1995.

Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, Vigo: Instituto da lingua galega/Real Academia Galega, 1995, 12ª edición.

Otero Pedrayo, Ramón, *O libro dos amigos*, Buenos Aires: Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1953.

Pillado Mayor, Francisco, *O Teatro de Manuel Lugrís Freire*, Sada–A Coruña: Ediciós do Castro, 1991.

Rabunhal Corgo, Henrique, *Textos e contextos do teatro galego. 1671–1936*, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Ensaio, 1994.

_____, “Lugris Freire na cultura galega”, en *Agália*, nº 22, pp. 196–202.

Rivera Cascudo, Manuela, “Lugris Freire: “Umha pátria, um idioma”, en *Agália*, nº 27, outono 1991, pp. 373–377.

Santos Gayoso, Enrique, *Historia de la prensa gallega (1800–1986)*, Tomo I, Sada–A Coruña: Ediciós do Castro, col. CADERNOS DO SEMINARIO DE SARGADELOS, 1990.

_____, *Historia de la prensa gallega (1800–1993)*, Tomo II, Sada–A Coruña: Ediciós do Castro, col. CADERNOS DO SEMINARIO DE SARGADELOS, 1995.

Soto López, M^a Isabel (ed.), *Obra narrativa en galego de Heraclio Pérez Placer*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa Recuperada, 1998.

Tarrío Varela, *Literatura galega. Aportacións a unha Historia Crítica*, Vigo: Ediciós Xerais de Galicia, col. Universitaria/Manuais, 1994, 2ª ed. 1998.

_____, “A literatura galega na Galicia exterior”, en VV.AA., *Galicia terra única. A Galicia exterior*, Vigo: Xunta de Galicia, 1997, pp. 44–65.

_____, “A literatura galega hai cen anos”, en *Galicia nos tempos do 98*, pp. 107–119.

_____, “Do enxebre ó bravú”, en *Revista Galega do ensino*, nº 21, novembro 1998, pp. 59–88.

_____, “Estudio literario”, pp. 11–43 en Marcial Valladares, *Maxina*, edición de Anxo Tarrío, Blanca–Ana Roig Rechou e Margarita Neira, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1991, 3ª ed 1997.

_____, “Estudio literario”, pp. 13–36 en Antonio López Ferreiro, *A tecedeira de Bonaval*, edición de X. Antón Palacio e Blanca–Ana Roig Rechou, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1985.

Tato Fontafña, Laura, *Tèatro galego 1915–1931*, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Ensaio, 1997.

Vilavedra, Dolores (coord.), *Diccionario da literatura galega I. Autores*, Vigo: Editorial Galaxia, 1995.

_____, *Diccionario da literatura galega II. Publicacións periódicas*, Vigo: Editorial Galaxia, 1997.

_____, *Historia da Literatura Galega*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Manuais, 1999.

VV.AA., *Iconografía pondaliá*, A Coruña: Publicacións da Real Academia Gallega, 1965.

3.1. Revistas consultadas

Acción Coruñesa

Aires d'a miña terra

Almanaque Gallego

Boletín de la Real Academia Gallega

Boletín Galego de Literatura

Coruña Moderna

Domecq en Galicia

El Eco de Galicia

España

Follas Novas

A Fouce

A Gaita Gallega

Galicia

O Galiciano

Grial

Mondoñedo

Nós

A Nosa Terra

Revista del Centro Gallego

Revista Gallega (Semanao de Literatura e intereses regionales)

Santiago. Revista Literaria

Suevia

O Tío Marcos da Portela

4.- Criterios de Edición

Presentamos nesta edición os textos narrativos publicados por Manuel LUGRÍS FREIRE baixo os pseudónimos e anagramas: *L. U. Gris*, *Asieumedre*, *K.Ñoto* e *Roque das Mariñas*, e tamén aquel outros asinados co ortónimo. Seguimos unha orde de presentación segundo a data de publicación, por iso colocamos en primeiro lugar a novela curta *O penedo do crime*, incluímos, a seguir, os contos publicados en *A carón do lar*, na primeira edición e nas posteriores. Deixamos para a parte final desta edición aqueles relatos que nunca foron publicados en libro e ordenámolos seguindo o criterio cronolóxico da súa aparición na prensa.

Coas modificacións realizadas nos textos orixinais pretendemos actualizalos graficamente aínda que conservamos as peculiaridades lingüísticas do autor, quer no terreo léxico, quer no morfolóxico ou no sintáctico. Mantemos, xa que logo, tódolos castelanismos, popularismos, dialectalismos e diferencialismos.

Os cambios realizados sobre os textos foron, en liñas xerais, os seguintes:

— Actualizamos a acentuación eliminando todas as marcas de acentos graves e circunflexos: non tèn, hoxe ê día, têt, clàs, sômente. Suprimimos os acentos nos monosílabos: ¡Qué noite fera!, ¿Quién será?, mín, él. Colocamos acentos diacríticos en todas as palabras que o requirían, acentuamos sistematicamente o “i” e o “u” tónicos cando van en hiato, e tamén aquelas palabras que, aínda sen seren admitidas pola norma actualmente en vigor, deberían levalo tendo en conta a pronuncia, como por exemplo: melancónica, verdá, capítalos, úneco.

— Suprimimos os apóstrofos, que na escrita de LUGRÍS sirven para marcar as contraccións das preposicións “de” e “con” cos artigos, así como as elisións vocálicas que se producen polo contacto na cadea falada entre dúas vocais pertencentes a palabras distintas: d’aquelo, d’ouro, c’os, entr’os, ll’habemos, m’alumou. Neste último caso recuperamos a vogal elidida, guiándonos sempre da forma máis empregada polo autor.

— Eliminamos tamén os guións que indican a contracción da preposición “en” cos artigos e demostrativos: n-aquel, n-unha, n-as, n-este, n-un. No caso da segunda forma do artigo, práctica pouco pro-digada nestes textos, limitámonos a actualizala graficamente sempre que fose empregada polo autor.

— Corriximos outros erros ou modismos tipográficos e varian-tes ortográficas que non significasen alteración das variedades empregadas por LUGRÍS e que non influísen na pronuncia. Deste xei-to, modificamos: armunia, hachaba, de bruzada, de cote, nuves, abós, horfo, abogado, volvoretas, caziques, Estebo, trovadores e Ponte-are-as, entre outras.

— Eliminamos as grafías alleas ao galego, como é o caso do <y>: esmayadamente, praya, hay, cuyo, Noya.

— Mantemos as grafías en cursiva das que fixo uso o autor e incorporamos a este tipo de letra as intervencións de personaxes nou-tras linguas ou variantes distintas do galego.

— Actualizamos tamén o emprego dos signos gráficos de inte-rrogación e de admiración ademais dos trazos e das comiñas.

— Especificamos en nota a pé de páxina a data e o medio no que se publicou cada un dos textos, así como as variacións máis importantes que realizamos sobre estes, ademais de datos históri-cos e xeográficos que consideramos de interese para a compren-sión dos relatos.

5.- Textos

O PENEDO DO CRIME¹¹¹

LENDA DAS MARIÑAS

POR
L. U. GRÍS

I

Eran as doce dunha noite de Febreiro do ano de 1790.

A ría de Sada, que como tódalas de Galicia é xeneralmente sosegada, bruaba nestas horas facendo terrible acompañamento ós tronos que estalaban nos outeiros veciños como o berrido dun xenio de destrución.

As rúas da pequena vila de Sada achábanse completamente desertas, e samente se vían ir e vir polo areal algunhas luces, que debían ser de mariñeiros que atracaban os botes pra que a mareira nos levará. Facendo unha noite tan escura e fría, solo por unha causa estrana saliría algunha persona á intemperie.

Polo mesmo, algunha cousa extraordinaria obrigaba a un acompañamento de dúas mulleres e un home, que camiñaban cara á Tenencia donde os condes de Andrade¹¹² tiñan naquel tempo a casa da recoleita de rentas.

¹¹¹ Publicado por entregas en *El Eco de Galicia* da Habana nos seguintes números e datas: nº 116 do 14 de setembro de 1884, nº 118 do 28 de setembro de 1884, nº 123 do 2 de novembro de 1884, nº 126 do 23 de novembro de 1884, nº 130 do 21 de decembro de 1884 e nº 131 do 28 de decembro de 1884.

¹¹² O título de Conde de Andrade foi concedido o 1 de maio de 1543 a Fernando de Andrade, célebre xeneral que acadou sona nas súas campañas en Italia. Casou coa condesa de Monterrei, e unha filla de ambos casou co conde de Lemos. Os antecedentes desta familia sitúanse nos condes de Traba e de Trastámara.

Unha das mulleres, que iba collida do brazo daquel home, dixo con fala tremante:

—Xuana, ¿chegaremos logo?

—Si rapaciña, pois non falta mais que un pouco camiño que podemos andar nun suspiro, —contestou a muller que xa sabemos se chamaba Xuana.

—Mellor: andemos a présa, que penso de min que está cerca a hora.

—E ademais pinisca moito, —añadeu Xuana.

Apertaron o paso, e a pouco paráronse no último da Tenencia diante unha casa sin sobrado, dando na porta da mesma us golpiños con cuidado medoso.

—¿Sodes vosoutros? Entrade, —dixo en poucos e curtos verbes unha acochada muller que abría a porta.

Os tres desconocidos entraron caladiñamente; siguiron por un pequeno e estreito andamio, e dimpois a muller, dona ó parecer da casa, señaloulles un cuarto probemente amoblado no que entraron os nosos personaxes, menos a dona que se retirou.

Un candil de saín alumaba o cuarto con esmaiada luz, que facía ver, anque confusamente, que clas de xente era a que alí se achaba.

Unha das mulleres parecía ter, cando máis, vinte anos; e a sempre vista se comprendía que estaba en cinta. O seu carís era branco e feituquiño coma os das virxes de Moure¹¹³, e tiña por coroa unha cabeleira roxa e enconchada que colgaba sobre as súas brancas espaldas. Os seus ollos eran azús, e neles adiviñábase unha ialma de sentimentos vagos e melancónicos. O delor, que na deixaba acougar e que lle daba unha palidez de morto, facía, por iso, máis feiteiceira e interesante.

¹¹³ Francisco de Moure foi un dos principais escultores do século XVII en Galicia. Naceu en Compostela ao redor de 1576. Trasládouse de novo a Ourense, onde entrou en contacto con Juan de Augés *El Mozo* e con Alonso Martínez. Viaxou a Castela e alí coñeceu a artistas como Berruguete, Juni e Gregorio Fernández, dos que recibirá unha grande influencia.

Tiña posta unha muradana de pana moura, e unhas saias do mesmo xénero coas abadas repinicadas de terciopelo.

O mozo que as acompañaba, tería de vinteoito a trinta anos; era alto, ben prantado, e conócíase polo vestir que era fillo dalgún vinculleiro da mariña.

Polo tocante á Xuana, direi samente que representaba trinta e pico de anos, e o seu carís era coma o de todas as solteiras rancias, que por ser completamente feas, non toparon nunca cun home que por elas sentira o máis pequeno relouquido no corazón.

A rapaza roxiña daba de vez en cando dooidos *ais*, arrincados polo fero dor que debía sentir. Así sigueu como unha hora.

—Mariquiña, encóntraste mal, ¿verdá? —preguntaba o home con fala agarimosa.

—Si, home, bastante mal.

—¿Queres que eu me retire?

—Non; faime falla a túa presenza.

—¿Ti pensas que tardarás moito?...

—Logo debe sere.

Sigueu queixándose por algún tempo astra que excrementou con fala apagada:

—Chegou a hora. ¡Collédeme!

E caeu sentada sobre unha silla.

Dou un pequeno berro.

Acababa de dar a lus.

Xuana colleu o recién nacido, e envolveuno nunha saba.

Toda esta escena presenciouna o home coa maior serenidade, anque mui caviloso.

Chamou á dona da casa, e entre ista e Xuana, deitaron no berce á Marica, acochándoa cuidadosamente.

—Vamos a saír Xuana e eu, —dixo o desconocido á dona— escúsoche repetir o que tes que facer.

—Non teña medo: todo será cumprido ó pé da letra, —contes-
tou ela.

—Pois ben; sobre todo moito silencio, porque xa sabes que nes-
to xoga a honra dunha familia enteira.

—Descuide; faga de conta que fala cunha morta.

—Mellor.

—Xuana, —dixo il volvéndose a esta— colle ise neno e sígueme.

—¿A onde, señor?

—A unha casa que está preto de eiquí.

—¿E aquí non podía arreglarse todo?

—Non.

—Pero... señor... o neno.

—Cala, e sígueme, pois o día debe tardar pouco, e entón
todo se perdería.

—Está ben.

Acercouse o home a Marica e tomoulle o pulso.

—Todo sale ben por agora, —dixo poñéndose un pouquiño con-
tento— o pulso teno bastante maino, e penso de min que esto será
cousa de pouco tempo.

—O mesmo penso eu, señor —dixo a dona examinando
tamén a Marica.

Xuana acochou máis cuidadosamente o neno colléndoo no colo.
Pouco dimpois salían á rúa, ela co neno nos brazos, e o desconocido,
que iba pasando a man pola testa como si algún mal pensamento buli-
se na súa imaxinación.

II

O temporal seguía sendo fero, e os lóstregos non deixaban de
alumear o ceo de vez en cando.

Xuana e o seu compañeiro que xa conocemos, atravesaron a vila,
pero ó chegar ó areal que se estende no lado leste da mesma, notou

que o camiño que aquil home collía non iba a ningunha aldea, sinón ós penedos que sirven de asentadeiro on castelo que se encontra no couce de Corbeiroa¹¹⁴. Entón naceu de súpeto unha agoreira duda na chenchá daquela muller: “ou iste home está tolo (pensaba) ou vai facer algunha trastada levándome on sitio tan ermo.”

—Señor, —preguntou entón en toada medosa— ¿a onde vai osté por iste camiño?

—Logo o saberás, Xuana.

—Pro... se este lindeiro non pode levarnos á súa casa.

—Estás trabucada; por eiquí pódese ir á Lagoa¹¹⁵.

—Si, dando un arrodeio longo, e indo espostos a esbarrar nun ribazo.

—Iremos pola beira do mar pra que iso non aconteza. Descasí, convén ir por eiquí pra que ninguén nos vexa.

—Como vosté queira, pero mellor nos fora ir pola costa de Oucés¹¹⁶.

—Cala e sígueme, —dixo con malhumor pra cortar a parola.

A toada misteriosa con que falaba aquil home amoreaba máis as dudas que Xuana comenzaba a cobizar.

Siguiron anque con traballo, camiñando a rente do empinado cómaro, que separa do mar as leiras de Corbeiroa. Ó chegar ó pé do castelo do mesmo nome, parouse o home e tendeu unha ollada de can doente no seu alreodore.

Xuana escomenzou a tembrar. Tiña receos de que aquil home a matara pra quedar máis certo do sagreto do alumamento de Marica.

A tempestade sosegouse un pouco como quen colle alentos pra seguir con máis forza o traballo comenzado, e a lúa desacochouse das

¹¹⁴ Corveiroa é un pequeno cabo situado entre as praias de Sada e Gandarío, na parroquia e concello de Sada.

¹¹⁵ Aínda que son moitos os topónimos Lagoa en Galicia, neste caso refírese a unha aldea da parroquia de San Xoán Bautista de Oucés, no concello coruñés de Bergondo.

¹¹⁶ Parroquia do concello de Bergondo (A Coruña), que ten a ría de Betanzos ao norte, Bergondo e Lubre polo sur, Moruxo polo leste e Maianca e Serantes polo oeste.

apreixadas nubes que a tapaban alumando paledamente o lugar en que se achaban os nosos personaxes. No fondo do couce que pon termo ó cómaro de Corbeiroa víase erguer o seu mouro carís on penedo alto, semellante a unha esfínxe exicia.

—¿Ves ise penedo? —preguntou o home insinándoo co dedo.

—Si, vexo, —papuxou Xuana, sintindo correr polas venas o frío do medo.

—Pois sube a il e tira ise neno ó mare.

—¡Piedade! Non me mande facer tal cousa.

—¡Anda lixeira!

—Señor, teña concencia. Dios venos e castigaría con man fera tal crime.

—Déixate de charaviscadas. Fai o que che digo e fecha a boca.

—¡Por Dios! Eu obrígame a manter o neno sin que poida chegar a saber de quen é fillo.

—¡Non pode sere!

—Direi que mo mandaron de calquer lado.

—¡Tampouco!

—Pois eu non podoo facer eso.

—Si, faralo, —repuxo il sacando do seo un longo coitelo.

—¡Virxen santa! —dixo ela caendo debuzada no chau.

—Levántate e fai o que che mando; de non morres.

—Non podoo...

—Ala, axiña.

Xuana conoeu que o que decía il íbase a cumprir; fixo forza de fraqueza e pideulle a Dios alumease a chenchá. Ergueuse traballosamente e subeu á cume do penedo.

O home tapou coas mas a cara pra non ver o que iba a sucedere.

Un pequeno bulto fendeu o aire choupando na auga pra logo ir ó fondo.

Un lóstrego alumou de súpeto o desencaixado carís do home aquíl. A lúa cubreuse novamente de nubes, e o trono deixou ouvir

o seu ronco bruído, como si fora a fala de Dios que reprendía aquilo crime.

III

Xa pasaron dazaoito anos dende os feitos que conocemos, sin que ninguén chegara a saber cousa algunha daquil crime executado pra ter honra diante da sociedade, e pra perdela por comprobante diante a conciencia.

¡Cantas presonas hai sobre a terra que a semellanza da que agora falo, pasan polo mundo cos papés de virtuosos, levando a ialma lixada cun crime que fai laiar a testa con ises dores imparolabres que os teñen decote en desosego como cando vai un embarcado nunha buceta que a primeira toupada da maregada está a pique de ir ó fondo!

Mais é menester que antes de entrar de cheo no tecido da verdadeira estoria que escribo, diga algo dos personaxes que xa dei a coñecer, anque incompletamente.

O home aquilo que forzou a Xuana pra que tirase dende o penedo o recién nado, era, como indiquei dinantes, fillo dun rico vinculeiro veciño dunha aldea que compón o auntamento de Sada, pertencente naquel tempo á xurisdición de Miraflores¹¹⁷.

Tendo somente dez anos, quedou orfo de pai e nai e dono duns eidos de rendementos bos que abundaban pra soste a Mingos, que tal era o seu nome.

Quedou por albacea un tío dil, irmán do pai, que anque era un home de ben, non tiña carauter pra cortar as pólas viciosas que nacen no esprito a semellanza que nunha cañota descoidada nacen sarmientos que chupan o zume benfeitor da froita.

Ansí que chegou á idade das ilusiós, (a isa idade en que ó home lle fai falla amar, o mes que ás prantas unha raiola pra que as froles

¹¹⁷ Amplo territorio que abrangúa varios concellos das Mariñas sobre os que tiñan xurisdición os condes de Lemos.

despechen os abrochos) namorouse cegamente de Marica, orfa tamén, que vivía cos seus avós na vila de Sada.

Pouco necesitou pra espertar no peito da feiticeira rapaciña unha pasión arroubadora e tola; pasión de que abusou Míngos, astra o extremo de que iba a ser nai a que dinantes era cándeda virxe.

Anque era moito o querer que tiña por Marica, non pensaba casarse con ela, porque a consideraba probe, e pra que no obrigasen a tal casamento cando souperan o estado da rapaza, fixo porque ista fora a pasar algús meses a unha aldea da outra banda da ría, e dimpois buscou un sitio onde puidera parir sagretamente, sucedendo o que xa deixou escrito nos dous pormeiros capítulos que podemos chamar *prólogo* diste pequeno traballo.

Pro a concencia, xués mudo que non deixa acougar o esprito dos pecadores, rifáballe con isa parola misteriosa que ninguén comprende pro que se adivina, e entón decideuse a casarse con Marica.

¿Atopábanse felices? ¿Reinaba entre iles o sosego que tan praciada fai a vida do fogar? Non de verdade, anque as aparencias fixesen ver outra cousa. Nos seus adrentos sostiñan dúas loitas difrentes: il, o terco remordimento do pasado que decote pesaba sobre a súa ialma; e ela, a nostalxia do eterno aleixamento do úneco froito do seu tamén úneco e pormeiro amor.

Pillemos agora o fío da lenda, que aínda podemos decir que está no escomenzo.

IV

Era a hora da lusque–fusque dun día triste de Outono; dun deses días melancónicos en que se xuntan na testa tódalas lembranzas do pasado misturadas coas esperanzas do porvir.

No sobrado da chouza en que vivían os nosos personaxes, sita no rueiro de Samoedo¹¹⁸, alcontrábanse parolando Xuana e Marica, a muller do señor Míngos.

¹¹⁸ Aldea da parroquia de Sada, situada a 1 Km. da capital municipal.

—Xuana, —decía aquela— non sabes, nin podes maxinalo, o magoada que teño a ialma. Cando me acordo daquil filliño, primeiro froito dunha tola pasión, sinto un dor no máis fondo do peito que me mata.

—Señora non hai que facerlle, —contestaba Xuana— teña pacencia, e esperanza en Dios...

—¡Esperanza en Dios! Xuaniña, as esperanzas non manteñen, e ademais non teño en que fundalas.

—Dios é xusto, e sabe que vosté non tomou parte algunha no que despois sucedeu.

—Quizais teñas razón, pero descaí eu son castigada: ti sabes que non puider ter ningún fillo máis, ¿non é isto un castigo?

—Parécelle a vosté. A mesma bondá dos seus sentimentos lle fai crer tal cousa.

Marica quedou ensimismada en fondas reflexiós; despois dixo tristemente:

—¡Decir que non hei de ter un fillo a quen dar biquiños, en quen poñer o amor de nai que sinto reverter no peito!...

—Iso ten fácel remedio. ¿Por que non trai Rosa, á súa sobriña filla de Pontellos, prá súa casa! É unha rapaciña moi homilde, e penso de min que lle sacaría isas lembranzas.

—Heino de facer, Xuana, anque non sexa máis que por probar. Pro... ¡aquela criatura!

E limpou co rivés do delantal as bágoas que brilaron nos seus ollos, fillas dun dor terco que na deixaba acougar.

—E a propósito, Xuana, —sigueu falando despois de reporse do abatimento de sempre— ouvín, fai algús días, que o teu afillado Manuel se entende coa miña sobriña Rosa.

—Eu nada lle sei de certo, pro algo adiviño tamén.

—¿Non che parece que farían unha linda parella?

—Xa o creo, só que a fertuna de Manuel non ten comparanza coa da súa sobriña.

—Sempre o diñeiro, sempre o interés se entromete en tales cousas. Manuel é un mozo de moito aquel; ten o oficio de carpintei-

ro, que lle dá algús cartiños, e ademais figúraseme que ha de facer un bon home.

—Iso si que tamén o digo eu.

—Si hei de decir verdade, nunca vin rapás que tanto me enche-se o ollo para ver de casalo coa miña sobriña. Sinto por il un cariño de nai que non podo espricar.

—Pro non lle sucede así ó seu home.

—Xa mudará de pensamento. Descasí, Míngos cumpre os meus deseos.

—Estamos facendo castelos no aire, pois aínda non sabemos de certo si eles se queren.

—Tes razón, Xuana; pro xa ves que temos que pasar o tempo en algo.

Seguiron falando sobre estas e outras causas astra que Xuana se retirou prá súa casa.

Aquela mesma noite pideu Marica ó seu home a mercede de que fixese por que Rosa viñera a vivir co eles, mercede que logrou con facilidade, pois ó seguinte día xa lles facía compañía a fidalga nena. Vamos agora a falar algo desta, e poremos punto e aparte.

V

Era Rosiña a rapaza máis feiticeira das Mariñas; digo a máis feiticeira, e penso que este verbe non esprica dabondo a bonitura de tal meniña. Bástevos con que diga que era roxiña como o ouro, de dentes brancos cal xogas dun regato, ollos azús e cheos da melanconía máis arroubadora, e labres tan coorados coma a grana do seu refaixo. O seu peito era resio e levantado, e si ben se incrinaba un pouquiño ó andar, dáballe máis gracia que outra cousa. Era, en fin, unha desas rapazas que basta velas unha sola vez pra que inspiren un amor tenro, pra que leven tras si tódolos sentimentos dun corazón namorado.

Preto do seu rueiro vivía Manuel, o afillado de Xuana, rapaz que ó rivés de Rosiña, era trigueño, de ollos mouros e gachos.

Había algún tempo que se viran nun campón, á hora en que o sol se chanta tras dos penedos, e alí habíanse dito entrambos a dous o amor que fechaban nos seus peitos. Ela non se opuxo de ningunha maneira a aquel cariño que xa non era novo pra ela, pois facía un ano que cando vía diante si a Manuel, non sabía o que lle pasaba e as cuspes facíanselle cóchegas na gorxiña.

Rosa acetou con pracer o ir a vivir á casa do seu tío, porque desa maneira tiña máis cerca a Manuel.

Tódalas noites se vían ás furtadelas na eira; e alí, collidos das manciñas, pasaban unha hora en amoroso paroleo, hora que lles parecía un anaco de tempo.

Nada aparecía nubrar o ceo da dicha dos dous namorados; pero o fatalismo, que sempre camiña ó rente da felicidade, logo lles fixo ver un porvir de sufrimentos e bágoas.

O señor Míngos cobizaba facía algún tempo a idea de casar a Rosiña cun subriño seu chamado Alixandre, e unha tarde consultou tal desexo coa súa parenta, que non era moi gustosa en tal casamento, pero que non se opuxo por non alcender as irias do seu home. Iste chamou á sobriña e díxolle:

—Nena, temos que cumprir os desexos que teu pai fixo presentes ó morrer; penso de min que xa adiviñarás...

—Eu... si vosté non me di máis...

—Pois o que il encargou non foi máis que cando tuveras idade dabondo te casaran co meu sobriño Alixandre, rapaz de proveito, e un dos primeiros labregos da parroquia.

O carís da fidalga meniña cubreuse dunha paledez de morto, e un sospiro fondo, arrincado por un súpeto dor foi a úneca resposta que dou.

—¿Non contestas, Rosiña? — preguntou il mirando de fite a fite a cara da rapaza como si quixera ler nela os pensamentos que bulían na súa imaxinación de dazaseis anos.

—Vosté, —dixo ela con fala tremante— proponme un sacrificio.

—¿Como! ¿É un sacrificio cumprir cos desexos dun pai?...

—Señor, cando o corazón...

E unha bágoa brilou nos seus olliños.

Pouco dimpois ergueuse con dinidá, e dixo:

—Meu tío, e se o meu corazón non quer a ese home ¿teño que baixar a cabeza e ademitilo por meu eterno compañeiro, teño que ir a diante dos altares a mentir, cometendo un crime?

—Rosiña, eu non fago máis que recordarche un mandato de teu pai.

—Pois non podo cumprir tal cousa. Dios, que nos oie, ben sabe que digo a verdade.

—¡Vaia!... Paréceme que vou adiviñando algo; ti sabes ter paroleo con Manuel...

—Señor, non podo, nin teño por qué negalo.

—Que che se borre tal capricho, pois queiras ou non queiras has de facer o que che mando.

Pola toada en que había dito o señor Mingos as últimas palabras, comprendeu Rosiña que finara a conversación: ergueuse pois e retirouse do sobrado para o seu carto.

—¿Ti viche cousa como ela? —díxolle a Marica que estivera presenciando esta escena sin decir un verbe— ¿Non se empeña Rosa en querer ó babeco do afillado de Xuana?

—Cousas de rapaces, Mingos. O mellor é non ir contra a marea dos seus pensamentos.

—Non penso desa maneira.

—Deixémola casar con Manuel.

—¡Nunca!

—Pero home, ¿por que?

—Porque o odio.

—Pois a min paréceme un bo rapaz.

—¿Tamén ti o defendes?

—Non digo máis que o meu parecer. Ademais, xa que Dios non quixo darnos outro fillo, cumpramos á nosa sobriña os seus desexos. Ti xa sabes por esperenza os resultados das oposicións en verbe de amores.

¡Ah! concuría Marica de tocar unha ferida que inda estaba pingando sangue.

Habían tido un fillo, si; e Dios non lles daba outro, quizais en castigo daquel crime.

O señor Mingos comenzou a tembrar lixeiramente: abreu a ventana e púxose a contemplar o hourizonte. Entre a brétema que envolvía os ribazos de Corbeiroa acababa de ver o penedo que xa conocemos; aquel penedo donde mandou afogar o froito dos seus amores con Marica.

Cerrou de novo a ventana e deixouse caer nunha silla acochando a cara cas maus, preso dos máis feros remordimentos.

Aquel penedo acusaba mudamente un pasado crime, e decíalle a súa concencia estas palabras “¡Acórdate, miserabre, acórdate!”

VI

Cando Rosiña se separou de seus tíos, dirixeuse ó seu carto en busca de soedá, que é boa compañeira dos corazóns feridos que aman co fogo da primeira pasión.

Abreu a porta, e despois de pechar co tarabelo, sentouse nun tallo que estaba preto do berce. Acochou a cara cas mans e púxose a chorar caladiñamente.

Daba lástema, abofellas, ver a garridiña nena co cabelo ceibo, coas meixelas cooradiñas, e limpando coas xemas dos seus dedos de cera as bágoas que vertía a fío cal se fora unha Madalena.

Sentía no seu corazón ese dor que deben sentir os ángeles si foran desterrados do paradiso, e pensaba que todo morrera pra ela, que xa non podía achar felicidadá posibre estando privada da esperanza de que Manuel chegase a ser seu.

Pero o amor, esa pasión sinxela baixada de Dios; ese sentimento vago que tan felís e tan disgraciada fai ó mesmo tempo á humanidá, deulle forzas e determinación na ialma pra opoñerse ós prolleutos de Mingos.

Levantou caladiñamente unha trapela que daba servicio á cociña e chamou con voz baixa:

—Señora Xuana, podería facerme o favor de rubir antes de irse prá súa casa.

—Si, miña rula, —contestaron.

—Agradecereillo moito.

Pouco despois entraba Xuana no carto de Rosa.

—Que querías decirme, —dixo aquela.

—Pouca cousa: que lle diga ó seu afillado que non deixe de vir hoxe por aquí.

—Descoida, cumprerei o teu mandado.

—Dios llo pague.

—Non ten por qué pagalo, pois penso de min que non se fai nada de máis con servir a un anxeliño.

—¡Bo! déixese de contiños.

—Pro... ¡ti chorache! miña nena. ¿Que che sucedeu, que aínda tes as meixelas alcendidas?

—Nada, señora.

—Algo debeu ser; eu, que son unha vella, entendo moito de certas cousas, e sei ler no corazón das meniñas.

—Pois entón escuso decirlle nada.

—¡Non tanto! Eu vexo o fuso pro non sei si se fiou estopa ou cerro. ¿Por que non dis o que che sucedeu?

—Direillo, xa que se empeña. Meu tío quorme casar con Alixandre.

—¿De certo, miña nena?

—Si señora; eu contesteille sin rodeos que no quería.

—Fixeche ben, Rosiña; teu tío é un home a quen sempre lle gustou que os que viven preto de si fagan e cumbran os seus desexos.

—Pois eu non llos cumprerei, e si pensa que facéndome herdeira dos seus bes ten en min unha escrava, trabúcase por comprobante.

—¡Que cousas se ven no mundo! Si souperan... —dixo Xuana falando entre dentes.

—¿Que di? —preguntou Rosa ó sorprenden aqueles verbes.

—Nada: como xa vou feita unha vella, falo ás veces sin ton nin son como unha toliña. Voume prá casa, pois a noite está cerca. Dareille ó meu afillado o teu recado. ¡Adiós, miña pomba!

—Que el vaia na súa compañía.

VII

Rosiña esperaba a pé quedo por Manuel, arrimada á ventana que daba ó quinteiro por onde tiña que vir o mozo. Non acougaba coa impacencia, e cada minuto que corría parecíalle un sígalo.

Algúns veces levantaba os seus ollíños ó céo como si quixera atopar nel algo que lle falaba no seu ardente corazón.

Por fin olleou na escuridade unha presoa; a súa ialma dáballe que debía ser Manuel, e non se trabucaba.

O seu peito levantouse supetamente con un fondo suspiro, e fixo unha seña cun pano do peto.

Manuel parouse e fixo do mesmo modo outra sinal.

—Rosiña, —dixo el chegando a debaixo da ventana— ¿pódese ir pola eira?

—Si, pro con cuidadiño.

—¿Deprocatarse teu tío?

—Penso que non.

Enseguida camiñou Manuel fronte ó valado que cerraba a eira, afincou a bisarma no chan e saltou dentro.

Outra presoa, semellante on pantasma, siguíu os seus pasos con cautela medosa, e quedou escoitando a rente do valado.

—¡Meu corazón! —exclamou Manuel ó ver a Rosa— xa estou ó corrente de todo. Non podes maxinar canto me disgustou tal embaixada.

—Xa o supoñía.

—É menester que poñamos os medios posibles pra desfacer os prolleutos de teu tío.

—Ti dirás, Manuel.

—Debes comenzar por deixar esta casa e volver prá túa.

—Con esto non faremos nada. Meu tío, anque eu non viva con el, seguirá nos seus trece.

—Pois eu non adiviño outro remedio, a non ser que quixeras fuxir da aldea e virte pra Portugal.

—Eso non pode ser, Manuel. Ti xa sabes canto che quero; pro antes de nada teño que cumprir cos meus deberes e coidar da tranquilidá de meus pais.

—É decir que renuncias a facer nada, que nada sacrificas polo amor que tantas veces me xurache.

—Non sigas, Manuel; non me fagas máis anacos o corazón xa dabondo magoado.

—Pro... xa que non pensas cumprir os meus consellos ¿pra que me chamache?

—¡E preguntásmo! Para ver cómo nos hemos de escapar deste compromiso dunha maneira que nos deixe quedar ben; pra volverche a repetir os meus xuramentos de amor eterno; pra repetirche que antes de non ser túa hei de morrer.

—¡Rosíña! ¡Rosíña! —dixo Manuel chantando un bico de amor ardente na cándeda fronte da rapaza— ti, que fuches o ánxel que amainou os fondos doores que decote agachei na ialma; ti, que fixeche nacer no meu corazón un amor tenro e santo que ocupou o sitio doutro amor de que tiven a desgracia de carecer no mundo; ti non debes deixarme nunca porque te quero como si foras virxe, porque si chegara a perderte non sei que fin sería o meu.

¡Que poéticos estaban os dous namorados xurándose amor!

A lúa deixaba caer as guedellas de prata sobre os nosos personaxes, e o vento era tan mainiño que deixaba ouvir os latexos dos corazóns dos dous namorados, que parecían esas melancónicas figuras de que nos falan as baladas alemás.

Non siguirei o paroleo que tiveron despois. Mingos quedou en pensar cal sería o máis conveniente pra opoñerse ós proieutos do señor Mingos; e dimpois dunha despedida cariñosiña, volveu a saír por onde entrara.

VIII

Dixemos dinantes que outra presoa seguía os pasos de Manuel. Aínda ben este non se había separado do curral, cando veu que un home, apoiado na bisarna, se atravesaba no quinteiro. Estonces arre-cadou a del, e preparouse prá loita por si facía falla.

—Mui logo deixas hoxe a Rosa, —dixo o descoñecido.

—¿Que diaños lle importa a ninguén?

—Eso é o que ti non sabes, pro logo te enterarei.

—Cando queiras: entramentras quero franco camiño.

—Por eso non reñiremos. Podes pasar.

Manuel adiantouse astra poñerse ó lado do descoñecido.

—¡Alixandre! —contestou aquel ó recoñecelo.

—O mesmo, —contestou este.

—Alégrome atoparte aquí.

—Eu tamén, pois quero darche un consello por si queres tomalo, —añadeu Alixandre.

—¡Ougo! ¿esas temos? ¿metíchete agora a conselleiro? Ten en conta que a envidia non pode dalos bos.

—Olla o que dis... de non...

—Non te enrabuxes, que inda non é hora: ademais, si tes pouca sorte coas mulleres eu non teño culpa.

—Deixa ferver as verzas que non has de comer, Manuel.

—Non sexas larpeiro queréndoas quitar a quen ten máis dereito a elas.

—¿Máis dereito? Limpas o fuciño que comiche rabo de ovella. Ti búscame as cóchegas e si das con elas...

—¿Si dou... que?

—Pesarache de ser entrometido: líscate de xunto min.

—Non penso; polo rivés vas a ser meu compañeiro astra Corbeiroa.

—Astra onde queiras.

—¡Ala que xa!

—¡Ala!

E colleron polo camiño que xa conocemos astra chegar ó pé do castelo.

Puxéronse un fronte ó outro e despois dunha pequena loita, Manuel deu un berro caendo debrozado no chan: acababa de ser ferido pola bisarma de Alixandre, quen, ó ver seu contrario, aleixouse dalí botando unha risa de trunfo.

O golpe de Manuel era de coidado, pois tiña unha fendecha no curuto da cabeza por onde ceibaba o sangue a borbolós. Estuvo esmaiado como un carto de hora, e despois, fose polo frío da noite ou porque o door lle houbese amainado, volveu en si tratando de erguerse.

—¡Meu Dios! —escramou con fala doída— ¡Valédeme!

—E volveu a caír no chan.

A súa úneca esperanza fundouna en que pasaría alguén por alí a quen pedir ausilios; por disgracia pasou un bo anaco de tempo e nai-de aparecía.

Pouco dimpois veu a curta distancia dúas luces que se acercaban a il pouquiño a pouco. Entonces volveu a berrar:

—¡Valédeme!

—¿Ouviche, Bastián? —dixo un dos descoñecidos ó escoitar a voz de Manuel.

—Si, ho, debe ser algunha cousa do outro mundo, —respondeu o compañeiro.

—¡Que diaño! Sempre estás pensando nos mortos e en meigas. ¿Tes medo?

—Tanto como eso, non.

—Pois vamos aí.

—Do demo. ¿E si é algún ferido que está morrendo, e despois nos botan a culpa a nosoutros?

—¡Qué pouco esprito tes! ¿Terías callo de deixar morrer desa maneira on home?

—Non... pro esa cras de angueiras...

—Pois mira, eu vou alá. Se é unha ánima do outro mundo desconxúroa; se é un ladrón que desa maneira nos quixera roubar, pégolle un mocazo que o rebento; e si de verdá é un disgraciado a quen lle fose menester a nosa axuda, podrei gabarme de haber feito unha boa aución.

—Fai o que queiras, pro eu... olla que nestas horas non é de bo agoiro tal encontro.

—O agoiro estalo ti. Se queres vir connigo, ven; de non, é o mesmo.

—E decindo esto encamiñouse ó sitio en que se atopaba Manuel. O outro home seguía a curta distancia.

—Homiño, —dixo Bastián ó ver o ferido— ¿que lle sucedeu?

—Señor, caín polo ribazo.

—Eu pensaba que o haberían roubado.

—Non señor; non houbo tal cousa.

—¿E vosté onde vive?

—No lugar de Samoedo¹¹⁹.

—¿De Samoedo! ¡Ai, que demontre! Eres o afillado de Xuana... Vaia, Farruco, arrechégate acó, e levaremos ás anduriñas a Manuel.

O acompañante fixo o que mandaba Bastián, e a pouco chegaron co ferido á casa de Xuana, que ó ver o seu afillado daquela maneira desfacíase en pranto.

Por moitas preguntas que fixeron ó mozo, non puideron saber a verdade do sucedido, pois sostiña que resbalara polo ribazo de Corbeiroa. Eu por eso, Xuana adiviñou a verdade, pero fechou a boca porque non lle conviña descubrir certas cousas.

IX

O seguinte día xa se sabía en toda aldea o estado en que se achaba Manuel, e Rosiña foi a primeira en saber tal nova. O disgusto que reci-

¹¹⁹ Aldea do concello de Sada, situada a un quilómetro da capital municipal.

beu a fidalga nena non é para escribilo; e foi tal o door que sinteu que as bágoas negáronse de rubir por primeira ves ós seus feiticeiros ollos.

Non é, de verdá, o pranto a espresión máis sinxela das mágoas; hai outro pranto máis dooroso que, caendo cal promo fervente no corazón, non podemos sufrilo, e pouco a pouco volve en cinzas as ilusións da ialma; cinzas que matan cando o furacán dos anos as aventa. Ese pranto, é a melanconía, esa eterna nostalxia que non deixa acougar as almas sensibres.

Deixemos a Rosa, presa dos máis fondos doores, e escoitemos a parola que sosteñen o señor Mingos co seu sobriño Alixandre, que acaba de entrar no sobrado.

—¡Que hai, Alixandre; que se di de novo; —preguntoulle o tío.

—Si vosté non conta nada...

—Dicen por aí que Manuel foi malferido.

—Si señor; pro o lobo non come tantas ovellas como se di...

Entón contou a seu tío o sucedido pola noite.

—Ben feito, Alixandre; ese home empéñase en rirse de min, dixo o señor Mingos cando acababa o seu sobriño de contar o sucedido, —e alégrome que alcontre con quen lle zurre a badana. Pola miña parte, dígoche que si sigue sendo tan terco e se emperrencha en vir a falar ca miña sobriña contra vento e mareira, fago nel un escarmento. ¡Pois non faltaba máis, carafío!

—Deixe, meu tío; ontes colleu pra peras, e non terá máis ganas de leria.

—Fólgome deso.

—Veña a ver o sitio onde tiven a loita, —dixo o rapás despois dunha pequena pausa amostrando co dedo os penedos de Corbeiroa que se vían dende a ventana que daba ó nordeste.

Mingos ergueuse e olleou o sitio que lle asinalaban.

—¡Será posibre! —exclamou con fala de agonizante— ¡O mesmo sitio! ¡Meu fillo!...

—¿Que ten meu tío? —dixo Alixandre ó ver tal descomposto carís.

—Nada; déixame solo.

—Vosté está malo.

—Que me deixes, repito ¡Ese Manuel vai a ser a miña morte!.
¡Sempre ese penedo!

E dúas bágoas brilaron nas súas meixelas.

Aquel penedo era o terco xués que acusaba os seus crimes pasados.

X

Manuel foi mellorando pouco a pouco da súa enfermédá, e ós oito días de gardar cama xa o médeco lle dixo que podía erguerse. Así o fixo e saleu a dar unha volta polo quinteiro, onde atopou con Marica a muller de Míngos. Esta parouse ó ver a Manuel e entabrou parola con el.

—Seino todo —díxolle— e escuso decirche que me tes do teu lado. O úneco que sinto é que nada podó facer co meu home.

—Dios lle pague, señora, as súas boas intencións.

—Fago o que debo. Chégate, meu fillo; ¿que tal tes a ferida?

—Xa vai indo curada.

—¿Déixasma mirar?

—Con moito gusto.

Marica sacoulle o pano que ataba a ferida e chegouse astra tocar cos labres a testa do rapaz, quen se estremeceu, pois parecíalle ver na mirada daquela muller algo extraordinario; non esas chispas de amor mundán, sinón esa pasión tenra que solo sinten as nais, eses ánxeles baixados ó mundo pra facernos adiviñar a existencia dun ceo de praceres. Manuel sinteu espertar no peito as vaguedás de ter cos e non parolabres doores, e apretou entre os brazos aquela muller cariñosa, decíndo:

—Señora Marica, ¡si soupera canto sufro!

—Adivíño, meu fillo.

—¡Ai! ¡Non me chame así! Eu non conocín á miña nai, e eses verbes fírenme o corazón. Non tuven nunca o pracer de apreixar nos meus brazos a muller que me dou o ser: dera o mundo enteiro por

conocela; morrería eu tranquilo si nas agonías sentira os seus lábeos na miña testa; si ouvira as súas palabras de amor naiño. Un fillo sin nai é un ser desgraciado que en medio das máis tolas alegrías sempre sinte a lima roedora das esperanzas, desa nostalxia do aleixamento da dicha. Un fillo sin nai vive como un desterrado do paradiso, como unha frol que, nacida nunha cova, busca decote a lus do sol, morrendo por fin muscha e páleda antes de tempo.

Marica tiña os ollos enchidos de bágoas ó sentir o rapás.

—Si señora, —sigueu decindo Manuel— este peito foi sempre unha hucha de fondos doores, de esperanzas sin hourizonte. Non chegaba tal martirio, e Dios doume outro que acabou de encher a cunca das amarguras. Namoreime de Rosiña e xa vosté sabe que amores tan disgraciados se van volvendo.

—Pacencia, Manuel; eu tamen sufrín moito neste mundo, e seguirei sufrindo; o meu peito aínda é un laberinto de door que ningún pode adiviñar; e con todo, teño esperanza.

—E verdá; ¡a esperanza é a medicina que se aprica ás almas tíscas que non atopan remedio!...

—Si; pro ti, eu canto a Rosiña, non debes perdela. Dálle o consello de que volva prá súa casa. Cando vexa Mingos que nada pode sacar da sobriña, abandonará os prolectos de casamento.

—Dios a escoite, señora.

—Dios escoita sempre as almas magoadas.

—Esta noite quixera falar con Rosiña, e ó mesmo tempo daríalle o seu consello.

—Non te atente o diaño de saír ó sereo estando desa maneira.

—Non teña coidado; xa estou forte.

—Parécecho a ti. O sol está queimando, meu fillo; volve prá casiña e déitate, que che fai falla.

—Está ben. Dios vaia con vosté.

—El te garde Manueliño.

E cada cal colleu para a súa casa.

Marica enterou a Rosiña da conversación que tivera con Manuel e díxolle que el desexaba vela pola noite. Escuso decir a alegría que recibeu con esto a rapaza; parecíalle que o sol da súa dicha volvía a brilar de novo no ceo das súas esperanzas.

XI

Facía unha noite de vrao; a lúa brilaba, cal si fora un pandeiro prateado, no fondo dun ceo azul–mouro vertendo as guedellas de lus que ó caír no mar, figuraban mil difrentes pantasma que as maregadas mudaban decote co seu mover mainiño e desordeado. As arrás cantaban nas barranqueiras facendo estrana harmunía co meloso *có có* dos sapos; e o vento abaneaba os árbores facéndolles desprender os cheiros máis ledos, que espertaban no peito sentimentos vagos e tenros.

O lugar de Samoedo parecía esa fremosa Cintra que Camões nos pinta nos seus harmoñosos versos. Os castaños dos soutos, as ringleiras variadas que os ameneiros formaban na campiña, e os emparrados que parecían un segundo ceo arrechegado á terra, daban un tinte melancónico ó paisaxe e facían pensar no paraíso. As chimineas das chouzas ceibaban pooquiño a pouco o fume que rubía dereito e que parecía o incenso que entonces botaba a Dios a prácida Natureza.

Todo asinalaba amor e tranquilidá; todo invitaba a que a humanidade contempbase entonces a man misteriosa de Dios. ¡Estranos contrastes! ¡Sempre a Natureza indica o ruvés do que o noso corazón sinte!

Neste panorama nouturnio soo faltaba un anxeliño pra que tivese semellanza con ises sitios que os poetas soñan. Si olleamos o curral da casa do señor Mingos, podremos ver ise ánxel, pois non parece outra cousa a fidalga Rosiña, que está baixo as parras esperando por Manuel. A cofia branca e o refaixiño amarelo, que branco parece tamén pola noite, dálle a parencia dunha fada encantada, dun ser baixado do ceo. Direitiña como un esteo, e queda como unha virxe de mármore, está Rosiña olleando o camiño por onde supón que debe vir o seu noivo.

Soo se sinten os latexos do seu corazón, que lle fai erguer o levantado e ben feituquiño seo, e de ves en cando ceiba un longo suspiro de impacencia.

Dimpois de esperar algún tempo, veu vir un home polo fondo da horta, en quen reconeceu o seu amador.

—Rosiña —dixo Manuel ó vela e tendendo os brazos con delirio— ¡virxe dos meus sonos; alma da miña vida! ¡lus dos meus ollos!

—¡Manuel! —soo puido papuxar Rosiña.

—¡Canto tempo sin verme neses olliños! ¡Canto tempo sin ouír isas melosiñas palabras que me poñen tolo de amore!.

—¡Canto tempo! ¡É verdá!

—¡Si, Rosiña; sin ti non me atopo a gusto, non sinto alegría!

—Eu tamén, Manuel.

—Nada hai que poida separarnos; nin a morte poderá matar o amor que sentimos. ¿É verdá, miña rula?

—Si, Manuel; nada poderá arrincarme da ialma o sinxelo amor que me volve tola.

—¡Rosiña! ¡Fálame sempre así; dime sempre que me queres moito...moito!

—Moito, Manuel; si dixera outra cousa, enganaríate.

—¡Rosiña!

—¡Manuel!

E delirante de amor, tendeu Manuel os brazos, nos que se deixou coller Rosiña, chantando na súa fronte un bico prolongado. Así estiveron algún tempo. A Rosiña tembrábanlle os labres, tiña os ollos pechados e tapaba coa súa feituquiña man a boca do rapaz.

Volveron daquela arroubación, e preguntou Manuel:

—¿E teu tío, onde está?

—No sobrado.

—¿Non se deprocatará de que estamos aquí?

—Non; pois está ocupado.

—Mellor. ¿E túa tía?

—Esa tamén debe ter algún negocio serio.

—¿Ti adiviñas algo?

—Nada. A túa madriña Xuana quedaba con miña tía Marica pechadas dentro do cuarto e parolando caladiñamente. Eu, pensando que se referisen ó noso amor, púxenme a escoitar pola pechadura. Solo sentín que miña tía choraba de alegría, e que abrazando a Xuana, lle decía: “Xuaniña, hoxe é o día mais felís da miña vida; hoxe comenza pra min unha nova e non esperada felicidade... ¡Un fillo! ¡O meu filliño!” —E volvía a apreixar a Xuana. Eu non podo adiviñar que poida ser isto.

—¡Meu Dios! ¿Será ela? —dixo Manuel levantando a man ó peito— o corazón ben mo dice.

—¿Que dis, Manuel?

—Nada, Rosiña; son cousas da miña vida, e non fai falla que te canses en sabelas.

—¿Tes sacretos pra min?

—Non, prendiña, —dixo o mozo chantando na limpa frente de Rosa un bico de amore.

Neste momento sinteuse cerrar con forza a porta da chousa, salindo por ela un home. Rosiña dou un berro, pois coñeceu que aquel home era o señor Mingos, que viña armado cunha escopeta.

Sin dar tempo pra nada, chegouse a Manuel e quíxolle dar coa escopeta. Dou un brinco o mozo e agañapou a arma no aire, e entón comenzou unha pequena loita; pero disgraciadamente collera a escopeta polo cañón e disparouse dando a bala no peito do rapaz que caeu no chan sin sentido.

Rosiña dou un berro de angustia e colleu entre os brazos a Manuel, caendo esmaiada a pouco.

Ó estalido do tiro, saliron Xuana e Marica pola porta da eira.

—Miserabre, —dixo Xuana a Mingos con voz ronca— ¡mataches o teu fillo!...

—¡O meu fillo!

—O teu fillo, si: o que tirei da pena a baixo aquela maldita noite, non foi o recién nacido, sinón unha pedra.

—¡Maldición! —exclamou Mingos saíndo daquela escena de horror e fuxindo pola horta abaixo como un réprobo a quen persigue a sombra da conciencia lixada.

—¡Meu filliño!... ¡filliño!... —dixo Marica entramentras que pasaba o derradeiro diálogo, bicando a testa xa páleda de Manuel.

—Miña nai, —contestou este botando os brazos ó pescozo de Marica— por fin atopeite, por fin morro contento. ¡Nai!... eu morro... no ceo...

—¡Filliño! —volveu a exclamar Marica caendo sin sentido.

—¡Meu Dios! ¡Que disgracia! —decía Xuana tirando do pelo con desesperación.

—Nai... Rosiña... no ceo te agardo... —foron as últimas palabras do desventurado mozo.

Cando Marica volveu en si, atopou no colo o cadavre do seu fillo. Ceibou entón unha risa estrana. ¡Estaba tola!

Mingos colleu o camiño de Corbeiroa ó deixar aquela triste escena.

Chegou ó pé do penedo que xa conocemos e rubeu á cume del.

—¡Dios! ¡perdón! Aquí comenzaron os meus crimes; aquí finalizarán tamén.

E tirouse ó mar de donde non volveu a saír máis.

EPÍLOGO

Marica morreu ós dous anos despois dos últimos acontecementos, vítima dos máis fondos doores. Según conta a lenda do pobo, pola noite víase ir a Rosiña ó cementerio a rezar sobre a cova de Manuel, e cando saía daquel lugar sempre brilaba nos seus ollos unha bágoa fixando a mirada no ceo como si buscara nel o espírito do seu infortunado amante.

A NOGUEIRA¹²⁰

No cómaro de Lixandre, que está cara do levante, facía unha calor que acoraba. As raiolas semellaban fíos de ouro acesos, escentilantes, que ferían a carne con bicos de fogo.

Naquel recalmán da fonda corredoira, na que entraba a promo o sol, estaba o señor Mings do Muíño cavando nunha cova que tiña máis de vara e media de fondo. De ves en cando suspendía o seu duro trafego e limpaba a suor da enrugada fronte, volvendo de novo con mais afición ó duro traballo.

—Santas e boas tardes, —díxolle don Reinaldo, o médico do concello, que apareceu por alí dacabalo dunha besta relucente e gorda.

—Amén, señor, —contestoulle o vello Mings descubríndose.

—¡Vosté seique non está bon!

—¿E logo?

—¡Con setenta e cinco anos enriba das costas e traballando a estas horas baixo dun sol que queima!

—¿E que lle habemos de facer, don Reinaldo? O que levou coma min toda a vida traballando non se afai a folgar. Ademais, hoxe é o día do meu santo e quero adicalo a esta labor que fai tempo acuciaba.

—¿E pódese saber para que é esa cova?

—Para prantar no seu tempo unha nogueira.

—¡Unha nogueira! Vosté seique pensa vivir máis que Matusalem. —E botouse a rire.

¹²⁰ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 2, 11 de agosto de 1907, p. 3. Está xa recollido na edición de 1908 e en todas as posteriores. Tamén se incluíu no número 145 de *El Eco de Puente Caldelas*, correspondente ao 3 de agosto de 1913, baixo o antetítulo de "Cuentos de la Tierra" e asinado por M. Lugrís Freire.

—Non me decatara que o que estou facendo poidera darlle risa
—dixo o señor Mingos poñendo cara seria.

—Naturalmente, meu vello amigo. Ten vostede moitos anos, e ponse a prantar unha árbore que non dará froito senón cando xa non teña moas nin feitura delas con que comelas. ¿Non é cousa de se rir?

—¡Ai, don Reinaldo! —exclamou o señor Mingos como preparándose para unha longa conversa— Eu ben sei que estou moi vello e que a terra chama por min.

—¿E daquela?

—Daquela... que, en verdade, magóame que unha persona da sabiduría súa fale desa maneira. O ben que Dios nos dá no mundo non pode lograrse sin o noso traballo. O cariño que nas almas espertan os nosos filliños, fai que traballemos algo para os fillos deles, en xusto pago do que por nós fixeron os nosos petrucios. A folganza neste caso pode ser unha cobiza, que é cousa mala inventada polo demo para matar a irmandade entre os homes. A vida, según di o crego da freguesia, é unha cadea da que os grilóns van sempre facéndose novos sin perderen o seu que-rendoso contaoto, e traballando decote polo melloramento de todos.

—Non falades mal, —díxolle don Reinaldo socarronamente.

—Os homes de letras, como vosté, poden dicirnos eso en toada de burla. Mais, se me dá licencia, voulle a facer unha pregunta. ¿Vosté foi quen prantou a nogueira do Souto Pequeno que lles dá anadas como en ningures se ten visto igual?

—Non; foi meu avó.

—¿E seu avó probou as noces desa nogueira?

—Non; astra os netos non deu froito.

—Pois daquela, meu señor, xa ve que estou facendo o mesmo que seu avó fixo, e non ten por qué se rir de min. Estou traballando para que, cando eu estea morto, coman os meus netiños, no día do meu santo, as noces desta nogueira. Sin que eles se decaten estou preparándolles o regalo que despois non poderei donarlles, porque demasiado sei que eu non son Matusalem.

Don Reinaldo pideulle perdón, e foise como avergonzado da leición que o vello acababa de darlle.

E o señor Mingos volveu ó seu traballo coa fe dun apóstol que coida estar recibindo ordes do ceo.

HOMERO¹²¹

—¡Que noite fera! —dicía o vello petrucio—. A sarabia que rebota no tellado, o vento que zoa nas lumieiras, espertan pensamentos caridosos polos pobres mariñeiros, que agora andan no mar, e polos viandantes sin pan nin agarimo. Bota, miña Sabeliña, bota leña no lume, e que suban ós escaños eses cativiños para se quentaren nesta lumarada, que é un ben de Dios.

Os tres nenos, de cabelíños louros, sentáronse a carón do lar, e Sabela botou cachopa na larada. O señor Bastián, o vello petrucio, descubreuse:

—¡Vaia!... imos a rezar polas almas dos nosos difuntiños, e porque Dios non se esquezna nesta crúa noite, dos que non teñen catro tellas onde se agarimaren.

E comenzou o rezo do *Pater noster*, con esa mistura de voces infantís e vellas, que semellaban o doce balbor das oraciós dos ceos. O gato amañouse, engruñándose, a rente do lume; e dentro do forno deixou ouír un grillo o *cric-cric* con que festexaba a vívida lus que escorrentaba estonces as sombras tépedas da cociña.

Petaron na porta.

—¿Quen será? —dixo o señor Bastián baixándose do lar, e dirixíndose á porta do quinteiro.

—¿Quen chama?

¹²¹ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 7, 19 de setembro de 1907, p. 3. Recollido en todas as edicións en libro posteriores.

—Son eu, son o cego Pascual, que pido casa cuberta por amor de Dios e polas almas dos vosos difuntiños.

—Adiante meu amigo, —respondeu o petrucio abrindo a porta—. Adiante, que temos unha boa larada.

Entrou Pascual astra a cucuña. Era un vello de setenta anos. Traía por compañeiro un cadelo amarrado a unha corda; debaixo da cumprida capa, unha zanfona.

—Alabado sea Dios.

—Para sempre sea bendito e alabado —respondeu a dona.

—¿Seique non me conoce, señora Sabela? Eu son Pascual o cego que xa estiven aquí outras veces. A terra que atravesei é terra montañesa, pobre, e quen non ten non pode dare. Non teño, pois, un carto. ¿Poderían darme pousada e mantenza por esta noite?

—Pousada... pode quedar no arrimo, onde gardamo—lo carro, que está abrigado e hai palla onde deitarse. Mantenza... somos pobres e temos moita necesidade, ¿que lle habemos de dare?

—Bueno, sea todo por Dios.

—Suba, entramentras, á lareira, e quéntese.

O cego sentouse tamén a carón do lar. O gato ergueuse larchamente, e foise para outra banda sin quitar ollo do can forasteiro.

—¡Canto tempo fai que non viña vosté por aquí! —díxolle Bastián. Vexo que agora trai boa roupiña. Esa capa parece a dun vinculeiro mariñán. ¿Que boa fada o protexe?

—Esta, señor Bastián, esta; —respondeulle amostrando a zanfona.

—¿E como a adiquireu?

—Foi que me alumou Dios. Dende que perdín a vista —pois inda que vexo algo solo é para endereitarme polos camiños— tiven que botarme polas portas do mundo a pedire. ¡Canta fame pasei, virxe do Carme! ¡Cantas angurias sin nome viviron no meu corazón! Nas fiadas, nas regueifas, nos quinteiros cando se facía foliada, as xentes non se decataban de min. Os farrapos, que mal cubrían o meu corpo, non espertaban a compasión. A mocidade que se adivertía, quiría cántigas, quiría verbes churrusqueiros que aumentasen a súa felicidade.

Non tiñan daquela os ánimos para lembrárense dos infortunados. Un día o señor Marqués, que é un bon cristiano, díxome que para lograr esmolos tiña que donarse algo en troques; e mercoume esta zanfona. Adeprendín a tanxere. Toco nela a muiñeira das festas e maila da gro-ria, a cántiga de Silvana, a do *Lironte-lirón*, e outras mais, que son do agrado dos montañeses.

—¿E daquela déronlle máis esmola?

—Deron, miña santiña, deron.

—¿E por que non toca agora o *Lironte-Lirón*?

O cego comenzou a cantar, acompañado da zanfona. Era unha balada melancónica, tristeira. Falaba dun amor puro, incumprido, de almas irmás que non puideran abranguer a felicidade cobizada. O namorado mozo iba de pobo en pobo, de aldea en aldea, buscando sempre a linda muller. Unha voz suave faloulle solermiñamente den- de o ceo, e el, cos ollos fitos na branca lúa, morreu no silencio da noi- te, namentras as campás dobraban a morto na viciña igrexa!!...

—Siga, siga meu vello Pascual, —dixo a dona cos ollos cheos de bágoas;— siga co esa cántiga, que lle hei de dar caldiño e compango esta noite...

E a zanfona sigue xemendo brandamente, e xuntando os seus esvaídos sons ó triste balbor do vento, que fungaba nos vici- ños piñeirales.

AXÚDATE¹²²

A RODRIGO SANZ¹²³

Chovía. Despois de atravesare a península que forman as rías de Ares e maila do Ferrol, cheguei por fin á branca e ridente vila de Mugar dos. Non tiven máis remedio que agarimarme nunha taberna, no final da rúa que dá fronte ó malecón.

Catro mariñeiros, debrozados sobre dunha limpa mesa de pino, falaban dos negocios e traballos da súa profesión. Tres deles eran mozos barudos, fortes, traxeados a estilo de medio labrador e medio mariñeiro. O outro era un vello, coa sotabarba branca coma espuma de Ganderío¹²⁴, de faceiras bermellas, de anchos e recios ombros. Vestía enxebremente de mariñeiro; e aínda levaba o gorro portugués, moi semellante á barretina dos catalás, que tanto se estilou entre os habitantes das vilas mariñeiras de Galicia.

¹²² Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 43, 19 de xuño de 1908, p. 6. Recollido en todas as edicións en libro posteriores.

¹²³ Rodrigo Sanz López (Ferrol, 29 de decembro de 1872 – Santiago, 26 de xullo de 1939) estudou Dereito en Santiago e apareceu na vida pública na inauguración do Ateneo Ferrolano en 1903. No 1906 contribuíu a crear a Universidad Popular. Un ano máis tarde fundou Solidaridad Gallega na Coruña, organización xurdida a imitación da Solidaridad Catalana. Asemade creou e dirixiu *Solidaridad Gallega*, o voceiro da entidade homónima. Colaborou nas máis importantes publicacións do seu tempo e foi un destacado promotor da prensa local. En 1908 foi nomeado académico de número da RAG pero non chegou a tomar posesión por trasladarse a vivir a Madrid. En 1917 converteuse no primeiro presidente do Partido Regionalista Gallego e no 1919 ocupou o cargo de presidente do Centro Regionalista de A Coruña. Ocupou tamén postos de certa relevancia no Secretariado de Galicia en Madrid e durante a ditadura de Primo de Rivera. Interviu en numerosas conferencias de carácter rexionalista, foi un dos promotores das Irmandades da Fala e redactor das *Bases para un proxecto de Estatuto de Galicia*. Unha das súas principais contradicións foi a defensa do castelán como lingua oficial de Galicia.

¹²⁴ Gandarío é unha aldea da parroquia de Oucés, no concello de Bergondo, que está situada a 3,8 km. da capital municipal. Tamén é unha praia da marxe esquerda da ría de Betanzos.

—Ben está —decía o vello— ben está que lle fagades a festa a San Pedro, sempre e cando non vos esquezades do traballo, que é a primeira virtude dun home de ben.

—Pero logo, ¿nosoutros non traballamos, señor Bastián? —perguntou un mariñeiro mozo.

—Si, traballades; mais agora dades no malo costume de inventar moitas festas de igrexa, que duran máis dun día, costando polo mesmo moi caras...

—No seu tempo aínda eran máis devotos, meu vello.

—No meu tempo había tamen folgazás que todo o agardaban do ceo, e homes prácticos que cumprían con aquel refrán que di: “Axúdate, que Dios te axudará”.

O vello Bastián botou un groulo de viño, limpou o bico coa manga da chaqueta, e, acomodándose no banco coma quen se dispón para unha longa conversa, dixo:

—Rapaces, atendede este feito que me pasou a min cando era patrón do falucho *A Virxe de Chamorro*, que foi a embarcación máis lixeira e de máis sorte de cantas saíron da praia de Maniños¹²⁵. Eramos catorce homes. Saímos unha mañán moi cedo, o día da Asunción, ó mar. Chegamos astra a altura do cabo Prior¹²⁶, onde atopamos co falucho de Pepe do Rilo, que era un beato a quen Dios teña na súa santa presenza.

O mar estaba rizado: as marexadas tiñan un movemento desigual no cume, que me facía desconfiar do tempo. Cando nos perparábase a pescar (estábamos a 15 millas de Prioriño¹²⁷) o ceo comezou a poñerse roibo, acendido pola banda de Nordeste. Despois, paseniñamente, foi esmorecendo aquela color astra tornárese en cincenta e tristeira.

—“Compañeiros, —dixen eu estonces— estase preparando un fero Nordeste”.

¹²⁵ Parroquia de Fene que linda polo norte coa Ría de Ferrol, con Limodre polo sur, con Barallobre e Limodre polo leste e con Piñeiro polo oeste. Está situada a 3,4 km. de Fene.

¹²⁶ Cabo do litoral atlántico situado na parroquia de Covas, no concello de Ferrol. Está formado por unha lingua de terra de 1750 metros que entra no mar 2350 metros.

¹²⁷ Cabo situado na parroquia de Brión, no concello de Ferrol. Está formado por unha extensión de terreo de 600 metros de longo e 1000 metros de ancho.

As marexadas comenzaron a se ergueren, lixeiras, súpitas. De ves en cando os *carneiros* asomaban por enriba das ondas. O vento infraba a vela de tal xeito que coidei que se tronzaría o pau.

—“¡Cara a terra!” —berrei— e dunha orzada puxen a popa ó temporal.

¡Aínda me arripío, rapaces, aínda se me calla o sangue nas veas pensando naqueles duros momentos! As gaivotas viraban as aas para un lado, despois para o outro...

Baixaban astra tocaren a tona do mar, e logo subían ás nubes, coma unha cortiza moi afondada que se ceiba e busca o alto das escuras augas.

Tomamos un rizo a vela; pouco despois tivemos que tomalos todos. Xa non quedaba máis que unha vara de pano. Unha forte racha asubiu rifando a vela: non quedou máis remedio que abaixala. A pau seco seguimos a nosa retirada.

A cen brazas, por babor, seguíanos a lancha de Pepe do Rilo.

O vento zombaba con tal furia, que, arrincando a auga do mar, semellaba un espeso neboeiro. As ardentías, cada vez máis altas e máis bruentes, comenzaban a branquear ó longo. O sol xa non se vía, como se chegara para nós a triste noite das tebras. Erguín a cabeza... ¡Meu Dios!... o ceo estaba craro por enriba do meu curuto. As gaivotas, berrando, asustadas, fuxían en busca dos penedos da costa brava. ¡A mareira, a negra mareira rexurdía con toda a súa maldita traición!

Se unha daquelas ardentías, se unha daquelas bruentes marexadas chegaba a romper sobre da popa do falucho... ¡éramos perdidos! A morte amostraba xa a súa negra boca dende o fondo do mar salado!

Pepe do Rilo, cuio falucho aínda viña preto de nós, arrodillouse pidindo crencia e protección ó ceo. O mesmo fixeron os seus compañeiros. Pero o peor foi que os meus homes, seguindo o exemplo dos viciños, arrodilláronse tamén cramando e chorando coma mulleres...

—¡Virxe santísima de Chanteiro!¹²⁸ ¡Virxe do Carme, válenos, sálvanos!... ¡Adiós, meus filliños! ¡Adiós, nosas mulleres!... ¡Adiós, mi madre!...

¹²⁸ Refírese á imaxe que se venera nunha ermida da parroquia de San Pedro de Cervás, no concello de Ares, e á que se lle atribúe unha importante intersección na peste que en 1404 se declarara nesta comarca.

—“¡Covardes! ¡Larchás! ¡Galiñas! —berrei collendo a macana de toxo—. Agora non se reza... ¡agora traballade, loitade, obedecede! A facer o que eu mande, senón ábrolle a cabeza ó primeiro.”

Cada un púxose no seu lugar dispostos a traballare.

Naquel momento lembreime de que meu pai dixérame unha vez que a rompente das ondas amainábase cun fío de aceite, que así o fixera Noso Señor Xesucristo no mar da Taberaida¹²⁹.

Pedín a alcuza; fun ceibando pola popa con moito modo un fío de aceite. Era certo o remedio: as marexadas non rompían sobre de nós...

Os mariñeiros de Pepe do Rilo seguían rezando, e quedaban xa moi lonxe. Un berro de anguria encheu o aire... ¡Acababa de tragalos o mar para sempre! ¡Imposible o tornare para lles valere!

—“¡Avante sempre; remade forte!... ¡Avante! ¡ala... ala...!”

E eu seguía botando un fío delgadiño de aceite no mar. Acabouse o de alcuza, e fun ceibando o do candil.

Xa víamos a Coitelada¹³⁰

—“¡Avante... ánimo ...!”

E pola popa iba caíndo, delgadiño... delgadiño... o fío de aceite.

Chegamos ó abrigo do Segaña¹³¹, e logo despois a Mugardos. No malecón agardábanos as nosas familias.

—“Rapaces —dixen eu ó poñer o pé en terra firme— rapaces, traballástedes ben. O traballo é unha grande virtude, é a vida mesma. Agora podedes rezar canto queirades, e facer os agasallos que vos dea a gana a tódalas virxes e santos de Chanteiro e tres légoas máis a redonda”.

E o recio vello Bastián botou un groulo de viño, con certa cirimonia, como quen comulga nunha relixión de héroes e homes de proveito...

¹²⁹ É posible que se trate dunha galeguización do bíblico Mar de Tiberíades.

¹³⁰ Punta situada ao sur da praia de Chanteiro, fronte á localidade de Rega, parroquia de Cervás, no concello de Ares.

¹³¹ Punta do litoral atlántico situada ao norte de Chanteiro, na parroquia de Cervás, no concello de Ares.

O PRIMEIRO SANGUE¹³²

Aló nun curruncho de África, nas terras onde nace o Nilo, había no vello tempo dun Tolomeo¹³³ unha nación que se gobernaba sempre oíndo dinantes o consello dun Sabio chamado Sponto, que vivía nunha cova preto da vila principal.

Un día foron a falarlle os labregos:

—Sabio Sponto, —dixéronlle— o goberno do reino vai de mal en peor. A terra está inzada de ladrós que no nos deixan andare polos camiños. As nosas chousas, as nosas vidas non teñen xa seguranza... ¿Que temos que facer?.

—Dar parte á xusticia.

Outro día volveron os labregos:

—Sabio e xusto Sponto, o Rei gobernános moi mal. Non temos camiños empedrados como os que fan os romanos na Iberia e na Mauritania, e polo mesmo non podemos leva—los froitos do noso traballo ós mercados de Fenicia e de Celesía. Os nosos fillos van loitar a terras alleas por razóns que non conocemos e causas que non nos importan. As leises e maila fala da nosa terra son trocadas por outras que magoan os nosos sentimentos. Sabio Sponto, ¿que facemos?

—Que os xefes das tribus pidan xusticia ó Rei.

Despois dun ano tornaron os labregos:

—Sabio mestre, xusto Sponto, outra vez pidimo—lo voso consello. Os xueces que o Rei nos mandou son homes sin concencia. Can-

¹³² Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 6, 11 de setembro de 1907. Non figura baixo o antetítulo "A carón do lar". Tamén foi reproducido en 1908 na revista *Mondoñedo* e en todas as edicións en libro.

¹³³ Son moitos os reis de Exipto con este nome entre o século III e II antes de Cristo.

do vamos a diante do tribunal gana sempre o poderoso, o sátrapa. A min leváronme os campós onde o meu gando apastaba. Querelleime. O xues do Rei permitiu que me roubaran os bes que herdei dos meus abós, porque o ladron deulle cen monedas de ouro de Tolomeo. Sabio mestre, xusto Sponto, ¿que facemos?

—Agora, a xusticia debes de facela pola vosa man, —dixo Sponto poñéndose de pé, cos ollos lostregando de coraxe—. Cando os encargados de administra-la xusticia, (que é a paz, o fundamento dos pobos civilizados, a verdadeira representación de Isis¹³⁴ na terra), faltan ós seus deberes e trafican co ela, deixando as malas inclinacións dos homes abandonadas ós seus propios instintos, debe de empregarse a forza. Labregos, pobo traballador e forte ¡facede vós a xusticia!

E por primeira vez o sangue verteuse naquela terra de lonxe onde nace o Nilo.

¹³⁴ Deusa exipcia, esposa de Osiris e nai de Horus. No Baixo Imperio converteuse na Gran Nai Universal. Represéntase con dúas ás nos brazos, un trono sobre a cabeza ou ostentando un tocado en forma de voitre coas ás caídas aos dous lados da cara. Outras veces está representada polos cornos da lúa sobre os que aparece o disco solar. Polo Mediterráneo estendeuse o seu culto como “estrela do mar”, sendo representada por un temón como emblema.

¡A XUSTICIA!¹³⁵

O vello petrucio tiña fondas cavilaciós aquela noite. Con ollos quedos e fitos na esmorecida fogueira do lar, semellaba que estaba escismando pensamentos pouco agasalleiros.

A tristura ten a virtude dos andacios, e a familia do señor Paulos, que así se nomeaba o petrucio, estaba tamén calada como se respondera ós mesmos pensamentos.

—¿Seique ten hoxe ferruxe? —atreveuse a dicir por fin o seu fillo Román, que era un mozo xentil e barudo que non pasaría dos trinta anos.

—Non, Ramonciño; non teño ferruxe. Estou, si, cavilando nas cousas do mundo.

—¿E vosté coida que arreglará todo eso coas súas cavilaciós? —interrogou a súa nora Sabela.

—Non, non penso tal... mais non podo deixar de me doer de certas aldraxadas que fan os demos destes tempos, que teñen máis forza e poder...

—¿E eso é pra estar caviloso?

—Miña nora, canto máis se vai apurando o fío da nosa vida máis coidados se espertan no noso espírito. Estas noites do outono mainas, escuras e caladas sementan en nós pensamentos saudosos.

—Certamente que vosté está hoxe aqueloutrado, e non temos que facerlle —dixo Román.

¹³⁵ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 14, 12 de novembro de 1907, pp. 4–5, cunha nota na que se indica “Ao meu quirido amigo Nan de Allariz, director de *Follas Novas*, na Habana”. Esta nota foi suprimida en todas as edicións posteriores en libro.

—¿Hoxe quedarémonos sin o conto a que vosté nos ten afeitados as noites?

—Si, si, un conto, avolito, —dixeron os tres netiños batendo as mans.

—¿E de que vos hei de falar?

—Inda que sea un conto de pantasmas e de encantamentos —dixo Román— que os cativos de agora xa non sinten medo.

—¿De pantasmas e de encantamentos! ¡Ai! ¡meus filliños! facedes ben en non lles ter medo. Cando eu era pequeno non se facía un conto a carón do lar que non fora de encantamentos, que ferían o noso cerebro facéndonos despois ver entre das sombras do sobrado mil pantasmas, endiañados, que nos arripiaban moito.

¡Ditosos tempos aqueles, meus filliños! —sigueu dicindo o vello Paulos— ¡ditosos tempos aqueles en que tiñamos medo a pantasmas que vivían na imaxinación da xente iñorante! ¡Son outras as malas fadas que agora pesan sobre dos labregos! Aquelas compañas que, nas altas horas da noite, atopábase na escura congostra; aquela medoñenta compañia que iba a rente dunha tumba, vagueando pola tebroza campía, rodeada de luces esmorecidas e moventes, seguida da desdentada estadea... metía grande medo, é certo, ós babecos que xuraban que a viran. Os palramentos das meigas na sombrisa Quenlle¹³⁶, da que saían despois, trocadas en brancos carneiros e mouros gatos que atentaban ás comanduleiras viciñas; o demo que andaba ceibo pola terra conquerindo ánimas para seu odiado reino... aqueles tronantes que a iñorancia dos nosos antepasados coidaba ver nos negros turbiós do ceo, e que despois, cando eran esconxurados polo libro de San Ciprián, caían na terra pedazo a pedazo para seren enterrados no monte Medela en baixo de sete croios; aquelas lumias da noite que asolagaban no mar as embarcacións mandadas por mariñeiros que non querían renegar da fe de noso Señor Xesucristo... Todo aquilo, e outras cousas máis, éranvos contos, alucinacións das xentes

¹³⁶ Pode tratarse de Quenxe, unha aldea da parroquia de Lemaio, no concello de Larcha, a 5,4 km. da capital. O único topónimo Quenlle que rexistramos atópase na provincia de Ourense.

de pouca sabidencia; eran, digo, mais, éranvos contos, alucinacións que non furtaban os froitos das nosas chousas, nin lixaban a honra dos cristianos. Mais agora supoñede que todo aquilo fora certo; xuntade tódalas lurpias do inferno; arrecadade as barreduras dos canallas e malnacidos; misturade todo esto e dádlle alma e corpo, e teredes estonces a imaxe verdadeira, a feita do demo en que eu tiña dinantes cravado o meu pensamento.

—¿E quen é ese demo? —preguntou Román.

—O cacique que vive nestas infortunadas montañas, esa maldición que tomou corpo en don Reinaldo...

Este nome fixo correr un estarcemento de horror polas veas de toda a familia.

—Pero logo, —dixo Sabela— ¿sabedes dalgunha outra infamia dese ladrón?

—Si, miña nora, si; unha infamia que para que se lle dera creto precisábase ter coñecimento da baixa condición do home que a fixo.

—Cóntenos, daquela, señor.

—Pois veredes, meus filliños, pois veredes. María do Couto estaba cegamente namorada de don Reinaldo. Había malas linguas que aseguraban que María non se gardaba moito do seu galán, mais esto tiña desculpa polo moito querer que lle tiña¹³⁷. Unha noite chegou don Reinaldo á casa de María, e díxolle:

“Ti ere—la única persona deste mundo que é merecente da miña confianza; colle estes documentos e gárdaos ben, agáchaos no colchón do teu leito, pois hai malas almas que mos queren furtar para me perder.” María acetou con alegría, pois é sabido que para unha alma namorada non hai satisfacción máis agasalleira que a de sere merecente da confianza da persona que se quere. Don Reinaldo, como sabedes, tiña moito mando no concello, e sospoitaba de que pensaban facer secretario ó pai de María para aminorar deste xeito o caciquis-

¹³⁷ Nas “Erratas” que pechan a primeira edición dise que “Entre outras, que o bon sentido correxirá, hai unha importante nos renglós 24 e 25, páxina 21: onde se di *polo moito lle tiña*, debe dicir, *polo moito querer que lle tiña*.”

mo seu. Pois ben: no seguinte día, deu parte á xusticia de que lle furtaran da oficina os ditos documentos, e deu a confianza de que debía telos o pai de María. Alá foi a xusticia a facer un rexistro, e, nafecto, atopou os documentos... A proba non tiña volta. O pai de María foi a presidio, onde morreu de tristura, de vergonza e de desesperación; e ela, a infelís María, baixou ás Mariñas, e por aló anda, triste esconsolada, famenta, pidindo polas portas do mundo en compañía dunha criaturiña filla dese infame!...

—¿Pero hai xusticia na terra? —dixo Román pechando os puños fortemente.

—Non, —dixo o vello— a xusticia trabúcase moitas veces. ¡Dios nos teña da súa man! Recémoslle para que nos protexa destes demos, e para que a misericordia e a xusticia alumeen a conciencia dos homes!

E comenzaron a rezar o vello, a nora o mailos netiños.

Román non rezaba. O lume, nunha das súas boqueadas, fixo brilla-la fouce que estaba quindada do caneiro. Nela cravou o mozo unha ollada dura, longa, fera; e dixo para encontra si facendo rilar os dentes coa carraxe:

¡A xusticia! ¡A xusticia!

A LIBERTADE O LOBO E MAIL-O CAN¹³⁸

IMITACIÓN DUNHA FÁBULA DE LAFONTAINE

Consta dun vello pergameo, atopado nos cimentos dunha pirámide exipcia, que aló nos comezos da historia, dinantes de que os fillos de Tiro e Sidón viñesen nas súas barcas raras e fermosas a visita-las praias da Iberia, os cans non existían, ou millor dito, os cans e mailos lobos eran unha mesma familia, que andaban polos montes e fragas, como verdadeiros foraxidos, comendo cando podían e disfrutando dunha liberdade natural e completa.

Mais un día, cansos de trafegar no monte, dous de aqueles animais, macho e femia, baixaron a unha vila caldea. Acetaron os costumes da nova vida, e dexeráronse canto pode dexenerarse un animal que aceta o que non é propio da súa condición.

Tal é, según o vello pergameo exipcio, o orixe do can.

Despois de moitos anos, un forte can de palleiro, tataraneto dos animais foraxidos, sintindo saudades pola liberdade, deixou a vila caldea e foise a zanganear polo monte.

Na revolta dunha congostra, atopou cun lobo famento e fraco coma un asubío. Olláronse fite a fite, e, midindo coa imaxinación as súas forzas, decidíronse prudentemente a non loitaren.

—Boas tardes, señor lobo.

—Moi boas, señor can.

—¿Seique estás melancónico?

¹³⁸ Publicado n' *A Nosa Terra*, n° 41, 4 de xuño de 1908, pp. 4–5. Ese mesmo ano foi reproducido en *Mondoñedo* e tamén en todas as edicións en libro.

—Estou, ho; a fame sempre foi moi dada ás grandes cavilaciós. Este inverno é moi cru, a neve acocha por compreto o monte, e por ningures atopo mantenza.

—Pásalo mal porque queres, lobo amigo. Eu veño dunha casta que noutros tempos andaba ceiba por estas montañas... Un día os meus antepasados decatáronse que era comenente facerse amigos dos homes, e baixaron á vila. Dendes daquela, xa ves que boa pelamía temos.

—Non é mala, non; mesmamente somellas unha virxe de Osiris polo rixo, gordo e relucente.

—Pois ti podías esta-lo mesmo.

—¿E de que maneira?

—Facendo o que eu fago. Déixate de rila-los dentes pola noite, que tanto medo causan a tódolos animás, e faite amigo dos homes. Os homes, en verdade cho digo, son un fato de lampantís. Adúlaos canto poidas, lámbelles a man cando vexas que che van a mallar no lombo, e verás que regalada vida tes en troques. ¿Modo de servirlos? Pouca cousa tamén. Cando na eira entre un señor, con longa túnica e casco coruscante, debes menea-lo rabo de dereita á esquerda, dar dúas voltas á sua beira, e despois déitaste no chan ollando solermiñamente. Mais cando algún desgriado cuberto de farrapos, vello e arrimado a un bordón, pida unha esmola, ou supoñas que nada pode dar, ládraslle canto podes, e fíncaslle os dentes nunha perna. Tratar mal ós probes é moi ben visto entre dos animás que se moven sobre dúas patas.

—Non me parece mal, —respondeu o lobo cheo de alegría— e rógoche que me leves contigo.

—Pois imos indo.

E en santa e amorosa compañía comenzaron a camiñar cara a vila. Cando xa estaban preto desta, parouse o lobo e preguntou:

—Amigo can, ¿que é o que tes no pescozo?

—¿Eu? nada.

—Fáltache o pelo en toda a volta.

—¡Ah! É o sitio da colleira, con que de noite me prenden onde a porta.

—¿Non saes fóra? —dixo o lobo sentándose sobre das patas traseiras— ¿non corres libremente pola terra toda cando che dá a gana?

—Non sempre... ¿eso que importa?

—Tanto importa que tódalas regalías e lambetadas que me brindas, nin canto de bon hai na terra, por tal precio non o quero.

E o lobo, como alma que leva o demo, botou a correr cara ó monte; e desde entón afirmouse a diferenza das dúas castas, que endexa-mais poideron entenderse.

¡BOA PROTEICION! O RAPOSO E MAILAS GALIÑAS¹³⁹

Era entre lusco e fusco. As galiñas, na compañía de tres coruscantes e xentiles galos, empoleiráranse xa no galiñeiro.

Esperguizaron as aas, cataron o bicho, e paseniñamente foron agachando o pico dispoñéndose a dormir. Xa non se escoitaba máis que o xordo cacarexo dunha galiña celosa, que dirixía non limpos alcumes a unha pita branca que aquel serán fora agasallada, con cortesía e con feitos, polo galo máis novo e solermiño verdadeiro sultán naquel serrallo voador.

Un dos galos alongou o pescozo, e dirixindo a cabeza de dereita a esquerda púxose a ouzar. Na porta do galiñeiro sentíanse mainas rabuñaduras, que foron subindo pouquiño a pouco astra o tarabelo. Os demais galos e galiñas espertaron, e cacarexaron asustados.

—¿Quen anda aí? —preguntou un galo mozo que dun brinco baixou astra a porta, poñéndose a asestar por unha rendixa do caneiro.

—Son eu, —dixo o raposo, que tal era o animal que rabuñaba na porta.

—*Eu* é palabra que a todos nos cadra. Díganos o seu nome, calidade e demais circunstancias.

—Pois eu son o can de palleiro do señor Chinto, que vive preto da ponte.

—¿E que quer de nós, señor can de palleiro?

¹³⁹ Publicado n' *A Nosa Terra*, n° 34, 14 de abril de 1908. Reproducido ese mesmo ano en *Mondoñedo* e incluído en todas as edicións posteriores dos *Contos de Asieumedre*.

—Pois direivos, meus queridiños, —dixo o raposo con meigo falar que chegaba ó fondo dos corazós dos que escoitaban— eu sei que tedes moito medo ós raposos ladrós do monte de Lixandre, que mesmamente non vos deixan acougar. Dádesme lástima, abofellas, porque a vosa vida é ben arrastrada e triste. Coma se fosen pouco os traballiños que pasades na eira, e maila negra fame que sufrides polo esquencimento do señor dono, o voso único porvir é arrematar na cazola de calquera camanduleiro. A min doime a ialma caviando sobre da vosa asoballada e humilde condición, dina de mellor sorte...

—¡Vaites, vaites! —dixo estonces bulronamente un galo vello, que non se movera do poleiro.

—¡Es un can de boa lei, ho! —añadeu o galo máis novo que conversaba dende a porta.

—Como tedes moitos enemigos —sigueu falando o raposo— o voso dono prívavos da libertade pra que os raposos ladrós non vos finquen o dente. ¡Prívavos da libertade, meus quiridiños, que é a maor desgracia que pode caír sobre un animal, a quen Dios deu aas, como a unha aguia, e que as malas fadas os teñen escravos entre valados dun curro! Eu non podoo permitir que vivades desa maneira. Movido dun forte sentimento de amor e solidaridade, veño a ofrecervos a miña proteición, xurándovos que escorrentarei tódolos raposos que vos queiran roubar...

—¡Viva o can do señor Chinto!

—¡Viva! ¡Viva! —berraron galos e galiñas, menos o galo vello que aínda seguía empoleirado.

—Pois abride a porta, meus quiridiños, pra seguir a conversa, que aquí fai un corisco que tolle.

Iba o galo pequeno a dar un pulo pra empuxar co pico o tarabelo, cando o galo vello baixou súpito do poleiro, e dixo:

—¡Alto aí! Aos animás que non son da nosa condición non hai que dar creto. Acougade, e deixádeme falar con ese can, ou o que sea. ¿Ere-lo can do señor Chinto?

—Son, —dixo o raposo.

—Pois amóstrame a orella.

—¿E pra que? A desconfianza non é dina de galos de boa lei.

—Daquela non abro a porta.

—Aquí te-la orella —respondeu o raposo amostrando pola rendixa un anaquiño.

—¡Mala perdigonada te esmendrelle, raposo ladrón! Perde-lo tempo. Esta porta non se abre pra ti de ningunha maneira. Podes liscar.

E volvéndose despois ós demais compañeiros plumíferos, díxolles solenemente:

—Tede en conta que os tiráns non cumpren os programas democráticos, e que nunca o vicio poderá imitar ben a virtude.

O XIRO DO SANCRISTÁN¹⁴⁰

—Viacó, Andrés, viacó, —dicía o crego de San Roque ó sancristán— ¿ti es home de ben?

—¡Ai, señor! ¿E pergúntamo? ¿E haberá no mundo home máis leal e mellor vasallo que min? Se San Roque falara podería decirlle se teño ou non teño boa lei.

—Pero como San Roque non fala, e penso que fai ben, fágóche eu a pregunta.

—¡Avo María, señor cura! As súas palabras mesmamente que me dan moito que cavilar. ¿Ten vosté algunha duda da miña honradés?

—Direiche, Andrés: hoxe recollín os cartos da boeta das ánimas, e notei que non hai nin a mitá do que debía de haber. ¿Quen colleu cartos dalí?

Andrés rascou fortemente a testa, e despois de vacilar como o que se vai chapuzar en auga fría no mes de Xaneiro, dixo:

—Pois mire, señor cura: a verdá élle a verdá, e por dicir mentira non me ha de abri-las portas o demo. Onte pola mañán quitei cinco pesos da boeta.

—¡Gandul, mal sancristán, herexe!... ¡Roubar desa maneira ás ánimas do purgatorio!

—¿Eu roubar? Eso non é certo. Escóiteme, pola nai que o pareu e verá como non foi un arroubo. O sancristán de Santa Minia preto de Pontevedra, debíame unha cantidá dende fai tres anos. Como non tiña modo de mandarma, esquirbinlle dicindo que mete-

¹⁴⁰ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 42, 12 de xuño de 1908, pp. 5–6. Ese mesmo ano foi reproducido en *Mondoñedo* e estivo presente en todas as edicións en libro.

ra na boeta das ánimas da súa igrexa cinco pesos, que eu os recollería da boeta aquí.

—¡Mala centella!

—Pero señor... ¿as ánimas perderon algo con eso?

—Andrés, as ánimas de Santa Minia nada teñen que ver coas desta vila: son autónomas. Cando queiras xirar ou cobrar un xiro vaste á casa de Pastor da Cruña, porque senón coas túas filosofías e descubrimentos comerciais eu son o que vai quedar coma as ánimas do purgatorio.

O VIMBIO E MAILLO PINO¹⁴¹

A SANTIAGO CASARES QUIROGA

—¡Ouh pino lanzal e orguloso! —dicía o vimbio— dende o cume dese cómaro, soilo e escurripado, estás ollando con desprecio as silvas, espiñas, fiunchos e demais herbas cativeiras que medran nestes ridentes vales.

Tamén a min fasme carantoñas nas noites de luar; e cando o vento do sul chega a nós, o teu *rum-rum*, máis que queixume, somella unha risa bulrona.

Ontes, cando aquel vento forte que arrincaba as frores e follas dos meus compañeiros e amigos, e facía arrendear as miñas ponlas en movementos epiléuticos, as túas picudas follas caeron de punta sobre de min e firíronme sin piedade.

Non esquencerei o aldraxe ¡ouh pino lanzal e orguloso! Por mui fachendoso que te poñas morrerás escura e doidamente. Eu dígoche en verdade: a túa mesma fortaleza será a causa desa morte.

Cando veñan os vendavales do inverno, eses ventos que fan tembrar a natureza toda, heite de ver estonces ¡ouh pino lanzal! Bruarás coma un condenado, coma un lobo doente; queixaraste pidindo piedade; e despois dunha loita inútil, virás ó chan, tronzado pola mitá, rachado; dino castigo ó teu desleigamiento, orgulo e xentileza.

¹⁴¹ En libro foi reproducido por primeira vez na edición de 1909. Anteriormente fora publicado en prensa na *Revista Gallega*, nº 124, 25 de xullo de 1897, p. 3; en *El Eco de Galicia* da Habana, nº 792, 28 de agosto de 1897, pp. 3–4; e en *El Eco de Galicia* de Buenos Aires en 1898. Nestas reproducións aparece dedicado a Eduardo Pondal e asinado por M. Lugrís Freire. N’ *A Nosa Terra*, nº 17, 4 de decembro de 1907, p. 5, aparece por primeira vez dedicado a Santiago Casares Quiroga, asinado por Asieumedre e publicado baixo o antetítulo “A carón do lar”.

Entramentres, eu deixarei pasa-lo vendaval, baixándome diante da súa forza asoballante, e despois tornarei de novo a estira-lo meu corpiño sobre do loureiro, deixando que a bris recendente destes vales me aloumiñe rendendo as miñas follas xeitosas e sempre verdes.

¡Que pouco vales, ouh pino lanzal e orguloso!

II

—Oínte, vimbio servil, oínte, —comenzou a rosmar polo baixo aquel pino lanzal— oínte, e xa sei que, según dis ti, a baixeza, o servilismo desleigado e a debilidade vergonzante, son boas condicións para vivir nestes vales azoutados na crúa inverma polas furias do ceo ou do inferno. Así pensan os que, coma ti, non contan con forzas nin puxanza para loitar pola vida: así pensan os escravos, os probes de espírito, os que para nada sirven.

¡Vimbio, vimbio cativoiro! cando veñan eses feros vendavales de que me falaches o teu corpo deble pasará pola inominia da humillación; por eso vivirás. As furias dos elementos perdoan casi sempre ó que nada val; o vento duro que arrica e derruba o forte carballo, nada lle fai ó cativoiro feito

Eu quizais secumba: a morte non é certamente unha vergonza. Moitas veces é escomenzo doutra vida máis honrada e útil. Mais, cando chegue para min ese día, as piñas que teño guindadas nas ponlas caerán sobre do eido, e ceibarán os piñucos que serán xermen de moitos fillos meus. Onde dinantes había un pino, nacerá un piñeirál en apreixado coto, que resistirá despois os máis feros e súpetos ventos de crúa invernia.

Sigue gabándote, vimbio servil, escravo, lixado sempre pola baba que no teu corpo deixa a lamáchega que vive a carón teu.

OS LOBOS¹⁴²

—Escoitade o conto, meus fillos, —dixo o señor Xacobe pasando as enrugadas mans pola fogueira do lar. Aínda é cedo, a noite está negra como boca de lobo, e non podemos ir a ningures.

A dona, mozos e nenos dispuxéronse a escoitar o vello petrucio.

—Cando eu era rapás —fai deste moitismos anos— non había máis que catro casas nesta ridente terra de Sergude¹⁴³. Os montes viciños, mais aló de Paleo e de Balbís, —estaban inzados de lobos. De noite, polo inverno, baixaban a facer estragos nas leiras, e algunhas veces levaban unha vida. Ninguén se arriscaba a saír ó quinteiro. Non había año nin emprego que estiveran seguros de tornaren á corte.

¡Que triste e probe era estonces Sergude! “Terra de lobos” lle chamaban nas Mariñas dos Freires; abofé que tiñan razón. As feras e maila xusticia que se nos facía dende o pazo de Miraflores, eran unha cavilación que pesaba sobre de nós como un bafo maldito.

Os viciños de Sergude eran poucos para se libraren dos lobos. Mais un día, o pai do Ferreiro, home intelixente e disposto, esquirbeu un papel que foi lido en tódalas aldeas á redonda, dendes Cerceda¹⁴⁴ a

¹⁴² Publicado n’ *A Nosa Terra*, nº 1, 4 de agosto de 1907, p. 3. Ese mesmo ano foi reproducido en *Follas Novas, periódico regional* e en *Galicia*. Recóllese por primeira vez en libro na edición de 1909.

¹⁴³ Aldea de Xornes, situada a 9,4 km. da capital do concello de Ponteceso. Tamén é unha freguesía anexa a San Martín de Tabeaio, no concello de Carral. Ten polo norte as parroquias de Andeiro e Vigo, polo sur a Paleo, polo leste Vigo e Cañas, e Tabeaio polo Oeste.

¹⁴⁴ Concello coruñés de 119,4 km² que limita con Culleredo e Carral polo norte, Tordoia e Ordes polo sur, Carral e Ordes polo leste e Laracha e Carballo polo oeste. Está dividido nas parroquias de Cerceda, Encrobas, Meirama, Queixas, Rodís e Xesteda.

Frades¹⁴⁵, dendes Mesía¹⁴⁶ a Visantoña¹⁴⁷. Non sei qué diaños dicía o papel, pero o caso foi que un día xuntáronse en Carral máis de trescentos homes armados de fouces, fišgas, bisarmas e carabinas.

¡Fixeron montesía! O que non lograran os de Sergude por seren poucos, poidérono facer tódolos homes da bisbarra.

Os lobos foron mortos. A terra quedou libre daquela gran disgracia que pesaba sobre nós.

Despois desto a aldea chegou a ter máis de trinta casas. A festa de San Xian poido facerse no seu tempo, como se fose na mesma Mariña de Sada. Os hórreos víronse acugulados de maínzo, e as tinalas revertían de viño fresco e recendente. A xusticia de Miraflores non viña tantas veces como dinantes, que onde hai paz e fartura hai tamén bos pensamentos e bos feitos. De noite, polos quinteiros, inda que fose no inverno, sintíanse as alegres cántigas e os aturuxos da mocidade que iba de ruada. ¡A bendición de Dios —dixo o avó descubríndose— viñera sobre as nosas chousas!

¡Xa sabedes, meus filliños, xa sabedes! Contra dos lobos que non nos deixan vivir e que nos levan a nosa facenda, temos que facer montesía... todos... todos xuntos! —finou o vello petrucio pechando fortemente o puño, como dirixíndose a un enemigo que estivera ase-xando polas escuras lumieiras...

¹⁴⁵ Concello da Coruña que ten polo norte e polo leste a Mesía, polo sur e surlleste a O Pino, Arzúa e Boimorto, e polo oeste a Ordes e Oroso. Ten unha extensión de 81,4 km² que se reparten en 12 parroquias.

¹⁴⁶ Concello coruñés de 106 km² e doce parroquias. Limita polo norte con Abegondo e Cesuras, polo leste con Vilasantar, polo sur con Boimorto e Frades e polo Oeste con Ordes.

¹⁴⁷ Parroquia de Mesía constituída por 19 aldeas e situada a 6 km. da capital do concello.

VOLVE POR OUTRA¹⁴⁸

¡Que ben coidaba Bastián o xardín do pazo dos señores de Armuño¹⁴⁹! Non había en tres légoas á redonda hortelán que mellor soupera o seu oficio.

Era de poucas falas. Cando os señores lle preguntaban algo non daba resposta sin dinantes poñere en orde os seus pensamentos. Era, pois, un home de peso e de proveito, a quen pidían consello os viciños na seguranza de acertaren nos seus negocios.

Tódolos anos viña a pasa-lo vran a Armuño un señor que, a forza de argalladas e de vértolas, e coa protección dos vexatos da política mariñán, chegara a Ministro. Inda que era nado en Galicia, non conocía desta máis que a organización do caciquismo, verdadeira rede, na que, como a mosca na tea da araña, está colleito o noso sufrido labrego.

O señor Bastián non o quería ben. No fondo dos seus pensamentos latexaba decote a rebeldía diante desta clas de xente que ten verdadeira xenreira polas cousas da terra, e que aínda coidan que os labregos son seus escravos.

Unha tarde estaba o noso home regando as prantas do xardín, cando chegou alí o Ministro.

—Boas tardes, Bastián.

—Felices as teña vosté.

—¿Seique estás facendo de Neptuno¹⁵⁰ providente?

¹⁴⁸ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 12, 26 de outubro de 1907, p. 5. Incluíuse no volume de 1909 e nos posteriores.

¹⁴⁹ Fai referencia a un topónimo que corresponde a unha aldea da parroquia de Lubre, situada a 3 km. da capital do concello coruñés de Bergondo.

¹⁵⁰ Adaptación á mitoloxía romana de Poseidón, o máis grande dos deuses gregos despois de Zeus. É a divindade do mar.

—Eu non lle teño o gusto de conocer a ese señor... nin teño ouvido del, nin sei a qué familia pertence. O que lle podó asegurar, sin medo a trabucarme, é que estou regando o xardín.

—Ben o vexo, meu amigo. Mais, non che pareza mal, Bastián. Neptuno foi un dios, aló noutros tempos, que coidaba das augas.

—Pois éralle un dios papudo, señor, que agradezo moito ter noticias del. Pero dígame, e dispense... ¿vosté sabe quen inventou a tinta?

—Home... non...

—Pois eso sábello calquera mariñán inda que non teña ido á escola. A tinta inventouna o calamar.

O Ministro largou un pouco amoscado porque comprendeu que na resposta e pregunta de Bastián había un fondo de malquerencia. A estes grandes señores, que queren ter decote asoballado o labrego, non lles fai gracia de que se permitan tan siquera a libertá dunha resposta que non sea filla do servilismo.

Máis tarde tornou polo xardín o Ministro.

—Bastián, estouche moi obrigado por terme dito quen foi o inventor da tinta. Tes fama de home sabido, e hoxe demostráchelo ben, ¡abofé!

—Señor, cada un sabe o que sabe...

—Naturalmente, e veño outra vez, a poñer en proba o teu bon sentido. Aténdeme pois. Se Dios quixera troca-la túa natureza dándoches a escoller entre ser burro ou cabalo ¿que escollerías?

Bastián quedou maxinativo diante da bulrona e desatenta pregunta. Puxo ás carreiras en orde os seus pensamentos, e logo respondeu:

—Eu rogaría a Dios que me fixera burro.

—¡Burro! ¿E por que?

—Porque desa maneira podería chegar a ser Ministro.

O AFORRÓN¹⁵¹

A M. BOLAÑO NOGUEROL

Non se recordaba en Samoedo¹⁵² home máis gandul e larchán que Xaquín do Couto. Cando iba a traballar, que era poucas veces, do xornal que lle daban non chegaba un ichavo ás mans da súa madre, o que chegaba á casa era un peneque que mesmo daba noxo, en cuio lombo mallaban como no liño verde.

Inda que súa nai non tiña máis bes que a chouza en que vivía, nin máis facenda que a que pode ter unha pobre viúda, vella e cangada polas enfermidades, amañouse como poido para axunta—los cartos do pasaxe do seu fillo á Habana. Alá se foi Xaquín disposto a traballar como un negro, —non hai xente de mellores intencións que os gandules— e a traer máis pesos de ouro dos que pode xuntar un cacique mariñán en funcións de xués ou secretario.

Seis anos xustos estivo na Habana. En tal tempo non recibeu a pobre da vella un carto, nin siquera catro malas letras dando conta da vida de Xaquín.

Presentouse este en Samoedo un domingo pola tarde. Viña vestido a estilo de indiano: pantalón branco, de forneiro en día de festa; chapeu de palla feitura *canotier*; corbata vermella cun anelo que tiña un brillante que mesmo barría a vista, e un reló *Tindall*¹⁵³ deses que empregan os ingresos para cazar indios bravos. Ademais traía nunha gaiola de follalata dourada, un loro que falaba o castelán como un

¹⁵¹ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 38, 13 de maio de 1908, pp. 5–6. Reproducido ese mesmo ano na revista *Mondoñedo* e incluído en todas as edicións posteriores a 1909, incluída esta.

¹⁵⁵ Aldea do concello de Sada, situada a un km. da capital.

¹⁵³ Esta marca débelle o seu nome a un prestixioso físico inglés, Juan Tyndall, que viviu no século XIX.

criollo do val de Yumurí. O condanado paxaro non calaba un momento: —“*Joaquín, dame la patica. —Cómo no salao. —Mulatica, dame tu amol. —Esto es candela, viejito*”. E outras cousas polo mesmo xeito que eran unha admiración.

En Samoedo causou un verdadeiro *estombamiento* aquel paxaro, que coidaban fose unha pega carrachenta ou unha cotovía americana graduada de doutor.

—Xaquiniño, —decíalle agarimosamente a nai— vexo que vés ben de aforros.

—Regular, miña nai; nada máis que regular.

—A min tes que me dicir a verdade. Por aí córrese que vas a mercar a casa do habanero.

—Non penso polo de agora.

—Home non é mala finca.

—Non é mala, non señora; pero non teño o pensamento de mete-lo meu capital neso.

—Bueno, ti saberás o que mellor che convén.

A vella sigueu tirando da lingua a Xaquín, con tal maña, que este, ás derradeiras, díxolle:

—Miña nai, para que vexa a grande confianza que me merece, voulle entregar tódolos meus aforros.

E dunha hucha, cuberta de follalata pintada, sacou a faltriqueira que puxo nas mans da vella, quen, tembrando coma un vimbio, contou diñeiro.

—*¡Jasús! ¡Jasús, María y José!* ¡Aquí non hai máis que cento vinte réas! ¡Gandul, larpeiro, larchán, pampero!... ¡Mala centella te fenda! ¡Aforrache seis pesos en seis anos!

—Pero, miña nai, acougue. Teña en conta que se chego a estar na Habana cen mil anos, traeríalle cen mil pesos...

Pero o razonamento non convenceu á vella, que se puxo descomposta e alritada. Colleu a Xaquín polo pescozo e deulle catro zocazos na parte mais gorda, e dun repuxón deitouno no medio e medio do camiño. Despois colleu a gaiola do loro, e ceibouna con toda a súa forza enriba do esmendrellado mozo; o loro berraba asustado:

—Joaquín, salao, dame la patica. ¡Esto es candela!

O ESCARMENTO¹⁵⁴

¿Conocede—la vila de Sada? ¿Non? Pois abofé como o sinto moito. Inda que é pequena, a xentil e bonita non lla empata ningunha outra das vilas mariñeiras de Galicia.

Abonde con decirvos que ten unha campiña feiticeira, ridente, como en ningueres teredes visto; e que a vila está no final desta campiña, gardada polo Couto e máis polo alto de Oucés como unha xoia pra que non a firan os feros coriscos da crúa invernía.

Mais, preto de Sada, á man esquerda según se entra pola carretera da Cruña, hai un monte nomeado Lixandre, que sempre deu que pensar a nenos e vellos. Non se ten noticia de que se atrevera ninguén a entrar de noite naquela arboreda.

No medio do monte hai aínda un croio que non poden abrazalo dous homes, e que lle chaman *a pedra das agullas*. Decían noutros tempos que quen tocara a esta pedra morrería dentro dos nove días xustos, debido a un encantamento que lle deran os mouros. Pola banda do Este está a moi nomeada Quenlle, que os homes sabidos din que foi unha mina de estaño no tempo dos fenicios, pero que agora é o sitio onde se xuntan de noite as estadeas, meigas e lugrumantes pra faceren parlamento. Polo menos así coidaban fai anos os viciños da vila, e non sei se pensarán o mesmo agora.

Os trasnos non tiñan feito mal algún que se soupera. O que tiraba o sono dos labradores eran os conxanados raposos que vivían a centos no monte de Lixandre. Non pasaba día sin que deixaran de

¹⁵⁴ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 21, 4 de xaneiro de 1908, pp. 5–6. Reproducido en libro na edición de 1909 e seguintes.

facen unha das súas; e non valía que se puxeran nos galiñeiros tarabelos nin trancas; os conxanados ladrós dábanse unha maña que para si quixeran algú dos caciques que, pra acabación da nosa pacencia, siguen vivindo sobre dos nosos labregos.

Tantos raposos había, que xa coidaban que a pedra das agullas tiña a mala virtú de crialos. O señor Chocos, un vello que aínda creía na atracción da sirena e no encantamento da Covadanca, xuraba e perxuraba, que aquel maldito croio tiña a culpa de todo.

—*Mala sentella del sielo lo abrase*: —diciá o señor Chocos cando lle faltaba unha galiña;— ese croio vai se—la miña condenación.

Mailo caso era que os raposos aumentaban, e tiñan tal atrevimento, que xa chegaban a pasearse pola praza da vila diante das mesmas barbas do tío Andrés de Olaia, camareiro do divino San Roque, e padriño de Sanamede, a quen o carpinteiro que o fixo púxolle nas mans unha ristra de chourizos a medio encher.

Un día, Lourenzo da Chaburra un labrego que ben podemos chamar anfíbio porque tamén iba á rapeta, e que lía de corrido os boletís no adro de Santa María, conferenciou coa valente e honrada Pepa a Montañesa

—Señora Pepa —díxolle Lourenzo— os raposos ladrós inzan esta terra e non nos deixan vivire.

—É certo, amigo Lourenzo, é certo. Xa fai tempo que eu me din conta deso; pero estes viciños non se xuntan para nada, toda a forza se lles vai pola boca, e os raposos andan pola vila como polo propio monte, e levan trazas de facérense donos de todo.

—¿E logo? ¿darémoslles unha batida?

—É tempo perdido; os raposos e mailos conexas cando un pensa que xa non queda ningún, volven a aparecer coma os sapos cando cai orballo polo vran.

—¿E que me aconsella que faga pra que os raposos deixen en paz as miñas galiñas?

—Atende, Lourenzo; os raposos son animais de moita sabidencia. Búranse sempre de tódalas pantermas e trebellos que se lles poñan. Cando coidan que lles peligra o pelexo, fanse os mortos.

—Pero logo ¿que me aconsella?

—O que teño aconsellado noutras ocasións, sin que houbera viciño que se guiara por min: ¡O escamento!

—¿E de que maneira?

—Pois verás. Vaite ó monte de Lixandre, e pon unha trampa de dentes diante da cova dun raposo. Como eles non conocen ese mecanismo, caerá polo menos un. Cóllelo despois, esfólalo ben esfoladiño, logo pono nun espeto e crávalo dereito no curuto do monte. Os demais raposos entenderán a indireita, e fuxirán a lonxe por medo ó escarmento.

Así se fixo. Unha mañán apareceu un raposo encravado nun espeto. Os demais deberon de entender aquela razón, e mudaron de tobo.

A virtú da pedra das agullas foi negada despois por todos. Tocáballe quen quería, sin térenlle medo, e asta fixeron enriba dela certas necesidades.

¡Xa sabedes de que maneira morren os vellos encantamentos, e como se fan fuxir os raposos que gustan das vosas galiñas!

UN ALDRAXE¹⁵⁵

Estevo de Casal era un mozo de pouco coñecemento e dun xenio coma unha malva. Abofé que non se facía memoria de que houbera tido custión con ninguén.

Un amigo de Estevo, fillo do zoqueiro que se chamaba por mal nome Cantorto, chegara naqueles días do servizo do rei. No cuartel, entre doutras cousas de grande utilidade, adeprendera a misturar coa nosa fala xiros e verbos castellanos que mesmamente daba noxo de oílos.

Unha tarde víronse os dous amigos na taberna de Gorecho, e non se sabe cómo comezou a riña; pero o caso foi que andaron a labazada limpa. O amigo de Estevo saeu esmendrellado de ves.

O cura da freguesía, que tiña moito coidado de que a mocidade vivira en paz, e pra que a custión non chegara a máis, chamou a Estevo pra darlle unha reprimenda polo escándalo da taberna.

—Entra, Estevo, entra sin recelo, e séntate aquí, á beira da mesa.

—Moitas gracias, —dixo o mozo sentándose.

—Mandeite chamar para que me espriques qué diaño de mosca che picou onte, que de tal xeito che fixo perde-lo bon sentido andando a golpes cun amigo e compañeiro teu.

—Señor cura, xúrolle polo máis sagrado que o aldraxe non foi para menos.

—Eu xa sei que eres mozo de bon xenio e de moito peso; mais algunhas veces perde un a razón sin que se decate do porqué¹⁵⁶.

¹⁵⁵ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 15, 19 de novembro de 1907, p. 4. Reproducido en todas as edicións a partir de 1909.

¹⁵⁶ “Por qué” no orixinal.

—Atenda, señor cura; cando un home, coma min, chega a unha situación “pecuaria” non lle gusta que lle lembren a súa probeza.

—Si, home, si; —respondeulle o señor cura sorrindo— a túa situación ben comprendo que é precaria, pero xa Dios te remediará.

—Eu non teño a culpa de non sere rico, e non me gusta que ningún larpeiro se bulre de min.

—Ben, home, ben. Vamos a ver que clas de aldraxe sofriches ti que de tal maneira te descompuxo.

—¡Aínda se me arripía o corpo pensando no que me dixó! Despois de que llo conte darame vosté a razón: pois verá. Cheguei eu á taberna do Garelo, e atopei alí co Peilao, que así lle chaman de alcume ó fillo de Cantorto, que tamen é alcume, con perdón. Porque levaba eu posta unha chaqueta nova, que ma fixo o fillo de Pitolongo, chamoume *alejante*, e como a min non me gustan os alcumes...

—¡Xa vexo, xa, que non che gustan os alcumes!

—Eu díxenlle estonces que eso de *alejante* non llo deixaba dicir nin ó mesmo Ferabrás, e que fora a inxuriar á súa casta toda.

—¡Se non te inxuriou, Estevo!

—Non me diga eso, señor cura. Despois chamoume larpeiro... ¡eu calado!; dixome que meu pai era un ladrón... ¡eu calado!; que miña nai... é verdá, si señor... ¡eu calado!; que eu era unha besta que non entendía as parolas da xente fina... ¡eu calado! E ás derradeiras púxose de pé, e díxome solenemente, ollando para min fite a fite —“Atende, Estevo, ti es un home del *tenor siguiente...*”— Non puider seguir ouíndo, perdín o coñecemento coa rabia, erguín a man e deille un lapo do revés que lle fixen bica-lo chan; e se naquel estonces teño unha centella á miña disposición céibolla enriba... inda que despois me levaran á cadea.

O MELLOR AMANTE¹⁵⁷

Licia era unha moza fidalga, de moi nobre orixe, que vivía en compañía dunha vella criada, no pazo de Armuño, no fondo do ridente val que morre nos acantilados e limpas ribeiras da ría de Sada.

Dous mozos da freguesía de Lubre¹⁵⁸, nomeados Paulos e Toribio, facíanlle o amor.

Licia, que tiña necesidade de se casar porque os bes que herdara de seus pais percisaban do esforzo e coidados dun home, non sabía cal dos dous lle conviña mellor.

—Eu vírome tola, —decíalle á vella criada— cavilando con quen teño de acetar relacións.

—Xa que os dous son homes de ben —respondeulle a vella— quen máis te quixer debe se-lo preferido.

—¡Canté! —escramou a feiticeira Licia— pero ¿quen pode adivñar verdadeiramente os seus íntimos pensamentos?

—Tes razón, Liciña, tes razón. Dios alumee a túa intelixencia e gué os teus pasos nesta cuestión que moito importa para o teu porvir.

Na graciosa cabeciña de Licia daba máis voltas que un sarillo esta pregunta: “¿Quen me quere máis, Paulos ou Toribio?”

Nunha sera morniña e queda do vran, foi, como adoitaba, a rega-las frores que tiña nun pequeno e xeitoso xardín no fondal da horta.

¹⁵⁷ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 4, 25 de agosto de 1907, p. 2. Non figura baixo o antetítulo “A carón do lar”. Só foi reproducido na edición de 1909.

¹⁵⁸ Parroquia de Bergondo situada a 3 km. da capital do concello. Ten polo norte a Oucés e Osedo, polo sur a Babío, polo leste a Oucés e Bergondo e polo oeste a Soñeiro.

Detrás da muralla sinteu que parolaban dous mozos. Ollou: eran Paulos e mais Toribio que estaban sentados no pequeno cómaro da beira do camiño.

—Paulos, ¿ti seique lle fas o amor a Licia?

—Home, eu nada lle dixen aínda en verbe de amor.

—Pero, gustar, gústache.

—Si, gústame, amigo Toribio; e teño para min que ti tamén bebe—los ventos por ela.

—Non teño por qué negalo. Como Licia non pode partirse en dúas, propono que debemos consulta—la súa opinión para ver por quen se decide. Loitar entre nós, que nos levamos como irmás, non sería bon.

—Pensas ben, Toribio.

Quedaron calados un momentíño. O corazón de Licia latexaba fortemente, e púxose a ouzar con máis cobiza.

—Licia é unha moza garrida, xeitosa e modosiña. Na terra non hai outra como ela, amigo Toribio.

—Modosiña, non digo que non, pero garrida... outras hai máis que ela, —respondeu Toribio—. Abofé como é unha lástima, dígocho con franqueza, que non tivera a cabeleira e mailos ollos negros. Cae—ríanlle mellor. Estas mulleres como Licia son boas para relembra—las monecas alemás e para que lles boten copras nas regueifas do señor Marqués. Tampouco me agrada que fale sempre en gallego, nin lles encontro gracia ás cántigas que entoa pola mañán, ou cando se pon o sol. ¡Canto máis bonitas non son aquelas outras cántigas que veñen de fóra, así como *Tenjo dos lunares... El Morronjo*, ou as que canta miña curmán, que está de tecedeira na Cruña, que mesmo asomella que está un en Cais, en Málaga ou na mesma Triana *cuasemente*. Polo demais, reconozo que é xeitosa e modosiña; quéroa moito e non permito a nin—guén que me diga que a quere máis do que eu a quero.

—Non rifaremos por eso, amigo Toribio que despois de todo ela ha de escoller. Direiche, si, que ti non tes ollos para vere, nin ouvidos, nin corazón para quere—las obras da feita máis linda que Dios cría

para o noso contentamento e solaz. A cabeleira de Licia, da cor do ouro fino, encrenchada como a dunha santiña, os seus ollos azús, a súa cor branca coma a neve; as súas meixelas que parecen follas de rosa vermella a medio tinxire... ¿Non che parecen bonitas, non a fan verdadeiramente feiticeira, non lle dan semellanza coa mesma virxe? Eu digo que me teñen ameigado os seus dicires, a súa melosiña fala, fala das fadas, que ten nos seus labios a dozura do mel, a música dos ceos, os esmorecimentos do amor. ¿E cando polo serán entoa o alalalaa? ¿Quen pode soñar cántiga máis branda, fonda e sentida? Non che pareza mal, amigo Toribio. Ti estás botado a perder, cando desa maneira te esqueces das condicións que teñen as nosas quiridas nais, que levan dentro o santo espírito de Licia. Eu teño para min que non é certo de que a queiras, que inda que tivese algún defecto debíache de ser agradabre, pois o amor é un sol que dá fermosura a todo aquilo que o corazón agarima querendosamente.

Neste momento Licia cortou unha das frores máis garrida e roxa, e subíndose a un asentadeiro que había a carón da muralla, guindouna entre dos dous mozos. Estes quedaron atónetos ó ve-lo lindo rostro de Licia, ridente coma unha aurora que asomaba por entre das frocidas enredadeiras.

—¿Para quen é esta fror? —preguntaron os dous mozos.

—Para ti, meu querido Pauliños; para ti, que me queres tal coma eu son. Ti serás o meu compañeiro, o amado eterno do meu corazón, o dono do meu porvir.

IR POR LAN¹⁵⁹

(Don Pedro, que é un avogado de verdade polo estudio e un avogado das silveiras pola retranca, está sentado buceando no Código Civil. Fóra, na rúa, sítense gritos descompostos dunha muller).

DON PEDRO —Outra vez escandaliza esa condenada de Peroxa. Para vender un pucheiro fala máis que Moret¹⁶⁰ e berra como se na gorxa tivera un cornetín de pistón. Onte escachoulle unha ola nos mesmos fuciños a un paisano de Veigue¹⁶¹ porque lle chamou doncella; e o municipal Cachiñas tenlle máis medo que a un can doente.

PEROXA (*entrando*) —Santas e boas tardes.

DON PEDRO —Santas e boas. Alégrome que veña por aquí para decirlle que me faga o favor de non escandalizar máis...

PEROXA —Vaia, señor, non se enfurruñe, que abofé non lle senta ben.

DON PEDRO —Déixese de leria, e dígame axiña o que a trai por aquí.

PEROXA —Pero logo... ¿non oíu? Pasoume unha disgracia moi grande. O meu establecemento esmendrellouse de todo.

¹⁵⁹ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 5, 4 de setembro de 1907. Neste mesmo ano tamén foi reproducido en *Follas Novas, periódico regional*. Non figura baixo o antetítulo "A carón do lar". Foi incluído na edición de 1909 e reproducido en todas as posteriores.

¹⁶⁰ É posible que se refira a Segismundo Moret y Prendergast (Cádiz, 2 de xuño de 1838 – Madrid, 28 de xaneiro de 1913). Foi un político, orador e xuriscónsultante que, unha vez elixido deputado, ocupou diversas carteiiras ministeriais; Ultramar, Facenda, Estado, Fomento, etc. Destacou pola súa capacidade oratoria e pola riqueza e beleza formal dos seus discursos, foi considerado o herdeiro de Sagasta entre os liberais.

¹⁶¹ Santa Comba de Veigue é unha freguesía anexa a Santa María de Dexo, no concello de Sada. Limita polo norte coa ría de Betanzos, polo sur con Mondego, polo leste con Carnoedo e polo oeste con Maiana e Serantes.

DON PEDRO —Si, algo oín. ¿Rompéuselle moito?

PEROXA —Sete olas, catorce cubiletos, tres petos, vinte tarteiras e máis de dúas ducias de cuncas vidradas. Con corenta reás non se me paga a perda.

DON PEDRO —¿E quen llas rompeu?

PEROXA —O can do señor... boticario, que mesmo me colleu tema e que coido que debe ter catro demos dentro do corpo. Entrou no meu establecemento, comenzou a brincar coma un cabrito tolo, e canto máis quixen escorrentalo máis pezas me escachou.

DON PEDRO —¿E que teño eu que ver co can do boticario, cos demos que leve dentro nin cos pucheiros escachados?

PEROXA —Entendido, don Pedro. Vosté nada ten que ver co can, con perdón; e co señor boticario, tampouco, inda que se leva co el como o can e mailo gato. Pero eu veño a facerlle a consulta de se eu teño dereito ou non a cobrar do señor boticario os cacharros que me rompeu o can.

DON PEDRO (alegrándose) —¿E ten testigos do feito?

PEROXA —¡E non hei de tere! Sete cristianos que o viron, e que son capaces de xuralo diante das barbas dun tronante.

DON PEDRO —¿Pois daquela, que duda ten? Os amos responden sempre das averías dos seus animais.

PEROXA —¡Xa mo parecía a min!

DON PEDRO —¿E canto importan os cacharros?

PEROXA —Pois direille... (*Botando a conta polos dedos*). Corenta reás.. xustos... sin que eu leve de máis nin un carto... que a legal non me gana ninguén. Pero, señor... ¿vosté coida que o boticario pagará?

DON PEDRO (*con seriedade*) —O señor boticario, como tódolos homes que teñen vergonza e amor polo próximo, non poden negarse a pagar esas pesetas a unha pobre como vosté. Quen gusta de ter animás ceibos polas rúas ten que sufrí-las consecuencias. Xa ve... eu tamén teño un can, que non o deixo saír da horta....

PEROXA —Abofé como vosté é un home de ben, feito e dereito. Ten lástima dos probes “que vivimos do noso traballo”, (*con sorna*), e ten sabidencia como se levara dentro do peito sete mestres de escola... ¿E non ha de tere? ¡Avomaría! Pero se me dá licencia, e non mo leva a mal, e me perdoa e dispensa... direille que o can... o can... non era o do señor boticario.

DON PEDRO (*erguéndose*) —¿E logo?

PEROXA (*silabeando*) —“Vosté ten moita vergonza e amor polo próximo”. O can... o can...

DON PEDRO —A ver se pare dunha vez.

PEROXA —Meigas fóra señor, que non teño porqué. O can era... de vosté.

DON PEDRO —¿Meu?

PEROXA —Teño sete testigos.

DON PEDRO —¿E que quere?

PEROXA —Os corenta reás.

DON PEDRO —Xiringácheme. (*Abre un caixón da mesa, e dálle dous pesos*).

PEROXA —Vaia todo pola alma dos seus avós. Agora, con licencia, ireime... (*Diríxese á porta da escaleira*).

DON PEDRO —¡Ei! ¡Ei! Aínda non finou o conto, miña amiga. O can escachou os cacharros... eu paguei... ¿né certo? Pero agora teño que cobrarlle a consulta.

PEROXA —¡A consulta!

DON PEDRO —Nin máis nin menos. “Cada un vive do seu traballo”. Vosté non se vai aquí sin pagarme corenta reás, como corenta soles, pola consulta. ¡Ea! ¡Veñan eses cartos! (*En actú fero*).

PEROXA —Señor... acougue... non se alrite. ¡Xexús! ¡Avomaría! Tome... e que lle sirvan para catro casqueiros... (*Devolve os dous pesos*).

DON PEDRO —Agora quedamos pagados.

PEROXA —Asi lle pague *el Señor* no día do xuicio. ¿E os meus cacharos?

DON PEDRO —Ten que reclamalos do Nuncio, e desconxura-lo meu can para que lle fuxan do corpo os catro demos malinos.

(A Peroxa vaise ceibando un rep erbes que recordan os corrunchos do muelle de Montoto correxidos e aumentados por unha parexa de arrieiros bébedos).

ENTRE COMPAÑEIROS¹⁶²

O médico don Cándido mercara un porco na feira do primeiro de Betanzos. Aos poucos días enfermóuselle o animalíño, e veuse na necesidá de chamar a un albéitar, ou “ciruxano das bestas”, como din os viciños de Miodelo¹⁶³.

—Chameino, —díxolle don Cándido— porque é unha lástima que un animal coma este morra sin o *ausilio da ciencia*.

O albéitar señor Mingos, que así se chamaba, comprendeu que nas derradeiras palabras do médico había unha intención bulrona, e respondeulle:

—Está ben, señor don Cándido, está ben: cada un fai o que pode. Menos mal que a miña ciencia é dabondo para sana—los porcos, con perdón... Direille, se me dá licencia, que como estos animalíños non falan, é máis difícil do que moitos pensan adiviñar o mal e facer un diagnóstico... ¡Ah, se eles falaran... a cousa non tería moita ciencia!...

Co esta indireuta quedou ben cobrado o señor Mingos.

Comenzou, pois, a cura do porco, que non tardou sete días en estare máis rufo que un cacique fóra a ialma, se é que estes animás dañinos a teñen, que hai moitos que o dudan.

—Señor don Cándido, o porco xa está sanado, e polo mesmo non volvo máis por aquí.

—¿E que enfermédá tiña?

¹⁶² Publicado n' *A Nosa Terra*, n° 39, 19 de maio de 1908, p. 6. Ese mesmo ano foi reproducido en *Mondoñedo* e un ano máis tarde no n° 41 de *Aires d'a miña terra*. Incluído en libro na edición de 1909 e nas posteriores.

¹⁶³ Aldea de Bergondo situada a 0,8 km. da capital municipal.

—Unha *enteiritis* con *outrusión* do tubo chamado *Pedro–Peres* que lle producía unha melanconía que mesmamente o tiña esganado.

—Vexo que está vosté moi ben en terminoloxía...

—Eu voume gobernando como podo, do mesmo xeito que vosté se goberna...

—Si, home, si; —respondeulle o médico dándolle unhas palmas nas costas— é vostede un galeno feito e dereito...

—Moitas gracias...

—¿E canto lle debo pola cura do porco?

—Nada, don Cándido, nada... ¡Avo Maria! ¿E habíalle de cobrar eu? ¡De ningunha maneira!... *Entre compañeiros sempre estamos pagados.*

A ILLA MILAGREIRA¹⁶⁴

A dorna, que naquela mañán de primaveira, tiña que levarme á illa de Arosa, foise pouco a pouco enchendo de mulleres, mozas e vellas, que traían os foles (sacos) cheos de trigo mundo.

Levou o risón, izouse a cuadrada vela e puxémonos camiño de Arosa.

—¡Sálvora á vista!— berrou o vello patrón cando íbamos pola mitá do camiño.

E tódalas mulleres mozas, solteiras ou casadas, puxeron a man enriba da barriga e moularon unha oración.

—¿Que terá que ver, —pensei para en contra min— a illa de Sálvora¹⁶⁵ coas barrigas destas mociñas? E cavilando neste desembarquei no areal do sul, fronte da vila de San Xulián, e dirixinme á fábrica de Goday.

Alí fixen amista cun vello mariñeiro.

—¡Vosté!, —díxenlle— xa levará moito tempo aquí.

—¿Moito tempo? ¡Recontra!... dendes que nacín. Cando a guerra de África xa servía eu ó rei na *Berenguela*...

—E dígame, meu vello... e dispense. Cando pasan as dornas fronte de Sálvora ¿por que as mulleres mozas poñen a man sobre da barriga?

—Xa non é o primeiro que mo pregunta, recontra. Se ten vagar e me quer ouír contareille unha historia.

¹⁶⁴ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 8, 26 de setembro de 1907, p. 4. Só foi incluído na edición de 1909.

¹⁶⁵ Illa que está na ría de Arousa, ao oeste da península de O Grove. Ten 15 km² e pertence administrativamente á parroquia de Aguiño, no concello de Ribeira.

—Conte canto queira que llo agradecerei.

O vello sentouse nunha pedra, das que sirven para as palancas de prensa—la sardiña, e comenzou a falar, ó mesmo tempo que picaba tabaco para un pitillo.

—Pois verá, señor, pois verá. A illa de Sálvora, aló polo ano de 1840, se mal non me lembro, era propiedade do Conde Malvar. Non quitaba dela un ichavo, porque alí non vivían máis que as gaivotas. O maordomo do Conde, un tal don Visente, mercou a illa, e mandou a ela quince familias de labregos, para as que fixo dinantes cachoupiñas. Pasados dous meses presentáronse tódolos viciños da illa no Caramiñal, diante da casa de don Visente, e un deles falou en nome dos demais:

—Don Visente, que me non coma unha centella se podemos vivir en Sálvora.

—¿E logo? ¿non é bon o terreo?

—O terreo non é malo, non señor, que está folgado e medra ben o froito... ¡pero haille tantos conexos! ¡furaron de tal xeito o chan! ¡Vaia! decímoslle que alí non se pode vivere, e ímonos.

—De ningunha maneira. Eu vos mandarei unha casta de gatos que acabarán cos conexos.

Aos catro meses volveron os labregos de Sálvora, e dixéronlle a don Vicente.

—Don Visente, non pode ser. Malos burases me non coman no fondo do mar salado se podemos vivir. Os conexos xa foron mortos polos gatos, que nos mandou vosté, pero agora son tantos os gatos, que non pode haber cristiano que perda o xuício coa barafunda que eles arman. Ademais, como estamos no Xaneiro, pola noite andan os gatos á xaneira, con perdón... e... don Visente, aquilo élle o inferno.

—¡Boh! ¡Boh! Eso romédiase con solimán, ou con pan de vidro. Eu vos mandarei con qué mata—los gatos.

Volveron os labregos para a illa. Pasaron tres anos sin novidade, e cando xa don Vicente coidaba que a colonia de Sálvora estaría satisteita,

sinteu un barullo na rúa como si a vila estivera en revolución. Abreu a ventana: fóra estaban os colonos rodeados de un fato de criaturas.

—¡Don Visente! ¡don Visente! —berrou un dos labregos— non tornamos á illa inda que adoezamos coa fame. Agora xa non se trata de conexos, nin de gatos, nin de cousa semellante. Non hai solimán que poida remediarla nosa disgracia. ¿Non repara, don Visente? ¡Estamos inzados de fillos! Naquela terra nacen do mesmo xeito que os sapos cando cai orballo de tronada. ¡Mala sentella coma illa!... ¡Eia! que non tornamos, inda que nos esfofen vivos.

E non volveron mais á illa.

—¡Demontre! —dixen eu de estonces— a cousa era seria.

—Pero aínda non arremata aquí o conto, señor Asieumedre. Despois deste o goberno puxo un faro en Sálvora. Inaugurouno un vizcaíno, de setenta e cinco invernos ben cumpridos, que levaba máis de vinte anos de casado cunha muller que pesaba como catro amas ben mantidas, con perdón. Aos dez meses de estaren na illa, pareu a muller...

—¿Neno ou nena?

—As dúas cousas, señor, macho e femia coma dous soles. Dendes daquela as xentes din que en Sálvora hai un demo maliño e criador... ¿Vosté rise? Eu teño nove fillos, e a culpa está en que dendes da miña casa vese a illa. Xa pechei a ventana que da ó mar, pero a miña dona debe mirar algunhas veces para esa terra milagreira...

¡BÓTELLE TERRA!¹⁶⁶

Xan do Couto tiña sona de lampantín e de zaramalleiro, e abofé que vos era merecente dela.

Entre da xente que non o conocía dábase tal fachenda que mesmo somellaba que era fillo dun vinculeiro mariñán.

Unha vez, estando cerca o día da festa de Santa María, patrona da vila, Xan do Couto decatouse de que non tiña roupa nova para pamppear nos bailes da praza maor pola tarde, e pola noite nos que se daban no salón do Pedregal, onde un piano con veo era un encantamento que engaiolaba a tódolos mozos do concello.

Non lle quedaban, pois, máis que corenta réas, e con tan pouco diñeiro non podía adequirir o que lle facía tanta falta; mais con ese diñeiro púxose camiño da Cruña disposto a non tornar sin o traxe cobizado.

Nunha rúa, da que agora non me lembro, había unha tenda, na que, ademais de facérense traxes a medida, tíñanos xa feitos para a venta, deses que chaman *de refacción*.

—Moi boas tardes —dixo Xan entrando no establecemento.

—Moi boas, —respondeulle o tendeiro— ¿que precisa, paisano?

—Nada, señor; veño a pagar unha deuda.

—¿E como é o seu nome?

—Francisco Lamela, para servir a Dios e a vosté —dixo Xan do Couto.

O tendeiro buscou aquel nome no índice do libro maior, onde tiña as contas dos deudores, e dixo:

¹⁶⁶ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 22, 12 de xaneiro de 1908, pp. 5–6, e nese mesmo ano reproducido en *Mondoñedo*. Foi incluído en todas as edicións a partir de 1909.

—Aquí non hai ningún Lamela; vosté trabucouse de casa.

—Non, señor; acórdome ben que foi aquí onde quedei a deber os dous pesos.

Volveu o tendeiro a ollar de novo o índice.

—Pois non, aquí non figura ningún Francisco Lamela. ¡A non ser que o meu fillo máis vello fose o que se entendeu con vosté, e se teña esquencido!...

—Eso é, si señor; era o seu fillo quen me despachou estonces. Eu son home leal e honrado, debo dous pesos a esta casa, e a miña conciencia mándame pagar. Aquí ten o diñeiro.

—Bueno, home, bueno. Vexo que aínda hai homes de ben no mundo; —e colleu os dous pesos que lle daba o lacazán de Xan do Couto—. E agora ¿non merca algo, señor Lamela?

—Eu de boa gana levaba un traxe feito, destes que ten de mostra na vidreira; pero como han de ser moi caros, contentareime con encargalo ó xastre do meu pueblo.

—Non, home, non; eses traxes son a sete pesos. Próbese un, e se lle cai ben, pode levalo; que o home que paga da maneira que vosté me pagou, ten creto en calquera lado.

E Xan do Couto visteuse un traxe, que lle estaba que nin pintado; envolveu o vello nun boletín, e despois o tendeiro abreu o libro e apuntou a venta. Andivo buscando un papel secante pra que non se lle emborrallase o escrito, e non o atopou; buscou a salvadeira, e tam-pouco tiña area.

—¿Seique non atopa con que seca-la tinta? —dixo Antón con sorna raposeira— pois daquela *bóttelle terra, señor*.

E o tendeiro rabuñou no chan e botoulle terra á anotación de Lamela... a quen non volveu a verlle o pelo...

BOA MEICIÑA¹⁶⁷

—Santas e boas tardes, don Pedro.

—Moi boas, Antón. ¿Xa deches fin ó traballo?

—Xa, si señor; prantei no fondal da horta as patacas coma vosté me mandou. ¡Queira Dios que teña unha boa anada!

—E que ti a vexas. Hoxe non te irás sin probar un bocadiño.

—Non, señor; moitas gracias.

—Déixate de cumprimentos, que xa sei que es de bon dente. Micaela, —dixolle á criada que estaba alí presente repasando a roupa da semán— trai o queixo de Flandes, pan de molete e máis viño para Antón.

A criada foi buscar de contado o que lle ordeaban. Puxo un mantel de liño branco coma a neve; e dixo:

—Xa podes comer, Antón; queixo coma este non o lambiches na túa vida.

—*¡Jasús!* se non te metes comigo, estoupas. É ben certo que non hai peor cuña que a do mesmo pau. Se ti foras a señora, aquí non lambían nin as moscas.

—*¡Vaia!* Abonda de leria; —dixo estonces don Pedro— séntate, Antón, e come, sin vergonza.

—Xa que se empeña... —respondeu Anton sentándose á mesa—. *¡Alabado sea Dios!...* *¡Que queixo, rechunflas!*

Abofé que ten bon ulido, anque semella unha bala de cañón.

¹⁶⁷ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 18, 12 de xaneiro de 1907, pp. 5–6. Recollido en libro na edición de 1909 e seguintes.

—Verás que ben che sabe.

—Pois daquela, coa súa licencia comenzarei.

E Antón colleu o coitelo e rabanou unha terceira parte do queixo, que comeu sin respirar e sin probar frangulla de pan. Botou despois un groulo de viño, e cortou outra rabanada que deixou tembrandoo o queixo.

—Inda estoupes coma unha bolerca —decía para o seu xustillo Micaela vendo que non quedaría un anaco siquera.

—Amigo Antón, —díxolle daquela don Pedro— vexo que che gusta o queixo, e alégrome moito, porque descomasí, para eso o merquei. Mais teño que decirche unha cousa en proveito teu, e dispensa. Este queixo vén daló, de terra estranxeira, envolto nun papel que recomenda moito que se coma sin degoramento; quer dicir, que cada persoa non coma dunha ves máis de catro onzas de peso...

—¿E se come máis, que lle socede? —preguntou Antón.

—Direiche, se come máis de catro onzas, ponse mudo; e se farta, coma ti estás facendo, perde a fala.

—¿Que me di señor? ¡Benia a nai que o pareu! téñolle unha muller que parece que ten entre peito e espaldra media ducia de sacamoas, ou un *fontógrafo* con corno e todo, dos que vende un imprentador da calle Real da Cruña. Algunhas veces éntranme ganas de esmendrellala dun fungueirazo, porque tanto lle dá á lingua que mesmo me fai esquencer de que son un home. Xa lle pidín ó médico do aiuntamiento que me dera unha meiciña que a sanara... e nada logrei. Vosté é un ánxel para min, dicíndome a virtú deste queixo, que Dios bendiga; e polo mesmo, con licencia, levarei o que queda para que a miña muller o coma dunha vez, e perda dese xeito o condanado costume de falar, que tanto me fai adoecer...

E gardou no peto da chaqueta o codelo de queixo que aínda quedaba enriba da mesa.

¡PROTESTANTE!¹⁶⁸

A D. MANUEL SALGADO

O home do noso conto era un poeta gallego, que, despois de cantar en versos valentes “os celtas fazañosos” e de soñar na redención da súa terra, tivo que abaixar as súas fidalgas pretensións de tal xeito que acetou o cargo de viaxante dunha fábrica de folla de lata. ¡Triste sarcasmo da súa sorte que o obrigaba a troca-lo comercio das musas pola venta de envases para sardiñas, calamares e maragotas!

Alá foi polas Rías Baixas a face-lo choio —esto do “choio” vai sin segunda— e despois de visita-las feiticieiras e nunca ben gabadas rías de Noia e Arosa, chegou á limpa, branca e ridente vila de Bueu, na ría de Marín.

Alí tomou pasaxe nun coche tirado por catro cabalos barrufeiros, e saeu unha mañán cara a Cangas, sin outra compañía que a dunha muller alta, seca, morena, de ollar intelixente, que polo modo de falar era filla da nobre e traballadora Cataluña.

Era, abofé, unha dona que sabía moito de letras, e finaron por falar de asuntos literarios.

—*Yo también hago poesías ¿sabe usted? que m’aguste molt la literatura, anque mel m’esté el desirlo.*

—Canto me alegro; —contestoulle o viaxante Miguel, que así se nomeaba o noso personaxe— Cataluña e mais Galicia teñen moitas semellanzas.

¹⁶⁸ Publicado n’ *A Nosa Terra*, n° 16, 26 de novembro de 1907, p. 5, cunha nota na que se indica “Ao meu querido amigo D. Manuel Bolaño Noguero!”. Foi incluído na edición de 1909 e en todas as posteriores.

Despois falaron de Mistral¹⁶⁹, Verdaguer¹⁷⁰, de Rosalía de Castro, de Pondal; e ás derradeiras preguntou a catalana:

—¿Y vosté ès catolich?

—¿Eu? xa non me decato, miña señora o que lle son. ¡Fun tantas cousas neste baixo mundo! Agora adícome ó rexenerador choio da lata... e dispense.

A catalana falou despois do Deuteronomio, do Pentecostés, do Cantar dos Cantares!...

—¡San Froilán me valla, e Santa Minia me protexa! —dixo encontra si o viaxante— esta é unha protestante, unha filla do desleigado Lutero, que me quere arrecadar para a súa igrexa.

Chegaron a Cangas. Un fato de labregos, limpamente vestidos, agardaban pola catalana. Era a comisión dos protestantes que iban a unha misión.

Toda aquela patulea meteuse nun vapor que fai viaxes de cotío a Vigo, e saíron para o dito pobo.

Un dos protestantes, mozo ben prantado, que debía saber manexar ben unhas caínzas, desenfundou treidoramente, docemente, con certa aquela de orgullo, un maldito acordeón, ese estormento que nos tran do estranxeiro para castigo dos nosos pecados. O acordeón comenzou a ranxer bravamente; e unha ducia de desentoados paisanos, ceibaron ó aire unha cántiga sin gracia, como se saíra das gorxas dunha comunidade aburrída...

“Aquí en estos mares
es Dios el capitán;
que rabien y que trinen
los hijos de Satán...”

¹⁶⁹ Refírese ao poeta e filólogo provenzal Federico Mistral (Maillane, 8 de setembro de 1830 – Maillane, 25 de marzo de 1914). Escribiu, entre outras, as seguintes obras: *Miréio* (1851), *Calendau* (1867), *Coupa santo* (1868), *Lis isclo d'or* (1875), *Lou tresor dou felibrige* (1878), *Nerto* (1884), *La reino Jano* (1890). Compartiu o premio Nobel de Literatura co español Jacinto Echegaray no ano 1904.

¹⁷⁰ Trátase do poeta catalán Jacinto Verdaguer (Vich, 1845 – Vallvidrera, 1902). É autor dos coñecidos poemas *Atlántida* (1877) e *Canigou* (1886).

Un mariñeiro da tripulación preguntoulle a outro:

—¡Ei ti, Carrizo! ¿que quer dicir eso de fillos de Satán?

—Home, eu teño para min que é un aldraxe para nós; como se nos dixeran fillos de...

—¡Mala sentella os coma...!

E a longas zancadas foi onda o músico, arrincoulle das mans o acordeón, que tirou ó mar con tódalas forzas que tiña. Como o estormento levaba *collida* unha tecla, foi xemendo polo aire como se lle arrincaran unha moa, e esmendrellouse nas augas.

¡Virxe do Carme, a que alí se armou! Ao viaxante Miguel, no medio dalquel rebumbio, arrempujárono e quedou guindado na barandilla cos pés asolagados no mar, e tiveron que metelo dentro como se fora pesca maior.

Chegaron ó muelle de Vigo. Máis de duascenas regateiras do Berbés, cos mandiles recollidos e cheos de pedras, baduaban en terra ollando para o vapor.

O viaxante colleu as dúas maletas, a da roupa e a da folla de lata; e aínda non afincara os pés en terra, en compañía da catalana, deron as regateiras un resoante ¡Viva la Virgen! e comezaron a chover sobre del coios a vao. Ceibou as maletas enriba do muro, e meteuse outra vez no vapor, agachándose para que o defendera a obra morta. A catalana fixo o mesmo poñéndose a catro patas, para máis seguranza. A condanada chuvia dos croios seguía zombando no costado do barco, namentras en terra berraban aquelas boas mulleres cun torgo dino de mellor causa:

—¡Abaixo os protestantes! ¡Viva la Virgen!

Unha regateira, alritada e descomposta coma unha lurpia, colleu a maleta da roupa, esgazouna e tirouna no mar, escupindo despois como se fose cousa abafada; fixo o mesmo coa das muestras, e dixo:

—Velái van os libros herexes... ¡malo mar os trague!

A guardia municipal veu a poñer orde nas desaforadas mulleres, e, despois de grande traballo, desembarcou o viaxante entre unha fileira de regateiras que o miraban feramente, dicíndolle: —¡Galopín, larpeiro, protestante, xa te comerán os demos do inferno!

E a catalana que viña tras do viaxante falaba:

—*Pasiensia, noy, pasiensia. Esta es la ignoransia que brama. Lo tomaron á vosté por sacerdote protestante. Yá nos desquitaremos después parlando de la poesía...*

—¡Que poesía nin que centella! A poesía estaba na miña maleta de folla de lata, que me donaba a mantenza; agora non me queda en Vigo máis que a literaria, coa que terei dabondo para adecer de fame.

BOA RESPOTA¹⁷¹

¿Que se tiña mal xenio o zapateiro Xacobe? Abonde con decirvos que cando non estaba na casa a súa muller, na que mallaba como en liño verde, rifaba con tódolos que se paraban a ollar as muestras da súa vidreira, con calquera viaxante que non lle caera ben, cunha cotorra que tiña en frente a viúda dun capador, e, ás derradeiras, consigo mesmo.

Ademais de tere sona de bon zapateiro, tiña moito nome polo seu talento e agudeza; que para si quixera algún morno revisteiro que firma cun nome que comenza con Xarreta, que é un peixe coma outro calquera.

Frente da casa do noso zapateiro —*maestro* lle chamaban todos por medo a que lles esnafrase coa pata de cabra— vivía un andalús que se adicaba ó proveitoso oficio de contratista de consumos, un deses homes para quen un par de cornos, con perdón das caras máis vellas que me lean, sobre todo se eran cornos dun boi morto por un toureiro, era o regalo máis grande que lle podían facere; e que, como en Galicia non ven esa afición polo *arte* de Cúchares¹⁷², senten por nós ese santo desprecio que os mouros teñen polos *dexenerados* ingresos, que non teñen tampouco sangue toureira.

—*Oiga ozté, maestro*, —decíalle un día o andalús— *tengo necesidad de que me jaga unas botas grasiosas y de buen andar.*

—Home, eu penso facerllas coma para un home compreto.

¹⁷¹ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 23, 19 de xaneiro de 1908, pp. 5–6. Foi reproducido ese mesmo ano en *Mondoñedo* e incluído en todas as edicións en libro a partir de 1909.

¹⁷² Alcume de Francisco Arjona Herrera (Madrid, 1918 – A Habana, 1868), célebre toureiro moi coñecido na súa época pola capacidade para atraer ao público.

—Zi, zeñó, ezo. Pero quiero decir que no han de ser de ezos zapatones que usan los gallegos.

—Moi ben dito; —respondeu Xacobe deixando a subela e poñendo cara avinagrada— xa lle farei unhos zapatiños de madama.

—¿Cómo, de madama? ¿Ozté qué quiere decir?

—Quero decir que lle farei o que vosté merece.

—*Ezo ya es otra cosa*; —respondeu o andulús dándolle un tirón ó pantalón pola cintura.

—E a propósito, señor; aquí teño unhas botas moi ben traballadas, que as encargou un señor de Mondego¹⁷³, que non as quixo porque lle magoaban un pouco. A vosté hanlle de caer ben, e daríallas baratas.

E amostroulle unha bota, na que cabían catro pés, moi comodamente, do meu amigo e ciruxano señor Torres, que é tamén un andalús polas trazas.

—*Diga ozté señor... maestro*; —dixo o andalús indinado ó ver tales botas— *¿ze ha figúroo ozté que yo tengo pié de gallego? ¡Vamos hombre; ofrecerme a mí calzado de 43 puntos!...*

—Dispense, meu señor; non se alrite que lle pode saír mal o negocio. Eu esquencinme de que os andaluces non calzaban tantos puntos como os gallegos...

¹⁷³ Parroquia de Sada que ten polo norte a Veigue e Carnoedo, polo sur a Meirás e Mosteirón, polo leste a Sada e polo oeste a Dorneda.

OS TRES SOLDADOS¹⁷⁴

Padecemos nesta bendita terra un verdadeiro andacio de filólogos que mesmo nos trai revolta a pacencia, e como as Américas sempre foron boas pra desarrollárense nelas as eivaduras do entendimento, é moito o mal que naqueles “sabios de exportación” fai a dita enfermidade.

Coas caídas e subidas de consoantes, cos seus latinorios que ceiban a como lles cadra, e meténdose na horta da nosa literatura, escouceando fortemente, con perdón dos burros, amocaron canto poideron ó próximo, e poida que aínda nos sigan amocando pra mal dos nosos pecados, que non hai nada máis terco que un filólogo americano con ou sin tricornio.

Con decirvos, meus quiridos lectores —se é que teño algún— que un deses sabios nos dixo que en gallego debía de decirse *contingo*, *consingo*, *detráis*, etc., en vez de *contigo*, *consigo*, *detrás* como falan os cristianos ben nascidos; de que negou que as palabras *meiga* e *abafar* fosen gallegas... tereivos dito dabondo para que vos deades conta dos novos peixes. Asi é que cando vexo pola proa un filólogo, viro a nordeste e bótome a tembrar como se tivera nas mans un decreto de Xan Franco.

Pois agora veredes como a filoloxía invadeu tamén o cuartel de Alfonso XII nesta meiga vila da Cruña.

Un soldado andalús, deses que semellan que se merendan as *asaúras* de calisquera, paseábase fai poucos días por un sobrado do cuartel. Tiña necesidade de lle escribir a un amigo seu que

¹⁷⁴ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 26, 12 de febreiro de 1908, p. 5. Incluído na edición de 1909 e nas posteriores.

estaba de guarnición en Granada; mais como non sabía nin siquera ler, agardaba que viñera algún compañeiro que poidese quitalo de apuros.

Entraron dous soldados, un gallego das mesmas Encrobas, e un vizcaíño de boa cepa, deses que ollan ó *réximen* como cousa despreciabre e inútil. ¡Enténdase que falo do *réximen* gramatical!

—*¿Habrá por aquí algún zopenco que zepa escribí?*—dixo o andalús ó velos entrare.

—Home, —dixo o mozo das Encrobas¹⁷⁵— eu sei escribir; pro teño pra min que aquí o zopenco será o que se ve na necesidade de face-la pregunta porque non conoce o cristus...

—*No ze arborote ozté, zeñó marical, que ezo de zopenco ez un decí, una metáfora.*

—Eu non sei se é *metá-fora* ou *metá-dentro*; o que podó asegurar é que vosté meteu a patiña, como decote.

—*Hombre, zeamo razonables... Yó no ze escribí porque no me pareció bien perder er tiempo en bagatelas. Yó te pido er favor que me ecribas una carta...*

—*Escribir debes* —dixo estonces o vizcaíño ó gallego— *que andaluces hablar sin daño hacen, que lengua tienen trapo.*

—Tes razón, estes homes son verdadoiros coitelos de pau; escribirei... ¡Ea! veña papel e pruma.

E sentouse o gallego disposto a garabatear.

—*Ponga ozté ahí... “Mi querido Juan...”*

O gallego púxose maxinativo, despois dixo:

—*¿Como escribirei Juan? Abofé, que non me lembro ben agora...*

—*¿No zabe ozté conque se escribe Juan? Tiene gracia zu inorancia, compare.*

¹⁷⁵ Parroquia do concello de Cerceda. Limita polo norte con Meirama, polo sur con Leira, polo leste e oeste con Cerceda.

—Home, paréceme que se escribe con *xota*.

—¿Qué ez ezo de *sota*? ¡Qué *zopenco erez!* Vámo á ver, vizcaíno, ¿con qué letra se escribe Juan?

—¿Juan? ¡Errecristo! Preguntas necias tener tienes; que Juan saber yo y cualquiera escribir con *geta*.

—¡Jezú, Jezú y Jezú! Ahora zi que estoy convencío que zolo en la tierra de María Zantízima nacen los hombres con condicione para zer perzonas de sentío común. ¿Zerá posible, zo bestias, zerá posible que no zepáis que Juan ze escribe con *ege*?

E o andalús púxose orguloso, e deu unhas zancadas de satisfai-
ción como se fose un filólogo que houbera descuberto o orixe da
palabra “bertorella”.

O CARNEIRO¹⁷⁶

¿Soñástedes na vosa vida cousa máis feiticeira que a moza que o meu bon amigo e compañeiro Carré¹⁷⁷ presenta no seu conto *Idilio*¹⁷⁸, esquirto nun gallego que sabe a mel? ¿Non fai cóchegas no corazón se pechámolo—los ollos e damos vida no pensamento a aquela mociña sergudeña? Pois por estas, que son de carne e que a terra ten de comere, xúrovos que a rapaza do meu conto empatáballe polo xeitosa e solermiña. Ademais era bulrona e mais graciosa nos seus falares, e por ela bebían os ventos máis dunha ducia de varudos mariñás.

Aló polo ano 72 —ano de negra fame— foi pola Mariña unha compañía de tropa pra axudar á cobranza dos trabucos, procedimento que certamente merecía a aprobación e aprauso dalgún Morote dos boletís centralistas.

Entre daqueles soldados había un nacido no mesmo Cádiz. Chamábase Rafael Jiménez, e por alcume *El Conquistador*. Decía el, a quen o quixera ouír, que non facía máis que presentarse diante dunha moza, alumiñala cos seus ollos mouros e cativos coma os dunha donosiña, decirlle un par *de olés*, e aquela moza esmorecíase de contado polos anacos salados do terrible conquistador.

¹⁷⁶ Publicado n' *A Nosa Terra*, n° 27, 19 de febreiro de 1908, pp. 5–6. Reproducido en libro en todas as edicións a partir da de 1909.

¹⁷⁷ Refírese a Uxío Carré Aldao (1859–1932) escritor, historiador, bibliófilo e erudito. Foi propietario da Librería Regional, local que acolleu a Cova Céltica. Ocupou o cargo de Secretario da Real Academia Galega dende a súa fundación ata 1918. Entre as súas obras salientan: *Brétemas. Prosa e verso* (1896), *Rayolas. Prosa e verso* (1898), *Contos da forxa* (1919), *A terra chama* na colección Lar. A súa máis importante contribución á nosa literatura foi *Literatura Gallega* (1903), obra revisada e ampliada no 1911, que segue a ser de obrigada consulta para os estudosos da produción literaria galega do século XIX.

¹⁷⁸ Publicado por primeira vez no *Almanaque Gallego* de Buenos Aires, no 1901.

Atopou na praza da vila de Sada a Sabela, que así se chamaba a moza do meu conto. Vela, e facerlle o amor con tódalas argalladas dun chulo mauritán, foi dito e feito.

Sabela deixouse querer, e cunha sorna graciosa, tomoulle o pelo, que nin que fora con peite de corno, con perdón. O entusiasmo do Conqueridor foi tan grande, que chegou a lle pedir unha cita.

—Si, home, si; —respondeulle Sabela— dígoche que a túa gallarda feitura mesmo me barreu os sentidos. Esta noite, ás nove en punto, agárdote na miña casa, que é aquela dalí en frente. Eu deixarei aberta a cancela da horta; amarrado a unha árbore atoparás un carneiro que ten unha campanilla no pescozo. Quítaslla e guíndala ti do teu. Despois entras na casa, facendo soar a campanilla. Meu pai xa estará deitado, e coidará que ere-lo carneiro. Despois... eu...

—*No me digas más, cachito é sielo. Después er desmigue... la dislocación...*

—Eso é: despois... *a dislocación.*

Sabela puxo en autos de todo a seu pai.

Chegaron as nove da noite, e o andalús abreu a cancela, colleu a campanilla do carneiro, que guindou do seu mesmo pescozo; e foise paseniñamente a metérese na casa de Sabela. Cando xa estaba dentro, preguntou o pai da moza.

—¿Quen anda aí?

—¿*Quien ha de cé?* —respondeu o andalús—. *Dispenze paizano, que yo no zoy er zordao Conquistó, que zoy er carnero.*

E pai e filla mallaron nel de tal xeito, que aquilo resultou unha verdadeira dislocación.

¡ESQUENCEUSE!¹⁷⁹

Xa noutra ocasión téñovos contado a malladura, a verdadeira “dislocación”, que levou aquel soldado que se alumaba “Er Conquistaó”¹⁸⁰, cando lle fixo as beiras á garrida e bulrona Sabela; e agora, Dios diante, direivos outra fazaña do mesmo mozo, para quen non había máis que dous homes valentes neste mundo: el e máis o que ollase fite a fite os seus ollos de donosiña alritada.

Entrou o noso home nunha taberna da rúa de Cartuchos, en compañía doutros dous soldados; e alí comenzou a falar de touros e mais de toureiros, ¡Virxe do Carme, cousas as que el dixo de Galicia! ¡Reprimendas que ceibou por aquela boca porque aquí non había toureiros nin touradas!

—*Ostés no están civilizados, ni zaben lo que es bueno. Un paí donde no ze zuerta un olé tu madre, ni ze zabe quien ha sío er divino Cúchare, es un paí zarvage.*

Un soldado que era do mesmo Curtiñán¹⁸¹, un deses barudos mozos de poucas falas, díxolle estonces:

—Os homes non se miden pola afición que teñan ós cornos, con perdón, nin os valentes polas alqueiradas; que a forza non está na lingua... Os cans que máis ladran non son os que chantan os dentes... é verdá, si señor...

A conversa foi subindo de torgo, e finaron por rifar. O andalús prantouse fachendosamente diante do mozo de Cortiñán, tirou forte-

¹⁷⁹ Publicado n’ *A Nosa Terra*, nº 32, 28 de marzo de 1908, p. 6. Reproducido na edición de 1909 e posteriores.

¹⁸⁰ Personaxe protagonista do conto titulado “O carneiro”, incluído nesta edición.

¹⁸¹ Freguesía anexa a Vixoi, no concello de Bergondo, situada a 3,6 km. da capital do concello.

mente para riba pola cintura do calzón, toseu longo con un ronquido derradeiro de chulo profesional, e cusbindo pola esquerda do beizo, a estilo do mesmo Cais, puxo a mirada tan fera que cuasemente some-llaba un basilisco nunha negra noite. Despois, dixo:

—Ozté, zeor gallego, va á sufrí en este momento er mayor zusto de zu desgraciada vida. Voy á pillarle á osté por lo fondillo der carzón tirándole tan alto, tan alto, que ze va á morí de hambre antes de volvé a la tierra.

E, nafeuto; o mozo de Cortiñán colleu polo pescozo a “Er Conquistaó” e deulle media ducia de sopramocos con tal xeito e gracia que mesmamente o deixou sin fala cusbindo como unha touliña.

Puxeron paz entre deles; e pasada media hora perguntáballe outro soldado a “Er Conquistaó”:

—¿Como foi eso, ho? ¿Como foi eso, que te deixaches pegar por ese mequetrefe gallego?

—¿Qué había de zé, zanto de Dios; qué había de zé? Que me cogió deprevenío, y en aquel momento me olvidé de defenderme... ¡qué zi no me orvido ... zi no me orvido!... no le vale er gayo de la pasión; ni er Cid Conquistaó en perzona zería capaz de impedir que zu cuerpo ze vorviera areniya entre mis manos...

—¡Vaites, vaites! que sorte tes, home...

UNHA REGUEIFA¹⁸²

PARA ÁNGEL BARROS¹⁸³

O moi alto señor don Fernán Pérez, conde de Andrade¹⁸⁴ festexaba o día do seu santo cunha regueifa, na que habían de loita–los desidores e trobadores de máis sona dos seus estados, no ano de 1337.

O patín do castelo estaba cuberto de flores e loireiros, e no medio había dous sillós rematados co escudo do nobre e podente conde.

Soaron as alarbeas, redobraron os atambores, tocou o gaiteiro unha solene muiñeira, e apareceron o conde don Fernán e a súa dona Sancha Rodríguez, xentil e graciosa, escoltados polo sabidor capelán, Fernán Martíns e moitos fidalgos mariñás.

O conde e maila súa dona subiron ó patín: chamaron ó ilustre capelán Martís, que foi traductor da *Crónica Troyana*; e logo dixo o señor de Andrade.

—En nome de Deos, queda aberta a loita literaria. Cen dobras de ouro do señor El–Rei don Pedro levar ha o desidor, xa sea fidalgo ou

¹⁸² Publicado n' *A Nosa Terra*, n° 19, 19 de decembro de 1907, pp. 5–6. Foi incluído na edición de 1909 e nas posteriores.

¹⁸³ Ángel Barros Freire foi presidente do Centro Gallego da Habana e exerceu unha grande influencia sobre a colonia galega en Cuba nos primeiros anos deste século. Apoiou economicamente o movemento agrarista e financiou viaxes e campañas de Basilio Álvarez.

¹⁸⁴ Fernán Pérez de Andrade “O Bo” era fillo de Roi Freire de Andrade e de Inés González de Sotomayor. Debe o seu apodo a unha expresión do pai (“Sé bo, que bo compañeiro levas”), pronunciada cando Fernán acompañaba ao futuro Enrique II. Ténselle atribuído, con bastante discusión ao respecto, o asasinato de Pedro El Cruel en Montiel no 1369. Financiou a construción da ponte de Pontedeume, Sigüeiro e Ponte do Porco, os castelos de Moeche, Andrade, Naraío e Vilalba, ademais de varias igrexas na comarca de Ferrol. Mandou traducir ao galego a *Crónica Troyana* de Benvist de Saint More. Morreu en agosto de 1397 e está enterrado na igrexa do convento de S. Francisco de Betanzos.

peiteiro, que mellor compoñe agora unha historia de amor. Para facer de xués nesta lide está aquí o meu capelán Fernán Martís, que pola súa sabidencia é honra dos meus estados. ¡Gabados sean Deos e a sancta María súa Madre!

Unha moza fidalga, da familia dos Colmelos¹⁸⁵ de Sada, ergueuse, fixo a venia, e comenzou a recitar un romance, que tiña a medida que estonces se estilaba entre os trabadores lemosís.

—Ben está, —dixo Martís cando a fidalga finara o seu romance— que trobe outro desidor.

Ergueuse fachendosamente un mozo fidalgo dos Marzoas de Filgueira. Viña traxeado a estilo de Provenza, onde estivera algún tempo á volta dun viaxe á Terra Santa. Tiña sona de trobador moi sabido. Un movemento de curiosidade e de admiración espertouse entre os presentes.

Comenzou a cantiga de amor o fidalgo Marzoa¹⁸⁶. Adiviñábase que tiña grande costume de o facer e que a cantiga non era tirada da súa cabeza. Remarcaba os versos con movementos e acenos apasionados ou tristes, según fose o sentido deles, e, según Martís, lembraba os trobadores estranxeiros, que algunhas veces viñan a trovar no Castelo de Andrade, de camiño que iban de peligrinación a Compostela. Mais a cantiga estaba feita na lingua de Castela, e nin os verbes, que non se entendían, nin o son do verso, entraban na alma dos que o escoitaban.

Naqueles tempos os desidores trobaban en gallego, lingua que lograra unha grande perfeición para a *gaya ciencia*. Martis e mailo Conde, tomaron como un aldraxe que na súa nobre presenza se cantara nunha fala estrana que tamén falaban os mouros e xudaizantes. Doña Sancha dixo ó capelan que non era do seu agrado a cantiga de Marzoa.

Tocoulle a vez a Minia, unha doncela da familia dos Freires de Mondego. Vestía de mariñana, cuberto o seu feituquiño corpo con finos encaixes de Lorbé¹⁸⁷, que lle donara o seu nobre parente don Xácome Pardo de Andrade. Tiña a loura cabeleira peiteada en dúas longas trenzas, misturadas con fíos de brillante ouro, como se estilaba

¹⁸⁵ Apelido galego que ten as súas orixes en Lubre (Bergondo).

¹⁸⁶ Apelido galego que ten a súa orixe no topónimo do mesmo nome, en Oroso.

¹⁸⁷ Aldea da parroquia de Dexo (Oleiros), situada a 7 km. da capital.

entre as fidalgas ricas daqueles tempos. ¡Que ollos azús, de fitar modoso e solermiño de virxe céltica! ¡Que graciosa e xentil muller!

As olladas de tódolos mozos caeron sobre dela, aloumiñánda cobizosamente. Minia baixou a súa linda cabeciña, tinxíronse as súas faceiras coa color dos ceos nunha aurora de gloria, e despois de facer unha cumprida cortesía, comenzou a trobar.

Mainiña, brandamente, os seus versos entraban nos corazóns. A fala gallega en labios da feiteiceira fidalga, tiña unha dozura, unha mimosidade, unha xentileza asoballante.

Comenzou a relación das feituradas dos namorados galáns, de maneira sinxela e nobre. Despois foise erguendo a súa doce fala co esa lírica *esgrevia* propia das almas gallegas, lírica en que a ternura mistúrase meigamente co ese *modus dicendi* varonil da nosa casta. E cando, xa morto o namorado galán, acha sepultura ó seu rente a noiva malferida de amor, e nasce, entre das dúas tumbas unha fonte cristaíña que canta polo baixo aqueles amores infortunados... Cando os dous escuros alciprestes medran alí sobre das dúas sepulturas, rexurdimento a unha nova vida dos dous namorados; e siguen medrando astra toca—los ceos; e despois, arrandeados pola maina bris do serán, xúntanse en solene e agari-mosa aperta... daquela a poesía era tan intensa, o linguaxe tan elevado e nobre, dunha enxebreza verdadeiramente celeste... que todos, señores e fidalgos, poetas e labradores, baixaron a cabeza ó peso da fonda impresión artística que esmorece as almas coa lembranza das cousas divinas.

—¡Minia! ¡Minia fidalga e fermosa, que levas no teu espírito o bico dos nosos grandes trobadores doutros tempos!... —dixo Fernán Martís cheo de fonda emoción— ti cantaches na lingua das nosas nais, na nobre fala en que Alfonso o Sabio fixo os seus loubores á Virxe Sancta María! ¡Ti soupeche, mellor que ninguén, estremece—las nosas almas! A regueifa é túa, túas as cen dobras de ouro, e túas tamén as frores que cobren o trono do noso señor o Conde. ¡Benia quen canta o amor na lingua que Dios nos donou!

Doña Sancha Rodríguez bicou á trunfante fidalga e donoulle as frores que adornaban o patín. Tódolos presentes declararon reina do *gay saber* á feiteiceira Minia, e unha muiñeira de gloria espallou estonces os seus solenes sons polas veigas dos estados de Andrade.

A ESPADA DO FIDALGO¹⁸⁸

A MEU IRMÁN PLÁCIDO¹⁸⁹

O fidalgo de Taboexa¹⁹⁰, Pedro de Aldao¹⁹¹, acababa de chegar de Pontearreas. Déranlle alí noticias de que aquela mañán —do 7 de Setembre de 1658— saíra de Pontevedra o exército gallego que, ó mando do marqués de Viana, don Rodrigo de Pimentel, iba a Portugal a loitar contra dos portugueses, que non querían ve-la súa terra aso-ballada por xente estranxeira.

—Fidalgo de Taboexa, —decíalle en Pontearreas o seu parente o señor de Guimarei— xa sabedes que Portugal non quere vivir axunta-do cos demais reinos de España, e fainos a guerra. Os nobres gallegos, respondendo ó chamamento do Capitán xeneral de Galicia, foron a alistárense baixo das bandeiras do noso señor El-Rei don Felipe IV. Faltáchedes vós, fidalgo; vós que tedes sona de home valente, que vos vén de casta, e de entendido no arte da guerra. Todos din que sodes un mal gallego que non queredes defende-las bandeiras de El-Rei.

—Señor de Guimarei, meu nobre parente, as vosas derradeiras palabras magóanme en verdade, mais non penso pedirvos conta

¹⁸⁸ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 25, 4 de febreiro de 1908, p. 5. Foi incluído na edición de 1909 e nas sucesivas.

¹⁸⁹ O mesmo que Manuel, Plácido Lugrís Freire estivo na emigración. A relación entre os dous irmáns debeu ser boa, se temos en conta esta dedicatoria e outras máis de poemas.

¹⁹⁰ Parroquia do concello de As Neves, limita con Celeiros e Vilacova polo norte, Meder e Rubiós polo sur, Batallás, Ribarteme e Rubiós polo leste e Lira e Leirado polo oeste.

¹⁹¹ Pedro de Aldao foi un militar que participou na creación dun exército en Pontevedra que formou parte, en 1658, das filas do Capitán Xeral de Galicia, Rodrigo Pimentel, marqués de Viana, para loitar cos portugueses. Participou na guerra contra Portugal, na toma de Lapela e da fortaleza de Salvaterra. No 1668 embarcou en Vigo para tomar parte na campaña dos Países Baixos á fronte do “Tercio de Valladares”. Foi nomeado gobernador de Henault e no 1683 defendeu Brujas fronte aos franceses, acción na que perdeu a vida.

delas. Sodes, como os demais nobres e fidalgos desta terra, vítima da iñorancia, do desconocimento da nosa historia, das verdadeiras necesidades de Galicia, do que nos convén para o noso porvir, e coidades que nesta guerra debemos toma-lo partido de El-Rei Felipe. ¡Como esquencedes, meu nobre parente, como esquencedes esta terra que tantos desleigamentos e aldraxes sofre dos orgullosos casteláns! Portugal é moi semellante a Galicia, falan a mesma lingua, teñen os mesmos costumes, e polo tanto as mesmas leises. Portugal é sangue do noso sangue, vida da nosa vida. Os seus trobadores, os seus grandes poetas, a musa do pobo, encenderon a súa alma no mesmo verbe que Dios nos deixou en herdo. Non sabedes, meu nobre parente, que estades forxando os grilóns da cadea que ten de escravizar para sempre á nosa patria, que despois verá os seus costumes, a súa fala, as súas leises, todo canto é seu, aldraxado, perseguido por xentes que nos desprecian moito, que vós ben o sabedes. Os reises de Castela gobernan as Españas a estilo estranxeiro, que tan mal cadra para defensa e conservación das nosas liberdades. As causas que ergueron a espada dos hemandinos repítense hoxe con máis gravidade, sin que os fillos da terra volvan polo seu honore. ¡Señor de Guimarei, a espada dos meus avós, a espada que fai agora cento setenta e seis anos xustos que escentilou en Castro de Ouro defendendo as nosas liberdades, non pode de ningunha maneira erguerse nunha loita que vai poñer unha campá sobre a nosa independencia morta para sempre! ¡Seguide vós esas bandeiras! Eu teño que ouír a voz da razón, que me di que Portugal é noso irmán e que co el debemos vivir baixo das mesmas tendas! Non fagamos que outro poeta lusitán do porvir teña razón, coma a tivo Camões ó dirixirnos reprimendas, que nos avergoñen espertando un remordimento decote duro e merecido!

E o nobre e valente fidalgo Pedro de Aldao deixou a compañía do señor de Guimarei, e tornou ó seu pazo de Taboexa.

O serán era maino, tristeiro, saudoso. O sol, agachado xa baixo dos altos picoutos de Salce, tinxía aínda de cor vermella o hourizonte.

O fidalgo abreu a fenestra, e debruzouse, triste e saudoso, a olla-lo camiño que levaba á raia de Portugal.

Un balbordo forte viña do norte. A espada dos fidalgos de Taboexa, guindada na parede ó rente dun Santo Cristo, tremou co aquel balbordo, coma un corpo vivo que sinte carraxe. Despois oeu-se o barullo de moitas xentes: eran as tropas gallegas que iban loitar en contra de Portugal. Deran as oito da noite cando tiña pasado todo o exército.

Pedro de Aldao pechou a fenestra. Sentouse nun sillón fronte do Santo Cristo, e dixo:

—¡Meu Dios! ¿Por que te esquences desta terra quirida que ten por armas o Santo Sacramento? ¿Por que non espertas o entendimento dos gallegos que se esquencen da súa liberdade? ¿Que mal che fixo esta terra para que, cal ó pobo xudío, xa non lle quede nin siquera a esperanza da posesión do seu?

E o fidalgo de Taboexa colleu a espada de seus avós, parteuna en dúas mitades, e ceibouna no chan, dicindo cos ollos cheos de bágoas e cos puños fortemente pechados:

—¡Adiós para sempre! En favor dos alleos que te desprecian non loitarás, xa que non terás ocasión dende hoxe de loitar pola terra dos meus avós...

UNHA CANTIGA DE CHANÉ¹⁹²⁻¹⁹³

A compañía de ópera de Sieni iba tódolos invernos á Habana a representar as mellores obras no grande teatro de Tacón, que, para gloria da nosa terra, hoxe pertence á patriótica sociedade *Centro Gallego*.

Eu tiña costume de ire a estas festas en compañía dun paisano da banda de Sada, que era un namorado de Carlos Albert, de Tolstoi, Marx e outros. O meu compañeiro chamábase Cesáreo Z... De cotío se bulraba de min, dicindo que o meu costume de fala-lo gallego, a miña ansia de que Galicia lograra a súa personalidade, era cousa ridícula, contraria ós grandes ideás que xerminaban na estudiosa e nobre mocidade.

A noite do 22 de Nadal de 1894 anunciouse a representación de “Otello”, de Verdi, e ademais díxose que a tiple ferrolana Asunción Lantes cantaría no intre, por primeira vez, unha cántiga gallega, *Adios á Mariquiña*.

Fumos alá. A colonia gallega estaba aquela noite no gran teatro disposta a agasallar á feiticeira Asunción “a muller máis fermosa e máis muller” que, según o meu amigo F. Hermida, cronista de *La Discusión*, tiñase visto naquel escenario.

¹⁹² Pseudónimo de José Castro González (Santiago, xaneiro de 1856 – A Habana, xaneiro de 1917). Aínda que naceu en Santiago, trasladouse de mozo a vivir á Coruña, onde lle fora concedida unha cátedra na Escola de Belas Artes. No 1880, comezou a dirixir o Orfeón Coruñés e dous anos despois fundou e dirixiu a coral de El Eco. Marchou á Habana a finais de século e alá dirixiu o orfeón Ecos de Galicia. Musicou *Tarangaño*, *Un adiós a Mariquiña*, *Os teus ollos* e *Unha noite na eira do trigo*, textos de Curros, ademais de *A fuliada*, *Gaiteriño que pasa*, etc.

¹⁹³ Publicado n’ *A Nosa Terra*, nº 3, 18 de agosto de 1907, p. 2. Non leva o antetítulo “A carón do lar”. Só foi reproducido na edición de 1909.

Cantouse o primeiro acto de *Otello*. Asunción, que facía unha Desdémóna¹⁹⁴ xeitosa e lanzal, foi moi apraudida.

—Non me gusta “Otello”, —díxome Cesáreo;— esta ópera non debía representarse nestes tempos. A súa fábula é inmoral, dunha tiranía abafante. Se non fose por ti, hoxe non viría aquí. A música é boa, como cousa do inspirado Verdi, eso si. Pero cando a tiple cante a peza gallega vaise a doer moito o teu patriotismo, meu quirido Asieumedre. Xa verás a diferenza entre a nosa música pastoril, enxebre, queixosa, e esa outra italiana que recolle e leva nas súas notas un mundo de inspiración.

—Xa sei, —respondinlle— que ti non queres sentir nin reconocer a terra. As túas ideas prívanche de atopar cousa boa na música gallega. Eu si; para min ten un encantamento brando, unha soidade docísima que esperta no meu corazón as lembranzas do lar. Esas teorías túas de cosmopolitismo son boas en... teoría; pero as nacionalidades, as linguas, nas que nada puxemos os homes, obedecen a leises da natureza, a acontecementos providenciáis da historia, e nós non podemos reforma-la terra. En verdade che digo que en min ten máis forza o recordo de miña nai, as lembranzas de cando era pequeno, que todas as doutrinas de Bakounine e de Tolstoi.

Os timbres de aviso soaron. Os músicos puxéronse nos seus lugares, e José Castro Chané sentouse na alta silla do medio para dirixi-la orquesta. O teón ergueuse paseniñamente. Na escena apareceu unha aldea gallega na que non fataban alpendres, hórreos, árbores, etc.

Asunción Lantes saeu vestida de gallega. Un aprauso longo e forte resoou estonces; aprauso de admiración, de gratitude e agarimo.

Chané, o músico inspirado, ergueuse e marcou o primeiro compás da melodía. A tiple comenzou

“Como ti vas pra lonxe
i eu vou pra vello,
un adiós Mariquiñas

¹⁹⁴ Deuteragonista da traxedia *Otello*. É a filla dun nobre veneciano e está casada co protagonista da obra. É estrangulada no último acto polo seu marido, vítima dos celos. É a máis patética das heroínas shakesperianas, pasiva e indefensa ante o mal, só sabe opoñer a dozura e a paciencia ás ofensas e ás injustizas.

mandarche quero...”

e a música, como unha invocación bárdica, levou os nosos pensamentos á terra lexana. Despois o poeta falaba dos ridentes paisaxes, das frescas sombras, da lúa lucente dos nosos ceos; e a música de Chané, dina compañeira da musa do inmortal Curros, cinguindo a idea saudosa do poeta, entrou nas almas, asoballounas, adormeceunas nese mundo de recordos, nesa *catalepsia* do espírito que vive no pasado e no porvir, na terra e no eco, nas somas das quenlles sombrisas e no cume das altas montañas onde o sol esnaquiza as súas vívidas raiolas.

Despois a idea musical, como unha bolboreta que seguira un dourado fío de lus, parouse nunha frase doída como unha balada de Chopin, fonda e harmoniosa como unha sonata de Beethoven, dando comenzo a este rogo:

“Dilles que as súas obrigas
aquí os esperan
e se onde elas non volven
que se condenan...
E agora voa,
pombiña, e que te guíe
Nosa señora.”

¡Que ovación non vista recibeu naquel momento Chané! Curros Enríquez que estaba nun palco, tivo que saír contra da súa vontade ó escenario, a recibí-la aprobación resoante dos gallegos. Abrazáronse entón o poeta da palabra e o poeta da música, as dúas manifestacións máis puras da alma céltica; e entón, posto o público de pé, como obedecendo a un mesmo pensamento enxordeceu os aires cun ¡Viva Galicia!

O meu amigo Cesáreo, pálido, tremante, buligándolle as bágoas nos ollos tamén apraudeu, tamen deu o patriótico viva.

—Asieumedre, —díxome cando tornábase para a casa— Chané e mais Curros foron esta noite os meus redentores. Un sentimento que me fai moito ben despertaron no máis fondo da miña alma esta música saudosa e esta meiga fala da terra onde nacín. Si; reconozo agora que Galicia nin pode nin debe morrer. A libertá, a fraternidá entre os homes debe comenzo respetando aquilo que é obra da natureza. Dende hoxe, meu querido Asieumedre, quero ser máis que teu

amigo e compañeiro, quero ser tamén teu irmán xa que reconozo que temos unha mesma nai: Galicia.

O VERBO¹⁹⁷

Nos tempos en que Zoroastro¹⁹⁸ recibía no ceo do deus Ormuzd “a palabra de vida”, —seis mil anos dinantes do nacemento de noso señor Xesucristo,— había unha comarca fermosa e farturenta, nomeada Anthorque, que lindaba coas augas do mar Caspio. En ningures, non sendo no occidente da Iberia, podía acharse terra máis deleitosa.

As saudades polos eidos nativos comenzaron a xurdir nas almas dos anthorqueses, que vagaban polo paradiso dos persas.

—Señor, —dixéronlle unha vez a Ormuzd— o ceo que nos donástedes non pode ser mellor; mais nós temos lembranzas feridoras pola doce e doada terra de Anthorque. ¿Por que, oh deus, non nos facedes a mercede de axeitar un corruncho deste ceo de maneira que teña os arboredos vizosos, as campiñas ridentes, as augas espellantes e quedas daquelas meigas terras nas que quedaron os nosos corpos mortás?

E Ormuzd viu que aquilo era bo. Mandou chamar ao arquitecto celeste, e fixo un ceo aparte para os anthorqueses.

—Oh, meu deus Ormuzd, —díxolle o porteiro maor;— potente é a vosa vontade, que comprida será. Mais polo que toca a min, terei unha grave dificultade. Como ese lugar é tan feiticeiro, tódalas almas

¹⁹⁷ Publicado na segunda edición dos *Contos de Asieumedre*.

¹⁹⁸ Tamén coñecido como Zarathustra, foi un profeta e lexislador relixioso que viviu entre o 660 e o 583 a.d.C. en Irán e creou o porsismo, unha relixión que concentraba todo o seu interese na loita perpetua entre as dúas forzas do universo; o Ben e o Mal. Aínda que a súa vida só se coñece fragmentariamente, foi actualizada na obra *Así hablaba Zarathustra* de Friedrich Nietzsche.

que entren no ceo cobizarano. ¿De que xeito hei de compoñerme para que non entren nel mais que as almas dos anthorqueses?

E Ormuzd respondeulle:

—Unha señal divina teñen as almas: *o verbo*, palabra de vida e de actividade que eistía antes da auga, do ceo, da terra e de tódolos animás. El distingue as criaturas. Quen non fale o anthorqués non entrará no seu paradiso.

Quedou convencido o porteiro.

Un día petaron na porta do ceo.

—¿Quen chama?

—Un anthorqués que quer entrar na parte do ceo que lle corresponde.

—Ti non es anthorqués porque falas o zendo.

—Eu son nado en Anthorque.

—Pois fala entón na túa lingua.

—A non adeprendín porque era fala de sudras.

—Pois daquela non entrarás. A sinal divina do verbo nativo non brila no teu espírito.

—¿E a donde teño de ir entón?

—Ao inferno, que no ceo non poden ser ademitidos os desleigados que faltan á lei de Ormuzd.

CON POLAINA E MEDIA¹⁹⁷

Na ridente parroquia de Mondego¹⁹⁸, preto da branca e limpa vila de Sada, vivía un velliño, cangado polos moitos anos e máis pola retranca, que andaba a pidir polas portas do mundo. Nomeábase o Cazolo, e tiña un fillo, cativo e listo coma unha donosiña, a quen lle puxeron o alcume de Pucheiro, que vén sendo un cazolo pequeno.

O vello do noso conto caeu enfermo, e despois de ter recibido tódolos santos sacramentos —pois, según facía ver, o seu fillo era moi temeroso de Deus— rompeuse o fío da súa vida, librándose deste xeito de pasar angurias, nos bretemosos días da cruda invernia, cando pelingrinaba polos lameiros mariñás chamando ás portas dos caritativos corazóns.

O Cazolo deixara, en boas moedas de prata, máis de doce mil reás, cantidade que foi medrando coma o leite no lume ao ire a noticia de viciño a viciño.

Pasaron moitos días. O Pucheiro non se dispoñía a facer cirimonia algunha polo descanso de seu pai; e o señor cura da freguesía, coidando do bon réxime das almas, mandou chamar ao desleigado fillo.

—Viacó, Pucheiro, viacó. Chegou a meu conoecemento que teu pai deixouche unha boa morea de cartos. Si has de cumprir coa túa obriga de bon cristiano e bon fillo, tes que facere algo polo descanso da súa alma.

—Pensarei neso, señor, pensarei neso.

¹⁹⁷ Publicado na segunda edición dos *Contos de Asieumedre*.

¹⁹⁸ Parroquia do concello de Sada que limita coa de Veigue e Carnoedo polo norte, Meirás e Mosteirón polo sur, Sada polo leste e Dorneda polo oeste. Está situada a 2,6 Km. da capital do concello.

—Non, Pucheiro, non; esas sagradas obrigacións non se pensan, cúmprense.

—Señor cura, como eu son home equitativo, teño dinantes que medir o pro e mailo contra.

—¡Home equitativo! Xuncras me non leve se non es home perdido. Algún boletín abafado revolveuche o miolo. ¿Ti a que partido pertenceres?

—A Betanzos...

—Non, ho; quero dicir que política tes.

—¿Política? Ningunha. Os homes coma min, teñen dabondo con seren equitativos.

—Pois non che se conoce.

—Aténdame e verá. Supoñamos que meu pai, polos seus pecados, si é que os tivo, está ardendo nos infernos. ¿Pode saír daquel lugar?

—Non, Pucheiro; Deus é xusto, e se o Cazolo estivera naquel lugar de castigo, xa non tería remedio.

—¡Moi ben! Agora supoñamos que está na gloria: ¿mellorará de condición porque lle fagamos honras?

—Tampouco: xa che dixen que Deus é xusto e misericordioso, e na gloria daríalle o seu premio. Pero xa me estás amocando coas tuas preguntas, dinas dun mal fillo e de pior cristiano. ¿E se teu pai está no Purgatorio, que é o mais seguro?

—Daquela, señor cura, que salla polo seu turno, que a min non me gusta facer mala partida a ninguén, pois xa lle dixen que eu son home equitativo.

—Serás, home, serás.

A HONRADÉS¹⁹⁹

I

—Non, Sabeliña, non; —dicía Felipe de Pazos²⁰⁰ á súa muller—
o meu traballo non abonda pra manter os nosos filliños... ¡Púxose a
vida tan cara!...

—Tes razón; mais eso non abonda pra que largues de aquí á terra
de lonxe.

—Non me queda outro remedio, Sabeliña. Como eu son fillo dun
vinculeiro, os viciños coidan que os meus bes eran moitos, e que a
probeza de hoxe débese a que son un vicioso... un lampantín.

—Son cavilaciós túas.

—Abofé que non. Onte dicía un labrego de Veigue na taberna de
Xina: “¡Felipe ademais dun tramposo, que non paga o que debe por-
que non quer, é un herexe: este ano non quixo levar o ramo da festa, e
se seu pai vivira se morrería de vergonza por tere semellante fillo...!”
Ti ben sabes, miña dona quirida, que a causa de todo consiste en que
non teño un carto.

—¡Que almas negras!

—Non, Sabeliña; a humanidade maxina dese xeito, e teño para
min que sempre maxinou o mesmo. A miseria é tan negra, abafa de tal
xeito, que o que non ten facenda non é home honrado para o mundo.

E cavilando na emigración pasaron a noite Felipe e mais Sabela;
el, escismando no escuro provir que o agardaba en terra allea; ela, co

¹⁹⁹ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 13, 4 de novembro 1907, p. 5.

²⁰⁰ Aldea da parroquia de Liáns, no concello de Oleiros.

corazón atiricido, pensando no seu amante compañeiro, nos seus filliños, con esa vaguedade no espírito que nos cantou a santa Rosalía nas *Viúdas dos vivos*²⁰¹ no seu grorioso libro *Follas Novas*.

II

Felipe de Pazos xa estaba na Habana. Escribía cartas cheas de solermiñas parolas, revertendo todo o cariño que levaba no corazón polos seus fillos e pola súa dona. Mais non mandaba diñeiro porque aínda non lograra un xornal que dera un pequeno sobranse para quitar unha libranza.

En Casoedo²⁰² seguía a xente tirando o creto de Felipe. —É un perdido, un trapalón —dicía unha viciña;— non manda un carto á súa muller.

Sabela, nunha das súas cartas, queixábase das malas pécoras que o caluniaban.

—Non hai volta, —dicía Felipe ao ler a carta de Sabela— a probeza é fonte de inominia. Se eu mandara diñeiro, fora adequirido como fora, sería un home de ben para os viciños de Casoedo.

As saudades que espertaban na súa alma as lembranzas da terra; o recordo querendoso do seu lar; a cobiza de mandare cartos para as maxezas da familia,... misturado todo coa desesperación de que na Habana, como en Casoedo, o traballo non daba sinón para malvivir, foron pouquiño a pouco infruíndo no seu espírito, e abafando os seus limpos e honrados pensamentos. Moitas veces, nos homes que non teñen unha moral razonada e forte, as ideas e incriminaciós máis fidalgas son o fundamento que os arrempeza polo camiño do pecado.

²⁰¹ “As viúdas dos vivos e as viúdas dos mortos” é o título do último dos cinco libros nos que está dividido o poemario *Follas Novas*. Está integrado por 31 poemas que xiran ao redor do tema da emigración.

²⁰² Non temos noticia de ningún topónimo Casoedo, pode tratarse de Carnoedo, pola proximidade xeográfica á terra natal de Lugrís Freire.

Un día tivo a ocasión de facer un pequeno furto, e fíxoo; que nesto pasa como nun camiño tebroso e non conocido, onde o piquer²⁰³ é dá-lo primeiro paso.

Perdeu, pois, a dinidá do propio creto, esquenceuse da confianza que nel puxera o dono do establecemento e siguiu furtando. Cando tiña cartos dabondo pra un bon vivir, tornou aos patrios eidos.

III

Non deixou Felipe de levar aquel ano o ramo da festa. Houbo música e foguetes a vao. Festa coma aquela non se recordaba na Mariña. O crego da parroquia, no sermón da misa maor, gabou a relixiosidade de Felipe, que servía de enxemplo a moitos mariñás que tornaban das Américas.

Un día citou Felipe a tódolos seus acreedores pra que fosen pola súa casa a cobraren o que se lles debía. Pagou sin regateos peso sobre peso.

Un dos viciños dicíalle a outro ao saíren de cobraren.

—Desengáñate, amigo Xan; fumos unhas malas almas en quita-lo creto de Felipe de Pazos. Dios nos perdone o mal que lle fixemos. Xa ves: quen paga desta maneira despois de tanto tempo, ten que sere un espello de homes honrados.

¡Así discurren neste baixo mundo os que non estudaron a Herberto Spencer²⁰⁴... e tamén os que o estudaron!

²⁰³ Forma empregada en máis ocasións por Lugrís, como equivalente a “pior”.

²⁰⁴ Filósofo e sociólogo inglés (Derby, 27 de abril de 1820 – Brighton, 8 de decembro de 1903).

OS DOUS AVOGADOS ²⁰⁵

(CONTO XURÍDICO–RETRANQUEIRO)

O señor Xan é un labrego que sabe onde lle apreta o zoco, (pois non poden magoalo os zapatos porque non os ten) usa patillas semellantes a dous lacós de Lugo, cirolas de estopa, polainas de burel con botós de ferro, e un sombreiro coro de fume, dexeneración de cando era branco. En canto ó físico direi solasmente que se parece moito ó tío Marcos da Pitela, residente na Habana; é decir, que vos é un home de retranqueiras e sabidencia orixinal.

Áchase casado e ten dous fillos; é vinculeiro dos acomodados anque non pode estirar moito o pé, por mor de que a manta non pasa de cinco de longo.

Non hai preito nin xunta, loita nin descusión no auntamento na que il non meta baza. Sabe escribir un pouco, e leer algo máis, e ten metida na chenchá os espritos das leises (falando xuridicamente) feitas dende o tempo de Eurico²⁰⁶. Tamén entende algo de relixión anque os cregos, pra non prevertirlo, non lle premiten máis periódicos que a suscripción á Bula da Santa Cruzada.

No fondal da eira do noso personaxe, encóntrase o pazo do *avogado de verdá*, don Costante Candelas, andalús de nación, e máis finchado que as figuras do Cantón Grande da Cruña. A estoria deste home —ou señor, fóra a ialma— está un pouco lixosa, pois, ó decir de moitos veciños, non tiña máis bes cando veu prá vila que unha *pompona* (sombreiro) boa pra gardar mazarocas, e un traxe de fufú ou

²⁰⁵ Publicado n' *A Gaita Gallega*, Tocata Segunda, 2 de agosto de 1885, pp. 6–7.

²⁰⁶ Rei dos visigodos que naceu ao redor do 420 e morreu no 484 ou 485 en Arlés. Mandou compilar nun código os costumes polos que se rexían os godos.

lilaila; e agora ten pazo na aldea e outro na cibdá, e axiña terá tamén o título de Marqués, que nos tempos que levamos adequírese como quen merca unha cuxa.

Ben podía aforrar o decir que o tío Xan e don Costante, entrambos a dous avogados, lévanse como can e o gato, principalmente dende que o primeiro lle deu unha leución de avogacía que non enseñan as cátedras, nin o xurisconsulto señor Abella lembra en ningures dos seus libros.

Éravos pois o caso de que a horta do andalús que lindaba coa do noso churrusqueiro labrego, tiña unhas cerdeiras que polo medio día daban sombra de tal maneira no predio veciño, que non deixaban lograr froito do que alí se prantaba. O noso peisano fixo ver a don Costante o mal que tales arbres facían, e que encontrándose a unha vara do lindeiro e ó lado do *saliente*, non era de lei o que se houberan prantado alí as cerdeiras, etc; pro nunca lle fixo caso algún, co gallo de que ó probe non dan a razón os caciques.

—¡Que caracho, señor! —decía o tío Xan un día en que pasaba por debaixo dos arbres de que falo— ¡que non hei de tumbalos! Non podo sementar nada preto distas malditas cerdeiras; pro... pola noite pensarei pra ver de atopar algunha retranqueira.

En efeuto; debeu de encontrala, pois ó dia siguiente decíalle ó seu compadre Chinto:

—Mañán tes que ir á vila, e estimaríache que me fixeras o favor...

—Si podo, ti xa sabes...

—Irás a onde un avogado a buscar unha consulta... (o tío Xan rasca o curuto da cabeza) pro... o avogado que sea don Costante ¿entendes? Ti farás a pregunta tal como eu cho vou a decir: atende; dirás eisí: “Don Costante, teño unha leira ó lado doutra do meu compadre Xan, e a deste ten us arbres que dan sombra na miña de tal maneira que non me deixan lograr froito algún. Eu quería saber si podo ou non tumbalos, pro... polo que poida suceder deseo que vosté me dea un *parecer* por escrito, sin citar nomes”. Il darache o escrito, polos cartiños, por decontado, e logo dasmo a min.

—Mui ben; non sendo máis que así. Pro ten en conta que como che quer mal, vai a dar ó vultuntum o parecer de que se tumben.

—¡Canté! ¡Compadre! —dixo o tío Xan ó ver que a consulta iba de camiño a dar os resultados cobizados— ti descoida; fai como eu che mando, e ganarás...

—Fecha a boca, que eu non trafico cos amigos.

O outro día pola tarde xa volvía Chinto co parecer do avogado; tan luminoso por certo, que despois de citar as páxinas onde estaban os artigos da lei e os nomes dos que escribían a exposición ou prólogo —cousa de moda nos tempos que corren, principalmente pra os que escriben pola moderna non querendo nada que cheire a vello— decía que había dereito a tronzar os arbres.

Cando o tío Xan colleu nas mans o papel non acougaba de contento. Xa podía tumbar as cerdeiras, e o avogado *lido* non podería queixarse, e si o facía peor pra il.

Sin dar tempo a nada colleu un serrón e un machado, e acompañado dun dos fillos, foise á leira de don Costante, e... *prin... pras...* tronizou as cerdeiras.

Pasados catro días, o alguacil citaba ó noso labrego pra que fose a un xuício ou crella presentada polo avogado. O tío Xan non desinou home bo —que moitas veces salen peor que os mesmos demos— e fiou a vitoria nas retranqueiras de costume.

Xa temos ó demandante e demandado no Xusgado de Paz, —como entón se chamaban, e cuio nome lle sacaron con bastante acerto pois case sempre son Xusgados de Guerra—. O avogado retorrece os bigotes con cirimonia que quer decir: “voute a amoucar”, e o señor Xan está facendo raias no chan coa moca como agardando o momento da vitoria. Despois de que o acusaron e de que o avogado ceibou unha parola xurídica de primeira fila preguntou o xués ó demandado, que contestaba ás acusaciós.

—Eu... —comenzou este a decir con calma própea dos pica-preitos— é verdá... cando un está no seu; cando a razón está do meu lado... porque, sepa vosté... e dispense... que si tumbei as cerdeiras non foi por mal querencia, porque, así Dios me leve si quero mal a bicho viviente. O señor, don Costante, non pode decir, nin debe decilo que fixen mal e que eu non estaba dentro da lei... porque

como iba decindo, il mesmo —e dispense, meu señor,— deu un papel, que pido coste en autos e se una ó expediente, no que dice que se poden tumbar...

E decindo esto amostrou a consulta firmada por don Costante, na que daba o parecer que xa coñecemos, e quen, ó vela, mordeu os labios, retorceu de novo a banda dereita dos bigotes, e dixo:

—*Zeñorez; ezto debe arreglarze en paz y en grazia de Dioz.*

—Logo... todo se acabou...

—*Ci, Ceñó.*

—*Está da miña conformidá,* —dixo o tío Xan— *pero suprico que se me dea un certificado do arreglo.*

—*Darácelle o certifcao.*

Todo saleu como esperaba salise o avogado de silveira, que lograba con esto un trunfo dino de Licurgo²⁰⁷.

—*¿Usté veu couza como ela?* —dixo o andalús ó quedar solo co xués— *¿Usté ve como un avogado de zilveira ze bulrou de min?*

—Ben o vexo, don Costante; os gallegos, anque non vaian ás cátedras, saben facer chuscadas á mesma estrela da mañán.

K.ÑOTO

Na Habana: Santiago de 1885.

²⁰⁷ Viviu en Atenas entre o 390 e o 324 a.d.C. Foi alumno de Platón e de Isócrates. Pasou á historia como exemplo de xustiza e rigorosidade no exercicio dun cargo público.

OS DOUS AVOGADOS²⁰⁸

Don Constante, que era naqueles tempos o avogado de máis sona da Cruña, tiña unha casa–quinta en Moruxo²⁰⁹, preto da vila de Betanzos.

A horta non tiña sembradura dabondo, e ademais, polo fondal, faltáballe un bon pedazo pra sere cuadrada. Lindaba por este lado cunha leira de Bastián que non quería de ningunha maneira vender o cacho de terreo que acuciaba don Constante.

Un día presentouse Bastián na Cruña, no despacho do noso avogado, e díxolle:

—Señor, veño a poñer no seu conocimiento como lle tocou en sorte ir ao servizo do rei ao meu fillo Pedro, que é o meu brazo dereito. Se mo levan non sei que será de min, pois xa estou moi velliño e non podo traballa–la miña facenda.

—Tes razón amigo Bastián.

—E polo mesmo eu viña a rogarlle que me emprestara algún diñeiro sobre da leira que está a carón da súa horta...

—¿En que condicións? —preguntou estonces don Constante cheo de alegría porque ao fin iba a compra–la horta.

—Señor, como vosté queira. Vender non lla vendo porque doime moito desfacerme dos bes de meus pais; pero, se lle parece ben, tomareille o diñeiro en pauto de retro.

—Ben, home, ben... —respondeu o avogado— restregándose as mans.

²⁰⁸ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 20, 28 decembro 1907, p. 5.

²⁰⁹ Freguesía e tamén aldea do concello de Bergondo, situada a 1,5 km da capital municipal e bañada pola ría de Betanzos.

—Como a miña leira é moi grande, hipotecarei nada máis que a mitá.

—Conforme se a parte que hipoteques sea testando coa horta.

—¿E como non, señor?

—Fixeron a escritura de pauto de retro, e Bastián largou co diñeiro a redimir a Perucho, que volveu aquel mesmo día prá súa casa máis contento que un cuco.

Iba a cumprir un ano despois desto. A víspera do vencimento da hipoteca, presentouse Bastián, en compañía de tres viciños seus pra que lle serviran de testigos, no despacho de don Constante.

—Señor, —decía Bastián,— eu sonlle home perdido. Este ano caeron enriba de min moitas desgracias. Non collín maínzo ningún, caeume a feluxe no viño, podrecéronme as patacas no celeiro, e doume moita perda a venda do gando... ¡Non lle podo pagar; doume por perdido!

—¿E daquela?

—¿Daquela? ¡Ai meu señor Constante! Que lle estou empeñadiño de todo, e non teño modo de saír de apuros máis que hipotecando a outra mitá.

—Bueno, home, bueno; pra que vexas que te trato ben, e que non abuso do apuro do próximo, dareiche a mesma cantidá que pola outra parte.

—¡Vaia todo pola alma dos seus difuntiños!...

Fixeron a escritura, e cando Bastián tiña os cartos na man, dixo:

—Agora, meu señor, quero deshipotecar a outra mitá, que vence mañán. Aquí ten o diñeiro; e os señores me serán testigos de como fago a entrega.

—Mira, meu amiguiño, —repondeulle don Constante dándolle unhos golpiños no hombro— agora queda a miña horta sin compretar, e poñerei unha ponte, se me deixas, pra pasar á outra banda que agora me hipotecas. Ti non tiveches necesidade de ir a Santiago para aprender leises. Coa retranca que Dios che deu tes dabondo pra xiringar a calquera letrado, como me xiringache a min, con perdón.

A MITÁ EN CARTOS²¹⁰

Fai tantos anos como eu conto de vida, que andaba visitando as freguesías das Mariñas un señor Arzobispo, cuio nome non lembro, desprendido, xeneroso e caritativo coma un cristiano de boa lei. Pero aquilo de que “canto máis doce é o mel, máis moscas caen sobre del”, non acougaba o perlado coas peticións que decote e en todas partes lle facían.

Nunha aldea, preto de Betanzos, según conta a historia, presentáronse ao señor Arzobispo dous labregos a pedirlle diñeiro para a fundación dunha escola de primeiras letras. Xa non lle quedaba nin branca na faltriqueira, e o rogo aquel púxo nun verdadeiro compromiso.

—Señor, —decíalle Chinto repetindo as palabras que lle apuntaba por detrás Bastián, seu compañeiro de comisión— sabemos que a vosa señoría é xeneroso e amigo dos pobres, e polo mesmo vimos a lle rogar que nos dea algo para axudarnos a erguer as paredes da nosa escola, que tanta falla nos fai...

—Ben sabe Dios, meus fillos, —respondeu o perlado— ben sabe Dios que eu non podo negarme a axudarvos na vosa empresa. Enseñar ao que non sabe é unha obra de misericordia das máis proveitosas e gratas aos ollos de Dios.

—Ten razón, si, señor, —añadeu Chinto, máis contento que un cuco porque comprendeu que a súa petición era atendida.

—E polo tanto, —sigueu o perlado con voz solene e cariñosa— eu concedereivos, para vós e mailos que vos axuden na civilizadora labor, catrocentos días de indulxencia plenaria...

²¹⁰ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 47, 22 de xullo de 1908, p. 4.

—Está ben, si, señor; Dios llo pague, —contestou Chinto con certa resinación.

E Bastián, que estaba por detrás, díxolle quedíño:

—Chinto, dille á súa señoría que che dea a mitá das indulxencias en cartos.

OS PRIMEIROS VERSOS²¹¹

Era un día de festa do mes de nadal de 1880. O ceo estaba cuberto de nubarrós pardos que acochaban o sol, infruíndo a que a tarde fose mais melancónica do que acostumaban a ser as do outono.

Eu camiñaba polo quinteiro que dende Oleiros leva ó Porto de Santa Crus²¹², frentre á Cruña.

O camiño estaba cuberto de estrume e follas de castiñeiro que amainaban o ruído dos meus pasos.

Sobre a cume dun souto víanse as campás da igrexa de Lians²¹³, e á outra banda erguíase a torre de Hércules sobre us penedos en que se desfacían as marexadas causando un xordo rumor que se misturaba co run-rún dos pinares.

Encontrábame xa na Lóngora²¹⁴, frondoso rueiro cheo de longos souts e pinales espesos.

De moi lonxe, escoitábase vagamente o barullo da foliada que se facía no lugar de Coruxo²¹⁵.

Os sons da gaita chegaban astra min esmaiadamente, facendo medrar aquela tristura que cuasemente érame agradabre.

²¹¹ Publicado n' *O Galiciano*, Ano III, Parola 86, 15 de maio de 1886.

²¹² Aldea da parroquia de Liáns, situada a 3,2 Km. da capital do concello de Oleiros.

²¹³ Parroquia do concello de Oleiros, delimitada pola baía da Coruña e a parroquia de Dorneda ao norte, Nós e o Temple ao sur, Meirás ao leste e o Perillo polo oeste.

²¹⁴ Aldea da freguesía de Liáns, dista 3,2 Km. de Oleiros.

²¹⁵ Coruxo de Arriba e Coruxo de Abaixo son dúas aldeas da parroquia de Liáns, no concello coruñés de Oleiros.

Todo invitaba a pensar ¡e pensei tantas cousas!

Dempois que estiven engaiolado ollando o feiticeiro paisaxe que se estendía diante de min; cando comenzaba no máis íntimo do meu espírito unha terca loita entre os ledos recordos da niñez e as esperanzas do porvir; cando estaba tan ensimismado que non sentía xa nin o bruar do mar, nin o rumor dos pinos, nin o barullo da foliada, nin os alegres aturuxos que turbaban de vez en cando o doce quedismo en que sealcontra decote a poética Lóngora; estonces fireu os meus ouídos unha harmunía tan tenra coma unha toada de Gounod²¹⁶, tan melancónica coma un poema do escocés Ossian²¹⁷, tan vaga coma unha balada irlandesa; harmonía que, espertándome daquel ensimismamento, causoume un estremecemento emparolabre, e fixo rubir ós meus ollos unha bágoa máis imparolabre aínda.

Aquela música era gallega, é decir, era unha harmunía en que se sinten eses sons que nos falan do ceo, ises concertos que tan axiña nos fan soñar en algo desconecido como nos presentan as legrías verdadeiras do mundo.

¿Quen executaba esta harmonía? ¿Eran fadas que viñan a arrincarme daquelas fondas contempraciós? ¿Eran quizais soídos do meu cerebro, ou era executada por seres humás?

²¹⁶ Carlos Gounod (París, 17 xuño 1818 – Saint Cloud, 18 xuño 1893) foi un compositor francés dedicado nun principio á música relixiosa. Máis tarde chega a director xeral do Orfeón de París e acadada prestixio internacional coa composición de pezas como: *Faust* (1859), *La reine de Saba* (1862) e *Roméo et Juliette* (1867). É a cabeza visible da Escola francesa entre 1860 e 1880.

²¹⁷ Heroe e poeta escocés do século III de existencia bastante dubidosa. Segundo a tradición, era fillo de Fingal, un guerreiro escocés que resistiu a invasión do emperador romano Severo e que conseguiu unha importante vitoria sobre Caracalla. Seguindo coa lenda, Ossian emprendeu unha expedición a Irlanda e alí casou con Evir–Alina. Desta parella naceu Oscar, que foi morto a traizón e que provocou o desconsolo do pai. Ossian, que ademais do fillo perdeu tamén a visión, buscou alivio na poesía épica. Isto, que circulou como tradición oral escocesa, foi dado a coñecer en 1761 por James Macpherson, que anunciou o descubrimento dunha epopea protagonizada por Fingal. No 1763 deu a coñecer *Temora* e no 1765 *Obras de Ossian. Fingal y Temora*.

Erguinme; atravesei pola canle dunha leira e saltei un valado caendo nunha corredoira fonda. Dempois atopeime cun cerrado de valados que brinquei tamén, atopando con vinte ou trinta rapaces, vestidos de mouro, no medio dos que se erguía un estandarte, cuberto de loito, coa lenda: “Orfeón Brigantino”.

Ós poucos momentos comezaron a cantar unha plegaria en galego, e puxeron sobre unha tomba porciós de coroas de semprevivas, cunhas cintas onde se lían istes verbes:

“A Don Marcial del Adalid y Gurrea²¹⁸”.

Aquil fato de rapaces membros da sociedade “Liceo Brigantino”²¹⁹, iban a pór sobre a tomba do máis intelixente músico destes tempos a derradeira proba de agradecemento.

¡O amor pola pátreia tiña alí xuntos a aqueles antusiastas rapaces!

Pouco despois saín do cimiterio de Liáns²²⁰, collín polo rueiro que leva a Oleiros.

Aquela música, úneca que astra estonces falárame de algo grande, resoaba aínda nos meus ouídos.

Novos pensamentos: solo quería a terra. O amor da pátreia, primeiro cariño que sentín, revertía no meu peito.

²¹⁸ Marcial del Adalid y Gurrea (A Coruña, 1826–1881) formouse musicalmente dende moi novo na Real Colexiata de Santa María da Coruña. No 1844 viaxou a París para seguir as ensinanzas de Chopin. Logo de catro meses sen conseguilo, marchou para Londres a estudar con Ignaz Moscheles. En 1846 instalouse en Madrid e difundiu algunhas das súas obras. Posteriormente encerrouse no seu pazo de Lóngara para compoñer outras obras e para arredarse da vida social. Estivo casado coa novelista Francisca González Garrido (Fany Garrido). Entre as súas obras salientan: *Inese e Bianca*, *Sonatina en sol*, *Cantares populares Gallegos* e *Cantares viejos y nuevos de Galicia*. Destacou por ser un dos principais impulsores das corais orfeónicas que comezaban a ter daquela certo éxito.

²¹⁹ Con este nome publicouse un xornal no século XIX, dirixido por Ricardo Caruncho Crosa

²²⁰ Corriximos Ciáns por Liáns, ao consideralo un erro tipográfico.

Ceguei á pousada onde paraba, subín ó sobrado e abrín a xanela que daba ó mediodía.

O sol habíase agachado xa. Era a hora de entre lusco e fusco.

A estrela da tarde deixaba ver xa o seu *disco* que se asemellaba a un diamante; os pinales envolvíanse paseniñamente nas brétemas anuncianteas da noite; as arrás entoaban, como de costume, unha harmonía sin nome capás de dar dor de moas; e unha brandiña bris, chea de feiticeiros perfumes, indicaba que a natureza comenzaba a vivir a vida da noite.

Púxenme a ollear o panorama nouturnio que tan en caraute se achaba co meu espírito.

As sombras acochaban o val, pro aínda puider ver a Torre de Hércules no oeste, e no sur a aldea de Carral.

Nesto volvía da foliada o gaiteiro Chinto, amigo meu, que ó pasar por diante da pousada repinicaba unha valente muiñeira.

Senteime preto dunha mesa escritorio, e púxenme a escribir.

Fixen os primeiros versos da miña vida e quedei como amurriñado.

Cando volví en min, ollei con sorpresa que, sin sabelo, os versos aqueles estaban feitos en lingua gallega.

L.U.Grís.
Habana, 1886.

POLA PATRIA
EPISODIO DA GUERRA DA INDEPENDENCIA
EN GALICIA²²¹

I

Era o día primeiro de San Xoán do ano de 1809.

A pequena e poética vila de Sada foi sorpresa aquela mañán polo ruído que na rúa principal facía o forte galopar de algús cabalos. Axiña se decataron os viciños que se trataba de vinte dragós franceses ao mando dun oficial.

Inda ben non se apearan, dirixeuse o xefe francés á casa onde vivía o alcalde do concello, que daquela era a xurisdición de Mirafrores.

—Ponédeme axiña unha lancha pra pasar á outra banda —dixo nun chapurreado de castelán, gallego e francés.

O alcalde respondeulle que cumprimentaría a súa orde.

II

Chamábase o alcalde, D. Rafael Colmelo Freire de Andrade. Fora capitán da división española que mandaba o Marqués de la Romana²²²,

²²¹ Publicado na *Revista Gallega*, nº 164, 1 de maio de 1898, p. 5, e en *El Eco de Galicia* de Buenos Aires, nº 240, 20 de xuño de 1898.

²²² Refírese a un acontecemento histórico que tivo lugar entre 1807 e 1808; unha expedición mandada polo Marqués de la Romana a instancias de Napoleón, coa que o emperador francés tentaba defender o reino de Dinamarca. A ausencia de noticias da terra, unida ao progresivo illamento, provocaron que os 15000 homes que formaban a expedición se revelasen contra a autoridade francesa e fuxisen para España en barcos da armada inglesa. O título de Marqués de la Romana fora creado en 1739 en favor de José Caro Maza de Lizana y Roca.

e bateuse coma un león cando as nosas forzas quixeron tornar dende Longeland²²³ en defensa da patria. No combate de Kudskiwing, cando fixeron fuxir coma un coello ao xeneral Alfeld (15 de Agosto de 1808) colléndolle seis cañós e facéndolle prisioneiros a bao, foi o héroe da nosa verdadeira historia mal ferido nunha perna quedando polo mesmo eivado para o servicio das armas.

Xa de volta na súa patria, a tirria que lle tiña aos franceses medrou moito na súa alma cando se enterou das xudiadas e profanacións que os invasores tiñan feito en Galicia, e cando soupo que na acción da Costa do Sal, contra Maucune, habíalle matado ao seu tío don Miguel Colmelo, facendo aldraxes do seu cadavre.

—¡Xuro, dixó daquela, que hei de vingar a morte do meu tío e os aldraxes que cometeron nas nosas igresias eses infames traidores!

III

Foi o mesmo don Rafael a preparar a lancha en que habían de ir os franceses. Levantou o empanetado, e cun trade fixo un burato que tapou cunha cortiza.

O vento era do Leste. Cun rapás que axudara ao cambio da escota había dabondo para face-la travesía. Este rapás tiña por alcume *Chocos*, e o que estos ringlós escribe coñeceuno, e oeu dos seus labios este feito que non deberan de esquencer endexamais os bos patriotas.

Os cabalos foron embarcados nunha lancha grande sin corredores, que se amarrou para o remolque pola que gobernaba D.Rafael, na que se colocaron os franceses.

Ergueuse a vela, e a lancha comenzou a camiñar cara á praia de Bañobre²²⁴.

Pola conversa que sostían os franceses —pois o noso heroe entendía aquela fala— comprendeu do que se trataba.

²²³ Trátase da illa de Langeland, situada no mar Báltico. Foi aquí onde se xuntaron todas as tropas peninsulares, agás as do Algarve, Guadalajara e Asturias, para fuxir cara a España na flota inglesa e así poder loitar contra Napoleón na Guerra da Independencia.

²²⁴ Aldea da parroquia de Castro, concello de Miño.

Aquela pequena forza, levaba a misión de dar aviso aos destacamentos franceses de Pontedeume e Ferrol pra facer unha concentración; porque os gallegos tiñan xa organizadas as súas tropas, e viñan do sul barrendo aos invasores. Faltaban aínda cinco días para a batalla do Ponte Sampaio²²⁵, de eterna lembranza.

—Non teñades coidado —pensou para os seus adentros don Rafael— a vosa misión será a de ser comidos polos peixes desta ría, anque eu sufra a mesma sorte.

Chegaba a lancha ao medio da ría —que ten tres millas de ancho— e sentíase xa a maneira que decote fai a barra que chega hashtra o Pasaxe do Pedrido²²⁶.

Don Rafael botou unha ollada para a vila onde quedaban as máis caras xoias do seu corazón; mirou despois para a igrexa que no cume dun couto parece bendecir a fermosura deleitosa daquela campiña ridente que se estende ao seu pé. Despidiuse co pensamento das afeicións todas da terra.

—¡A patria o quere! —dixo para si.

Disimuladamente levantou unha táboa do empanetado, e co pé, tirou o tapón.

Volveu de novo a poñer a táboa; aos poucos minutos a lancha tiña ao seu bordo moita auga. Xa comenzaba a saír, polo empanetado. O capitán francés adiviñando algo, tirou do sable e dirixíndose ao alcalde, díxolle:

—*¡Brigand! ¿qu'est ce que tu as fait?*

—¿Que fixen? Que aos enemigos da miña patria non podon presarlles máis favor que lles dar morte.

—*¡Oh! tu mouriras...*

Non lle deixou acabar D. Rafael. Lixeiro coma o vento, tirou da faca e cravouna no peito do francés.

²²⁵ Tivo lugar os días 7 e 8 de xuño de 1809 e con ela rematou a ocupación francesa de Galicia. A “División del Miño”, constituída maioritariamente por xente do pobo e por moi poucos militares, derrotou ao Sexto Corpo do Exército francés, mandado polo mariscal Ney.

²²⁶ Aldea da parroquia de Moruxo situada a 1,8 km de Bergondo, concello ao que pertence.

—¡Viva Galicia! ¡Viva España! Escramou o noso heroe caendo por enriba do courel ao mar, sin solta-lo francés.

Os demais soldados, perderon a serenidade, e cos seus movementos, embarcaron máis axiña a lancha.

Solo se salvou *Chocos* que nadaba e buceaba coma un munxe.

Ao outro día pola mañán atopáronse dous cadavres na ribeira de Ganderío²²⁷. Eran o capitán dos dragós e don Rafael Colmelo.

Este tiña fortemente apreixado coa man esquerda a do francés que tiña o sable, e coa outra inda parecía querer afondar máis no corazón do enemigo da patria.

No rostro de D. Rafael dibuxábase a doce satisfaição do deber cumprido. No do oficial tódolos terrores da morte.

*ROQUE DAS MARINHAS*²²⁸.

²²⁷ Punta da ribeira esquerda da ría de Betanzos, situada entre a praia deste mesmo nome e a punta de Moruxo, na parroquia de Oucés, concello de Bergondo.

²²⁸ Este feito, con lixeiras variantes, é certo. (Nota do autor nas dúas revistas nas que se publicou o texto).

A CRUS²²⁹

Aquel día non se falaba doutra cousa na aldea. Chegaría da Cruña pola tarde un revolucionario chamado don Rafael, que andaba predicando en contra dos curas e da relixión, coidando que o que certas xentes cavilan nas vilas pódese facer e dicir entre os labregos. O cura da freguesía xa tiña avisado a tódolos viciños que de ningunha maneira escoitaran a parola do revolucionario. Pero como aquilo que máis se nos priva e o que máis nos degora, espertárase o deseo de iren a oílo.

Acórdome como se fora hoxe. No souto pequeno, a carón do mesmo cruceiro de pedra que ten un cristo moi ben tallado, erguérase un palco, —como o que aínda hoxe se ergue en Riobao para bota-lo sermón do antroido— cuberto de loureiros e de xabana. Enriba de todo estaba ergueita unha bandeira amarela e vermella²³⁰, que o vento arrandeaba docemente sobre da crus, na que algunhas veces quedaba envolta como en solene e agarinosa aperta.

Por fin chegou don Rafael o *Redentor*, como lle chamaba o escolante, que era moi seu amigo, e según as malas linguas, tiña as súas mesmas opiniós. Diante viña o gaitero Chinto, máis teso que un esteo, tocando unha argallante e leda muiñeira; e ao seu rente, un paisano botando foguetes.

Como era unha tarde de día de festa, xuntárase moita familia. Alí non faltou Martiño, que era un vello con máis sombra que un andalús e máis retranca que un cacique mariñán. Estaba arrimado ao palco, púlpito ou o que fose, sin quitar o ollo do predicador forasteiro.

²²⁹ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 9, 4 de outubro de 1907, p. 4.

²³⁰ Aparece no orixinal como "bermella", o que consideramos un exemplo de castelanismos gráfico.

Don Rafael subeu ao taboado, e comenzou a falar en castelán, empregando conceptos que non entendíamos ben. Era unha lástima, abofellas, que non houbera falado en gallego, que daquela entenderíamolo mellor. Pero estas xentes da vila son así: falan entre nós sin decatarse que están en Galicia.

Falou en contra dos caciques, —e aquí apraudín canto puider— dixo que os probes éramos carne de cañón, que sobre de nós pesaban tódolos trabucos con que se mantiñan tódolos zamezugas da política; que nas escolas da aldea non se enseñaba cousa que fora de proveito para os labregos —e neste tamén se lle dou a razón...— E despois arrematou dicindo certas cousas da nosa relixión, que inda que nada dixemos, non nos facían moita gracia.

Neste momento o taboado, palco, ou o que fose, chirriou un pouco. Despois esmendrellouse de todo facendo un grande estrondo. Don Rafael deu un pulo para non derrearse, e quedou fortemente abrazado á crus, cos ollos abertos dunha cuarta como se para el chegara a fin do mundo.

—¡Ouh! ¡señor don Rafael! —dixo estonces Martiño— *¡se non fose a crus levábao o demo!*

A risa da xente foi moita. Eu dígovos en verdade que me dou moito que cavilare o dito de Martiño, que mesmamente ten máis sabiduría e intención que moitos homes de letras.

O PRIMEIRO É A MANTENZA²³¹

Que me non leve o díaño se non estamos agora nunhos tempos nos que mesmo parece que chegou a fin do mundo, ou, polo menos, a fin do sentido común.

Dinantes, cando os homes pola forza do estómago, que para algúns é unha forza asoballante, servían baixo doutras bandeiras ou ás ordes de amos odiados, agachaban por propia dinidade o segredo das suas opinións. Mais agora xa hai escritores varudos, revolucionarios, feros, que despois de quentaren o forno pra meter nel a masa allea, saen, cando un menos se decata, dicindo: “Todo o que vos falei, todo o que dixen de política, de amizade, de arte, de custións sociais... todo foi falar por falar... Eu son un pallaso, un babeco, que escribo porque me pagan” Quen así publicamente fala, perdeu o creto; é dino de lástima, pois nin siquera se dá conta do vergoñosos que son certos estados do espírito.

Pero haivos outros que son máis *cuquiños*, máis avispados. ¡Conocen mellor a agulla de marear, e finxen unha calore, un entusiasmo, unha algeireira fogaxe na defensa dos ideais servidos ás derradeiras! Dígovos que esta casta de homiños son capaces de iren ao ceo e de pasaren por diante do mesmo San Pedro como se foran santiños feitos e dereitos.

Abonda xa de parola, e comenzarei o conto, que así eu medre, como ten máis de verdadeiro que de fábula.

Pois señor: había nunha vila, chamada non sei cómo, un sancristán que era moi listo, e astra aseguraban que sabía facer versos e mais escritos para os boletís. Este sancristán tiña máis cariño polos santos

²³¹ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 10, 12 de outubro de 1907, p. 5.

da igrexa parroquial que pola súa mesma familia ¡e malpocado do viciño que se metera coas cousas da súa freguesía!

Un día botouse a cavilar... Pareceulle que o que lle daba o crego, e as propinas dalgunhas devotiñas, non abondaba para a mantenza da súa casa, e acabou por trocar de rumbo. De sancristán pasou a porteiro dunha sociedade revolucionaria, enemiga de reises e de cregos, e alí logrou un xornal que endexamais soñara nel. Se medrou ou non medrou o home do noso conto, abonda con decirvos que, despois dalgún tempo, pasou a sere un dos patrós da Sociedade.

Outro día foi en compañía dalgús amigos á casa dun médico que recibira un aparato para facer fotografías polo endiañado sistema dos raios X. Ben sabido é que con estes aparatos vense, a través do coiro, tódolos osos e retrátanse ademais as cousas duras ou de metal que un poida levar enriba de si.

Tódolos amigos fóronse poñendo, un a un, diante do aparato. Os seus corpos víanse craros como se fosen feitos de xelatina, ou como estadeas medoñentas. Cando lle chegou a vez ao sancristán... ¡que se queres! non había xeito de se deixare enfocar. Tanto lle dixeron, tanto mallaron nel, que por fin prantouse medosamente... tembrando diante do obxectivo, e... ¡virxe do Carme! O sancristán tiña no peito unha crus de metal de media cuarta de longo, e no peto esquerdo da chaqueta unha navalla toureira desas que os chulos da Moura chaman *lenjua de vaca*.

A risa entre dos que alí estaban foi escacharrante, desas que fan doe-las illargas.

—Meu amiguiño, —díxolle un dos presentes tocándolle no lombo— vexo que sigues sendo sancristán por dentro.

—E ti que queres... —respondeulle— por moitas voltas que lle deas neste mundo *o primeiro é a mantenza*.

—Tes razón, meu *mantidiño*, tes razón.

RECTIFICACIÓN²³²

Eleuterio sabía ler e mais escribir, tiña xa feito versos para algunhas antroidadas e ademais era escribiente do Aiuntamiento. Sintíndose forte para grandes empresas quixo facer un periódico, e fíxoo, vendo deste xeito cumprido o máis agasalleiro dos seus sonos, que vos era de ver imprentados os seus versos.

Púxolle ao boletín o nome de *La Verdad*²³³, e no primeiro artigo-programa dicía que viña a facer xusticia, a chamarlle ás cousas polo seu nome, e que non rectificaría endexamais inda que tivera que ir a tódolos tarreos.

Eleuterio era da mesma madeira que o meu nunca ben gabado amigo, e ilustrado funcionario público, Texada, modelo de periodistas e literatos máis impávidos, que un croio de vinte quintás.

No primeiro boletín saeu unha noticia *del tenor siguiente*, con perdón: “*Ayer tarde, al pasar por el jardín de las Delicias un infeliz albañil, fué furiosamente mordido por un terrible perro, que, según se nos informa, es de la propiedad del señor don Enrique Bravo, comandante retirado. Las autoridades deben impedir que estos canes anden sueltos por la vía pública, y deben multar fuertemente a sus dueños, etc., etc.*”

Aínda ben non berraban os cativos pola rúa o novo boletín, presentouse na redacción o señor Bravo.

—Veño, —dixo— a que me faga o favor de reitificar unha noticia. O meu can é de boa paz, e non é certo que teña trabado a ningún

²³² Publicado n’ *A Nosa Terra*, nº 24, 26 de xaneiro de 1908, pp. 5–6.

²³³ Son moitos os xornais que apareceron con esa cabeceira a finais do século XIX e na primeira década do XX.

albañil; pola contra, o pobre animalíño chegou onte á miña casa cunha fendecha na testa. Ademais, eu non permito que misturen o meu nome nestas cousas, e veño a que se faga mañán mesmo unha reitificación cumprida.

—O meu periódico non pode reitificar.

—Aí, meu rulo; o seu periódico reitificará ou se non esnáfroo pra comenazar.

E o señor Bravo ergueuse poñendo unha cara que mesmo arripiaba.

—Pero, señor, acougue. Teña en conta que a noticia é certa; que o seu can trabou de duro nas carnes do pobre albañil. Toda a vila o sabe, e non pode reitificarse. A verdá é a verdá...

—A verdá —dixo o señor Bravo atallando feramente— a verdá é que ten vosté que desdicirse.

E colleu polas solapas ao encollido Eleuterio, que coidou que xa chegara á súa fin.

—Señor, non me asoballe; atenda... ¡reitificarei!

—É vosté un verdadeiro conservador, e chegará a cacique...

—Bueno, señor; mais eu non sei qué xeito podó dar a esa reitificación.

—Eso non é dificultá. Eu mesmo a escribirei.

E nafeuto; colleu o señor Bravo unhas cuartillas, nas que puxo estas palabras:

“Mejor enterados de lo acaecido anteayer entre un perro y un albañil en el jardín de las Delicias, podemos asegurar a nuestros lectores que ha sido el albañil quien dio un fuerte mordisco al perro, el cual se haya ya casi repuesto del todo”.

La Verdad fixo así as súas primeiras armas, e despois Eleuterio renegou para sempre dos cans, dos retirados e da hora en que se metera a periodista.

TIÑA RAZÓN!²³⁴

AO MEU QUIRIDO AMIGO JOSÉ POSSE²³⁵

Aquel día, o doce de Febreiro do ano de 1873, o noso mestre don Crisanto Vidal estivera moi maxinativo. Non facía máis que entrar e saír da escola, e non tiña coidado, contra do que adoitaba, dos cativos e algueiros discípulos, que se aproveitaban para faceren toda clas de xogos.

¿Que lle pasaba ao intelixente e quirido mestre don Crisanto? ¿Poñeríase doudo? Cando finou a clase de mañán meteuse na fábrica de salazón de Casanova, que era un republicano entusiasta. Alí vímo-lo enriba da rampla —¡inda parece que foi onte!— falando e braceando fortemente. Aquel día non xantou nin foi pola súa casa.

Chegaron as tres da tarde. Cando xa tódolos nenos estábamos sentadiños outra vez na seición da escola, don Crisanto, pálido, cheo de emoción como quen vai dicir un segredo que está pendurando o porvir, púxose de pé e falounos desta maneira, con fala solene, sinxela, agarimosa:

—Nenos, rógovos que me atendades ben. Que o que vou a decirvos viva na vosa memoria namentres alentedes. Hoxe é un día grande e grorioso para España e mais para a nosa Galicia. Xa somos homes libres, donos da nosa vontade e dos dereitos de que son merecentes os pobos adiantados e intelixentes. ¡Morreu para sempre a tiranía! ¡Xa temos república na España! Hoxe non se tomará leición nesta escola. Ídevos xogar a fóra en sinal de contentamento e para festexar este grande día. Nenos, meus fillos amados... ¡Viva a liberdade! ¡Viva a república!

Nos ollos do intelixente mestre brilaron as bágoas... a súa voz tremaba coa emoción.

²³⁴ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 28, 26 de febreiro de 1908, p. 5.

²³⁵ Pode tratarse de José Posse y Villelga, que, segundo Couceiro Freijomil, escribiu as seguintes obras: *Manuales sociales I. Crónicas del trabajo* (1904), *Catecismo social, El socialismo* (1912), *La vida social del país vasco* (1914).

—¡Viva! —berramos tódolos rapaces, saíndo á rúa ledos e reloucando.

Non nos dábamos conta dos fondos sentimentos que movían o nobre corazón do noso mestre; o que sabíamos era que aquela tarde *latábamos* oficialmente.

Polo camiño que vén do Couto, unha corredoira fonda e sombrisa como en ningures vin outra, sentimos o doce chíó da gaita. Era o vello Marzoa, o gaiteiro máis mestre das Mariñas, que non tocaba mais que cando había revolución ou o día de Sanamede, que era o único santo merecente dos seus agasallos. Viña tocando, coa antoación máis brillante da palleta, o Himno de Riego²³⁶, e vestírase coas mellores maxezas de labrego mariñán.

Detrás de Marzoa puxémonos en ringleira belicosa un fato de nenos. Marzoa deixou de soprar no punteiro, e díxonos, tornando a soprar con máis forza:

—¡Neniños! berrade sempre: ¡Viva a república!

—¡Viva! ¡Viva! respondimos todos á unha.

E acompañamos ao gaiteiro por tódalas rúas facendo un barullo de primeira.

As xentes asomábanse ás portas, cheas de curiosidade. Cando estábamos preto da praza maor, chamou por min unha velliña moi velliña, que se acumaba *A Portuguesa*, e que tiña sona de muller afortunada, de contrameiga, porque unha vez caíra dun piso segundo e non fixo máis que esmagar un gato. Díxome:

—Neniño, Asiumedre —xa daquela me nomeaban así— ¿por que toca o gaiteiro?

—Porque xa temos república, —respondinlle cheo de alegría porque non había escola e mais por esa vanidade que sinten os nenos cando saben dar resposta cumprida ás preguntas dos vellos.

—¡Vaia, home vaia! —dixo estonces a Portuguesa—. Vades ben contentiños. Pois mira, neno; a cousa non é para tanto, que por moitas voltas que dea o mundo quen nos amole nunca nos ha de faltar.

²³⁶ Interpretado por primeira vez en Málaga en 1820 cando o xeneral Rafael de Riego y Núñez facía a súa entrada triunfal nesta cidade despois de se ter sublevado contra o absolutismo de Fernando VII. Iniciábase deste xeito o que pasou á historia co nome de Trienio Liberal.

O SEGREDO²³⁷

—Sentádevos, miña boa señora; sentádevos e decídeme qué que-
redes de min.

—Fai moito tempo, meu quirido Asieumedre, que tiña ganas de
parolar contigo sobre dalgús disgustos que me están facendo pasar
unhos fillos desleigados que din que me queren moito. Como ti es
home que non tes pelos na lingua, e, a xusgar por algús contiños que
levas imprentados, conoces ben de qué pé ranquean os nosos filólo-
gos e demais algueireantes, teño para min que me tirarás a dúbida
que me magoa.

—Veña daí, miña boa señora; veña daí, que a deci-las verdades
ninguén ma empata.

—Pois direiche. Algús filliños meus, que viven en terras de lon-
xe, véndome aldraxada e coa miña herencia en interdicto, xuntáronse
para faceren unha sociedade de conservación, defensa e recolleita do
meu. Cheos de santo amore, escolleron un fato de irmás que viven nos
patrios eidos, para que deran xeito ao seu nobre pensamento.

—¡Si, xa sei de que falades, e tamén sei onde vades ir a parare!

—Non fixeron mais que comenza-la labor, cando algús indivi-
duos, capadiños de entendimento, e coidando que eran unhos sabios,
deron en aldraxarme en latín, castelán e en gringo.

—Eses fillos vosos son us despeitados. Os que así mesmo se
chaman sabios, non merecen máis que lástima, abofé.

—Tes razón; pero, meu amiguíño, caluniaron, mintiron, inxuria-
ron o meu herdeiro maor, de tal xeito e con tal descaro que tivo que

²³⁷ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 28, 26 de febreiro de 1908, p. 5.

magoarme moito. Houbo paus, foron á xusticia... ¡Avo María! coidei que chegara a fin do mundo. E cando pensei que tornaba a paz, comenzan de novo as bértolas de sempre. ¡Non me deixan acougar! Hoxe vaíse un, porque non o fixeron caporal; mañán outro, porque si; pasado outro, porque os demais compañeiros non saben o cristus, según di... ¿Conoce-lo segredo desta conduta, Asieumedre?

—¡Así me conoza Dios no día do xuício final! ¿Que pagades polos traballos, miña dona?

—Nada; son cargos de honore.

—¿Si? Pois o segredo é visto. ¿Nesa outra sociedade do Centro, que sirveu de imitación á vosa, pagan?

—Pagan, meu filliño.

—Pois daquela xa ve que, inda que se leven coma cans e gatos, ninguén dimite. Dádelle a cada xornaleiro dúas pesetiñas de xornal, e ninguén deixará as vosas bandeiras, que o interés axunta os homes, fainos conservadores e... patriotas.

¡LEOPOLDIÑO! “EU CASI SOPLO O LUME”²³⁸

¿Conocedes a Leopoldiño? ¿non? Pois direivos que non se distingue por ser grande nin pequeno, senón polas súas feiturás que mesmamente son contrafeitas como as dun choqueiro cativo mal amañado nunha noite de antroido.

Leopoldiño tiña moita afición polo arte de Picadillo²³⁹, e un día ademitírono a cociñar, nada máis que de nome, nun pazo gallego onde había unhos señores moi serios que daban cobiza a máis dun filólogo americano con ou sin bicornio. Pero non o ademitiron, naturalmente, como tal cociñeiro, que ¡malpocadiño! nunca en cousa semellante se vira, senón como simple pinche, ou como se di na Cruña, de pícere.

Ademiteu o cargo, respondendo que se sentía moi honrado co agasallo que lle facían.

Pasou algún tempo, e Leopoldiño preguntou a un dos cociñeiros do pazo.

—¿Que teño de facer eu?

—¿Ti? O que fai o can de San Roque.

—¿E que fai o can de San Roque?

—Lamber.

²³⁸ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 29, 4 de marzo de 1908, p. 6.

²³⁹ Pseudónimo moi popular de Manuel Puga y Parga (Santiago, 1974 – A Coruña, 1918). Escritor costumista e de temas gastronómicos. A súa obra máis coñecida é *La cocina práctica* (1905).

—A min déronme o cargo de pícere sendo un cociñeiro de primeira, como en ningures tense visto outro.

—¿E quen o di?

—Dígoo eu.

—Pois mira, meu Leopoldiño, diralo ti, pero que xuncras me leve se o que tes cociñado chega á categoría de larpeirada. Unha ves fixeche un prato do país, e por falta de venda, podreceuche na despensa.

—Eu non podo admitir, ¡recontra!, o ser pícere. O meu decoro non o permite. Ademais ¿que me dades de xornal?

—E que che habemos de dare, meu Leopoldiño. O teu decoro, a túa limpa crianza...

—¿Si? Pois xa vos direi cántas son catro...

E foise Leopoldiño botando charamuscas, tan alritado, que por primeira vez na súa vida púxose dereito e lanzal. *Cuasemente* que semellaba unha lumia, con perdón.

Todos os boletís da vila deron conta, no outro día, da dimisión de Leopoldiño. Leopoldiño era o cociñeiro máis xentil e sabidor da vila e trinta légoas máis á redonda. Sentíase tan foncho, que para el Picadillo era un esquelete, un neno da teta. ¡Avo María! ¡que descubrimiento fixo estonces a vila!

E despois, Leopoldiño

Púxose a reflexionar:

—Se catro e catro son oito

Catro e cinco... ¡é un pouco máis!

O noso xentil e sabio, —e aínda poida que doutor— Leopoldiño, atopou na rúa co mesmo cociñeiro con quen tiña parolado no pazo.

—Ven acá, meu Leopoldiño, ven acá meu rulo. Ti renunciaches dicindo que eras cociñeiro.

—Si, señor.

—¿Cociñeiro ti?

—Señor, en verdade, e aquí para *inter nos* eu non son cocifeiro nin tal cousa me tiñan nomeado.

—¿E logo que eres ti, meu Leopoldiño?

—No arte de Picadillo *eu casi soplo o lume*.

—¡Vaites, vaites, Leopoldiño! Con esas feiturás que Dios che deu solo che faltaba o sere fachendoso. Polas túas argalladas e polo mal enseñadiño que estás, es merecente de que te gabe Pepiño Rigueira, que é a maior e máis esmendrellante disgracia que pode caer a un home nesta baixa terra.

LA OFRENDA
o los folletos verdes de Don Pepiño²⁴⁰

SAINETE RÁPIDO

Personajes

DON PEPIÑO, doctor foliculario
LEOPOLDIÑO, “eu casi soplo o lume”
CRIADA, que no sale a escena.

I

LEOPOLDIÑO (solo). ¡Qué sala tan bien amueblada! Todo revela el exquisito gusto de sus dueños. Aquel loro disecado, inmóvil en jaula dorada, que habla cuando le dan cuerda, es un detalle encantador, un símbolo que revela las aficiones pampistas de mi omnisciente e ilustre amigo. Todo está en un orden admirable. ¡Bien se conoce que en esta mansión faltan esos seres revoltosos y amables, encanto de la vida, que todo lo trastornan, y cuyas fazañas también ha descrito el vulgarote poeta Guerra Junqueiro!²⁴¹. (Pausa) Don Pepiño tarda mucho. Quizás no le haya pasado aviso su fámula.

²⁴⁰ Publicado n’ *A Nosa Terra*, nº 30, 12 de marzo de 1908, pp. 4–5. Non aparece baixo o antetítulo de “A carón do lar”.

²⁴¹ Autor portugués que viviu entre o 17 de setembro de 1850 e o 7 de xullo de 1923. Ocupou diversos cargos políticos e caracterizouse ideoloxicamente polo seu posicionamento en contra do romantismo e polo republicanismo. É autor de *Oração do pão*, *Oração à luz* e *Notas sobre a Suiça*, entre outras obras.

II

DON PEPIÑO (*entrando*) —Veñan esos brazos, meu xentil, sabio e bon amigo, meu colaborador incomparable. (*El abrazo que se dan recuerda el histórico que en ocasión memorable dio Don Pepiño a un guardia civil gallego en Canarias*). ¿Tardei? ¿non é eso? Perdóname, meu rulo, que non viñera *ipso facto*, pero estaba no meu despacho verdadeiramente encalavernado.

LEOPOLDIÑO —¿Y qué es ello?

DON PEPIÑO —Non acertas, Leopoldiño, non acertas porque ti non conoce-la telepatía.

LEOPOLDIÑO —*Todavía no la conozco, pero una de estas noches daré comienzo a los experimentos. Ruégole que me descubra el secreto.*

DON PEPIÑO —Pois eu andábache buscando un acusativo, e costoume moito traballo atopalo;... pero como non hai dificultá gramatical que se me resista... A oración é esta: “*Los concurrentes a la Cueva céltica no saben emplear los acentos en sus toscos escritos*”.

LEOPOLDIÑO —Y por fin, ¿lo halló usted?

DON PEPIÑO —¿Y cómo no? O acusativo é: “... *en sus toscos escritos*”

LEOPOLDIÑO (*vacilando*). —*Mi ilustre amigo, ese es un ablativo.*

DON PEPIÑO —¿Ca, home, ca! En materias gramaticales eu son un portento, un verdadeiro sol filolóxico. ¿Nesa oración non se acusa á *Cueva céltica*? Pois entonces... ¿que outra cousa pode ser se non acusativo?

LEOPOLDIÑO —¿Oh, mi omnisciente amigo, tiene usted razón! No me decatava de ello. Perdón.

DON PEPIÑO —Por esta vez, perdonado. Convén que nas túas relacións *conmigo* non te esquezas de que de min pode decirse, con Terencio²⁴²: *Homo sum, et nihil humani a me alienum puto.*

²⁴² Nace en Cartago a comezos do século II a.d.C. Chega a Roma como escravo do senador Terencio Lucano, recibe unha boa formación e acada a liberdade. Pasa á historia da literatura como autor de comedias.

LEOPOLDIÑO —*Ni más ni menos; estoy convencido de que la ciencia no guarda ningún secreto para usted, y que su nombre pasará a la posteridad*

*cual arrogante potro berberisco
envuelto en nube de fragante cisco,*

*según frase del gran poeta ultramarino Chocano*²⁴³. *Seguramente que sus conciudadanos le elevarán una estatua ecuestre.*

DON PEPÍÑO —Si, pero enténdase que ha de ser unha estatua ecuestre a caballo. No grupo escultórico non faltarás ti, que pra eso es o meu colaborador.

LEOPOLDIÑO —*(Me llamó caballo) Naturalmente.*

DON PEPÍÑO —¿E que me dis, meu rulo, da Cova céltica? ¿Fíxeches xa a catilinaria que ten de esmendrellar a eses ñorantes?

LEOPOLDIÑO —*Sí, señor, hice.*

DON PEPÍÑO —¿E que lles dis?

LEOPOLDIÑO —*Cosas terribles. Les hablo del millo.*

DON PEPÍÑO —*Esa é cousa miña...*

LEOPOLDIÑO —*Les llamo brutos.*

DON PEPÍÑO —*Eso tamén é meu.*

LEOPOLDIÑO —*Y además ¡y esto es lo más gracioso! les digo que les haré pasar por las horcas caudinas.*

DON PEPÍÑO —¿E onde están esas forcas?

LEOPOLDIÑO —*Helas aquí. (Y se abrió de piernas, demostrando que eran el puente de la horca).*

DON PEPÍÑO (ríndose). —¡Vaites! ¡Vaites! Leopoldiño; vanse a rir de ti.

LEOPOLDIÑO —*¿Y por qué?*

²⁴³ José Santos Chocano naceu en Lima en 1875 e morreu asasinado en Santiago de Chile en 1934. Revolucionario e aventureiro, entre as súas obras poéticas salientan: *Alma América* (1906) e *Fiat Lux* (1908). En prosa escribiu *Las dictaduras organizadas* (1922).

DON PEPIÑO —Porque esa forca ou ponte non ten claves, e vén sendo unha agra aberta.

LEOPOLDIÑO (*amoscado*) —*Además les digo que mi inteligencia será sol escintilante que iluminará la Cueva...*

DON PEPIÑO —Eso tampouco pode ser. Ti podes *plagiarme* na cuestión do millo, ti podes se-la miña sombra... ¿pero sol? Eu son o sol filolóxico, e ti non podes ser máis que un satélite. ¡Vaites, vaites, Leopoldiño! E di ¡ho! ¿tes moita présa?

LEOPOLDIÑO —*Alguna... como aún no almorcé...*

DON PEPIÑO (con sorna) —¡Vaites! ¡vaites, meu rulo! Pois agarda un momentíño que che vou a entregar unha colección, que xa teño apartada, das miñas obras literarias.

III

LEOPOLDIÑO. —*¡Qué fresco y que inconsecuente me está resultando este hombre! Si no fuese porque su amistad me conviene... Con sus latinajos me trae seco, y eso que hoy estuvo asaz parco en su empleo. Ahora sí que comprendo las fatigas mortales que sufrían los oyentes de Fray Gerundio de Campaza²⁴⁴, que fue un rigueiro de sandeces en el siglo XVIII. En venganza también te aplicaré un latinajo, ilustre Don Pepiño: Quos vult perdere Jupiter dementat prius.*

IV

DON PEPIÑO —Aquí están os meus traballos (*Trae un paquete de libros, folletos y hojas sueltas*) Esta é a miña autobiografía, escrita por min, que me saeu da miña cabeza, con versos intercalados no texto. Esta outra é *La Verdadera cuna de Mamed Casanova*.

²⁴⁴ Protagonista da obra *Historia del famoso predicador Fray Gerundio de Campaza, alias Zotes* (1758) de José Francisco de Isla y Rojo. O Padre Isla critica os predicadores do seu tempo por seren excesivamente conceptistas.

Este outro, *Declinaciones del esperanto y orígen filolóxico del mayal (lengua inter-planetaria)*... En fin, aquí tes de todo, e xa verás como che sirve de proveito, porque ti tes unha barbaridad de memoria, meu rulo.

LEOPOLDIÑO —*¿Y esos papeles sueltos?... ¿Son acaso alguna colección de anuncios de sacamuelas americano?*

DON PEPÍÑO —Non, home non. Estas son as miñas célebres follas, que tanto deron que facer a curas e seglares, a filólogos e historiógrafos, que nunca poideron conmigo.

LEOPOLDIÑO —*Muchas gracias. (Los folletos tienen cubierta verde... estou sin almorzar ¿será otro símbolo?)*

(Leopoldiño, abatido, desalentado, contempla melancólicamente, como Rocinante, al abrumador montón de impresos, mientras desde los SOBRADOS DE ADRENTRO canta la criada lo siguiente:)

“A meigosa cotovía,
así lle falaba a un melro:
Nin *contingo* nin *sintingo*
meus males teñen *romedio*”.
(Telón rápido.)

Por la copia.
ASIEUMEDRE.

A LABOR DO POETA²⁴⁵

Aló polo ano de 1888, se mal non me lembro, fundouse na Habana unha sociedade gallega que levaba o nome de *Aires da miña terra*²⁴⁶.

O gran poeta M. Curros Enríquez foi nomeado presidente de honor, e a resposta de una nunha poesía de tal inspiración que para que fose coñecida de todos foi lida publicamente no teatro de Pairet, e imprimada e repartida entre dos concurrentes.

Despois desto, pasados catro ou cinco anos, correu un día a noticia de que o autor de “A Virxe do Cristal”²⁴⁷ chegara á Habana. Tódolos bos gallegos, admiradores das glorias patrias, foron a lle rendir tributo á máis lexítima de todas; e a directiva de “Aires da miña terra” foi a invitalo a unha festa de recepción nos espléndidos salós do seu ridente pazo.

A entrada de Curros Enríquez naquela sociedade foi triunfal, agarimosa. A festa da súa coronación na Cruña, con sere dina desta grande e liberal vila, non é máis que un refrexo daquel entusiasmo sin nome. Dende a entrada principal astra o salón de festas, un gran número de feiteiras señoritas gallegas e cubanas sementaron de frores o chau que tiña de tripar o poeta admirado. Música, poesías,

²⁴⁵ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 31, 21 de marzo de 1908, p. 5.

²⁴⁶ Sociedade constituída na Habana por emigrados galegos discrepantes coa política seguida no Centro Galego. Tivo unha efémera pero intensa vida cultural, chegando a publicar un boletín con este mesmo nome.

²⁴⁷ Versión poética dunha lenda popular que, conxuntamente con “O gueiteiro” e “Unha boda en Einibó”, constitúen o grupo de poemas premiados nun certame celebrado en Ourense en 1877, e que Curros publicou en *Aires da miña terra*.

vivas entusiastas que salían do máis agachado das almas, enxordecían o aire.

Namentras durou a festa Curros Enríquez estivo triste, abatido, como escismando algo que lle laiaba no seu nobre corazón. Eu coidei estonces que serían as saudades pola patria, que comenzarían xa a magoalo. ¿Non será do seu agrado este agasallo? pensábamos tódolos seus admiradores.

Curros ergueuse, e comenzou a falarnos desta maneira.²⁴⁸

—“Agradézovos moito estas atencíons, que máis que a un poeta, adicades, ben o sei, á patria gallega. Esta Sociedade que leva o nome do meu libro, é unha disgregación do “Centro Gallego”, e eu quero, eu rógovos que as divisíons non collan raíces entre vós. ¿Non temos máis que un corazón; no noso ceo solo brila un sol; non temos máis que unha nai...! eu pídivos con tódalas forzas da miña alma que vos arreconcheguedes nun solo amor por Galicia, que tampouco temos máis que unha, e esa é a nai dos gallegos emigrados. A festa máis agasalladora para min, a que levantará na miña alma unha lembranza eterna, será a festa da unión de tódolos galegos da Habana.”

Estonces comprendín ben o por qué da tristura do poeta; daquel nobre espírito que naqueles momentos de glorificación esquencérase da súa persoa e tiña posto o pensamento no porvir da súa patria.

Despois escribiu algunhas composicións, que el mesmo leía en público, pidindo sempre irmandade entre os gallegos.

E a irmandade chegou a reinar na nosa colonia, e os fillos de Galicia buscaron agarimo na patriótica e nunca ben gabada sociedade “Centro Gallego”.

Un verdadeiro milagre parece que os gallegos teñan axuntado tanto diñeiro como costou a adequisición do “Teatro Nacional”, e como ten de costar aínda a construción do novo pazo.

A musa patriótica de Curros foi a boa fada, que con fíos invisibles de ouro, xuntou fortemente nun solo sentimento tódolos corazóns,

²⁴⁸ Histórico. (Nota do autor nos medios onde foi publicado este relato).

sin que nos decatáramos; foi o milagreiro que ergueu o nome de Galicia ao cume grorioso en que escentilea o sol da fraternidade.

Nas paredes do pazo que está erguendo o “Centro Gallego” labo-
ra máis a musa de Curros que os artífices que materialmente pican e
xuntan os seus sillares.

As sociedades de Cuba mándannos o cadáver do poeta, orgullo
e groria nosa, para que durma o derradeiro sono na terra que tanto qui-
xo. ¡Benditos sean, porque adiviñan e cumpren o desexo daquela alma
nobre, daquel escelso poeta!

¡LAMÁCHEGAS!²⁴⁹

¡Que cousas, meu Dios, que descubrimentos, que probeza de alma, e que esmendrelladuras de inmodestia saíron á lus co gallo da morte do noso quirido poeta Curros Enríquez!

Cando cai sobre a terra unha chuvia maina e criadora, ínzanse as veigas de noxentos vermes, chamados lamáchegas, que non deixan herba limpa; do mesmo xeito, ao facérese o *descubrimiento* de que Curros era un grande home, un poeta de primeira, un vidente dos grandes ideás de redención, —que xa tiñan fecundado os espíritus da mocidade estudiosa e honrada— saíron tamén tódalas lamáchegas literarias en compañía dos cucos da política. Loitaron como feras para honrar ao seu modo a memoria do poeta, e negándolle ao mesmo tempo dereito a homenaxes públicos, dixeron tales cousas, foron tan intolerantes e armaron tales argalladas, que mesmamente encheron as almas de desconfianza e de tristura. Houbo un grande *libertador*, que traballa a brincos, e que ten a fixeza das bolboretas, que na velada quixo meter baza; e como tiña medo que estoupase o discurso embotellado, argallou un mitin, onde tampouco lle estoupou o discurso, inda que dixo tales cousas que nos deixou pampos. Chamou á porta do galiñeiro, como o raposo do meu conto, pero atopou un galo que lle pechou ben o tarabelo. ¡E o discurso sigue aínda embotellado, para sorte do bon sentido!

¡Cantos amigos íntimos, cantos admiradores do gran poeta rexurdiron despois de morrere! Verdadeiramente que non se esprica ningún como Curros, que tanto trafegaba no *Diario de la Marina*, tivese vagar pra escribire tanta carta particular.

²⁴⁹ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 35, 23 de abril de 1908, pp. 5–6.

Dende aquel nunca ben lembrado *plumífero*, que ao ter coñecemento da súa morte ceibou unha *carcajada histérica*, que arremeteu nun hipo de cuxo mal criado, astra o outro escritor de América do Sur, que comete o pecado indino de publicar unha carta de Curros, que a caballerosidá máis rudimentaria aconsellaba non reproducila; dende o desgraciado tradutor que di que *rosmar* é o mesmo que *gruñir*, astra o imbécil do ánxel revelador... todas, tódalas lamáchegas aproveitaron a morte do poeta pra lixaren o pechado horto do bon sentido.

E os que se fartaron de inxuriar a fala gallega, os que aldraxaron aos enxebres chamándolles *retrógados*, os que un día e outro día non tiveron máis que apreciacións imbeciles para a literatura rexional; os mantidos de tódalas castas, que astra o víspera do célebre esmendrellante e esmendrellado mitin non conoían un solo verso do grande poeta... esos... trocáronse en israelitas carregadores da arca da alianza, gardadora do verbe patrio e das grandes ideas redentoras.

Quixérono honrar, e verteron sobre o nome do poeta a lesme da lamáchega; falaron de tolerancia e amostráronse máis intolerantes que unha kábila, esquencéndose da obra do grande poeta que en *A palabra* pidía arremataran as liortas e preiteces

“Entre os que a Cristo adoran
a Osiris²⁵⁰ y–Adonay!”

E aquel outro da *carcajada histérica* con acompañamento de hipo impotente que en certa ocasión dixo en letras de molde, que “anque por fóra era home por dentro era muller”, e outros que tantas bágoas verteron, bágoas protásicas... que digan se nas altas horas da noite, cando os restos do poeta estiveron no pazo do noso Aiuntamiento, se tan siquera pensaron en pór alí... Naturalmente, aquelas non eran horas de esibición...

²⁵⁰ Divindade suprema dos exipcios que, dende os tempos máis remotos, é xuíz das almas, ademais de símbolo da resurrección, da felicidade e da inmortalidade. Nos xeroglíficos máis antigos está representado por un ollo sobre un trono. Era fillo de Gabú e de Nuit, neto de Ra e irmán de Nephthys, Isis e Set.

Curros non estivo solo, non; houbo almas xenerosas e nobres, verdadeiros amigos do poeta e admiradores da súa obra redentora, que cumpriron co seu deber.

Dígovos en verdade que os homes non deben dividirse en castas políticas, que todos podemos ser irmás calesquera que sean as nosas opinións; pero despois de ter oído tantas xudiadas e mentiras, afirmo que se impón a necesidade de facer un escolleita, poñendo a un lado os tolerantes, os que non están tolos, os de boa crianza; e no outro lado tódalas lamáchegas que non teñen máis que lesme...

O PARECER²⁵¹

—¿Que lle pasa, compadre Vicente?

—¡E que me ha de pasar, Estevo! Estou ollando esta árbore condanada que ensombriza a miña leira, e non deixa medrar unha boa herba a seu rente.

—Pois métalle machado...

—¡Ai! Eu ben quixera, pero inda que está na liña dos testes e ten as raíces no meu terreo, como está na horta do avogado don Xosé, que ademais é un cacique feito e direito, que Dios confunda, calquera o derruba.

—E se non pode ser ¿que gana poñéndose maxinativo, compadre Vicente?

—Direille: estou poñendo en orde os meus pensamentos para ver se atopo xeito de amocar a don Xosé, facendo que esta cerdeira non dea cereixas noutra anada.

—E sentáronse os dous compadres no pequeno cómaro, picaron tabaco, liaron dous cigarros, e fumaron...

—Compadre Estevo, ¿cando pensa ir á Cruña?

—Mañán, Dios diante; o piquer é que non chova.

—E se vai ¿querme facer un favor?

—Farei, si, señor.

—Pois vai vosté a ver o avogado don Xosé, e fágalle unha consulta pidíndolle o parecer por escrito. A consulta ten de ser sobre un caso do mesmo xeito que este da cerdeira. Teña coidado de que don Xosé non se decate que tratamos de xiringalo.

²⁵¹ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 36, 30 de abril de 1908, p. 5.

—¡Descoide, compadre Vicente, descoide! fareille unha historia compreta, con máis voltas que unha corredeira de Reboredo²⁵², e máis intención que a dun raposo asexando unha pita. O avogado darame despois o parecer, de conformidá con que temos dereito a derruba-la cerdeira, e despois...

—Despois esta árbore irá dar sombra aos profundos infernos...

Pasados catro días, xa tiña Vicente o parecer do avogado don Xosé, quen opinaba que podía meterse machado na árbore por calquera dos donos das leiras colindantes, sendo a madeira da propiedade dos dous. De contado, a cerdeira foi tronzada por Vicente.

A demanda non se fixo agardar; e o día da comparecencia presentouse no xugado de Bergondo²⁵³ o avogado don Xosé, feito unha verdadeira furia, e disposto a non perdoar ao infelís paisano que daquel xeito se atrevera coa súa propiedade.

—¿Con que dereito, señor Vicente, —diciía o avogado con falas de señor feudal— ¿con que dereito nin razón se meteu a tocar o que non era seu? ¿Seique coida que se trocaron as dornas, e que calquer labrego ten dereito a facer o que lle dea gana?

—Señor, non sempre pode un facelo...

—Pois non faltaba máis. Agora como xa teñen asociación —dixo bulronamente— como xa queren ser persona a estilo da vila, toman a xusticia pola súa man... ¿non é eso? Pois veremos se hai asociación que lle valla e lle prive de ir ao cárcere.

—Dispense, señor don Xosé; para que eu tivese razón non era mester inventar a asociación, e comprenderá que cando fixen o que fixen... Eu teño un parecer dun avogado que di que tiña dereito...

—O avogado que tal opine é un burro...

—E será, si señor..

—¿Quen deu ese parecer?...

²⁵² Aldea da parroquia de Oucés situada a 1,6 km de Bergondo.

²⁵³ Concello da provincia da Coruña. Limita polo norte coa ría de Betanzos e co concello de Sada, polo sur co concello de Betanzos, polo leste cos ría de Betanzos e polo oeste cos concellos de Abegondo, Cambre e Sada. Ten unha extensión de 33,2 km².

—Vosté, e... dispense.

—¡Eu!

—O mesmo, cuasamente... Aquí o teño...

E entregoulle ao xués, para que figurase no xuício como documento de proba. O secretario calou os anteollos, leeu o parecer, e dixo:

—¡Ai! meu señor don Xosé, esto non lle ten volta. O seu parecer é de que Vicente, ou quen queira fose, tiña dereito...

—Bueno, home, bueno; quedei lucidiño... ¡Astra eu mesmo me chamei burro! E que xuncras me leve se non o parezo...

ENXEBRES²⁵⁴

O ano de 1898 tiven a sorte de conocer e facerme amigo dun inxenheiro alemán nomeado Guillermo Kolp, que viñera a dirixir a fábrica de zucre de Caldas de Reis.

Kolp era un espírito culto e intelixente; e os seus grandes coñecimentos industriais non lle impedían ter unha grande afición á música e mais á literatura.

Xa levaba tres meses en Galicia, cando un día pergunteille:

—Señor Kolp, eu quedaríalle moi obrigado se fixera o favor de me dicir qué opinión ten feita de Galicia, da súa lingua, literatura, costumes, paisaxe.

—Meu amigo Asieumedre, —respondeume— dinantes de darlle a miña opinión perciso saber se non se magoará calquera que ela fose.

—Fale con enteira liberdade. Dende o momento en que lle rogo a súa opinión, o darma será para min un grande favor, e nada máis.

—Pois daquela direille, meu amigo. Como eu fun inxenheiro montador da fábrica Maschinebau-Anstalt, tiven ocasión de visitar tódalas rexións europeas. Bosnia, Albania, Serbia, Macedonia... non quedou unha nación balcánica, nin unha rexión dos demais estados europeos a onde eu non fose a colocar *machinas* de Anstalt. Nesas terras tiven, pois, necesidade de estar algún tempo; e, polas miñas aficións folklóricas, entrei un anaquiño na intimidade daquelas nacionalidades. En todas, calquera que fose a condición ou calidade da súa fala, costumes, etc, atopei con cidadanos que tiven a moita honra gabar e defender as cousas da súa terra. A fala de cada pobo era falada por tódolos habitantes, a preferida ás demais principalmente nas

²⁵⁴ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 37, 6 de maio de 1908, p. 5.

relacións familiares e íntimas. As clases máis acomodadas, os ricos, son os que máis defenden e conservan o modo de ser da súa patria. Unha sola excepción, meu amigo, unha sola excepción atopei no mundo: Galicia.

Unha ardentía de vergonza tinxeu as miñas faceiras, porque, desgraciadamente, Kolp tiña razón en gran parte.

—O primeiro que fixen ao chegare a Galicia, foi adprenderere a súa lingua²⁵⁵ Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Pondal, Añón e outros poetas son xa coñecidos por min, inda que non poida entrar, como quixera, no máis íntimo da esencia da súa doce lingua, esencia que non fago máis que adiviñar polo de agora. A música gallega, que ten tódalas vaguedades do Norte e tódalas brillanteces dos pobos latinos, é unha verdadeira delicia que en ningures pode acharse igual. O arte, cando teña gastados e manidos tódolos moldes de que hoxe se vale, atopará na vosa terra a fonte cristaíña á que virán a mata-la sede tódalas almas inspiradas e superiores. Pois ben, meu Asieumedre, esta fala, esta música, estas tradicións, estes costumes que verdadeiramente enfeitizan, vexo que non teñen xeneralmente defensores, con excepción feita dos chamados enxebres.

Nunha palabra: Galicia é feitizadora, é unha nación europea, orixinal e fermosísima en tódolos ordes da vida; pero moitos dos seus fillos esquencéronse de tales cousas, e, verdadeiramente, láíase o corazón en pensare que teña razón o poeta cando di que

*Un pobo que imita a outro, é un pobo morto,
Galicia pouco a pouco vai morrendo...
¡Fillos de Eibrón! ¡a defende-la terra
Contra o semita igualitario e fero!*

Pero os fillos de Eibrón, os bos petrucios, non teñen que buscar os enemigos da terra entre os descendentes de Sem²⁵⁶, non; os enemigos son os andróxinos, os achulapados, os iñorantes, os falsos gallegos, verdadeiros *cipaios* do seu lar, que naceron en Galicia, pero que Galicia, nai agarimosa, non poido entrar nas súas almas dexeneradas.

²⁵⁵ Histórico. (Nota do autor en todos os medios nos que se publicou o relato).

²⁵⁶ Fillo de Noé do que descenden os pobos que na actualidade chamamos semitas.

Así falou o meu amigo Guillermo Kolp, e non pode negarse que tiña razón.

Por mal dos nosos pecados hai almas andróxinas, desleigadas, enemigas da lingua gallega e de tódalas manifestacións artísticas de Galicia. Nelas non pesan nada as dozuras do arte nin a inspiración dos nosos poetas. Un sectarismo argallante, unha intolerancia desleigada, e unha iñorancia beduína sobre as causas gallegas, failles decir verdadeiras xudiadas.

Esos non son, non poden ser *enxebres*. Nin siquera adiviñan a grande honra que representa para un bon gallego o chegar a ser merecente de que lle chamen *enxebre*.

O FRANCÉS²⁵⁷

Dous mariñeiros franceses dun navío de guerra, foron unha mañá á praza de abastos da Cruña. Paráronse diante dunha cesta acugulada de recendente froita e un deles perguntou:

—*Qu'est que ce ça?*

—Estas peras barburiñas son doces como risolio. Mérquenmas.

—*Comment s'appelle?*

—Sí, señor, pélanse.

—*Comment?*

—Non, *musiú*, coa man, non; pélanse cunha navalla.

E a boa da muller quedou convencida de que entendía moi ben aquela fala estranxeira.

Tiña por alcume *A Francesa*, porque era neta dun dos cen mil fillos de San Luís, que desertara do exército do duque de Angulema, que aló polo ano de 1823 viñeran a España a imprantar o goberno ausolutista, ou ó que é o mesmo, a desface-la obra de liberdade que fixeran os soldados de Napoleón quince anos dinantes. Como por estas terras sempre facemos as cousas ao rivés, botamos chispas contra dos primeiros invasores, mais nada decimos contra dos que viñeron o ano 23, porque eses si que merecían ben as reprimendas das almas nobres e libres.

Os dous mariñeiros franceses emprenderon despois unha grande conversa. Un deles non contestaba máis que *¡beaucoup!*, que quer dicir *moito, dabondo*.

²⁵⁷ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 40, 27 de maio de 1908, p. 7. Tamén se publicou neste mesmo ano na revista *Mondoñedo*.

A Francesa era muller de boas carnes, e con tan bon *fundamento* que mesmo semellaba unha abadesa. Tantas veces oeu a ditosa palabra *beaucoup*, que ás derradeiras púxose de pé, e botando lume polos ollos, díxolles aos mariñeiros.

—¿Seique coidades que non entendo a vosa fala, gandules, gabachos do demo? Eu son neta de francés e xa sei que vos metedes connigo. Largade axiña aquí, senón douvos coa cesta nos fuciños. ¡Vaia co demo dos homes que non saben máis que dicir *bocú, bocú!* ¡Porcos!

Así traducía a neta dun soldado do duque de Angulema.

¿CAEU ALGÚN BURRO?²⁵⁸

A humanidade sempre foi o mesmo. Cai unha besta no medio dun lameiro e ningún se ri. Todos tratan de axudala a se erguere, compadecendo ao probe dono.

Pero, se en lugar dunha besta é un cristiano o que mide o chan coas costelas ¡Virxe do Carme, as risas que ceiban tódolos que o vexan!

O porqué destas cousas hai que preguntalo ao ilustre valencían P. Vicent, que garda o segredo de tódalas eivaduras morales dos novos tempos, e moi especialmente conoce de tal xeito a alma gallega, que del ha de virnos a redención tan cobizada. Porque mellor gallego que aquel señor, nin o tío Marcos da Portela²⁵⁹ con cirolas, monteira e demais aditamentos.

Pois, señor, é o caso que unha tarde iba don Xacobe paseando pola rúa de Garás. Don Xacobe era mesmamente un figurín: non había señorito da Cruña, inda que levara o alcume de *Xarreta* ou peixe semellante, que levara con máis garbo nin máis *aquel* a limpa e ben tallada levita.

O chan estaba cuberto de fina lama. Don Xacobe deu un tras-pé e caeu, tan largo como era, enriba das pedras, poñéndose perdido de todo.

Un fato de mariñeiros que estaban na porta dunha taberna, quedaron calados ao presenciar aquel estomballamento. Don Xacobe, mal

²⁵⁸ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 44, 27 de xuño de 1908, p. 4.

²⁵⁹ Personaxe histórico do século XVIII que foi dado a coñecer polo Padre Sarmiento na *Colección de voces y frases gallegas* e posteriormente popularizado por Valentín Lamas Carvajal co xornal do mesmo título.

como puido, ergueuse, e botando lume polos ollos coa carraxe, chegouse onde estaban os mariñeiros.

—*¿Por qué estáis tan serios?*

—Señor, non temos por qué estarmos contentos.

—*Yo no puedo tolerar esa seriedad humillante para mí.*

Os mariñeiros olláronse con lástima, coidando que don Xacobe estaba tolo de ves.

—*Es preciso que os echéis a reír con todas las ganas, de lo contrario os rompo el alma. ¿Se ha caído algún burro?*

E os mariñeiros botáronse a rir, para daren gusto a don Xacobe, que, abofé como tiña razón.

A COVADANCA²⁶⁰

Ao meu querido amigo Xan Beltrán e Muiños²⁶¹

¡Cantas veces me ten privado do sono aquela cova medoñenta, que abre a súa boca na ribeira de Morazón e vai a dar non se sabe onde, pasando por debaixo do castelo de Fontán²⁶²! ¡Furnia espantosa, chea de tebras, na que vivían os trasgos da mitoloxía gallega, tales como meigas, lugrumantes, lumias, estadeas e sirenas! As *sagas* escandinavas non teñen a forza poética destas crenzas gallegas, dinas de seren estudias dinantes de que morran para sempre diante do progreso que non admite máis poder que o da razón.

¿Quen se atrevía a entrar na Covadanca, senón un home capás de loitare con tódalas forzas desconocidas dos infernos?

—A Covadanca, a cova encantada de Fontán, —decíame cando eu era neno un vello mariñeiro de Sada— é a que dá sona dun home valente ao que ten callo para entrar nela astra a fin. Primeiro vaise camiñando a media lus, como na hora dun triste lusco e fusco. Os animás de feiturar estranas, como os que atormentan aos condenados no inferno, fuxen espantados a agachárense na terra. Despois vaise estreitando pouco a pouco a cova, o aire non abonda case para vivir, o corazón latexa acongoxado; na cabeza e nas veas bate o sangue como se foran a estalar... ¡O frío comenza a aterecer o noso corpo... e espanta a infernal barafunda que fan os animás de raras feiturar que se agacharon no fondo da terra!...

²⁶⁰ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 46, 16 de xullo de 1908, p. 5.

²⁶¹ Comerciante, político e escritor coruñés, foi un dos asinates do Manifesto de Setembro e membro activo de Solidaridad Gallega. Escribiu conxuntamente con Uxío Carré *El Catecismo solidario*. Na emigración cubana publicou *Historia de una subasta y subasta de varias historias* (1915) e *Las armas de Galicia* (1923)

²⁶² Lugar do concello Sada situado a 1 km. da capital.

Temos que axionllarnos entón; e apertando sobre do peito unha crus, un dente de allo e un dente de porco bravo, todo moi bon para escorrenta-lo demo, rezar tres avemarías. Aquela barafunda esvaise; e despois de moito camiñar, pasando traballos a vao, escóitase un laído, longo, tristeiro, que mesmo fire as cordas do corazón.

Esto quer dicir que xa se chegou á fin da Covadanca. Acéndese estonces unha candeia de cera virxe ¡e que ven os nosos ollos pecadores que teñen de come-la terra!

A pedra negra está alí... a pedra dos encantamentos, que ten enriba a imaxe do Noso Señor crucificado, sangrando por mas e pés, e que deixa de laiarse ao recibir a ofrenda da candeia acesa.

Despois ponse a lus enriba da pedra negra, e rezando decote vólvese a saír sin ningún contratempo.

—¿E vosté, señor Pedro, entrou alí? ¿Puxo a lus enriba da pedra negra?

—Si, meu neno, entrei, —respondeume o vello Pedro de Couto— que así se chamaba, mintindo cunha seriedade dina dun andalús feito e dereito.

Pedro era pois o home máis valente de toda a Mariña. A súa voluntá imponíase sempre. Era un *zar* de taberna, cuia forza misteriosa estaba na iñorancia dos seus compañeiros e na súa propia malicia.

Mais un día sópouse que a Covadanca era unha furnia como outra calquera, e que alí non había trasnos, nin pedra negra, nin máis laídos que os que fan as ondas do mar ao bateren contra do duro acantilado.

Aquel pequeno tirán perdeu o creto. Nunha disputa que tivo unha ves cun mariñeiro, limpáronlle os fuciños a labazada limpa.

Tódolos poderes que se cimentan na iñorancia e na mentira morren como a sona de Pedro do Couto, escorrentados pola verdá...

LÓXICA²⁶³

Nun restaurante da Cruña, no momento en que xantaban, discutían feramente un enxebre rexionalista e un filólogo castelán sobre se a fala gallega era idioma ou dialecto.

Como sucede sempre entre xente latina, separáronse da custión principal e discutiron sobre se *lengua* era o mesmo que idioma; e despois de citaren un feixe de sabios, e de botaren man do latín, lingua madre que tapa algunhas veces máis faltas de entendimento que unha capa farrapos, conviñeron en que as dúas palabras significaban unha sola cousa, e que polo mesmo era igual dicir *idioma* que *lengua*.

O mozo que servía á mesa, e que estivera oíndo a conversa, presentoulles o derradeiro prato.

—¿Qué é esto? —perguntoulle o sabio filólogo.

—*Idioma* con petitpois.

E nesteo tiña o mozo tanta lóxica como o meu amigo Carnota, e máis sentido que un galo literario.

²⁶³ Publicado n' *A Nosa Terra*, nº 49, 6 de agosto de 1908, p. 7.

A MAREIRA²⁶⁴

A Suárez Picallo²⁶⁵

Na beira do mar, alí onde se xuntan as augas do Cantábrico coas do Atlántico, no corruncho máis deleitoso da ría amada por Brigo, hai unha vila ridente e branca adicada somente ás tarefas da pesca.

Un longo areal, en todo o fronte, é o seu principal instrumento de vida. Nel tenden as redes para seren recompostas; varan as graciosas

²⁶⁴ Publicada por primeira vez n' *A Nosa Terra*, Ano VI, nº 155, 15 de xaneiro de 1922, p. 3, asinado por Asieumedre. Foi reproducida posteriormente como apéndice ao poemario *Ardencias*.

²⁶⁵ Ramón Suárez Picallo naceu en Veloi, no concello coruñés de Sada, o 4 de novembro de 1892. Emigrou a Buenos Aires en 1912, cidade na que traballou en diversos oficios e participou activamente na vida sindical e política, dende unha militancia socialista nos comezos e comunista na década dos 20. De clara formación autodidacta, iniciouse no xornalismo en *Ade-lante*, e posteriormente dirixiu o xornal *Libertad*. A súa relación co galeguismo chegou ao incorporarse á revista *Céltiga*, en calidade de codirector, xunto con Eliseo Pulpeiro, Blanco Amor e Ramón Lorenzo Garrido. Escribiu nesta época a peza teatral *Marola* e colaborou nas tarefas organizativas da Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales de Buenos Aires. No 1930 promoveu a VI Asamblea Nacionalista, celebrada na Coruña, e defendeu a adscrición republicana do galeguismo, así como o seu ingreso na ORGA. Foi Suárez Picallo o representante desta organización na asemblea que serviu para elaborar o anteproxecto de Estatuto de Autonomía, e debido á súa destacada participación nela foi nomeado candidato a deputado pola ORGA. Resultou elixido deputado en 1931 e ingresou no Partido Galeguista a finais dese ano, despois de que a ORGA abandonase as teses federalistas. No P.G. defendeu unha orientación esquerdista, que lle valeu máis dun enfrontamento dialéctico con Otero Pedrayo. Nas eleccións de 1933 perdeu o seu posto de deputado e dedicouse a continuar os estudos de Dereito, nos que se licenciou en 1935, e a colaborar na prensa da época: *A Nosa Terra*, *Ser e El Pueblo Gallego*. Nas eleccións de febreiro de 1936 volveu ser elixido deputado, nesta ocasión nas listas da Frente Popular. O estourido da Guerra Civil sorprendeuno en Madrid con Castelao. Da capital do Estado trasladouse a Barcelona (onde colaborou con *Nova Galiza*) Francia, Estados Unidos, Chile e Arxentina. Nesta etapa da súa vida organizou, xunto con Castelao, o Consello de Galiza. Faleceu en Buenos Aires o 14 de outubro de 1964.

lanchas e as cucas e ben feitiñas minuetas; acenden lume para encascaren o velame das embarcacións; nunha verba, a ribeira é, ao mesmo tempo que un campo comunal de traballo, unha defensa contra das furias do mar, e sin ela non fora posibre a vida das xentes da mariñeira vila.

Nin o concello, nin os vellos gremios de mareantes, nin as autoridades da mariña, tiñan para o areal o menor cuidado e vixilancia. Alí quedaban as borbas dos peixes, as cascas da encascada, a xebra que empodrece enchendo o ar de acidumes fedentos, e repuallos de tódalas orixes e procedenzas, ata que chegou o día en que non era posibre nin doado utilizar aquel natural campo de traballo.

Mais, foi chegada a época equinocial do inverno. As negras augas baixan, nun recuamento extraordinario, ata descubriren o encantilado e as pálidas e moles vexetacións do fondo.

Os baixos da ría comenzaron a branquear. As ardentías desfáanse con estrondo nos escuros penedos da outra banda, e as gaivotas, en voo tendido e praneando, cruzan os agros da mariña, como fuxindo dun gran perigo.

Os vellos e experimentados mariñeiros anuncian, entón, que a mareira, a fera e traidora tempestade, estaba acadando as súas forzas xigantescas. A mala nova corre pola confiada vila, e na ribeira son varadas as pequenas embarcacións que estaban máis á man. As xentes devotas, as mulleres sobre todo, van á capela do milagreiro San Roque a lle dirixir pregos e a lle ofrecer novenas para que amainen as furnias do mar, salvando a vila dos perigos de outrora, en que algunhas casas, a carón do areal, foran derrubadas.

Pero... a mareira sigue o seu camiño, bruante, implacable, erguendo as outas ardentías nun estrondo enxordecedor. Semella que a fin da ridente vila era certa.

As augas baten e brúan na ribeira. Ao tornaren levan consigo grandes masas de area, traendo despois, en novas acometidas, o lavado e branco xabre dos fondos da ría.

As xentes, arripiadas por aquel balbordo, siguen rezando na capela, agardando a protección do ceo.

A maneira foise esmorecendo, esvaíndose; maila súa labor foi de rexeneración hixiénica, pois deixou aquel proveitoso campo de traballo, que a todos interesaba, limpo e disposto para seguiren nel as tarefas comunás da vila.

Os mesmos elementos desatados da natureza, coas súas inconscencias salvaxes, son escola onde o home pode adprender o camiño do seu melloramento e redención.

O PRIMEIRO CACIQUE²⁶⁶

A Alfonso de Cal, meu amigo.

Aló nun couto de Ruibeira²⁶⁷, preto do encantado río Mandeo²⁶⁸, e no tempo en que comenzaban a funcionar os nosos concellos, estaban en parlamento un fato de ladrós. Un deles, o máis vello, dicía:

—Meus compañeiros, a nosa honrada profesión de aproveitados vai de mal en peor. Agora hai uns novos consellos e xugados, no lugar das xurisdicións, e pra que os nosos roubos sexan como Deus manda, temos que nos poñer dacordo con aqueles zumezugas da pruma. Ninguén de nós sabe ler nin escribir, e temos que furtar a xeito de raposo mariñán. ¿Non vos parece, meus quiridiños, que Xacobe de Porzomillos²⁶⁹, que é un ladrón de fino, e moi lido, debía entrar na nosa compañía? O señor de Porzomillos, que hoxe vén a nos honrar coa súa visita, ten a palabra.

—Eu —dixo Xacobe, o aludido— non teño incomente de ser voso compañeiro. Conozo ben os segredos dos nosos concellos e xugados, e coido que o negocio pra nós será de gran proveito se nos levamos e traballamos como irmáns. ¿Que proba queredes de min pra que eu sexa voso compañeiro?

—Moi pequena, abofellas. Por alí abaixo, naquela congostra que vai a Betanzos, está pasando o señor Chinto do Couto, que leva un

²⁶⁶ Publicado n' *A Nosa Terra*, Ano VI, nº 157, 15 de febreiro de 1922, p. 5. Está asinado por Asieumedre.

²⁶⁷ É posible que se trate de Roibeira, unha aldea da parroquia de Brabío que está situada a un quilómetro de Betanzos.

²⁶⁸ Río da vertente atlántica que nace no Marco das Pías, en Sobrado dos Monxes. Despois de percorrer 52 quilómetros chega ao mar, formando a ría de Betanzos e dando orixe ao val das Mariñas. Celébrase nel a tradicional romaría betanceira dos Caneiros.

²⁶⁹ Aldea da parroquia de San Pedro de Porzomillos, no concello coruñés de Oza dos Ríos.

burro cangado de pan. É home moi avisado. Se logras quitarlle o pan, serás noso compañeiro de primeira clase, con voz nos nosos consellos e decisións.

E sin ouvir máis, saeu cara á congostra o Xacobe de Porzomillos. Foise poñendo pouco a pouco á carón do burro, que levaba Chinto do ronزال; e foi quitando as febillas da cabezada hasta que o animal quedou ceibo no medio do camiño. Pero o vivo de Xacobe seguía coa cabezada posta na súa cabezada, ocupando o lugar do burro, con perdón.

Os ladrós apoderáronse entón do pan. E Xacobe seguía tras do probe Chinto; que non se decatara da falcatruada, e seguía co ronزال na man coidando que a el iba axuntado un animal de catro patas.

Mais, ao chegare a unha revolta da congostra, ollou pra tras, e dixo:

—¡Pardiolas! ¿E o meu burro?

—O seu burro son eu.

—Seique tes ganas de leria ¿U-lo meu burro?

—Xa non está no mundo dos vivos.

—Esprícate craro se non ques que te esmirole.

—Atenda señor Chinto. O seu burro era eu, como xa lle dixen. Meu pai botoume unha mala fada e naquel animalíño me troquei durante tres anos, que estiven na súa compañía. Mais, fai namais que us minutos, finouse o encantamento, e tornei de novo a ser cristiano.

E tales razóns lle añadeu, que o señor Chinto quedou convencido.

—Boeno, vaite con Deus; que mal burriño o non fuches no tempo que me serviche.

—¿Como irme? ¡Ca! non señor. Vosté tenme que pagar unha indemnización, senón levareino a diante da nova xusticia, onde con arreglo á lei, pagaramos os danos e traballos que pasei no seu servico.

E tamén aquí empregou tales artes e razonamentos, que o bon do labrego entregoulle cinco pesos pra romatar a festa en paz.

Como alma que leva o díaño foise Xacobe de Porzomillos xunto dos ladrós.

—¿Xa tedes no voso poder o pan?

—Xa, ho.

—Pois ademais aquí tedes cinco pesos que Chinto me deu como indemnización...

—¡Viva o noso compañeiro! ¡Viva Xacobe de Porzomillos!
—berraron cheos de entusiasmo—. Dende hoxe o mundo é noso.

Naquel momento un raposo fuxeu cara ao seu tobo, medoñento e desoconfiado; un can ouveou ventando pestes e males; e un corvo atravesou o ar pra caer sobre un paxariño, en descanso súpeto e trunfal.

¡Era nado o primeiro cacique!

LENDA DE BRIGO²⁷⁰

Aínda as terras de Galicia adormían o sono das cousas que acababan de se faceren, envolta nunha vestimenta marabillosa de piñeiros, toxos, silvas, fiunchos e outras vexetacións vernánculas. O balbordo do mar e os queixumes dos pinos “na costa verdecente” entoaban a fonda cantiga de gabanzas á doce e ben doada fermosura das veigas aínda virxes.

Trinta séculos tiña que camiñar a vida ata o nascimento do noso señor Xesuscristo, cando foi chegada aquela noite de plenilunio no mes do froecido maio, que os bardos osiánicos tiñan de louvar e o rei Milesio consagrar como aurora dos pobos celtas. As augas que cinguen a península de Hermes²⁷¹ (Cruña) tiñan pola banda do poente ardentías feras, que facían tremar a terra, e polo ourente ondas esmorecedoras, que mainamente bicaban os acantilados e metíanse nas furnas en sinal de amoroso aloumiño.

Polo quenlle que separaba a costa firme da baixa illa nomeada Hesperium²⁷², que, pasados algús séculos, asolagaríase deixando no seu lugar *As Xacentes*, víronse chegar nove barcas feitas de coiro e vimbios, como naqueles lonxanos tempos se estilaban.

²⁷⁰ Publicada por primeira vez n’ *A Nosa Terra*, Ano VIII, nº 202, 1 de xullo de 1924, p. 4, asinada por Manuel Lugrís Freire. Foi incluída posteriormente nun apéndice do poemario *Ardencias*.

²⁷¹ Deus grego, fillo de Zeus e Maia, a máis nova da Pléiades. Pasaba por ser o deus do comercio e tamén do roubo, guiaba os camiñantes nos seus traxectos e estaba presente nas encrucilladas dos camiños en forma de piar de pedra rematado por un busto.

²⁷² Era este un dos nomes co que os gregos denominaban á Península Ibérica, por estar ao oeste do seu mundo coñecido. Está relacionado con Hépero ou Véspero, o nome do planeta que aparece ó oeste da posta do sol. Por extensión, aplicouse este nome a todo o occidente europeo, dende o Adriático.

Nelas viñan os *calls* da tribu de Breogán, os fillos do mar, dende as terras da Atlántida, onde eístitía a podente e xa adiantada cidade de Tartesiábriga.

Acodastáronse na baixa costa de Adormideiras, primeiro peirao da nosa civilización, e rubiron ao cume dun outo monte, onde máis tarde Hércules e Xerión habían de loitar erguendo despois un moimento en lembranza do feito.

As druidesas axionlláronse, os bardos entoaron a cantiga da raza. Brigo, envolto na súa branca túnica de liño, coa segur de ouro, acadou mórdago e loureiro, que regou coa auga lustral que xacía nas covancas dos espidos penedos. O primeiro *lubre* da Terra Nai quedou estabrecido, e nas laxes de Hermes puxeron a sagra inscrición, hoxe chamada rupestre.

Entón Brigo falou así:

—Sombra sin nome que deche principio á vida, que moves as augas do longo mar e pendurache as estrelas nos ceos inmortaes, grazias che sean donadas polos fillos de Breogán, por nos deixares facer nosa esta ridente terra.

E despois de pregar en compañía da tribu, quedou esmorecido nun fondo soño, e a través das escuras brétemas da noite, ollou as terras do norte, as do nordeste, bañadas polo mar, as do sur ata a foz dun grande e fondo río, que viña de terras non conocidas, todas elas de costas verdecentes e inzadas de rumorosos pinos.

A druidesa Cambria, feito o rito da adiviñación, falou desta maneira:

— Brigo, pai e señor dos *calls*, xa tiveche a visión das terras que os teus fillos teñen de poboar. Un vello sino tennos dito que este pobo será, no intre de moitos séculos, aldraxado e perseguido, mais esta pedra, en que ti pousas a túa cabeza, será o sagro Altar dos grandes destinos da raza, que, eternamente vencida, será eternamente dominadora pola súa altísima intelixencia, e pola súa alma forte, unxida en soidades infindas.

E o primeiro alalá, en sinal de oración pola Nai Terra, rompeu o silencio daquela morna noite de maio.

SOLIDARIDADE²⁷³

Non esquencerei aos tres xorobados que vivían na vila de Sada cando eu era un rapaciño. A súa conduta, a súa honradés, e o sofrimento que se reflexaba nas súas caras, espertaron no meu corazón a máis fonda amizade e simpatía.

Pedro era mestre de escola; Pepe, tiña unha barbeiría na rúa da Ponte, á beira do mesmo río, e Xurxo ganábase a vida tanxendo un acordeón nos bailes que a mocidade facía no lugar da Tenencia, nomeado así porque nel había un caserón que noutrora servira pra gardar as rendas dos Condes de Andrade.

É un sinal de baixa crianza nos cativos cando fan burla e escarnio dos malfadados pola fortuna; mais, o que non se pode sufrir, é cando ese torto instinto vive nas almas da xente de maor conocimiento.

Na vila vivía un mozo talludo, chamado o Larato, que se adicaba decotío, en compañía doutros lampantís, ao sport de facer mofa dos xorobados. En verdade, que a vida facíaselles imposible. Cando Pepe estaba afeitando, cotenábanlle nos vidros pra que cortase ao parroquiano; a Xurxo guindábanlle o acordeón pola xanela do salón, e Pedro, o mestre, vivía completamente abafado polas verbas que lle adicaban, das que, a máis limpa era a de famento, como se ter fame fora un delito persoal e non unha desigualdade social na que todos temos responsabilidade.

Mais un día, o sentimento de solidariedade que xurde entre os que son vítimas dunha mesma anguria, xuntou os tres eivados no areal, ao rente dun vello galeón, que amparaba das furias do vento leste; alí, ao

²⁷³ Asinado por M. Lugrís Freire e publicado por primeira vez n' *A Nosa Terra*, Ano XII, nº 251, 25 de xullo de 1928, pp. 12–13.

pairo, comenzaron unha longa conversa, en que se contaron tódolos aldraxes de que eran obxeto polas acucias do Larato, que era quen xuntaba, encirrando como a cans, a tódolos nenos mal criados, contra dos tres xorobados.

—Fai tempo —dixo solenemente Pedro o escolante,— que eu tiña desexos de vos falar desto, coa fin de nos poñer dacordo para castigar no Larato tódalas xudiadas que sufrimos. Como nesta vila, por ser pequena, non hai policía, e as autoridades non teñen idea da súa misión, nós estamos á mercede dos mal criados, dos faltos de corazón, dos malos cristiáns que en vez de piedade e compasión solo teñen aldraxes pra os leixados da fortuna. A nosa defensa e redención está en nós mesmos. Un xorobado, por si só, val pouco; dous, postos de espalda un para o outro, gardan a súa imperfección e dan cara a un home; e tres, coma nós, podemos dar conta do Larato, e facer, deste xeito, un xusto escarmento que deixe lembranza por moito tempo.

E postos dacordo, apostáronse unha noite na ponte, preto da casa onde tunaba o Larato. Este saeu, e ao ver aos tres xorobados fixo deles bulra, dicíndolles:

—Seique agardades polo trasno. Vaia, ho, que mesmo pareceades os cabezudos de Betanzos ollando por un vidro de disimulación.

—Agarda un pouco, Laratiño; e xa verás como che van saír xorobetas na testa, que mesmo te has de lamber de gusto.

E os tres eivados, cada un con seu pau de toxo, moi xeitosiños, caeron sobre do Larato e mallaron nel hasta que o deixaron esmendrellado.

Desde entón os tres xorobados paseaban polas rúas de Sada, pamperamente, ollando a tódolos badulaques que dinantes os aldraxaran, con certo aquel de superioridade, ben demostrado no lombo do Larato.

¡O milagre foi feito polo sentimento de solidaridade!

ÍNDICE

1. APUNTAMENTO BIOBIBLIOGRÁFICO	7
2. COMENTARIO LITERARIO.....	37
2.1. O PENEDO DO CRIME	39
2.1.1. MODALIZACIÓN NARRATIVA	40
2.1.2. TEMPO E ESPAZO	43
2.1.3. OS PERSONAXES	47
2.1.4. TEMÁTICA	49
2.1.5. RECEPCIÓN CRÍTICA.....	50
2.2. CONTOS DE ASIEUMEDRE.....	52
2.2.1. ALGÚNS ASPECTOS DA PUBLICACIÓN.....	52
2.2.2. MODALIZACIÓN NARRATIVA.....	58
2.2.3. ESPAZO E TEMPO	59
2.2.4. TEMÁTICA.....	62
2.2.5. RECEPCIÓN CRÍTICA	64
3. BIBLIOGRAFÍA.....	67
3.1. REVISTAS CONSULTADAS	73
4. CRITERIOS DE EDICIÓN.....	75
5. TEXTOS	79
O penedo do crime	81
A noqueira	107
Homero	109
Axúdate	113
O primeiro sangue.....	117
¡A xusticia!	119
A liberdade. O lobo e mail–o can	123
¡Boa protección! O raposo e mailas galiñas	127

A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire

O xiro do sancristán.	131
O vimbio e mailo pino.	133
Os lobos	135
Volve por outra	137
O aforrón	139
O escarmento.	141
Un aldraxe	145
O mellor amante	147
Ir por lan	151
Entre compañeiros.	155
A illa milagreira.	157
¡Bótelle terra!.	161
Boa meiciña.	163
¡Protestante!.	165
Boa resposta.	169
Os tres soldados.	171
O carneiro	175
¡Esqueceuse!.	177
Unha regueifa	179
A espada do fidalgo.	183
Unha cantiga de Chané	187
O verbo	191
Con polaina e media	193
A honradés	195
Os dous avogados (Conto xurídico–retranqueiro).	199
Os dous avogados	203
A mitá en cartos.	205
Os primeiros versos.	207
Pola Patria	211
A crus	215
O primeiro é a mantenza.	218
Rectificación	219
Tiña razón	221

O segredo	223
¡Leopoldiño! “Eu casi sopro o lume”	225
La ofrenda o los folletos verdes de Don Pepiño	229
A labor do poeta	235
¡Lamáchegas!.....	239
O parecer	243
Enxebres	247
O francés	251
¿Caeu algún burro?	253
A Covadanca	255
Lóxica	257
A mareira	259
O primeiro cacique	263
Lenda de Brigo	267
Solidaridade.	259



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística